

Introducción á Tradución

*Curso de tradución
para persoas curiosas*



Lynne Bowker

Tradución de
Alberto Álvarez Lugrís

Lynne Bowker



Lynne Bowker é profesora titular da Escola de Tradución e Interpretación da Universidade de Ottawa (Canadá) e tradutora xurada da Asociación de Tradutores e Intérpretes de Ontario. Entre as súas publicacións destacan *Computer-Aided Translation Technology* (2002), *Working with Specialized Language* (2002) e *Machine Translation and Global Research* (2019).


Alberto Álvarez Lugrís



Alberto Álvarez Lugrís é profesor de tradución inglés>galego na Facultade de Filoloxía e Tradución da Uvigo dende 1994 e membro do Grupo de investigación en Tradución e Paratradución. Publicou máis de 60 artigos e libros sobre teoría e práctica da tradución, lingüística de corpus, docencia e didáctica da tradución, lexicoloxía e lexicografía ou o papel da tradución na creación de identidades. Dirixe *Viceversa. Revista galega de tradución* (Servizo de Publicacións da Uvigo) dende 2011.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Introdución á Tradución

*Curso de tradución
para persoas curiosas*

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n. 36310 Vigo

Deseño gráfico

Julinda Molares Cardoso e Tania Sueiro Graña
Área de Imaxe.
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Maquetación e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Imaxe da portada: Adobe Stock

ISBN (Libro impreso): 978-84-1188-049-7

Depósito legal: VG 52-2025

© Lynne Bowker, do texto: *De-mystifying Translation: Introducing Translation to Non-translators* (Routledge, 2023)

© Alberto Álvarez Lugris, da tradución

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2025

Authorized translation from the English Language edition published by Routledge, a member of the Taylor & Francis Group

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, queda prohibida a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Ao ser esta editorial membro da , garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Introducción á Tradución

*Curso de tradución
para persoas curiosas*

Lynne Bowker

Tradución de
Alberto Álvarez Lugrís

Agradecementos

Este libro foi tomando forma grazas ás interaccións con estudantes de formacións lingüísticas e culturais variadas e procedentes de moitas disciplinas académicas, que expresaron o seu interese en coñecer máis a fondo a tradución, en particular as persoas que participaron na materia *TRA1301: Introducción á tradución* da Universidade de Ottawa entre os anos 2018 e 2022. Agradézolle a todo o alumnado que compartise as súas diversas perspectivas sobre a tradución e as súas experiencias nas prácticas; agradézolle tamén a súa implicación na docencia e os comentarios sobre o material do curso, todo o cal contribuíu a que planificar e impartir esta materia fose especialmente gratificante.

O Consello de Investigación en Ciencias Sociais e Humanidades de Canadá concedeume unha subvención para investigar sobre a relación da sociedade xeral coa tradución, particularmente no ámbito dixital. Quero expresar tamén o meu agradecemento polas dúas bolsas de investigación que recibín en 2019 do Servizo de Apoio ao Ensino e á Aprendizaxe da Universidade de Ottawa como parte da súa «Iniciativa de aprendizaxe semipresencial». Estas axudas permitíronme contratar a Dara O'Connor e a Julián Zapata Rojas, dúas persoas de grande talento graduadas da Escola de Tradución e Interpretación, que traballaron comigo para desenvolver algúns dos contidos das primeiras versións dos módulos en liña da materia TRA1301. Durante a pandemia da Covid-19 a Facultade de Humanidades proporcionoume o financiamento complementario que me permitiu empregar as estudantes de posgrao Hailey De Jong, Marie-Hélène He, Rania Jarrar e Katherine Walker, fundamentais para estimular os foros de discusión en liña.


Quero amosar o meu agradecemento ás miñas colegas da Escola de Tradución e Interpretación, en particular a Elizabeth Marshman e Salah Basalamah, polo seu apoio cando propuxen reorientar os contidos da materia TRA1301 e por traballar coa administración da facultade para que se ofrezca cada curso académico en varios trimestres, o que permite que se sigan a matricular estudantes de toda a universidade.

Grazas tamén a Sergey Tyulenev, editor da serie *Routledge Introductions to Translation and Interpreting*, por facerme ver que os contidos desta materia se poderían converter nun bo libro de texto. Aínda que o libro non acabou formando parte desa serie, o ánimo e o apoio de Sergey foron inestimables para axudarme a facelo reali-

dade. Do mesmo xeito, Christopher D. Mellinger, un dos revisores da proposta inicial, proporcionoume numerosas suxestións moi construtivas que me axudaron a aceirar o texto.

Finalmente, débolle tamén un recoñecemento á miña familia. A miña irmá Lisa, os meus sobriños Jasper e Oscar e os meus pais Keith e Joyce tomaron decisións valentes que motivaron grandes cambios nas súas vidas a raíz da pandemia da Covid-19, o que me fixo decatarme de que paga moito a pena romper os moldes. O meu fillo Nicolas e a miña filla Esmée, adolescentes que logo irán á universidade pero que non teñen intención ningunha de dedicarse á tradución, foron os suxeitos de estudo ideais: non só me permitiron monopolizar moitas conversas familiares co «tema do libro», senón que mesmo metían baza coas súas propias ideas e suxestións para os temas e as actividades. O meu home Peter prestoume axuda informática como vén facendo dende sempre e ademais asumiu algunhas tarefas domésticas extra durante o abafante período da pandemia no que tiveron que adaptar todos os meus cursos á docencia en liña; e despois tamén durante os meses que me levou escribir este libro. Sen todas e todos vós, non sería quen de facelo!

00	Introdución	11
01	Conceptos e termos básicos da tradución	21
02	Unha breve historia da tradución	39
03	A profesión da tradución na actualidade	53
04	Palabras, termos e recursos léxicos	73
05	Outras ferramentas e recursos	93
06	A tradución automática	109
07	A localización	127



08

A adaptación e a transcreación

145

09

A tradución resumo e a comunicación intermodal

159

10

A tradución audiovisual

173

11

A interpretación

191

Conclusión


209

Glosario

217

Referencias bibliográficas

223



Introdución

Por que este libro?

Liches algunha vez un manga en galego ou viches unha película dobrada ou subtitulada en Netflix? Ou se cadra tentaches subtitular ti mesma o teu anime ou o teu K-drama favoritos? Talvez axudaches unha amiga ou un familiar a encher un formulario que estaba nun idioma estranxeiro? Ou a descifrar un correo electrónico? Ou a comunicarse con outra persoa? Usaches Google Translate para parolar con alguén nun restaurante ou para pedir un taxi cando estabas de vacacións? Se é así, benvida ao mundo da tradución! Se cadra non o pensaches neses momentos, pero existen toda unha amplísima disciplina académica e mais unha profesión coñecidas como tradución; e este libro pretende ofrecerche unha introdución sinxela a ambas as dúas para que coñezas mellor este mundo fascinante.

A tradución profesional é unha disciplina altamente especializada que require unha formación moi específica, polo que se adoita ensinar na universidade e con plans de estudo propios. En Europa, por exemplo, existe o Mestrado Europeo en Tradución (EMT nas súas siglas en inglés), unha rede de máis de 80 programas de formación en tradución que se ofrecen ao longo do continente. Do mesmo xeito, en África, Asia, Oceanía, América do Sul e Norteamérica ofrécese tamén programas de formación especializada. De todos os xeitos, para que che interese a tradución non é necesario que esteas pensando en dedicarte profesionalmente a ela. En realidade, ter certos coñecementos sobre este campo pódete axudar a valorar as súas dificultades, o que á súa vez te permitirá discernir se podes confiar ou non en certa información; ou ser máis tolerante en situacións nas que terías que brigar con información multilingüe; ou contribuír a que outras persoas fagan mellores traducións.

A maior parte da sociedade adoita construír a súa idea da tradución a partir de fontes como a ciencia ficción ou os medios de comunicación de masas. Por exemplo, en películas e series como Star Trek ou Doutor Who preséntanse tecnoloxías como o «tradutor universal» ou o «circuíto tradutor da TARDIS» que fan que a tradución

semelle algo case máxico. Por outra banda, os artigos e noticias dos xornais sobre as tecnoloxías da tradución poden ser enganosos e mesmo esaxerar as potencialidades destas ferramentas, afirmando que acabarán por substituír as persoas máis cedo que tarde. Porén, eses mesmos medios moitas veces fan burla do mal que funcionan estas ferramentas na tradución de certos tipos de texto, como a poesía ou as letras de cancións. E mesmo hai unha canle de YouTube moi popular chamada Twisted Translations (Traducións reviradas), creada por Malinda Kathleen Reese, que ten unha serie chamada «Google Translate canta» e outra chamada «Google Translate estraga frases célebres de películas». Nestas series, Reese colle letras de cancións ou frases célebres de películas coñecidas e pásaaas por tradutores automáticos ata que os textos quedan irrecoñecibles... e ridículos. O obxectivo de Reese, por suposto, é crear situacións cómicas e faino moi ben, pero este xeito de empregar a tradución automática non debe facernos ignorar todo o que estas ferramentas poden facer. En definitiva, a xente que só sabe de tradución automática o que ve en Star Trek, «Google Translate canta» ou outros programas semellantes é moi probable que teña unha visión distorsionada das capacidades desta tecnoloxía.

A tecnoloxía non é o único aspecto da tradución do que a sociedade en xeral pode ter unha impresión errada. Existe por exemplo a idea bastante estendida de que unha boa tradución ten que pasar máis ou menos desapercibida. É dicir, que se unha tradución está ben feita, a persoa que a lea non debería decatarse de que está a ler unha tradución e non un orixinal. E pola contra, que se un texto está mal traducido debería conter erros de sentido, construcións non idiomáticas ou expresións raras que acabarán por dificultar a lectura e por revelar que se trata dunha tradución e non dun texto orixinal. Como consecuencia, a sociedade pode acabar tendo unha opinión negativa da tradución no canto de aprender a valorar as traducións que están ben feitas.

Consideremos outro exemplo no que unha persoa está a ver un acontecemento importante no que hai interpretación simultánea, unha actividade que desenvolven profesionais da lingua que escoitan un discurso e despois, en tempo real, reproduceno noutra lingua, sexa oral ou de signos. As persoas que se dedican á interpretación simultánea son profesionais cunha grande especialización e cunha formación moi esixente, polo que o seu traballo pode semellar doado e é comprensible que haxa quen pense que a interpretación é unha tarefa sinxela, cando en realidade é moi complexa.

É lóxico, xa que logo, que moitas persoas que non teñen formación en tradución carezan duns coñecementos básicos sobre esta profesión, do mesmo xeito que a xente que sabe conducir non ten por que saber como funciona un motor. É certo que para conducir non é preciso coñecer con detalle o funcionamento dun motor, pero ter certos coñecementos básicos podería axudarnos a empregalo con máis eficiencia ou a saber se algo vai mal antes de sufrirmos unha avaría máis grave. No caso da tradución, o público xeral é probable que non saiba que non é o mesmo traducir (que é algo que facemos por escrito) que interpretar (para o cal empregamos unha lingua

oral ou signada). É máis, hai moita xente que pensa que a tradución é case imposible e outra tanta que opina que non ten ciencia ningunha, cando o certo é que a verdade está en algures entre eses dous extremos. Por outra parte, hai moitas persoas que empregan sen pensar as ferramentas gratuítas de tradución automática en liña como Google Translate ou outras semellantes que veñen integradas nos navegadores e nas redes sociais, sen decatarse de que existen outras ferramentas mellores, tamén gratuítas, que lles poderían ser moito máis útiles. E para rematar, tamén hai persoas que interactúan con profesionais da tradución e da interpretación sen saber como lles poderían facilitar o traballo para obter mellores resultados.

Malia ser comprensible que a sociedade en xeral non saiba con certeza o que é a tradución, o certo é que podería beneficiarse de coñecer un pouco mellor esta actividade. Xa que logo, o obxectivo principal deste libro é axudar as persoas que non teñan formación en tradución a que descubran as distintas facetas da tradución e a que aprendan como poden tirar maior proveito dos servizos de tradución, dos produtos traducidos e das ferramentas de tradución. É evidente que ninguén vai poder traballar profesionalmente na tradución só por ler este libro, pero ese non é o noso obxectivo. Pola contra, o que pretendemos é que quen lea o libro coñeza as distintas dimensións da tradución; que aprendan a apreciar as traducións e as profesionais que as fan; que aprendan a empregar con criterio ferramentas como os sistemas gratuítos de tradución automática en liña e outros recursos de tradución; axudarlles a recoñecer as súas propias limitacións para que saiban cando é mellor recorrer a profesionais da tradución ou da interpretación no canto de tentar facer as cousas en por si; e finalmente demostrar que vai en beneficio mutuo procurarmos as mellores condicións de traballo para as persoas que traducen e interpretan. E se despois de aprender todo isto alguén sente o desexo de descubrir aínda máis cousas sobre a tradución, estará en condicións de atopar onde recibir formación regrada en tradución e interpretación. Ánimo! Pero aínda non chegamos a ese momento.

Para quen é este libro?

Como o título indica, este libro quere ser unha introdución á tradución para persoas que non son profesionais; é dicir, persoas que non recibiron formación regrada e que non se dedican laboralmente a esta actividade. Tamén indicamos antes que hai moita xente que ás veces fai traducións de xeito informal, por exemplo con ferramentas como Google Translate ou outras semellantes; ou intervindo nunha conversa entre alguén da familia e un profesor, unha doutora ou algunha outra persoa que fale unha lingua distinta, que é o que chamamos mediación lingüística. Como vemos, é probable que unha boa parte da sociedade teña algún tipo de contacto coa tradución informal, polo que de seguro lles ha ser útil coñecer mellor esta profesión. Se ti tamén queres saber máis cousas sobre a tradución, este libro interésache. E por moitos motivos, porque se cadra te atopas nunha destas situacións:

- estás a estudar unha lingua estranxeira como parte do teu grao
- estás a estudar un grao (arquitectura, económicas, dereito, ciencias, medicina, etc.) nunha lingua estranxeira
- participas nun programa de intercambio e estás a pasar un cuatrimestre ou o curso enteiro no estranxeiro
- tes a intención de darlle un xiro internacional á túa carreira profesional: traballar con persoas migrantes, dedicarte ao comercio internacional ou á diplomacia, exercer o teu traballo no estranxeiro como nómade dixital ou nunha empresa multinacional...
- vives nunha sociedade que ten máis dunha lingua oficial ou que conta con unha ou máis linguas aborixes ou autóctonas
- es parte dunha familia que migrou dende outro país e que fala unha lingua propia
- gústache viaxar, ler literatura estranxeira e ver cine ou series doutros países
- tes un traballo no que te relacionas con profesionais da tradución ou das linguas
- queres dedicarte a unha profesión relacionada coas linguas e interésache a opción da tradución
- queres sabelo todo da tradución!

Noutras palabras: non é preciso que te dediques profesionalmente á tradución para que che interese o tema ou para que necesites saber algo máis, porque todas nos atopamos coa tradución no día a día, aínda que só sexa cando lemos a listaxe de ingredientes no envoltorio dun alimento. Se queres botarlle unha ollada ao que acontece entre bastidores, tes que ler este libro!

Por outra banda, se es docente dun curso de introdución á tradución, neste libro vas atopar materiais que che permitirán organizar a docencia de todo un cuatrimestre. Cada un dos capítulos correspóndese cunha unidade de desenvolvemento semanal e inclúe, ademais dun tema, cuestións para debater, exercicios prácticos e lecturas complementarias.

Que vas atopar neste libro?

Máis ca un libro sobre *como facer* unha tradución este é un libro *sobre* a profesión da tradución. Presenta unha panorámica xeral deste campo tan amplo co obxectivo de dar a coñecer como se desenvolveu a tradución, en que contribúe á sociedade,

quen traballa neste ámbito, en que aspectos da sociedade está presente, por que é tan complexa e onde podemos estudala.

Nunha tradución interveñen sempre, como mínimo, dúas linguas, polo que algunhas das dificultades específica que presenta ou os métodos que se empregan para solucionarlas poden depender de cales son esas dúas linguas. Noutras palabras, os problemas aos que se ten que enfrontar unha tradutora que traballa con dúas linguas próximas (por exemplo, o francés e o galego) poden ser moi diferentes das que enfronte unha tradutora que traballa con linguas que non están relacionadas (como o ruso e o árabe). Para facer que este libro sexa accesible á maior cantidade de persoas posible, redactámolo orixinalmente en inglés (que na actualidade é a lingua máis empregada na educación superior) e ademais organizámolo de xeito que non se presupón o coñecemento de ningunha parella de linguas en concreto. Xa que logo, aínda que se precisarán coñecementos de inglés para entender algúns exemplos, non é relevante que outra(s) lingua(s) se poidan saber. Para explicar os diferentes conceptos tentamos incluír exemplos de distintas linguas; do mesmo xeito, nos exercicios e temas de debate animámoste a que levas a cabo as túas investigacións con calquera lingua que coñezas e a que compartas as túas experiencias con elas.

Que che parece se comezamos? Imos explicar os misterios da tradución e coñecer de que xeitos está presente na nosa vida diaria. Empregaremos exemplos sinxelos, anécdotas e humor para demostrar que a tradución pode ser interesante, apaixonante, necesaria e mesmo imprescindible para a vida actual.

No **Capítulo 1** atoparás os conceptos e termos fundamentais do eido da tradución e ademais desbotaremos algúns dos prexuízos máis comúns sobre a tradución e as tradutoras.

O **Capítulo 2** vai levar nunha viaxe pola historia da tradución na que descubrirás as súas principais figuras, casos de traducións relevantes e acontecementos senlleiros que cambiaron o curso da nosa sociedade multilingüe.

No **Capítulo 3** coñecerás algúns detalles de como é o negocio da tradución na actualidade e os aspectos máis relevantes do traballo das tradutoras profesionais.

O **Capítulo 4** somérxese no mundo das palabras e dos termos, analizando as diferenzas entre a lingua cotiá e as xirias máis especializadas que se empregan para denominar os conceptos dos distintos campos de investigación, das profesións ou mesmo das afeccións. Coñeceremos tamén os dicionarios e as bases de datos terminolóxicas, dous tipos de recursos léxicos moi útiles para traducir.

O **Capítulo 5** vai máis aló dos recursos léxicos e analiza unha serie de recursos e ferramentas en liña gratuítos que podemos empregar para distintos tipos de tradución: metabuscadores multilingües, xeradores de concordancias bilingües, foros de discusión, ferramentas de revisión, etc.

O **Capítulo 6** examina un tipo de ferramenta que cada vez ten máis relevancia: a tradución automática, con motores como Google Translate, por exemplo. Trátase de programas moi doados de usar e dispoñibles gratuitamente en internet, pero iso non quere dicir que os debamos empregar irreflexivamente. Xa que logo, neste capítulo afondaremos na tradución automática para poderlle tirar todo o partido.

O **Capítulo 7** investiga o concepto de variedade lingüística e presenta un subcampo da tradución coñecido como localización, que se ocupa de traducir produtos dixitais, tales como páxinas web, videoxogos, programas informáticos e aplicacións para diferentes linguas e culturas.

O **Capítulo 8** ofrécete a posibilidade de explorar o teu lado creativo introducíndote no mundo da adaptación e da transcreación, onde se combinan a tradución e a creación de contidos para producir textos publicitarios destinados a públicos con características lingüísticas e culturais específicas.

O **Capítulo 9** ocúpase da tradución resumo e da comunicación intermodal que se requiren para certos tipos de tradución. Por exemplo, para elaborar os subtítulos dunha película ou dunha serie requírese condensar a información e transvasala dun medio oral a un modo escrito. A tradución á vista é outra forma de tradución intermodal e, finalmente, a meirande parte dos tipos de interpretación requiren que se resuman os puntos principais da mensaxe.

O **Capítulo 10** continúa a desenvolver os conceptos de tradución-resumo e comunicación intermodal para afondar na tradución audiovisual. Se algunha vez viches unha serie estranxeira en Netflix ou algunha outra plataforma semellante, xa sabes o que é a tradución audiovisual, que abrangue entre outras modalidades a subtitulación, a dobraxe e as voces superpostas.

O **Capítulo 11** presenta unha análise detallada da interpretación, que consiste no transvase de mensaxes entre linguas orais ou linguas signadas. Pódese dicir que as persoas que se dedican á interpretación son de certo profesionais multitarefa, capaces de escoitar un discurso ao mesmo tempo que transvasan a súa mensaxe a outra lingua. Este capítulo introduce ademais o concepto da interpretación non profesional, coñecida tamén como mediación lingüística, que é o que sucede, por exemplo, cando alguén fai as veces de intérprete para a súa familia ou outras persoas en contornas como un hospital, un centro educativo, etc.

O capítulo de **Conclusións** recolle as ideas máis relevantes tratadas nesta *Introdución á tradución* e ofrece ademais suxestión para indagar en aspectos que non se trataron ou que se trataron superficialmente pero que sería interesante estudar se queremos coñecer máis a fondo o fascinante mundo da tradución.

O libro inclúe tamén un **Glosario** de referencia rápida no que se recollen os termos máis importantes e as súas definicións.

Puntos clave do capítulo

- A tradución é unha actividade profesional especializada que ás veces tamén desenvolve, dun xeito ou outro, a poboación xeral.
- No noso día a día atopámonos coa tradución nas ferramentas de tradución automática como Google Translate, cando lemos literatura traducida, cando vemos películas e series dobradas ou subtituladas ou tamén cando facemos mediación lingüística para axudar as nosas amizades ou familiares a falar con outra persoa.
- A tradución profesional é unha actividade altamente especializada para a cal se precisa unha formación específica.
- Ás persoas que non se dedican profesionalmente á tradución pode serlles útil coñecer con máis detalle esta actividade porque lles vai permitir valorar máis obxectivamente os produtos traducidos, aceptar mellor os contextos multilingües e, sobre todo, tirarlles máis partido ás súas experiencias como usuarias de traducións.
- Moita xente coñece a tradución polas películas de ciencia ficción, as redes sociais ou os medios de comunicación, que, máis que dar unha visión obxectiva e realista, adoitan presentala ben como unha actividade moi doada, ben como unha tarefa practicamente imposible.
- Este libro quere axudar a que as persoas que non teñan formación previa en tradución coñezan mellor esta actividade e este campo de estudo, pero non te vai preparar para traballar profesionalmente.
- Este libro é recomendable para estudantes de linguas ou de calquera outro grao, xa estean no seu propio país ou no estranxeiro; para persoas que lle queiran dar un xiro internacional ás súas carreiras profesionais; para persoas que vivan nunha comunidade ou nunha familia con varias linguas; para persoas afeccionadas a actividades relacionadas con outras linguas ou culturas, como a lectura, o cine, as viaxes, etc.; para persoas que nas súas ocupacións laborais teñen contacto coa tradución; para persoas que queren dedicarse a unha profesión relacionada coas linguas; ou para persoas que simplemente senten curiosidade sobre a tradución.
- Este libro tamén lle será moi útil ao profesorado que vaia impartir unha materia de tradución a estudantes de primeiro ano.
- Máis ca un libro sobre *como facer* unha tradución este é un libro *sobre* tradución.

- Para entender algúns exemplos deste libro precísase saber inglés, pero animamos a todas as persoas que o lean a que enfoquen nas súas propias linguas os conceptos que van aprender nas páxinas que seguen.
- 18
- Os distintos capítulos deste libro abranguen os principais termos e conceptos do noso eido; unha breve historia da tradución; unha panorámica da industria da tradución na actualidade; a diferenza entre palabras e termos; unha escolma de recursos e ferramentas; unha introdución á tradución automática; os conceptos de adaptación e transcreación; a tradución resumo e a comunicación intermodal; a tradución audiovisual; e a interpretación.

Temas para debater

Velái dúas cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- En que situacións da túa vida tiveches contacto con algún tipo de tradución?
- Por que motivos queres ler este libro? Ou tamén, por que motivos vas facer un curso de introdución á tradución?

Para saber máis

HALLEY, Mark, e Lynne BOWKER. 2021. «Translation by TARDIS: Exploring the Science Behind Multilingual Communication in *Doctor Who*». En *Doctor Who and Science: Essays on Ideas, Identities and Ideologies in the Series*, editado por Marcus K. Harnes e Lindy A. Orthia, 62–77. Jefferson, NC: McFarland & Co.

- Un artigo sobre a representación da tradución na ciencia ficción e a súa semellanza coa realidade no que se establecen paralelismos e diverxencias entre o funcionamento real da tradución automática e a forma de traducir da TARDIS na serie *Doctor Who*.

VIEIRA, Lucas Nunes. 2020. «Machine Translation in the News: A Framing Analysis of the Written Press». *Translation Spaces* 9, num. 1: 98–122.

- Este artigo analiza como se recollen nos medios de comunicación de maior difusión as tecnoloxías da tradución e en particular as ferramentas de tradución automática como Google Translate. Un dos achados máis relevantes é que a información sobre este tema non adoita estar contrastada e que, en xeral, a prensa tende a esaxerar as capacidades da tecnoloxía ou a presentala como algo problemático, cando en realidade non se trata nin dunha cousa nin da outra. O artigo conclúe que esa presentación excesivamente positiva das ferramentas de tradución automática pode levarnos a subestimar a

complexidade da tradución ao tempo que sobrevaloramos as posibilidades da tecnoloxía, o cal á súa vez provocará que a empreguemos de xeito incorrecto.

ZETZSCHE, Jost, e Nataly KELLY. 2012. *Found in Translation: How Language Shapes our Lives and Transforms the World*. New York: Penguin Books Ltd. 19

- Trátase dunha introdución sinxela e amena ao mundo da tradución que recolle un bo feixe de historias e exemplos de todo o mundo sobre a presenza desta actividade na vida diaria da xente: dende salvar vidas ata manter a paz, dende os negocios ata os evanxeos e dende o lecer ata a protección dos nosos dereitos. Como din o autor e a autora nas primeiras frases do libro, «A tradución está onde quer que mires, pero non sabemos vela. Este libro vaiche axudar a atopala».

Capítulo 01

Conceptos e termos básicos da tradución

21

Decatácheste de que as persoas que comparten un interese, unha afección ou unha profesión semella que usan unha lingua especial para falar entre elas? Por exemplo, as persoas afeccionadas a facer pan falan de *masa vella Black Death*, *fermentadoras*, *métodos de amasadura*, etc.; pola súa banda, no eido da avogacía podemos sentir falar de *declaracións xuradas*, *testamentos hológrafos* ou *bens raíces*. E se non pertences a estes grupos non vas ser quen de comprender correctamente de que están a falar. Elixiches este libro porque queres aprender sobre tradución que, como a panadaría e a lei, ten os seus propios conceptos e termos, polo que o primeiro paso para coñecer esta actividade debe ser coñecer a súa terminoloxía básica. Este capítulo inicial vaiche axudar precisamente niso: presentaremos unha serie de conceptos e termos básico e, de paso, desmontaremos algúns dos mitos e prexuízos sobre a tradución para podérmola comprender mellor. Imos aló!

Que é a tradución?

A palabra «tradución» deriva do latín *traductio*. O prefixo latino *tra-* (ou *trans-*) significa «alén de, do outro lado de» e está presente en moitas palabras e expresións que empregamos todos os días, como «voo transatlántico», é dicir, unha viaxe en avión que vai ata o outro lado do Océano Atlántico; e se viaxas en coche por Canadá podes coller a autoestrada transcanadense, que atravesa o país dunha beira á outra. Se a primeira parte da palabra «tradución» significa «do outro lado de», a segunda significa «levar, transportar» e vén tamén do latín, en concreto do verbo *ducere*. Xa que logo, se xuntamos as dúas partes podemos ver que «traducir» significa «levar ao outro lado»; en concreto, levar unha mensaxe dunha lingua a outra. Noutras palabras, comezamos cunha mensaxe creada nunha lingua para, por medio dun acto de tradución, producir a mesma mensaxe noutra lingua.

Na lingua xeral, o termo tradución emprégase ás veces como unha especie de palabra comodín que serve para denominar calquera actividade na que se transvase unha mensaxe dunha lingua a outra, mais dentro das profesións relacionadas coa lingua dáselle un significado máis restrinxido porque se teñen en conta os diferentes modos da comunicación: escrito, oral e signado. No seu senso máis restrinxido traducir significa transferir unha mensaxe escrita dunha lingua a outra, mais se nos referimos a mensaxes faladas ou signadas o termo que debemos empregar é interpretar. Isto significa que a tradución traballa só con textos escritos, mentres que a interpretación (que seguramente tes visto na televisión ou en internet) se ocupa de verter a outra lingua as mensaxes orais e as signadas. A meirande parte deste libro vaise centrar na tradución de textos escritos, pero no Capítulo 9 introduciremos o concepto de tradución intermodal (por exemplo, para converter un texto escrito nun texto falado ou viceversa) e, no Capítulo 10, analizaremos a tradución audiovisual, que pode incluír tamén casos de tradución multimodal (como a subtitulación de filmes). Finalmente, no Capítulo 11 investigaremos con detalle a interpretación, aínda que, como verás, iremos introducindo noutros capítulos algúns dos conceptos con ela relacionados, xa que a tradución e a interpretación son actividades que pertencen a un mesmo ámbito xeral.

Que significan orixe, termo e equivalencia?

A noción de **equivalencia** é un concepto fundamental en tradución e, na súa definición máis sinxela, pódese dicir que é a relación que existe entre o texto orixinal e a súa tradución. Cando traducimos un texto comezamos sempre cunha mensaxe escrita nunha lingua e rematamos coa mesma mensaxe escrita nunha lingua diferente; noutras palabras, traballamos cunha parella de linguas e precisamente ese é o termo que empregamos para referirnos ás linguas implicadas: **parella de linguas**. Por exemplo, podemos traballar coa parella de linguas inglés e árabe; pero precisamos especificar tamén a **dirección** na que se produce a tradución, é dicir, dende que lingua para (ou a) que lingua. Se traballamos coa parella de linguas inglés e árabe, nalgúns casos partiremos dunha mensaxe en inglés e remataremos cunha mensaxe en árabe, pero noutros casos será xusto á inversa, comezando co árabe e rematando co inglés. No primeiro caso a dirección da tradución é dende o inglés para o árabe e, no segundo, dende o árabe para o inglés. Por convención adóitase indicar primeiro a lingua da mensaxe de partida e despois a da mensaxe final, de xeito que tradución inglés-árabe ou inglés>árabe significa tradución dende o inglés para o árabe, mentres que tradución árabe-inglés ou árabe>inglés significa tradución dende o árabe para o inglés. Finalmente, unha tradutora ou unha axencia de tradución que ofrecen os seus servizos nas dúas direccións poden indicalo como árabe<>inglés.

Orixe (ou punto de partida)	Termo (ou punto final)
Texto (de) orixe: o texto que se vai traducir.	Texto termo: o texto traducido.
Lingua (de) orixe: a lingua dende a que traducimos; é dicir, a lingua na que está escrito o texto orixe.	Lingua termo: a lingua para (ou á) que traducimos.
Público (de) orixe: o público destinatario do texto orixe.	Público termo: o público destinatario do texto traducido.
Cultura (de) orixe: o contexto cultural no que se atopa inmerso o público orixe e que determina a súa comprensión do texto orixe.	Cultura termo: o contexto cultural no que se atopa inmerso o público termo e que determina a súa comprensión do texto traducido.

Táboa 1.1 As nocións de orixe e termo en tradución.

Temos dous termos que empregamos para referirnos a todo o relacionado coa situación de partida e coa situación de chegada dunha tradución: **orixe** e **termo**. Como se recolle na táboa 1.1., orixe emprégase para describir os varios elementos asociados co punto de partida dunha tradución, mentres que termo se usa para referirse a todo o relacionado co punto final.

Os conceptos de *orixe* e *termo* son, xa que logo, mutuamente relativos. Como se indicou máis arriba, ás veces a dirección da tradución pode ser dende o inglés para o árabe, o que significa que a lingua orixe é o inglés, o texto orixe está escrito en inglés e o seu público destinatario é de fala inglesa; e significa tamén que o texto termo estará en árabe e estará dirixido a un público de fala árabe. Noutros casos a tradución vai ser dende o árabe para o inglés, o que quere dicir que todos os elementos relacionados co polo de partida son de fala árabe e que todos os relacionados co polo de chegada son de fala inglesa: texto, lingua, público e cultura. Cando remata o proceso de tradución consideramos que o texto orixe e o texto termo son equivalentes, aínda que na próxima sección deste capítulo veremos que o concepto de equivalencia non é tan sinxelo.

Pero a direccionalidade tamén é importante por outro motivo máis. Os tradutores e tradutoras se cadra senten máis seguridade cando traballan nunha dirección (por exemplo, dende o inglés para o árabe) que na contraria (do árabe para o inglés); e isto é así porque sempre temos unha lingua dominante, que adoita ser a primeira lingua que aprendemos (tamén chamada lingua nativa ou lingua nai) pero que tamén pode ser a lingua que máis empregamos acotío. Aínda que poida haber persoas bilingües que dominan con igual corrección as súas linguas, a meirande parte de nós ten unha lingua dominante na que somos máis competentes (e temos máis seguridade) can-

do traducimos para ela. Se cadra é porque temos un vocabulario máis rico nesa lingua, ou porque coñecemos mellor a súa gramática, porque nos expresamos con máis fluidez, porque podemos utilizala con máis precisión... ou mesmo porque dominamos mellor o humor na nosa lingua dominante. Pola contra, aínda que falemos ben unha segunda lingua, se cadra cústanos atopar a palabra precisa, expresar con exactitude o que queremos dicir, elaborar un xogo de palabras sutil ou discorrer unha graza enxebrosa. É algo completamente normal e pásanos a todas as tradutoras e tradutores: aínda que falemos moi ben máis dunha lingua, o máis probable é que unha sexa a dominante e que traballemos nela mellor e con máis precisión. Por iso é frecuente que haxa moitas persoas que traballan dende varias linguas orixe a unha única lingua termo. Xa que logo, cando busquemos unha tradutora é importante fixarnos non só nas súas linguas de traballo senón tamén na(s) súa(s) dirección(s) preferida(s), xa que non todo o mundo traballa en todas as direccións. Por exemplo, se alguén indica que fai traducións francés/español>alemán, quere dicir que traduce dende francés e español (é dicir, dúas linguas orixe) para alemán (una lingua termo). Pola contra, se indica alemán<>español é que traballa indistintamente nas dúas direccións.

Malia que trataremos a interpretación con máis detalle no Capítulo 11, cómpre mencionar aquí que as intérpretes precisan traballar con total seguridade nas dúas direccións, xa que con moita frecuencia son a única conexión entre dúas persoas que precisan comunicarse pero que non comparten unha lingua común.

Que é o que traducimos?

O máis doado sería pensar que o que traducimos son palabras, pero a verdade é que non é así como funciona a tradución, xa que habitualmente se centra na mensaxe ou nas ideas transmitidas polo texto orixe. As palabras son importantes, por suposto, xa que son o medio co que expresamos as ideas, pero se nos limitamos a traducir todas e cada unha das palabras máis que a comprender a mensaxe e logo empaquetala na lingua termo, o resultado pode ser pouco natural e difícil de entender. Por iso a noción de equivalencia non é tan sinxela como pode parecer a primeira vista: non adoita producirse no nivel da palabra porque a tradución palabra por palabra non sempre é posible nin desexable. De feito, normalmente dicimos que a equivalencia se dá no nivel do significado; é dicir: un texto orixe e un texto termo son equivalentes se posúen o mesmo significado, mesmo que non coincidan con exactitude no nivel da palabra.

As palabras empréganse para representar conceptos, pero as listaxes de palabras dispoñibles nas distintas linguas non son exactamente iguais. A lingua está moi estreitamente ligada á cultura; por outra banda, as comunidades de falantes residen en rexións xeográficas concretas, o que adoita provocar que desenvolvan palabras para referirse a conceptos que son relevantes para cada cultura ou rexión. Hai moitos conceptos que son comúns a pobos de todo o mundo, por suposto, pero tamén hai

diferenzas, como o clima das distintas rexións, os tipos de alimentos que se producen e se consumen, as relixións, as actividades do lecer e moitas outras; como resultado, hai palabras que existen nunhas linguas pero non noutras. Por exemplo: seguro que coñeces o exemplo tan repetido dos inuit, un pobo que vive no norte do Canadá e que ten moitas palabras diferentes para referirse á neve: como a neve é un aspecto importante da súa realidade, non é sorprendente que teñan un vocabulario tan rico para describir os diferentes tipos de neve. Pola contra, nas rexións do mundo en que non adoita nevar non é preciso describir a neve con tanto detalle, polo que as linguas indíxenas de Australia ou de África teñen un vocabulario moito máis limitado para este fenómeno, aínda que seguramente teñen moitas máis palabras relativas ao clima desértico ou ao clima tropical das que poida ter a lingua dos inuit.

Ademais de amosar diferenzas no vocabulario, as linguas tamén teñen regras e convencións diferentes a respecto da orde na que se combinan as palabras para formar unidades maiores, como frases e oracións. Noutras palabras, cada lingua ten a súa propia gramática. En linguas próximas, como as romances, entre as que se inclúen o francés, español, galego, portugués, catalán ou italiano, as respectivas gramáticas poden compartir algunhas características. Pola contra, no caso de linguas que pertencen a familias distintas, como por exemplo o inglés e o chinés) as gramáticas van ser moi diferentes. Para explicalo rapidamente, a gramática ocúpase de como se organizan as palabras e nos seguintes exemplos veremos algunhas das diferenzas que se poden dar.

No primeiro exemplo podemos ver que en inglés a posición normal dun adxectivo (*yellow*, amarelo) é antes do substantivo (*car*, coche). Pola contra, en galego o máis habitual é que vaia despois do substantivo.

Inglés: the yellow car (artigo, adxectivo, substantivo)

Galego: o coche amarelo (artigo, substantivo, adxectivo)

Se traducísemos a frase inglesa *the yellow car* ao galego literalmente ou palabra por palabra, atopariámonos coa frase *o amarelo coche*. É certo que poderíamos entender o seu significado, pero non soa natural nin segue as regras gramaticais da lingua galega.

No seguinte exemplo podemos ver os diferentes xeitos en que o inglés, o francés e o alemán organizan a oración que normalmente usamos para presentarnos e, entre parénteses, a tradución literal ao galego. Unha vez máis, podemos comprender o significado, pero non é a expresión que utilizaríamos en galego para presentarnos. Nun caso como este, o traballo da tradutora non consiste en analizar e reproducir cada unha das palabras illadamente, senón comprender que o obxectivo da mensaxe orixinal é presentarse, de xeito que a mellor tradución será a expresión que na lingua termo se empregue acotío para o mesmo: «ola, son Alex».

Inglés: Hi, my name is Alex (ola, meu nome é Alex).

Francés: Bonjour, je m'appelle Alex (bo día, eu chámome Alex).

Alemán: Hallo, ich heiÙe Alex (ola, eu chamo Alex).

26

E se as oracións se van facendo máis longas é cada vez máis difícil facer traducións literais que teñan sentido, polo que nos podemos atopar con textos que usan palabras da lingua termo pero organizadas consonte a gramática da lingua orixe. Se coñeces a saga da *Guerra das galaxias* seguro que xa te decataches de que así é como fala Yoda: usa palabras en galego pero combínaas nunha orde que non é a da nosa gramática (nin a da lingua inglesa dos guións orixinais) senón probablemente a da súa lingua dominante. Por exemplo, cando Yoda di «poderoso jedi era el», «preparado estás?» ou «o tamaño que ver non ten», o que en realidade agardaríamos en galego sería «(el) era un poderoso jedi», «estás preparado?» e «o tamaño non ten que ver».

O xeito de falar de Yoda é curioso e choqueiro e o personaxe ten relativamente poucas intervencións, pero imaxinas o que sería ver unha película na que todo o mundo falase así? Ou ler unha novela escrita deste xeito? Aínda que sexa posible entendermos o significado dunha oración traducida palabra por palabra, ler todo un texto sería moi pesado e frustrante.

Cara a onde nos achegamos?

Segundo o que acabamos de ver, nunha tradución cómpre termos en conta dúas cuestións principais. Por unha banda, a transferencia da mensaxe ou significado do texto orixe e, pola outra, a corrección no xeito de expresar esa mensaxe coas palabras e estruturas gramaticais que soen máis naturais na lingua termo; pero non sempre é doado acadar estes dous obxectivos a un tempo, o que pode crear tensións no texto. Podemos atribuír estas tensións á necesidade de mantermos un equilibrio entre, por un lado, reproducir a mensaxe do texto orixinal e a súas características discursivas e, polo outro, responder ás expectativas e necesidades do público receptor do texto termo. Por exemplo, para asegurarnos de que a comunidade receptora comprende o texto traducido, pode ser preciso modificar a forma e mesmo algunhas partes da mensaxe do texto orixinal. Por iso adoitamos representar a tradución en forma de contínuum, como podemos ver na ilustración 1.2. Nun dos extremos sitúase a **tradución literal** e, no outro, a **tradución libre**.




Ilustración 1.2 Os dous extremos do contínuum da tradución.

Nunha tradución literal téntanse conservar, na medida do posible, a forma e as estruturas gramaticais do texto orixe, ao tempo que transmitimos o seu significado. En consecuencia, este tipo de tradución adoita facerse palabra por palabra ou cunha orde sintáctica semellante á do orixinal. Pola contra, a tradución libre é a que transmite o significado do orixinal pero sen apegarse á súa forma. Entre estes dous extremos podemos situar calquera tradución: unhas tenderán máis á literalidade e outras, á liberdade.

En moitos tipos de textos, sobre todo nos que se constrúen para ser informativos ou pragmáticos (como os libros de texto, manuais, textos administrativos, documentos programáticos, etc.), é doado manter un equilibrio entre reproducir a mensaxe do orixinal e responder ás expectativas do público receptor final no tocante ás convencións lingüísticas. Porén, noutros tipos de texto que presentan un contido marcadamente rexional ou cultural (por exemplo, unha páxina web destinada á clientela dun país concreto), ou unha forma moi creativa, con xogos de palabras ou humor (a publicidade, a poesía), se cadra teremos que achegarnos máis cara ao polo da tradución libre e afastarnos en certo grao tanto do contido como da forma do texto orixinal. Veremos con máis detención algúns destes casos especiais no Capítulo 7, no que examinaremos a localización de páxinas web, e no Capítulo 8, no que analizaremos a transcreación e os textos publicitarios; máis polo momento xa podemos observar que ao traducir estes tipos de textos debemos procurar a equivalencia non no nivel da palabra e se cadra tampouco no do texto, senón máis ben no nivel do *efecto*. Noutras palabras: no caso dun texto publicitario o habitual é que procuremos que o texto termo teña o mesmo tipo de *efecto* emocional no público termo que o texto orixe tivo no seu propio público, aínda que os dous textos se cadra non comparten o mesmo significado literal nin usan as mesmas técnicas estilísticas. Como podes ver, a noción de equivalencia é máis complexa do que semella a primeira vista, xa que hai distintas formas de construíla: no nivel da palabra, no nivel do significado ou no nivel do efecto, entre outros.

Como é o proceso de tradución?

A tradución é unha actividade complexa da que nos ocuparemos en detalle no Capítulo 3, que analiza a tradución profesional. De momento, nesta sección dedicáremonos a presentar brevemente as dúas etapas principais do proceso de tradución, a comprensión e a reexpresión, cada unha coas súas propias dificultades.

En primeiro lugar precisamos entender o texto orixe, o que significa termos que descodificar e comprender completamente a súa mensaxe; lembremos que non traducimos palabras, senón as ideas que esas palabras expresan. Xa que logo, para podermos traducir un texto precisamos entender o seu contido. Algúns textos non conteñen máis que información xeral coa que probablemente moita xente estará familiarizada

(como os xornais) e outros están escritos para un público non especialista (como moitos manuais), pero hai moitos outros tipos de texto que versan sobre temas moi especializados, como o dereito ou a medicina. E mesmo dentro destes ámbitos tan especializados pode haber á súa vez máis especializacións que non sexan coñecidas para todo o mundo. Por exemplo, alguén que se dedique á medicina familiar pode non coñecer os procedementos da medicina de urxencias; e do mesmo xeito, quen se dedique ao dereito de familia non ten por que dominar todos os conceptos do dereito de inmigración. Dado que se escriben textos sobre calquera tema imaxinable e que non hai ninguén que poida saber de todo e a fondo, o máis habitual na tradución profesional é que nos especialicemos nun número relativamente pequeno de áreas e non que tentemos abranguelas todas. Se nos especializamos podemos chegar a dominar un ou máis campos, o que nos permitirá comprender a fondo os contidos dos textos e, ademais, coñecer con precisión a terminoloxía precisa para traducilos. Ademais, precisamos tamén saber como investigar e documentarnos sobre os temas que traducimos. De feito, a documentación é unha das nosas principais tarefas cando traducimos; nos Capítulos 4 e 5 coñeceremos algunhas ferramentas e fontes documentais que se empregan profesionalmente para debullar os contidos dos textos.

Superada a fase de comprensión, entramos na de reexpressión, na que nos centramos en codificar a mensaxe, é dicir, en producir o texto traducido para o público final. Podemos dicir que nesta fase o que facemos é crear ou forxar textos para cumprir as expectativas e as necesidades do público lector. Isto pode ser máis complicado do que parece, xa que as linguas ofrecen moitas posibilidades de expresión, o que nos obriga a tomar decisións constantemente. Por exemplo, todas as linguas presentan sinónimos, é dicir, dúas ou máis palabras cun significado moi semellante. Pensemos como tal nas expresións para referirnos ao tempo atmosférico. Se queres describir un día no que a temperatura é moderadamente baixa, que palabra empregarías? Frío? Fresco? Destemperado? Tonificante, se cadra? Para podermos tomar unha decisión talvez teñamos que recorrer a algunha ferramenta ou fonte de consulta, das que como xa dixemos falaremos nos Capítulos 4 e 5.

Pero tamén temos que sabernos guiar polos nosos coñecementos sobre o tipo de texto concreto, a cultura termo e as características específicas do público receptor, que nos axudarán a tomar as mellores decisións. Por exemplo, se se trata dun texto de temática médica pero é un folleto informativo dirixido a pacientes e non a profesionais, se cadra é mellor empregar un termo como «ataque ao corazón» e non o máis técnico «infarto de miocardio», máis axeitado para un texto especializado.

Do mesmo xeito, teremos que empregar termos diferentes se traducimos para pacientes maiores (por exemplo, molestias intestinais) ou para crianzas (dor de barriga). E, como xa dixemos antes, cómprenos dominar as regras e convencións gramaticais para que o texto cumpra coas expectativas da comunidade receptora e non pareza

que está escrito por Yoda. Por outra parte, tamén entran en xogo os coñecementos culturais para, por exemplo, sabermos que facer coas expresións idiomáticas, que adoitan ser moi diferentes nas distintas culturas e non se poden traducir literalmente porque non se entenderían. Por exemplo, unha tradución literal da expresión inglesa «to pull someone's leg» daría como resultado «tirarlle da perna a alguén», pero o correcto sería traducir esta frase feita coa expresión galega máis acaída: «tomarlle o pelo a alguén» ou «comerlle a boroa a alguén», por exemplo, que significan o mesmo que a expresión inglesa. As falas coloquiais e vulgares son outro aspecto da lingua moi ligado ás distintas culturas e subculturas, polo que a tradución literal non vai ser tampouco a mellor opción. Por exemplo, en inglés emprégase «dough» (masa) para referirse aos cartos, pero en galego o axeitado sería «pasta» e non a tradución literal. En definitiva, cando traducimos precisamos valorar e sopesar todas as opcións dispoñibles para expresar un concepto e elixir despois a opción que mellor poida transmitirlo, tendo en conta ademais os coñecementos, necesidades e expectativas das persoas destinatarias. É de certo unha tarefa complexa, por iso precisamos recibir unha formación moi especializada e, ademais, practicar moito.

É verdade que...?

O máis normal é que a xente que non se dedica profesionalmente á tradución non coñeza ben en que consiste esta actividade, porque ninguén naceu sabendo todo e menos as cousas que non estudamos. Que teñamos contacto con algunha profesión no noso día a día non quere dicir que o saibamos todo sobre ela: ver un piano ou escoitar como alguén o toca non nos fai pianistas. E a tradución non é diferente. Seguro que tes empregado traducións en mais dunha ocasión, pero estes breves contactos se cadra che deixaron máis preguntas que respostas ou mesmo puideron dar lugar a suposicións que non son completamente correctas. Non poñamos o carro diante dos bois! Este libro o que pretende precisamente é axudarche a resolver os misterios da tradución. Coñecer os conceptos e termos básicos foi un gran primeiro paso para comprender en que consiste a tradución, pero para rematar este capítulo introdutorio imos mirar a tradución dende outro punto de vista, desartellando algúns dos mitos e concepcións erróneas máis comúns.

É verdade que as tradutoras e tradutores falan moitas linguas?

Non necesariamente. Na tradución traballamos con textos escritos e a escrita e a fala son capacidades diferentes, por iso hai profesionais que traducen perfectamente dende unha lingua pero se cadra non teñen tanta facilidade para conversar nesa mesma lingua. Tamén cómpre ter en conta que moitas tradutoras e tradutores traballan cara á súa lingua dominante, para o cal precisan dominala á perfección, pero o seu coñecemento da lingua orixe pode ser máis pasivo. Aínda que moitos pro-

fesionais traballan dende varias linguas orixe (e mesmo traducen a varias linguas termo), hai outras persoas que gañan moi ben a vida traducindo dunha única lingua orixe a unha única lingua termo. En conclusión, no mundo profesional da tradución non existe un único perfil lingüístico. Pola contra, no caso da interpretación si é imprescindible posuír un excelente dominio de polo menos dúas linguas faladas ou signadas para poder traballar nas dúas direccións. Ademais, hai intérpretes que teñen unha terceira e mesmo unha cuarta lingua de traballo, o que aumenta as súas oportunidades laborais.

É verdade que todas as persoas bilingües (ou plurilingües) son sempre boas tradutoras?

Malia que neste capítulo introdutorio pouco máis fixemos que ollar na superficie da tradución, xa debemos ter claro que esta profesión é moito máis que saber dúas (ou máis) linguas. Precisamos ter coñecemento das culturas involucradas, das materias sobre as que traducimos, das ferramentas e fontes de información; e tamén saber documentarnos, saber escribir correctamente e moitas outras cousas. Poderíase dicir que ser bilingüe é un requisito, pero non abonda nin garante o éxito.

É verdade que traducir e interpretar son o mesmo?

Non exactamente. Aínda que tanto a tradución como a interpretación teñen como obxectivo transvasar unha mensaxe dunha lingua a outra, a tradución ocúpase dos textos escritos e a interpretación de textos falados ou signados. Malia haber certas coincidencias no conxunto de competencias e coñecementos que requiren ambas as dúas actividades, existen tamén diferenzas relevantes no xeito en que se desenvolven. Por exemplo, na tradución adoitamos traballar por fases, producindo primeiro un borrador que despois revisamos para chegar á versión final. Pola contra, na interpretación trabállase máis ou menos no momento e só dispomos dunha oportunidade para transferir a mensaxe antes ter que pasar á seguinte oración. Ademais, algunhas modalidades están, digamos, a medio camiño das dúas, como por exemplo a subtitulación ou a tradución á vista. No Capítulo 11 presentaremos a interpretación con detalle.

E verdade que a tradución non é máis ca mudar as palabras dunha lingua polas doutra?

Para nada! Se fose tan sinxelo, calquera podería traducir cun bo dicionario. Como xa vimos, por exemplo cómpre escoller entre palabras que teñen significados moi semellantes; ademais moitas veces precisamos mudar a orde das palabras para cum-

prir as normas gramaticais da lingua de chegada. Por riba, non todas as palabras teñen unha equivalencia directa noutra lingua e por iso ao traducir centrámonos na mensaxe. En certos casos, por exemplo coas frases feitas, deberemos substituír a expresión orixinal por outra diferente que nin sequera é a tradución literal, aínda que teña o mesmo significado. Por exemplo, a expresión inglesa «It's raining cats and dogs» (choven gatos e cans) tradúcese ao francés como «il pleut des cordes» («choven cordas»). Podemos mesmo omitir certas palabras (por exemplo, referencias culturais que non teñan sentido para o público receptor) ou engadir unha explicación para aclarar un concepto difícil de entender.

É verdade que podemos traducir sobre calquera tema?

Nin de broma! Podemos atopar textos sobre calquera temática, pero non hai ser humano que poida sabelo todo de todas. Seguro que algunha vez liches un documento escrito na túa lingua dominante que non eras quen de entender, como o contrato dunha tarifa de teléfono móbil ou as condicións de uso dun programa informático ou dunha aplicación. Iso é porque todas as especialidades teñen os seus termos e conceptos específicos que levan tempo e esforzo aprender. As autorías dos textos orixinais son expertas nos seus campos e nós precisamos dominalos tamén para poder facer unha boa tradución deses textos especializados. Por este motivo, o máis habitual na profesión é especializarse en só un par de áreas e mesmo facer estudos superiores non só en tradución senón tamén nalgunha das áreas de especialización: por exemplo, un grao en dereito e un mestrado en tradución.

É verdade que para cada texto hai unha única tradución perfecta?

Por suposto que non. De feito, a tradución sempre ten un punto subxectivo: como xa vimos, as linguas conteñen sinónimos e, por exemplo, para describir un tempo moi caloroso e húmido podemos elixir entre «abafante» ou «atafegante», entre outros. Ademais, as gramáticas adoitan aceptar un certo grao de flexibilidade na ordenación das palabras. Sen chegarmos ao extremo de falar como Yoda, o certo é que hai clases de palabras que podemos situar en diferentes lugares dentro da oración sen que soe raro. Por exemplo, algúns adverbios podémolos colocar ao comezo ou ao final sen que mude o significado: «hoxe non teño fame» ou «non teño fame hoxe». E tamén é posible expresar algunhas ideas básicas tanto con construcións afirmativas como negativas: «marchei» ou «non quedei». Dado que temos un grande número de opcións para expresar unha mensaxe, é pouco probable que dúas persoas tomen exactamente as mesmas decisións para traducir cada palabra e cada construción. Xa que logo, pode haber dúas traducións correctas (ou máis, madría leva) aínda que non sexan idénticas.

É verdade que a tradución é imposible?

Como acabamos de dicir, non hai unha única tradución perfecta para cada texto, pero, significa isto que a tradución é imposible? Esta pregunta véñse repetindo unha e outra vez ao longo da historia e mesmo hai un coñecido adaxio italiano que di *traduttori traditori* (literalmente, «tradutores, traidores», aínda que o termo «traidor» se emprega en senso metafórico). A idea coa que se xoga neste dito é que, dado que non hai dúas linguas iguais, vai haber sempre algún tipo de perda no proceso de tradución (quer no significado, quer na forma, ou en ambos), o que fai que sempre sexa imposible que unha tradución reproduza exactamente o texto orixe en todos os seus aspectos. Noutras palabras, a tradución supón chegar a certos compromisos. A tradución non consiste en tentar concluír unha tarefa imposible, senón en procurar xestionar e reducir as perdas inevitables e mesmo compensalas introducindo gaños noutras partes do texto. Por exemplo, cando non consigamos conservar a rima dun orixinal, se cadra si podemos empregar un recurso semellante, como o ritmo ou a aliteración, para manter o aspecto lúdico ou poético do texto e lograr transmitirle un efecto equivalente ao público destinatario. Vista deste xeito, poderíamos dicir que a tradución sempre é posible aínda que a tradución ideal non o sexa. Na inmensa maioría dos casos, unha tradución imperfecta vai ser funcional e cumprir practicamente todas as necesidades. Na meirande parte das facetas das nosas vidas non pretendemos chegar á perfección absoluta, polo que é importante tamén ter expectativas realistas con respecto á tradución.

É verdade que os ordenadores van acabar substituíndo as persoas para traducir?

Vai ser difícil. Neste momento xa hai algúns casos moi concretos nos que os ordenadores poden facer traducións aceptables. Se queremos traducir unha publicación de Facebook ou de X (a antiga Twitter) ou dalgunha outra rede social, por exemplo, poderíamos empregar unha ferramenta de tradución automática como Google Translate porque é gratis, rápida, cómoda e porque se non nos fai unha boa tradución, as consecuencias non van ser demasiado graves. Mais noutras situacións, como nun hospital ou nun xulgado, recorrer a Google Translate ou ferramentas semellantes se cadra non é tan boa idea: os conceptos que se manexen van ser máis especializados e as consecuencias dunha mala tradución moito máis serias, como un diagnóstico errado, unha condena a prisión, etc. O Capítulo 6 precisamente está dedicado a mellorar o noso manexo da tradución automática e a aprender como funcionan estas ferramentas, as súas fortalezas e debilidades e as situacións nas que nos poden ser útiles e nas que non. Outra cuestión que paga a pena mencionar é que neste tema non todo é branco ou negro, porque as ferramentas informáticas, e concretamente a tradución automática, forman parte do noso traballo diario.

Para concluír

A tradución é máis complexa do que parece, non sí? Para comezar, as competencias e coñecementos que se precisan para traballar con textos escritos (é dicir, para traducir) non son os mesmos que para traballar con textos falados ou signados (é dicir, para interpretar). É máis, cando traducimos non nos concentramos nas palabras senón en transferir a mensaxe dunha lingua a outra, o que implica parafrasear ideas, reordenar as palabras e mesmo substituír conceptos culturais por outros que sexan máis familiares para o público do texto traducido. Como é habitual que a xente que non se dedica profesionalmente á tradución non coñeza ben en que consiste esta actividade, neste capítulo quixemos desbotar algúns dos prexuízos máis comúns sobre a tradución. E como xa aprendiches estas cousas, agora estás en condicións de dar o seguinte paso desta viaxe fascinante polo mundo da tradución e apreciar en todas as súas dimensións tanto os problemas que presenta como as competencias precisas para solucionarlos. A seguir, no Capítulo 2, repasaremos a historia da tradución, deténdonos nalgúns figuras, acontecementos e produtos senlleiros que cambiaron o curso da nosa sociedade multilingüe.

Puntos clave do capítulo

- A palabra «tradución» significa literalmente «levar ao outro lado» e emprégase como termo xenérico para referirse ao proceso de transferir unha mensaxe dunha lingua a outra.
- A palabra «tradución» tamén pode empregarse nun senso máis restrinxido para diferenciala da «interpretación». A tradución é a operación de transferir unha mensaxe escrita dunha lingua a outra, mentres que a interpretación transfere mensaxes faladas ou signadas.
- O termo «orixe» refírese ao texto, lingua, público receptor ou cultura que conforman o punto de partida do proceso de tradución (a mensaxe orixinal), mentres que «termo» se refire ao texto, lingua, público receptor ou cultura que se atopan no punto final (a mensaxe traducida). Os termos orixe e termo son, xa que logo, mutuamente relativos, o que significa que a lingua orixe dunha encarga de traballo pode ser a lingua termo doutra encarga.
- O concepto de «equivalencia» adóitase entender como a relación que existe entre o texto orixe e o texto termo, aínda que se pode verificar en distintos niveis, como o da palabra, o do significado ou o do efecto.
- As persoas que se dedican á tradución adoitan ter unha lingua dominante (a súa lingua nativa ou a lingua de uso habitual) e moitas delas traducen só cara a esta lingua dominante. Pola contra, na interpretación é imprescindible ser capaz de traballar nas dúas direccións.

34

- Por convención adoitamos citar primeiro a lingua orixe e logo a lingua termo; por exemplo, para indicar a tradución do inglés ao galego escribimos inglés>galego.
- O que traducimos son as ideas, máis que as palabras, aínda que é certo que as palabras se empregan para expresar as ideas.
- En xeral non podemos traducir palabra por palabra porque as linguas representan o mundo de xeito diferente e ás veces unha lingua ten unha palabra para un concepto e outra non.
- Cada lingua ten regras e convencións diferentes sobre a orde na que podemos combinar palabras para formar frases e oracións.
- Cando traducimos un texto dunha lingua a outra cómprenos ter en conta tanto o contido como a forma, o que ás veces nos obriga a facer algúns axustes en ambos os dous.
- Podemos representar a tradución como un contínuum, coa tradución literal e a tradución libre en cada un dos dous extremos.
- A tradución literal tenta conservar a forma e as estruturas do orixinal na medida do posible ao tempo que transmite o seu significado; pola contra, a tradución libre quere transmitir o significado do texto orixinal pero sen deixarse condicionar pola súa forma.
- No proceso de tradución poden producirse tensións cando se tenta respectar as palabras e a mensaxe do texto orixinal ao mesmo tempo que se quere responder ás necesidades do público receptor final.
- A tradución é unha actividade complexa que implica tanto a comprensión do texto orixinal como a produción do texto traducido. Coñecer moi ben a temática do orixinal é fundamental para asegurarnos de que comprendemos o contido, pero ademais debemos dominar a escrita na lingua termo para asegurarnos de que cumprimos as expectativas da comunidade receptora.
- Hai moitos prexuízos e ideas erradas sobre a tradución, por exemplo:
 - **Todas as tradutoras e tradutores falan moitas linguas.** Nalgúns casos é certo, pero os perfís lingüísticos (tanto na tradución como na interpretación) son moi diversos e hai moitas profesionais que traballan cunha única lingua orixe e unha única lingua termo.
 - **Todas as persoas bilingües saben traducir.** Coñecer moi ben dúas linguas é imprescindible para poder traducir, pero non é abondo; precisamos tamén coñecer as culturas e dominar as temáticas sobre as que traducimos, entre outras cousas

- **A tradución e a interpretación son o mesmo.** Tanto a tradución como a interpretación se ocupan de transferir unha mensaxe dunha lingua a outra, pero na tradución a mensaxe é escrita, mentres que na interpretación é falada ou signada.
- **A tradución consiste en substituír as palabras dunha lingua polas palabras doutra.** A tradución palabra por palabra non adoita funcionar ben; traducir consiste máis ben en transferir unha mensaxe empregando as palabras e construcións que soen máis naturais na lingua termo.
- **Calquera profesional pode traducir sobre calquera tema.** Ninguén pode ser experto en todo, polo que o normal é que nos especialicemos nunha ou dúas áreas concretas.
- **Para cada texto hai unha única tradución perfecta.** Todas as linguas teñen certo grao de flexibilidade, o que implica que existen diferentes formas de expresar a mesma idea; xa que logo, é moi pouco probable que dúas traducións do mesmo texto sexan idénticas, aínda que as dúas poden ser correctas.
- **A tradución é imposible.** Fanse traducións todos os días. Aínda que non exista a tradución perfecta (e que significa a perfección, en todo caso?), as traducións son válidas e útiles.
- **Os ordenadores están a piques de quitarnos o traballo.** Os ordenadores xa poden facer traducións que, nalgúns casos, cumpren algunhas das nosas necesidades, pero aínda non son quen de comprender os textos, as necesidades do público receptor nin o contexto de uso previsto para unha tradución. Así e todo, os ordenadores son unha ferramenta formidable.

Temas para debater

Velaí tres cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Ademais dos coñecementos lingüísticos, que outro tipo de saberes son necesarios para facer unha boa tradución?
- Algunha das cuestións que aprendiches neste capítulo fixo que vexas a tradución dun xeito diferente? En que sentido?
- Que outros mitos ou prexuízos coñeces sobre a tradución? Consonte o que aprendiches neste capítulo, pensas que son certos ou falsos?

Exercicios

- **Debuxa un mapa conceptual:** Deseña un mapa conceptual provisional cos principais conceptos relativos á tradución aprendidos neste capítulo.
- **Elabora unha presentación breve (30 segundos):** Escolle un dos tópicos ou prexuízos habituais sobre a tradución e elabora un breve discurso duns 30 segundos que poidas empregar coa túa familia, amizades ou colegas para amosarlles a realidade da tradución. Para que unha presentación breve sexa efectiva debemos atraer a atención da nosa audiencia e explicar o concepto de xeito que se poida comprender en pouco tempo: entre 30 segundos e un minuto, por exemplo. Unha infografía pode conseguir o mesmo obxectivo.

Para saber máis

COLINA, Sonia. 2015. *Fundamentals of Translation*. Cambridge: Cambridge University Press.

- Neste libro, sobre todo no seu primeiro capítulo, temos unha introdución clara e sinxela aos conceptos básicos da tradución.

DELISLE, Jean, Hannelore LEE-JAHNKE, e Monique C. CORMIER, eds. 1999. *Translation Terminology*. Amsterdam: John Benjamins. Tradución ao galego: Delisle, Jean, Hannelore Lee-Jahnke, e Monique C. Cormier, eds. 2003. *Terminoloxía da tradución*. Versión galega de Anxo Fernández Ocampo e Alberto Álvarez Lugrís. Vigo: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo.

- Este glosario terminolóxico, do que existe unha tradución galega, presenta e define uns 200 conceptos que constitúen o vocabulario básico que se precisa para a docencia da tradución. Os termos preséntanse en 5 linguas: inglés, francés, alemán, español e galego na versión galega.

HOUSE, Juliane. 2018. *Translation: The Basics* Londres: Routledge.

- Unha introdución sinxela aos conceptos fundacionais da tradución cunha explicación das principais escolas teóricas. O libro analiza tamén o papel que desenvolven a cultura e a sociedade no proceso de tradución, a relación entre unha tradución e o seu orixinal e os efectos da globalización na nosa profesión.

POLIZZOTTI, Mark. 2018. *Sympathy for the Traitor: A Translation Manifesto*. Cambridge, MA: The MIT Press.

- Neste libro analízanse unha serie de prexuízos e ideas erradas sobre a tradución ao tempo que se explican os moitos elementos que interveñen no

proceso e as dificultades que poden provocar. O autor presenta unha panorámica xeral da profesión que quere demostrar que a tradución non é un problema que cómpre solucionar senón un éxito que debemos celebrar.

Capítulo 02

Unha breve historia da tradución

39

Levamos milleiros de anos traducindo e aínda que non coñecemos as orixes precisas da tradución, conservamos escritos que falan dela case dende os comezos da historia escrita. Por exemplo, fálase de tradución nos escritos de Homero, un lendario poeta que viviu na Antiga Grecia, no século VIII a.n.e. (antes da nosa era) e á quen se lle atribúen os poemas épicos *A Ilíada* e *A Odisea*, dúas obras que á súa vez se traduciron moitas veces. Sería imposible presentar unha historia exhaustiva da tradución nun único capítulo, polo que recollemos a seguir 17 exemplos que describen algunhas das persoas, acontecementos, inventos e textos que contribuíron a forxar a vizosa historia da tradución. Dado que a tradución é unha actividade global, este capítulo recolle datos de diferentes rexións e tradicións; aínda que se presenten como feitos independentes e consecutivos, cómpre lembrar que os feitos de tradución acontecían simultaneamente en distintas partes do mundo. Os 17 exemplos que presentarmos son só unha mostra das moitas persoas e grupos que participaron no desenvolvemento do noso campo e o exercicio que atoparás ao final do capítulo identifica algunhas outras figuras e acontecementos; ademais, animámoste a que investigues pola túa conta para atopar outros casos semellantes. Se os tomamos en conxunto, os elementos deste mosaico daranche unha idea da historia da tradución e contaranche como contribuíu (para ben ou para mal) a modelar a nosa historia e a levarnos ata onde hoxe nos atopamos.

A Torre de Babel

A historia bíblica da Torre de Babel, que aparece no libro da Xénese do Antigo Testamento, sempre estivo asociada ao concepto de tradución. Segundo esta historia, antigamente todas as persoas que habitaban a Terra falaban unha e a mesma lingua, o que facilitaba a comunicación e a colaboración. Froito desta colaboración, a xente decidiu construír unha cidade que incluía unha torre que debía chegar aos ceos. Pero esta idea anoxou a Deus, que castigou a xente espallándoa por todo o planeta e fa-

cendo que falasen linguas diferentes, de xeito que non se puidesen comunicar entre si. Esa cidade que non se chegou a rematar chamouse Babel, que significa «confusión», porque ese era o estado no que quedara a xente cando se decatou de que non podía falar coas outras persoas. Xa que logo, o acontecido en Babel provocou a necesidade de tradución e aínda hoxe en día a Torre de Babel é un símbolo que se adoita asociar coa profesión da tradución.

Un dato curioso... A FIT, Federación Internacional da Tradución, publica unha revista académica sobre tradución que se chama *Babel*.

A Biblia dos Septuaginta (século III a.n.e.)

A versión grega do Antigo Testamento adoita coñecerse como a Biblia dos Septuaginta ou dos Setenta e é a tradución grega máis antiga que se conserva da Biblia Hebraica. O nome Septuaginta débello á lenda segundo a cal o faraón Ptolomeo II mandou traducir ao grego a Torah hebrea para incluíla na Biblioteca de Alexandría. Ptolomeo contratou setenta sabios xudeus e aloxounos en cadanseu cuarto individual para pedirles despois que traducisen o texto; traballaron por separado pero aínda así fixeron traducións idénticas. Como vimos no Capítulo 1, a tradución ten unha compoñente subxectiva porque en todas as linguas hai moitos xeitos distintos de dicir o mesmo, o que quere dicir que se distintas persoas traducen o mesmo texto, deberíamos ter traducións diferentes. Sería un milagre que os setenta sabios fixesen todos a mesma tradución, polo que isto se tomou como un sinal da intervención de Deus no proceso.

Un dato curioso... Os libros sagrados, como a Torah, a Biblia ou o Corán son os libros que máis se traducen en todo o mundo.

A pedra de Rosetta (196 a.n.e.)

A Pedra de Rosetta é un grande fragmento de granito que ten gravado un texto en tres idiomas diferentes. Data do reinado do faraón Ptolomeo V e o texto é unha gabanza do seu reinado. As seccións superior e media conteñen o texto en dúas escritas diferente do Antigo Exipto: xeroglífico e demótico; a terceira ten o mesmo texto en grego antigo. A pedra descubriuse no ano 1799 preto da cidade de Rashid, Rosetta en inglés, en Exipto, e nesa época aínda non se sabían descifrar os antigos xeroglíficos exipcios. Pola contra, o grego antigo coñecía-se ben e mesmo había especialistas quen coñecían a escrita demótica. Co estudo minucioso das tres inscricións ao longo de décadas, conseguíronse descifrar por primeira vez os xeroglíficos, o que á súa vez nos permitiu afondar no noso coñecemento da historia exipcia.

Un dato curioso... Se queres ver a Pedra de Rosetta, é unha das principais atraccións do Museo Británico de Londres, onde se expón dende hai máis de 200 anos.

San Xerome (ca. 342-420)

Nado no que hoxe é o nordeste de Italia, San Xerome educouse en latín e grego; despois de estudar en Roma converteuse en eremita e pasou varios anos no deserto sirio, onde comezou a estudar hebreo. Ao volver a Roma o papa encargoulle traballar como tradutor e entre o ano 380 e a súa morte no 420 fixo un grande número de traducións, dende textos da administración eclesiástica, ata ordes monásticas, teoloxía e cartas, pero é coñecido, sobre todo, pola súa tradución da Vulgata, unha versión da Biblia dende o hebreo e o grego ao latín. A Vulgata destaca entre todas as traducións ao latín da Biblia porque San Xerome traballou co texto hebreo orixinal no canto da Septuaginta, que era tamén unha tradución. A Vulgata converteuse por iso nunha das traducións máis influentes da súa época e aínda hoxe se segue a empregar no seo da Igrexa católica. San Xerome non só é un dos santos da Igrexa católica, conmemorado o 30 de setembro, senón que tamén é o patrón da tradución e celebrámolo na mesma data como Día internacional da tradución.

Un dato curioso... Nalgún momento da historia xurdiu a lenda de que mentres San Xerome estaba a vivir no deserto, domeou un león quitándolle unha espiña dunha pata. Por iso moitas pinturas, gravados e esculturas que representan a San Xerome ao longo da historia amósano na compañía dun león.

Xuanzang (602-664)

Xuanzang viviu en China no século VII e fíxose monxe budista sendo adolescente. Viaxou por moitas provincias por mor do seu traballo e aprendeu e predicou as sutras, pero naquela época as sutras estaban suxeitas a moi distintas interpretacións e, como quería coñecelas mellor, Xuanzang decidiu viaxar á India, de onde procedía o budismo, para estudar os textos orixinais. A súa épica viaxe durou 25 anos, durante os cales visitou moitos templos importantes, aprendeu sánscrito e continuou estudando as sutras baixo a guía de importantes monxes. Cando volveu a China, Xuanzang recolleu as súas experiencias nun libro chamando *Da Tang xiyu ji* (O grande rexistro das terras do leste), que aínda hoxe é unha referencia importante para o estudo das relacións indo-chinesas. Despois, Xuanzang dedicou as dúas últimas décadas da súa vida a traducir as sutras budistas ao chinés. Traduciu máis de 1300 obras e creou un grande centro de tradución que atraía estudantes de toda Asia oriental.

Algúns dos textos sánscritos orixinais perdéronse ao longo da historia, pero grazas ás coidadosas e completas traducións de Xuanzang ao chinés foi posible recuperar o contido dos textos budistas desaparecidos. Se non fose polas traducións de Xuanzang, estes textos hindús ficarían perdidos para sempre.

A Casa da sabedoría (séculos IX-XIII)

Fundada no 830, Bayt al-Ḥikmah (A Casa da sabedoría), coñecida tamén como a Grande Biblioteca de Bagdad, era unha institución de ensino superior que tamén se converteu nun dos máis célebres centros de tradución de toda a historia da cultura árabe. Ademais de centro de estudos e biblioteca, a Casa da sabedoría contaba tamén cunha oficina de tradución na que máis de sesenta persoas traducían ao árabe textos gregos, siríacos, persas, sánscritos e arameos sobre filosofía, xeografía, astronomía, relixión, literatura, ciencias naturais, medicina e matemáticas. A Casa da sabedoría foi consecuencia do pulo que se lle deu á tradución durante o Imperio Abasí e é interesante observar que a tradución estivo na cerna dun dos períodos de actividade intelectual máis importantes da historia. A partir do século XII a Casa da sabedoría comezou a experimentar un período de devalo gradual ata que finalmente a destruíron os mongois durante o asedio de Bagdad do ano 1258.

Un dato curioso... Dise que un dos mellores e máis prolíficos tradutores da Casa da sabedoría, Ḥunayn Ibn Isḥāq, traduciu máis de cen obras e que lle pagaban o peso dos seus textos en ouro, polo que escribía con letras moi grandes e en liñas ben separadas para facer aumentar o número de páxinas. Se cadra facíao por cobiza, pero saímos gañando dun xeito inesperado: os seus manuscritos permaneceron intactos e lexibles durante séculos (Baker 1998a).

A Escola de tradutores de Toledo (séculos XII e XIII)

A partir do episcopado do arcebispo Raimundo de Toledo, os sucesivos arcebispos patrocinaron e promoveron unha serie de traducións (fundamentalmente do árabe ao latín no século XII) que hoxe en día se denominan en conxunto Escola de tradutores de Toledo. Un dos tradutores máis prolíficos e coñecidos deste período foi Xerardo de Cremona, un italiano que aprendeu árabe en Toledo e traduciu ao latín entre setenta e oitenta textos sobre matemáticas, astronomía, filosofía e medicina. Durante o século XIII a escola chamou a atención do rei Afonso X, que financiou moitas traducións. Nesta época o latín deixou de ser a principal lingua termo e foi substituída polo español antigo, contribuíndo así a sentar as bases para o desenvolvemento do español moderno. Trala morte do rei Afonso, o seu sucesor deixou de apoiar as

tarefas de tradución e, como resultado, a actividade foi cesando, xa que moitos tradutores marcharon para traballar ao servizo doutros mecenas.

A imprenta de Gutenberg (ca. 1440)

43

Ao longo da historia, poucos inventos tiveron unha repercusión máis importante que a imprenta de Gutenberg. Unha imprenta en principio é un aparello mecánico que serve para aplicar tinta nunha superficie como o papel ou unha tea, pero arredor de 1440 un orfebre alemán chamado Johannes Gutenberg inventou o que se coñece como imprenta de tipos móbiles. Esta innovación acelerou considerablemente o proceso de impresión e deu paso á era da comunicación de masas, que alterou de xeito definitivo a estrutura da nosa sociedade. Por exemplo, fixo que aumentase drasticamente a alfabetización, o que provocou á súa vez un aumento da demanda de textos para ler, incluídas as traducións. Pénsase que a primeira persoa en introducir a imprenta en Inglaterra, arredor do ano 1476, foi William Caxton (ca. 1421-ca. 1491), un comerciante inglés que traballaba en Bélxica e ademais adoitaba facer traducións. Estando de viaxe de negocios en Alemaña observou a florecente industria da imprenta, polo que decidiu montar unha imprenta propia. Como resultado, o primeiro libro en imprimirse en lingua inglesa foi a tradución do propio Caxton da obra francesa *Recuyell of the Historyes of Troye*. Caxton seguiu traducindo ao inglés e publicando as súas traducións, así como moitas obras doutras persoas, tanto orixinais como traducións; de feito, adóitase dicir que foi el quen comezou a estandarización da lingua inglesa por medio da imprenta.

A imprenta chegou a Galicia no ano 1483, cando Xoán de Bobadilla e Álvaro de Castro imprimiron o *Breviarium ad usum Compostellanae ecclesiae* para o Cabido da catedral de Santiago. Porén, o primeiro texto impreso en galego non saíra do prelo ata o 1707: a peza teatral *Entremés galego* de Salvador Francisco Roel.

William Tyndale (ca. 1494–ca. 1536)

A tradución pode ser tamén unha profesión de risco, como nos podería contar William Tyndale, un lingüista e teólogo inglés que se converteu na figura clave da Reforma Protestante. A súa versión da Biblia foi a primeira tradución inglesa en imprimirse e a primeira tamén que se fixo directamente dende os textos hebreos e gregos. Naquela época non estaba permitido facer traducións da Biblia ao inglés nin posuílas, polo que Tyndale decidiu marchar ao continente, onde publicou a súa tradución para levala despois de contrabando a Inglaterra. Pero a tradución foi condenada e Tyndale declarado herexe, delitos polos que o xulgaron cando o detiveron en Bélxica. Para demostrar a gravidade que o estado vía nos cargos, atárono a un poste e executárono por esganamento para despois queimar o seu cadáver. Así e todo, poucos anos

despois o rei de Inglaterra decidiu autorizar a publicación de Biblias en inglés, que acabaron tomando como referencia a versión de Tyndale. Esta tradución condicionou todas as versións posteriores, como por exemplo a famosa e influente Biblia do Rei Xacobe (King James Version).

La Malinche (ca. 1501–ca. 1550)

Coñecida tamén como Malintzin ou Doña Marina, La Malinche era unha muller nahua de México que foi escravizada e levada a outra parte do país, onde aprendeu a lingua maia. Máis tarde, no 1519, foi unha das 20 escravas que recibiu o conquistador español Hernán Cortés cando chegou a México. Un dos homes de Cortés, Jerónimo de Aguilar, era un intérprete que tamén falaba maia, de xeito que cando Cortés quería falar cos pobos que vivían na rexión de Nahuatl, empregáboos aos dous como parte dunha cadea: Cortés falaba en español con Aguilar, que á súa vez falaba en maia con La Malinche, que finalmente falaría en náhuatl coa poboación local. Para transmitir a resposta, invertíase o proceso ata chegar a Cortés, que foi así quen de comprender as culturas e as relacións políticas nativas, unha información que máis tarde usaría para conquistar o Imperio azteca. A reputación de La Malinche sufriu moitos cambios ao longo do tempo segundo se estudaba o seu papel na historia: para algunhas persoas é unha heroína e para outras unha traidora.

Un dato curioso... Na actualidade, o proceso de interpretar dunha lingua a outra por medio dunha terceira denomínase *interpretación con relé* e emprégase ás veces en organismos internacionais como as Nacións Unidas se non hai dispoñibles intérpretes que traballen directamente nunha combinación lingüística determinada. Na tradución podemos atopar tamén un proceso similar que se denomina *tradución indirecta* (Shlesinger 2010).

Anne Sullivan (1866–1936)

Sendo cativa, a estadounidense Anne Sullivan contraeu unha enfermidade ocular que lle provocou unha cegueira parcial, o que lle impediu aprender a ler e escribir. Educouse nunha escola para persoas cegas e con só 20 anos foi a mestra de Helen Keller, unha cativa xordo-cega incapaz de comunicarse con outras persoas. Sullivan conseguiu comunicarse coa pequena Helen mediante a dactiloloxía, é dicir, soletreando palabras cos dedos na palma da man da cativa; antes dun ano Helen xa aprendera máis de 500 palabras, así como o sistema de escrita táctil Braille. Cando Helen entrou na universidade, Sullivan foi a súa intérprete nas clases e, de feito, acompañouna durante toda a súa vía, como amiga, profesora e intérprete e á súa morte foi incluída no National Women's Hall of Fame (Salón da fama das mulleres) dos Estados Unidos.

Un dato curioso... A historia de Anne Sullivan quedou recollida nunha obra de teatro de William Gibson, *The Miracle Worker*, que en 1962 se levaría ao cinema co mesmo título.

Os locutores navajo (1942-1945)

Os locutores navajo son o grupo máis coñecido de indios norteamericanos recrutados polo exército estadounidense durante a Segunda Guerra Mundial para usar a súa lingua como código no envío de comunicacións secretas. En realidade, tanto na Primeira Guerra Mundial como na Segunda participaron tamén membros das nacións sioux, comanche e cherokee. A idea era empregar estes falantes de linguas indíxenas como base dun código secreto co que se puidesen intercambiar mensaxes coa fronte, onde habería outros locutores indios que puidesen descifralos. O inimigo, porén, non sería quen de descodificar as mensaxes se nalgún caso chegaba a interceptalas. Estes locutores indios foron fundamentais na vitoria aliada na Segunda Guerra Mundial, malia a ironía de que se lles pedise que falasen as súas linguas nativas, algo que con anterioridade fora motivo de castigo, sanción e de sometemento a programas de reeducación. É máis, dada a natureza secreta do seu traballo, o papel dos locutores nativos non se deu a coñecer ata moitos anos despois da guerra.

As Nacións Unidas (1945)

Un acontecemento clave da historia contemporánea da tradución é a creación da Organización das Nacións Unidas (ONU), fundada tras a Segunda Guerra Mundial por un grupo de países que quería posibilitar que as futuras disensións se puidesen solucionar por vías pacíficas e non mediante a guerra ou o conflito. Resolver problemas mediante a diplomacia require, evidentemente, a habilidade da comunicación, o que contribuíu a poñer de relevo a importancia da tradución e da interpretación. Na actualidade a ONU traballa con seis linguas oficiais: árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso, que se escolleron para asegurar a máxima representación de todo o planeta ao tempo que se mantiñan a loxística e os custos nun nivel razoable. Os documentos oficiais da ONU distribúense nos devanditos seis idiomas e, ademais, as delegacións poden falar en calquera idioma oficial e as súas intervencións interprétanse simultaneamente aos outros cinco. Hoxe en día o traballo da ONU xa non se limita so á paz e á seguridade e inclúe cuestións como os dereitos humanos, a cooperación humanitaria, o dereito internacional e outros asuntos globais. Debido aos seus cometidos e á súa grande presenza internacional, a ONU é un dos organismos que emprega máis profesionais da linguaxe, non só para traducir e interpretar, senón tamén para os labores terminolóxicos, dos que falaremos con máis detalle no Capítulo 4.

Os xuízos de Nuremberg (1945-1946)

46 Hai outro acontecemento clave da historia da tradución que tamén foi consecuencia da Segunda Guerra Mundial: os xuízos de Nuremberg, un tribunal conxunto convocado nesta cidade alemá polas nacións aliadas (Francia, a antiga Unión Soviética, o Reino Unido e os Estados Unidos) tras a derrota da Alemaña nazi. Este tribunal militar internacional xulgou os líderes da Alemaña nazi máis importantes que sobreviviran á guerra, pero sen tradución e interpretación o seu traballo sería imposible. Por exemplo, o xuízo principal, que se celebrou durante un período de 10 meses, coñécese como «o xuízo dos 6 millóns de palabras» porque a transcrición completa de toda a documentación presentada nas sesións ocupa 42 volumes. Moito que traducir! Sobre todo se temos en conta que naquel momento aínda non había procesadores de texto nin internet. Pero se o traballo de tradución foi impresionante, o de interpretación foi mesmo aínda máis salientable. Antes dos xuízos de Nuremberg a interpretación adoitaba ser consecutiva, é dicir, que unha persoa falaba e facía unha pausa para que a intérprete reproducise a mensaxe na outra lingua. No caso de Nuremberg, os aliados acordaron que os xuízos deberían ser xustos pero rápidos, e para conseguilo non quedaba máis remedio que celebralos *simultaneamente* en catro linguas: francés, ruso, inglés e alemán. Foi preciso incluír estas catro linguas para asegurar que tanto xuíces como avogados e acusados puidesen entender todo o que se dicía. Ademais, foi preciso empregar as catro linguas simultaneamente porque a interpretación consecutiva en catro linguas de todas as intervencións consumiría moitísimo tempo. Antes de Nuremberg xa se fixeran algúns experimentos sinxelos coa interpretación simultánea, pero foi nestes xuízos cando esta modalidade de traballo se puxo a proba de verdade. Celebrar os xuízos deste xeito supuxo moitos retos e dende logo houbo algúns fallos, pero dende aquela a interpretación cambiou para sempre. As ferramentas e técnicas que se crearon ou melloraron para a ocasión posibilitaron que a interpretación simultánea se convertese na modalidade máis empregada en institucións como as Nacións Unidas, o Parlamento europeo ou a Cámara dos comúns do Canadá, por non falar dos congresos e reunións que se celebran por todo o mundo. No Capítulo 11 veremos con máis detalle as diferentes modalidades de interpretación.

O Memorando Weaver (1949)

Warren Weaver era un matemático e enxeñeiro que traballaba para a Fundación Rockefeller, onde, nas décadas de 1930 e 1940, entrou en contacto coas persoas que contribuíron a desenvolver a emerxente ciencia da computación. Inspirándose no éxito dos descifradores de códigos que durante a Segunda Guerra Mundial conseguiran descifrar as mensaxes encriptadas coa máquina Enigma, Weaver comezou a pensar na idea de aplicar técnicas de criptografía á tradución automática. No

ano 1949 distribuíu unha proposta de traballo de 10 páxinas titulada simplemente «Tradución» na que expoñía as súas ideas para desenvolver a tradución automática baseándose nos seus coñecementos de estatística, lóxica, teoría da información e criptografía. Dende aquela o campo da tradución non volveu a ser o mesmo, polo que se adoita dicir que este traballo, que logo pasou a coñecerse como o «Memorando Weaver», é a publicación máis influente dos inicios da tradución automática. Foi o principal estímulo da investigación neste campo e posibilitou que, no 1951, Yehoshua Bar-Hillel asinase co Instituto Tecnolóxico de Massachusetts o primeiro contrato de investigación a tempo completo en tradución automática. As ferramentas gratuítas de tradución automática en liña que empregamos hoxe en día, como Google Translate, se cadra non existirían se non fose pola onda de investigacións xerada polo Memorando Weaver. No Capítulo 6 retomaremos a historia da tradución automática e estudarémola con detalle.

Un dato curioso... Aínda que Warren Weaver era de formación matemática tamén era un namorado das literaturas e gustáballe sobre todo o clásico infantil de Lewis Carroll *Alicia no país das maravillas*, do que coleccionaba exemplares. Tiña na súa colección 160 traducións diferentes en 42 linguas, que lle serviron para escribir un libro sobre os retos de traducir o conto: *Alice in Many Tongues*, publicado no ano 1964 (Bowker 2012).

A Federación Internacional da Tradución (1953)

A Federación Internacional da Tradución (chamada con frecuencia polo seu nome francés, *Fédération internationale des traducteurs*) foi creada en París no ano 1953 por asociacións de Francia, Dinamarca, Alemaña, Italia, Noruega e Turquía. Como federación, a FIT acolle asociacións e profesionais de todo o mundo e na actualidade ten representación en seis continentes: África, Asia, Europa, Oceanía, América do Norte e América do Sur. Aínda que o seu nome di «tradución», a FIT abrangue tamén a interpretación e a formación das futuras xeracións de profesionais da linguaxe. Entre os obxectivos principais da FIT están reunir as asociacións de todo o mundo e promover a interacción e cooperación entre elas; favorecer a creación de asociacións nos países nos que aínda non existen; fomentar a investigación, a formación e a harmonización dos estándares profesionais nas industrias lingüísticas; e defender os intereses profesionais en todo o mundo. A FIT celebra cada tres anos un congreso mundial ao que poden enviar delegacións todas as asociacións membros. Ademais publica a revista académica *Babel* e un boletín trimestral e convoca varios premios de tradución. Para sensibilizar a sociedade sobre a tradución e a súa relevancia na sociedade, a FIT estableceu no ano 1991 o Día internacional da tradución, que se celebra cada ano o 30 de setembro cun tema central proposto pola federación. Nos

últimos anos, algúns dos temas foron «Un mundo sen barreiras», «A tradución e as linguas indíxenas», «A tradución, promoción do patrimonio cultural en tempos de cambio» e «Os dereitos lingüísticos: esenciais para todos os dereitos humanos». As asociacións locais, rexionais e nacionais celebran distintos actos a propósito destes temas para debater e poñer de relevo o papel da tradución, así que abre os ollos e as orellas e non perdas as actividades que se organicen o próximo 30 de setembro!

Un dato curioso... A data seleccionada pola FIT para celebrar o Día internacional da tradución é o 30 de setembro, o día de San Xerome, tradutor da Biblia e patrón da tradución.

Internet e a World Wide Web (dende a década de 1980 ata a actualidade)

Do mesmo xeito que a imprenta de Gutenberg facilitou a produción masiva de libros e a súa distribución, o que á súa vez fixo medrar a demanda de textos de lectura (incluídas as traducións), internet e a World Wide Web contribuíron en grande medida ao intercambio de coñecemento e a un incremento da demanda de traducións. Aínda que os primeiros traballos para desenvolver unha rede de redes datan da década de 1960, non podemos dicir que entrásemos de cheo na era da información ata que Tim Berners-Lee creou a World Wide Web no ano 1980 e se desenvolveron os buscadores e navegadores que nos permiten buscar e visualizar páxinas web. Esta revolución dixital mesmo posibilitou a creación de novos tipos de textos (como as páxinas web) e de servizos (como o streaming) así como a demanda de traducións para que estean dispoñibles noutras linguas. Afondaremos nestas cuestións no Capítulo 7 (Localización) e no Capítulo 10 (Tradución audiovisual), entre outros. Ademais, grazas á revolución dixital dispomos de ferramentas de tradución automática en liña como Google Translate que nos permiten integrar a tradución nas nosas vidas diarias dun xeito máis doado que nunca. Estas ferramentas de tradución automática analizaranse con detalle no Capítulo 6.

Para concluír

Aínda que dista moito de ser exhaustiva, esta breve ollada a algúns dos acontecementos máis relevantes da historia da tradución serviu, cando menos, para amosar a enorme relevancia da súa contribución á sociedade ao longo dos séculos. O intercambio e a difusión do coñecemento, o descubrimento e conservación doutras culturas e tradicións, o fomento da alfabetización e o desenvolvemento das literaturas, a transmisión de valores e a defensa da xustiza e dos dereitos humanos son algúns dos xeitos nos que a tradución contribúe a mellorar a nosa sociedade. Pero a tradución tamén ten as súas sombras. Como amosan os exemplos de La Malinche, dos

locutores navajo ou do Memorando Weaver, a tradución tamén se pode empregar en situacións de conflito para ocultar ou codificar información ou para obter unha información que se poida empregar en beneficio propio. De feito, ao longo da historia a tradución tense empregado con finalidades perversas como a censura ou para distorcer deliberadamente unha mensaxe. Como veremos no Capítulo 3, a comunidade tradutora desenvolveu códigos éticos profesionais para evitar a distorsión deliberada da información. Porén, cómpre recoñecer que por moito que os beneficios xerais da tradución superen os seus inconvenientes, é unha actividade que se pode desenvolver con obxectivos pouco nobres.

Puntos clave do capítulo

- Levamos milleiros de anos traducindo, o que contribuíu significativamente a configurar as nosas sociedades multilingües.
- A Biblia conta a historia da Torre de Babel, segundo a cal na antigüidade toda a xente falaba unha única lingua. Nunha ocasión decidiron construír unha torre que chegase ao ceo e, como castigo, deus espallounos por toda a Terra facéndoos falar linguas diferentes, de onde naceu a necesidade da tradución.
- A Septuaginta é unha das primeiras traducións da Biblia hebrea e chámase así porque, segundo di a lenda, setenta tradutores que traballaron por separado produciron traducións idénticas, dando así proba da intervención divina no proceso.
- A Pedra de Rosetta é unha grande laxe do Antigo Exipto que contén o mesmo texto escrito en tres formas de escrita distintas (xeroglíficos, escrita demótica e grego antigo), o que permitiu descifrar o significado dos xeroglíficos, ata entón descoñecido.
- San Xerome é se cadra o máis famoso tradutor de todos os tempos: traduciu a Biblia Vulgata dende o hebreo e o grego ao latín, é o patrón da tradución e no seu día (o 30 de setembro) celébrase cada ano o Día internacional da tradución.
- Xuanzang foi un monxe budista chinés que viaxou por toda a India e traduciu máis de 1.300 obras do sánscrito ao chinés. Aínda que moitos dos textos orixinais do budismo indio se perderon, as traducións de Xuanzang permitiron conservar as súas ensinanzas.
- A Casa da Sabedoría funcionou como centro de estudos, biblioteca e oficina de tradución durante a Idade de Ouro do Islam (arredor dos séculos IX a XIII), situando a tradución na cerna da produción e difusión do coñecemento.

50

- Na España dos séculos XII e XIII diferentes arcebispos promoveron a tradución, sobre todo dende o árabe ao latín, no que hoxe en día se coñece como Escola de tradutores de Toledo.
- Gutenberg inventou a imprenta de tipos móbiles, o que facilitou a produción e difusión dos libros e fixo que aumentase o nivel de alfabetización da sociedade, co que se incrementou a demanda de textos para a lectura, incluídas as traducións. O primeiro texto impreso en inglés foi unha tradución do francés feita por William Caxton. En Galicia, o primeiro texto impreso foi un breviario latino (1483), pero ata 1707 non se imprimiu un texto en galego: o *Entremés galego* de Salvador Francisco Roel.
- O teólogo inglés William Tyndale traduciu a Biblia, imprimiuna e distribuíuna nun tempo no que tal cousa estaba prohibida. Capturárono, xulgarono e executárono por herexía pero poucos anos despois o rei de Inglaterra autorizou a publicación de Biblias en inglés, que acabaron baseándose na versión de Tyndale.
- La Malinche foi unha escrava empregada polo conquistador español Hernán Cortés como intérprete para comunicarse cos pobos indíxenas de México. É moi probable que sen a axuda de La Malinche Cortés non podería derrocar o Imperio azteca.
- Anne Sullivan foi a profesora e intérprete de Hellen Keller, unha cativa xordo-cega á que lle ensinou a comunicarse mediante a dactiloloxía.
- Os locutores navajo eran un grupo de indios norteamericanos que empregaron a súa lingua nativa como parte dun código para comunicarse coa fronte durante a Segunda Guerra Mundial.
- Despois da Segunda Guerra Mundial, un grupo de países que quería promover a resolución pacífica de calquera diferenza política que puidese xurdir no futuro fundou as Nacións Unidas, que ten seis linguas oficiais e usa a tradución e a interpretación para fomentar a comunicación multilingüe.
- Nos xuízos de Nuremberg que seguiron á Segunda Guerra Mundial empregouse a interpretación simultánea en francés, ruso, inglés e alemán para asegurar que os líderes nazis tivesen un xuízo xusto e ao mesmo tempo rápido.
- Inspirado polo éxito dos descifradores de códigos da Segunda Guerra Mundial, o matemático Warren Weaver publicou unha proposta coñecida como o «Memorando Weaver», que desencadeou unha onda de investigacións sobre a tradución automática.

- A Federación Internacional da Tradución, que reúne organizacións profesionais de todo o mundo, fundouse no ano 1953 para promover a interacción e a cooperación entre as distintas asociacións nacionais e para defender os intereses da profesión en todo o mundo.
- Internet e a World Wide Web marcaron o inicio da era da comunicación global e supuxeron a creación de novos tipos de textos e de servizos que fixeron aumentar a demanda de tradución.
- Non hai dúbida de que a tradución ten contribuído a modelar a nosa sociedade de moitos xeitos positivos, actuando como ferramenta para o intercambio de coñecemento, a conservación da cultura ou a defensa da xustiza; porén, a tradución tamén ten o seu lado escuro.

Temas para debater

Velaí tres cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Unha das metáforas que sempre se utilizan para describir a tradución é a da «ponte» entre linguas ou culturas; e as persoas que traducen adoitan describirse como «construtoras de pontes», con todas as connotacións positivas que iso supón. Segundo o que aprendiches neste capítulo, cres que a metáfora da «construción de pontes» é válida para describir a tradución? Razona a resposta. Indica outras metáforas ou descrições posibles.
- Neste capítulo vimos que os libros sagrados e outros textos relixiosos son dos máis traducidos ao longo da historia. Saberías dicir por que?
- Entre a imprenta de tipos móbiles e a World Wide Web, cal pensas que tivo máis impacto na tradución? Por que?

Exercicio

- **Busca outros exemplos na historia** Neste capítulo revisamos só uns poucos exemplos da historia da tradución, polo que agora tócache a ti investigar un pouco máis e buscar outras figuras e acontecementos importantes da historia da tradución. Podes comezar con Cicerón, Kumārajīva, John Wycliffe, Erasmo, Martín Lutero, Margaret Tyler, Mathieu da Costa, Madame Anne Dacier, Sacagawea, Yan Fu, Otero Pedrayo, Vladimir Nabokov, Jorge Luis Borges, Valentin Berezhkov, Plácido Castro, Hitoshi Igarashi, Lia Wyler, Edith Grossman, Erik Camayd-Freixas ou Xela Arias. Entre os colectivos que podes investigar están os benshi xaponeses, que interpretaban as películas mudas, ou os intérpretes militares que participaron en conflitos como os de Oriente Medio; por outra parte están as máquinas Enigma, empregadas

durante a Segunda Guerra Mundial para codificar as comunicacións e fonte de inspiración para as primeiras ferramentas de tradución automática.

52 Para saber máis

BAKER, Mona, ed. 1998b. *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*. 1ª ed. Londres: Routledge.

- A primeira edición desta enciclopedia contén unha detallada revisión da historia da tradución en diferentes partes do mundo, dende África a Turquía. As entradas inclúen «A Torre de Babel» (Robison 1998) e a «Federación internacional da tradución, FIT», (Joly 1998), así como breves biografías de William Caxton (Ellis e Oakley-Brown 1998a), Ibn Ishaq, Hunayn (Baker 1998a), La Malinche (Bastin 1998), Raimundo, arcebispo de Toledo (Pym 1998), San Xerome (Kelly 1998), William Tyndale (Ellis e Oakley-Brown 1998b) e Xuanzang (Hung e Pollard 1998).

DELISLE, Jean, e Judith WOODSWORTH, eds. 2012. *Translators through History*. Edición revisada. Amsterdam: John Benjamins.

- O libro explora o papel fundamental da tradución ao longo da historia, subliñando a súa contribución a tarefas tan diversas como a invención de alfabetos, a elaboración de dicionarios, o desenvolvemento das linguas e as literaturas nacionais, a divulgación do coñecemento, a difusión das relixións ou a transmisión de valores culturais.

Encyclopedia Britannica. Versión en liña: <http://www.britannica.com/>.

- Esta fonte de documentación contén referencias a moitas persoas e acontecementos importantes da historia da tradución, como por exemplo os locutores navajo, Johannes Gutemberg, a Pedra de Rosetta, a Biblia Septuaginta, as Nacións Unidas ou a World Wide Web.

Capítulo 03

A profesión da tradución na actualidade

53

No Capítulo 2 vimos unha serie de personaxes, inventos e acontecementos (algúns dos cales databan de hai milleiros de anos, outros máis recentes) que fixeron da tradución a profesión que coñecemos hoxe en día. Neste capítulo imos observar máis de preto a industria da tradución na actualidade e as persoas que a exercen profesionalmente. Como dixemos no Capítulo 1, o termo «tradución», cando se emprega en senso amplo, cobre calquera práctica que supoña a transferencia dunha mensaxe dunha lingua a outra. Xa que logo, a industria da tradución no seu senso máis amplo inclúe a interpretación (que traballa con linguas faladas ou signadas, como veremos no Capítulo 11), a terminoloxía e a lexicografía (que se ocupan de elaborar ferramentas como dicionarios e bases de datos terminolóxicas, cf. o Capítulo 4), a localización (que se centra na tradución de contidos dixitais como páxinas web, videoxogos, programas informáticos e aplicacións, cf. o Capítulo 7), a transcreación (que combina a tradución e a creación de contidos para adaptar textos publicitarios, cf. o Capítulo 8) e a tradución audiovisual (con especialidades como a subtitulación, dobraxe ou voces superpostas para traducir películas ou series, cf. o Capítulo 10). Noutras palabras: a industria da tradución é moi diversa e se cadra pode ser complicado trazar fronteiras claras entre as súas diferentes facetas, xa que moitas persoas practican máis de unha. Por exemplo, a tradución adoita implicar tamén facer traballo de terminoloxía ou de localización. Para facilitar as cousas, este capítulo centrarase principalmente no traballo de tradución, con referencias ás especializacións (que se tratarán polo miúdo en capítulos posteriores) cando sexa preciso.

Ademais, falaremos só da tradución *profesional*, deixando de lado as prácticas máis informais, das que, por certo, existen moitos exemplos; de feito, se cadra ti fixeches nalgunha ocasión de intérprete para algunha persoa da túa familia, ou subtitulaches un anime, ou empregaches algunha ferramenta gratuíta de tradución automática en liña como Google Translate. Este tipo de tradución informal é unha actividade perfectamente lexítima que realizan cada día millóns de persoas. Porén, para algunhas persoas, a tradución é a súa profesión. Aínda que non te vaias dedicar profesionalmente

á tradución, coñecela máis polo miúdo vaiche axudar a ser máis consciente das súas dificultades, dos problemas que presenta e como solucionarlos, das estratexias para acadar unha boa tradución e das circunstancias nas que sería preferible contratar alguén profesional máis que facer as cousas pola túa conta ou encargarlás a unha persoa que non teña á capacitación requirida.

Que significa ser profesional?

Traducir pode ser un pasatempo fantástico e, se gustamos de xogar coas palabras, gozamos coa emoción de atopar a palabra exacta e nos deleitamos construíndo un texto ben escrito, seguro que nos presta facer unha tradución de cando en cando. Se cadra mesmo nalgunha ocasión podemos asinar un contrato e cobrar pola tradución, pero do mesmo xeito que facer biscoitos no forno de casa non nos fai profesionais da pastelería, traducir de cando en vez non nos fai profesionais da tradución, por moi ben que o fagamos.

A tradución profesional é unha ocupación a tempo completo, unha profesión para gañar a vida. Ás persoas profesionais de certo que tamén lles gusta o seu traballo, pero iso non paga as facturas. Cando falamos da tradución como profesión e non só como unha afección, cómpre termos en conta factores como o tempo e os custos, ademais da calidade. Mentres que a tradución afeccionada é algo que se fai por gusto e podemos dedicarlle todo o tempo do que dispoñamos, a tradución profesional supón que debemos de cumprir os prazos marcados pola clientela e acadar unha determinada cota de palabras traducidas por día se queremos ter uns ingresos dignos. Como en calquera outro negocio, o tempo é ouro! Xa que logo, sermos profesionais implica termos calidade, traballar con rapidez e ter tarifas competitivas, cuestións nas que afondaremos un pouco máis nas próximas seccións. Ademais, unha persoa profesional tamén debe sentir orgullo polo seu traballo: ademais de cumprir uns prazos debe entregar un produto que por unha banda atinxa as expectativas de calidade e pola outra permita obter satisfacción laboral. Trataremos tamén o concepto de «orgullo profesional» nunha vindeira sección deste capítulo, pero de momento ímoslle botar unha ollada ao conxunto da profesión.

Como é a industria da tradución?

A industria da tradución evolucionou moito ao longo da historia: nalgúns momentos foi unha traballo individual que se facía por afección; noutras épocas foi unha actividade patrocinada sobre todo pola igrexa; tamén unha ocupación propia de persoas eruditas; e mesmo un labor artesanal. Co paso do tempo a tradución foi gañando a consideración de actividade especializada que precisa de profesionais que teñan unha formación axeitada, o que levou a que o sector se organizase cada vez máis.

Máis recentemente, como xa vimos no Capítulo 2, o nacemento de internet e da World Wide Web trouxo a revolución dixital, que facilitou a creación e difusión global de novos tipos de textos e fixo que medrase exponencialmente a demanda de información, produtos e servizos en todas as linguas. Como consecuencia, na actualidade existe unha enorme demanda de servizos de tradución á que dá resposta unha colosal industria. Como xa sinalamos con anterioridade, a tradución é só unha das profesións que traballa coas linguas, polo que imos revisar tamén as industrias da linguaxe ou dos servizos lingüísticos, que inclúen a tradución como un dos compoñentes fundamentais pero tamén a interpretación, a terminoloxía, a localización, a transcreación, a redacción técnica, a edición e mesmo o ensino de linguas e a certificación de niveis.

Aínda que ao noso redor podemos ver exemplos de que as empresas de servizos lingüísticos están en auge (páxinas web multilingües, series dobradas ou subtituladas, videoxogos localizados, envases de alimentos en varios idiomas, etc.), non é doado atopar cifras precisas e fiables que nos amosen a verdadeira escala, alcance e valor desta industria tan diversa. Así e todo, as cifras estimadas que temos a seguir suxíren que é moi grande:

- Nun estudo específico sobre o mercado dos servizos de tradución, a empresa Verified Market Research (2021) valorouno en máis de 36.500 millóns de euros no ano 2020 e estimou que acadaría os 42.000 millóns en 2028, mentres que Market Research Future (2022) prevé que o valor deste mercado rode os 44.000 millóns de euros no 2030).
- Atendendo ao sector máis amplo das industrias dos servizos lingüísticos, Common Sense Advisory (DePalma et al. 2019) determinou o seu valor en case 46.000 millóns de euros, mentres que o estudo *Nimdzi 100 – Language Services Industry Analysis* (Nimdzi 2019) calculou que era de 49.400 millóns e estimaba que podería chegar aos 64.600 millóns no ano 2023.

Ademais da diversidade de actividades que pode abranguer a denominación de «industrias lingüísticas», outra circunstancia que dificulta atopar a cifra exacta do valor deste sector é a variedade de formatos cos que se traballa e as múltiples denominacións que reciben. Por exemplo, algúns organismos e empresas poden ter o que se denomina un departamento de servizos lingüísticos, que segundo os casos pode consistir nun par de persoas ou en varios centos. Este tipo de departamento interno de servizos lingüísticos podémolo atopar en grandes organismos internacionais como a ONU, nun goberno (como a Oficina de tradución do Canadá ou o Servizo de Tradución da Xunta de Galicia) ou en empresas privadas que teñen sucursais noutros países ou que fan moito comercio internacional, como IBM, Deloitte, etc. Nestes casos, o persoal do departamento de tradución son persoas contratadas polo organismo ou empresa que prestan o seu servizo a cambio dun soldo e de cobertura da seguridade social (ou algún tipo de seguro médico privado nos países onde non exis-

te a seguridade social). Moitos destes departamentos internos teñen denominacións máis amplas que a de «departamento de tradución» e ofrecen tamén outros servizos, como redacción, edición, terminoloxía, interpretación ou calquera outra cousa que teña que ver co asesoramento lingüístico. Do mesmo xeito, as denominacións dos postos de traballo que dependen destes departamentos poden facer referencia á tradución ou incluír tamén outras funcións: terminoloxía, revisión, interpretación, etc. Mesmo poden darse casos nos que o traballo consista en traducir pero a denominación do posto non inclúa este termo senón outros máis xerais como asesoría lingüística ou redacción bilingüe. As persoas que traballan neste tipo de departamentos internos rematan por se tornar especialistas nos temas e tipos de textos que trata cada organismo ou empresa. Por exemplo, alguén que traballe para IBM acabará especializándose en temas relacionados coa tecnoloxía e poderá traducir manuais de uso dos aparellos desta empresa, mentres quen traballe na ONU coñecerá máis a fondo os textos administrativos que traten, por exemplo, os dereitos humanos ou a axuda humanitaria.

Fronte ás persoas que traballan como asalariadas nunha empresa ou organismo, hai outras que se dedican á tradución como traballadoras autónomas ou *freelance*, é dicir, son autoempregadas que dirixen a súa propia empresa. As empresas e organismos que non teñen o seu propio departamento de servizos lingüísticos poden contratar este tipo de profesionais para traducións concretas cando o precisan; e hai tradutoras autónomas que forman a súa carteira de clientela habitual que lles envía un fluxo de traballo constante: informes trimestrais, actualizacións de manuais de uso, etc. Outros autónomos, pola contra, reciben moitos traballos soltos de diferentes clientes ocasionais. E, por suposto, tamén hai quen traballa tanto para unha carteira fixa como para clientela esporádica. Tamén hai quen, sen deixar de ser *freelance*, colabora con colegas para facer revisións mutuas das súas traducións, pasarlles encargos que por algún motivo non poden afrontar ou mesmo subcontratar parte dalgún traballo demasiado grande. Aínda que traballen para máis dun cliente, a maioría de tradutoras autónomas acaba especializándose nun tema concreto xa que, como vimos no Capítulo 1, a tradución abrangue todo tipo de temáticas pero ninguén pode saber de todo. Poñerse ao día nun tema distinto para cada tradución levaría moito tempo e sería demasiado estresante, polo que a maioría de profesionais adoita centrarse nunha ou dúas áreas temáticas para especializarse e poder traballar con maior rapidez e confianza. Unha das principais vantaxes do traballo autónomo é a flexibilidade: flexibilidade para escoller a clientela e as encargos, flexibilidade para marcar os horarios de traballo e flexibilidade para elixir onde traballar, xa que na actualidade a meirande parte do traballo se fai de xeito remoto. De todos os xeitos, o autoemprego é moi esixente, porque, ademais de facer o traballo de tradución esixe tamén crear e manter unha relación coa clientela, dedicarlle tempo á publicidade, manter e actualizar as ferramentas de traballo e levar a xestión empresarial, como a facturación, a contabilidade, etc. Cómpre ademais saber manter un equilibrio entre

a carga de traballo e os horarios, e se cadra non hai a quen recorrer para unha substitución en caso dunha baixa médica ou para coller uns días de vacacións. Por iso é preciso tamén saber xestionar as coberturas médicas, os seguros sociais e os plans de xubilación.

Un dato curioso... A tradución é unha segunda carreira moi popular: moitas persoas fórmanse primeiro noutros estudos (dereito, ciencias, empresa) e despois gradúanse en tradución. Cunha formación en tradución e nalgunha outra especialidade, estes tradutores e tradutoras están nunha situación inmellorable para ofrecer servizos de tradución nos campos nos que se formaron.

Xunto ao traballo asalariado e ao traballo autónomo hai outra posibilidade importante no sector das industrias lingüísticas, coñecido como axencia de tradución ou axencia provedora de servizos lingüísticos. En esencia, unha axencia de tradución é unha empresa independente que se ocupa de proporcionar servizos de tradución ben por medio do seu propio cadro de persoal, ben subcontratando profesionais *freelance* se é preciso. Unha axencia normalmente ten unha clientela ampla e variada, polo que pode licitar contratos cuantiosos aos que non poderían optar profesionais individuais, que deste xeito poden traballar en grupo. Ademais de tradutoras e tradutores que cobren un amplo abano de combinacións lingüísticas e especializacións temáticas, as axencias adoitan contratar tamén con profesionais doutros campos como a xestión de proxectos, as tecnoloxías da tradución, a contabilidade, a revisión ou a terminoloxía; e se se trata dunha axencia de servizos lingüísticos e non só de tradución, podemos engadir tamén a interpretación, a localización, etc. A diferenza do que acontece na profesión libre, as persoas que traballan por conta allea non poden escoller as encargas nas que traballan e ademais é frecuente que deban de acadar uns obxectivos diarios de palabras traducidas, pero como contrapartida poden dedicarse só a traducir, sen preocuparse de ter que procurar traballo, facer o mantemento dos equipos, levar a contabilidade, etc. Algunhas axencias poden proporcionar o equipamento informático, programas e outras ferramentas e fontes de consulta que se precisen para cada traballo e contan ademais con profesionais con experiencia que revisan e comentan o traballo das persoas menos experimentadas. E é isto precisamente, a posibilidade de centrarse na tradución e recibir consello de colegas con máis experiencia, o que fai que traballar nunha axencia sexa unha opción moi atraente para as persoas que están comezando na profesión; isto permitiralles curtirse durante uns poucos anos antes de dar o paso de establecerse autonomamente.

Como se traballa profesionalmente?

Como é natural, cada tradutor ou tradutora vai desenvolver a forma de traballar que lle sexa máis cómoda, pero hai unha serie de puntos en común que con toda seguridade van aparecer no proceso de traballo, xa se trate de profesionais por conta allea, profesionais independentes ou axencias. Hai un elemento que é fundamental para que se poida facer unha boa tradución que satisfaga as expectativas de quen a solicita: a encarga, un conxunto de instrucións e informacións que son relevantes para un traballo concreto. Pode ser breve ou longa dependendo das necesidades de cada cliente, pero é o punto de partida imprescindible de calquera proxecto de tradución. Inclúe detalles relativamente sinxelos como a combinación lingüística e o prazo, pero debe proporcionar tamén información sobre o propósito do texto traducido, como se vai difundir (por exemplo, en papel ou nunha páxina web), así como unha descrición do público receptor: serán crianzas, adolescentes, persoas adultas? Teñen un determinado nivel educativo? Coñecen ben o tema do texto? Onde viven? Debería indicarse tamén se para facer a tradución se require empregar ferramentas ou fontes de consulta concretas (como glosarios ou textos de referencia) e facilitar o acceso ás mesmas se fose o caso. Por último, cómpre indicar tamén se se quere recibir a tradución cunha maquetaxe determinada ou nalgún formato de arquivo concreto.

A encarga, con toda esa información, é fundamental para que o proxecto de tradución remate con éxito. Como vimos no Capítulo 1, ao traducir vémonos obrigados a tomar moitas decisións: elixir entre sinónimos, entre un estilo máis formal ou máis informal, entre variantes rexionais, etc. Cómpre por iso saber tomar boas decisións, decisións informadas, para as cales a encarga serve como marco de referencia; traballar sen encarga sería como traballar ás escuras, tentando adiviñar cal das múltiples opcións pode ser a máis axeitada. Aínda que a encarga debería dar resposta ás preguntas máis habituais, se cadra non as responde todas, polo que, para asegurar o mellor resultado final, debería conter tamén os datos de contacto de alguén que poida proporcionar calquera outra información que poidamos precisar durante o proceso de tradución.

Outro elemento común a case todos os proxectos de tradución é a necesidade de investigar para documentarnos. Subliñamos xa en varias ocasións que os textos que traducimos poden ser de calquera campo temático imaxinable, campos que ademais cambian e evolucionan: créanse novos conceptos, invéntanse novas técnicas e ferramentas, prodúcense contactos entre disciplinas distintas... e hai empresas que ofrecen novos produtos e servizos ou danlles un xiro diferente aos que xa existían. Como dixemos no Capítulo 1, o primeiro é entender o texto orixe e despois redactar o texto traducido, o que significa que primeiro debemos documentarnos sobre os conceptos empregados no texto de partida para asegurarnos de que o comprendemos a fondo e, despois, debemos documentarnos tamén na lingua de chegada para achar os termos máis axeitados que nos permitan reexpresar as ideas no texto termo. Vol-

veremos sobre a idea da documentación nos Capítulos 4 e 5 como parte da reflexión sobre palabras e termos e os conceptos que representan, pero de momento abonda con que sexamos conscientes de que investigar tanto na lingua orixe como na lingua termos é un paso fundamental para traducir.

Na industria contemporánea da tradución é inimaxinable traballar profesionalmente sen a axuda dunha serie de ferramentas tecnolóxicas, moitas das cales se desenvolveron ou se adaptaron especificamente para este cometido. Xa sinalamos antes que cómpre cumprir prazos e acadar determinadas cotas de tradución diarias, pero mesmo se non temos que traducir un mínimo de palabras por día, a dinámica desta profesión determina que quen traballe máis rápido e traduza maior cantidade de texto, gañará máis cartos. E para incrementar a produtividade o que cómpre é facer un uso eficaz da tecnoloxía. Algunhas das ferramentas básicas de tradución se cadra xa as coñeces, como os editores e procesadores de texto (por exemplo, Microsoft Word, Open Office Writer, WordPad ou Google Docs) que se adoitan empregar para preparar os textos orixinais ou para elaborar as traducións. Existen ademais outras ferramentas máis complexas deseñadas especificamente para traducir, das cales a máis empregada e imprescindible xa hoxe en día é a chamada memoria da tradución.

Un programa de xestión de memorias de tradución baséase no principio da reciclaxe, xa que se nutre de traducións xa feitas e dos seus respectivos orixinais, almacenados nunha base de datos de xeito que as oracións de ambos os dous textos están vinculadas. O programa analiza esta base de datos na procura das oracións que sexan idénticas ou moi semellantes ás do novo texto co que estamos a traballar. Se atopa unha coincidencia, amósanos a oración almacenada xunto coa tradución que ten vinculada (ver a Táboa 3.1) para que poidamos valorar se a queremos reutilizar no noso novo proxecto e, nese caso, colala directamente na tradución. Despois, se é preciso, podemos modificar a tradución e continuar coa seguinte oración, para a cal se repetirá o proceso de busca na base de datos. De todos os xeitos, as memorias de tradución non son perfectas e só van ofrecer resultados útiles de verdade se a base de datos de traducións é moi grande.

Oración do texto que estamos a traducir	The filename is not a valid name.	Dado que a oración do texto que estamos a traducir é idéntica á oración almacenada na base de datos da memoria de tradución, o programa ofrécenola como unha coincidencia exacta e podemos colala na nosa tradución.
Oración dun texto orixinal e a súa tradución, ambas as dúas almacenadas na base de datos como par vinculado.	EN: The filename is not a valid name. GL: O nome do arquivo non é válido.	

Táboa 3.1 Exemplo de coincidencia exacta recuperada da base de datos dunha memoria de tradución.

Oración do texto que estamos a traducir	The specified file is not valid.	Dado que a oración do texto que estamos a traducir non é idéntica á oración que está almacenada na base de datos da memoria de tradución, o programa ofrécenola como unha coincidencia parcial e podemos modificala.
Oración dun texto orixinal e a súa tradución, almacenadas na base de datos como par vinculado.	EN: The specified file is not a valid file. GL: O arquivo indicado non é válido.	

Táboa 3.2 Exemplo de coincidencia parcial recuperada da base de datos dunha memoria de tradución.

Por outra parte, salvando casos como a tradución da nova versión dun texto xa traducido (un manual dalgún aparello, por exemplo), non é moi probable que atopemos moitas coincidencias exactas. De feito, a meirande parte das coincidencias van ser de oracións semellantes, denominadas coincidencias parciais ou *fuzzy matches* en inglés (ver táboa 3.2.). A utilidade destas coincidencias vai depender, loxicamente, do grao de semellanza: unha coincidencia do 99% vai ser sempre mellor que unha do 50%. Se configuramos un limiar de coincidencia moi alto é probable que o programa non recupere da base de datos toda a información que nos pode ser útil, pero se é demasiado baixo perderemos tempo revisando e modificando resultados pouco axeitados. Os textos formulars e repetitivos, como por exemplo os manuais de uso, polo xeral xeran máis coincidencias que os textos máis creativos, nos que se prima a orixinalidade da expresión, como os textos publicitarios. Pero o certo é que, malia as súas limitacións, os programas de xestión de memorias de tradución permítenos traducir máis rapidamente e aumentar a nosa produtividade, sobre todo se os empregamos en conxunción con ferramentas de xestión terminolóxica que nos axudan a buscar coincidencias non xa entre oracións senón entre termos.

Outra ferramenta que podemos empregar en conxunción coas memorias ou independentemente é a tradución automática, que no canto de buscar semellanzas nunha base de datos de traducións feitas por profesionais, ofrécenos a súa propia tradución. O programa de tradución automática máis coñecido na actualidade probablemente sexa Google Translate, pero existen outros como Bing de Microsoft, DeepL, Baidu, Yandex, Systran ou Naver Papago, sobre os que volveremos no Capítulo 6 cando afondemos neste tema. Polo de agora limitarémonos a sinalar que os ordenadores non poden pensar nin comprender as linguas naturais nin a cultura; como verás no Capítulo 6, traballan por imitación dos exemplos que coñecen e non sempre o fan ben. Con frecuencia a tradución automática produce textos que soan forzados e difíciles de ler e entender, noutras ocasións ofrécennos resultados máis idiomáticos pero que non din o mesmo que o texto orixinal. Por iso, cando na tradución profesional se traballa con ferramentas de tradución automática, nunca se confía cegamente nos resultados que ofrece; pola contra, sempre se revisan e case sempre

é preciso facer modificacións para corrixir erros ou matizar a expresión. Este proceso de validación e mellora dunha tradución feita por unha ferramenta de tradución automática denomínase *posedición* e é unha actividade cada vez máis frecuente na industria da tradución. É evidente que as ferramentas de tradución automática poden producir un primeiro borrador de contado, o que pode supoñer unha grande axuda para axudarnos a aumentar a nosa produtividade. Tamén cómpre termos en conta que no mundo profesional non se adoitan empregar as versións gratuítas destas ferramentas (as que todo o mundo pode usar libremente en internet; se cadra ti xa o fixeches), senón unha versión de pagamento máis segura (o que significa que a información confidencial dos textos non circula pola internet pública) e que se pode configurar e personalizar segundo as necesidades de cada quen. Por exemplo, pódense configurar para traballar en determinados campos temáticos especializados, ou con determinadas variedades dunha lingua (como o inglés británico ou o francés de Canadá), ou para empregar a terminoloxía e outras especificacións indicadas en cada encarga. E mesmo que estas versións personalizadas producen mellores resultados, unha tradutora ou tradutor profesional nunca vai deixar de revisar e posedar o borrador de tradución en todo o que sexa preciso. Como veremos no Capítulo 6, as versións gratuítas destas ferramentas de tradución automática poden servir para darnos unha idea aproximada do contido ou do significado dun texto (por exemplo, para saber o que di un correo electrónico), pero non convén correr o risco de confiar nunha tradución automática sen revisala cando haxa algo importante en xogo (por exemplo, se traducimos un manual de coidados postoperatorios).

Noutras especializacións da tradución como a localización (é dicir, tradución de páxinas web, videoxogos, programas informáticos, aplicacións, etc.; ver Capítulo 7) ou a tradución audiovisual (subtitulación ou dobraxe de películas e series; ver Capítulo 10) tamén se empregan ferramentas específicas. No caso da localización, por exemplo, as ferramentas permiten identificar o texto traducible entre todo o código informático, extraelo para traducilo e inserir despois a tradución no lugar axeitado. As ferramentas de subtitulación, pola súa parte, axúdannos a inserir os tempos de entrada e saída dos subtítulos ou a configurar a súa posición na pantalla, entre outras cousas.

A derradeira fase dunha traballo de tradución, independentemente da combinación lingüística, da especialización ou da ferramenta empregada, adoita ser a revisión ou a corrección de probas porque nunca lle entregamos á clientela o primeiro borrador da nosa tradución, do mesmo xeito que en clase nunca entregamos un exame ou un traballo sen repasalo. En xeral a revisión é un proceso repetitivo, no sentido de que malia revisarmos a tradución mentres a facemos, non deixamos de revisala unha vez máis cando a rematamos, antes de entregala. A revisión debe facerse sempre en función dos datos da encarga que nos dan ao comezo do proxecto, para asegurarnos de que o texto final cumpre todos os requirimentos e expectativas. É fundamental poñer atención en todos os detalles, polo que moitas tradutoras e tradutores deixan

descansar o borrador un tempo para revisalo máis adiante cunha nova ollada e a mente fresca, ou intercambian con colegas as tarefas de revisión.

62 Os ingresos e a satisfacción polo traballo

Como xa dixemos, a tradución profesional diferénciase da afeccionada en que é un traballo que nos permite gañar a vida. Como xa te imaxinas, os ingresos que reporta a tradución profesional varían considerablemente dependendo do país no que traballemos, en función do custo da vida, da oferta e da demanda. Unha persoa con experiencia vai gañar máis ca outra que está a comezar; unha persoa experta en campos moi especializados (como a física nuclear, por exemplo) ou que traballa con parellas de linguas pouco frecuentes (como de dinamarqués a grego) vai poder cobrar máis ca outra que traballa con linguas máis comúns (de francés a español) ou en campos menos especializados (como os textos administrativos).

Nas seccións anteriores vimos tamén que hai diferentes posibilidades profesionais (como o traballo por conta allea, o traballo autónomo ou o traballo para axencias), cada unha coas súas vantaxes e desvantaxes; e tamén con obrigas laborais e ingresos diferentes. Por exemplo, se pertencemos ao departamento de tradución dun organismo, ou se formamos parte dunha axencia, ou se traballamos para unha empresa provedora de servizos lingüísticos, cobraremos un salario mensual a cambio de traducir un certo número de palabras diarias. Pola contra, cando as axencias ou profesionais *freelance* poxan por un traballo, o normal é que o custo se calcule en función dunha tarifa por palabra ou por carácter, que tamén pode variar moito en función do país e doutras circunstancias. Estas tarifas adóitanse calcular a partir do texto orixe, porque o seu número de palabras ou caracteres se coñece dende o comezo, o que permite axustar un prezo antes de facer o traballo, aínda que nalgúns ocasións tamén se calcula en función do número de palabras ou caracteres traducidos. Como xa sabes, as palabras e construcións gramaticais que empregan as diferentes linguas para expresar unha idea poden variar moito e, dado que a tradución non se fai palabra por palabra, a lonxitude do texto traducido pode ser maior ou menor cá do texto orixinal, o que dependerá da parella de linguas e da dirección da tradución. Por exemplo, se traducimos do inglés ao francés o texto termo probablemente será máis longo, pero se traducimos ese mesmo texto do inglés ao coreano, o resultado será probablemente máis curto.

Vimos tamén que na actualidade a tecnoloxía é unha ferramenta esencial para facer fronte á demanda de traducións, que á súa vez aumentou debido á aparición doutras tecnoloxías como a internet. De feito, o impacto da tecnoloxía na tradución afectou tamén aos nosos ingresos e a como vemos o noso traballo. O certo é que algunhas ferramentas como as memorias de tradución e a tradución automática poden dar a impresión de que a tradución é algo doado: so se precisa premer uns botóns ou facer

uns clics... e listo! Pero, como xa sabes, a tradución non é só buscar nunha base de datos ou darlle ao botón de «traducir», porque as ferramentas de tradución... NON SON INTELIXENTES! Poden buscar patróns moi rapidamente, pero non entenden a lingua e de certo que non coñecen nin a cultura nin os campos de especialización, polo que este tipo de ferramentas non son abondo en situacións nas que se require producir textos precisos e ben construídos. É certo que este tipo de ferramentas poden axudarnos a traducir máis rápido e a automatizar algunhas tarefas rutineiras como as buscas nos dicionarios, pero as persoas supoñen un importante valor engadido no proceso porque poden empregar os seus amplos coñecementos lingüísticos, temáticos e culturais para verificar se as propostas de tradución feitas polo ordenador son precisas e axeitadas ás necesidades do público receptor; e se non o son, están capacitadas para facer as correccións e melloras que cumbran.

De todos os xeitos, aínda que as ferramentas poden acelerar o proceso de tradución, na profesión non todo o mundo gusta delas porque unha boa parte da clientela (que non adoita coñecer todas as complexidades deste traballo) pensa que simplifican moito a faena e que, xa que logo, deberían de pagar menos. Antes de que as ferramentas como as memorias de tradución se empregasen de forma xeneralizada o normal era cobrar segundo unha tarifa única por palabra ou por carácter. Por exemplo, cunha tarifa de 8 céntimos por palabra do texto orixinal, traducir un texto de mil palabras custaría 80€. Non obstante, tras a introdución das memorias de tradución e das ferramentas de tradución automática, moitas axencias e clientes finais comezaron a argumentar que a tarifa debería ser menor porque as ferramentas fan unha parte do traballo, como propoñer borradores da tradución ou identificar oracións xa traducidas que se poden reutilizar. Pero en realidade isto significa ignorar que se precisa unha persoa que avalíe criticamente as suxestións da ferramenta, que as saiba corrixir segundo cumpra e que poida ler despois o texto no seu conxunto para asegurarse de que as oracións propostas polo programa teñen coherencia e cohesión e funcionan ben como un todo. Lembremos que unha oración non é unha restrita de palabras e que un texto non é unha restrita de oracións. Un texto caracterízase pola súa coherencia e cómpre unha persoa, non unha máquina, para asegurala.

Dado que a tecnoloxía na práctica reduciu a tarifa de tradución por palabra, as tradutoras e tradutores dependen aínda máis destas ferramentas, xa que agora para gañar os mesmos cartos teñen que traducir un maior volume de palabras. Por exemplo, alguén que empregue unha memoria de tradución se cadra xa non vai poder aplicar a tarifa de 8 céntimos por palabra que comentamos antes, senón se cadra 5, o que significa que terá que traducir 1.600 palabras para seguir gañando os 80€, polo que vai ter que traballar máis horas ou máis rápido. Por iso, para aumentar a produtividade, as ferramentas de tradución empréganse cada vez máis. Tamén é cada vez máis común que se empreguen tarifas por hora ou mesmo unha tarifa plana para o conxunto dun proxecto, como forma tanto de chamar a atención sobre os aspectos

do noso traballo que moitas veces se pasan por alto (como a corrección das propostas de tradución do programa ou a revisión do texto para asegurar a súa coherencia interna) como de asegurar un salario xusto.

- 64 Non só a clientela ten a tentación de aproveitarse das ferramentas de tradución automática para facer uns cartos: hai individuos que sen ter formación ningunha en tradución anuncian os seus servizos malia non faceren máis que pasar os textos por algún programa como Google Translate e entregar o resultado practicamente sen corrixir. Ademais, esta xente adoita cobrar por debaixo da tarifa profesional, o que fai que os prezos baixen máis aínda; e, por suposto, o seu traballo afecta á reputación do conxunto da profesión. Este tipo de intrusismo viuse impulsado pola chamada *economía baixo demanda* e pola prevalencia de páxinas web como Fiverr, Guru ou Upwork, que se dedican a publicitar servizos *freelance*.

Ademais de afectar aos ingresos, as tecnoloxías da tradución tamén poden afectar a satisfacción laboral de varias formas. Por exemplo, hai unha grande diferenza entre traducir un texto dende cero e poseditar as suxestións dunha memoria de tradución ou dun programa de tradución automática. A posesión de textos adóitase ver como unha tarefa limitante e insatisfactoria porque nos obriga a traballar coas traducións que ofrece a ferramenta no canto de deixarnos a liberdade de buscar a solución que consideremos máis axeitada. Así e todo, se decidimos traducir dende cero ou poseditar a fondo a tradución automática, perderemos en produtividade e os nosos ingresos serán menores, o que fai que non sexa doado conseguir un equilibrio entre a satisfacción laboral e o rendemento económico.

E relacionada coa satisfacción laboral está tamén a cuestión do orgullo profesional. Moitas tradutoras e tradutores non só senten que as ferramentas constrinxen o seu xeito de traballar, é que ademais pensan que as traducións feitas deste xeito son de peor calidade que se as fixesen sen a intervención desas ferramentas. Ningún tradutor ou tradutora profesional vai entregar nunca unha tradución con erros evidentes, iso é obvio, pero a presión que reciben para cumprir prazos e cotas de traballo, unida á necesidade de poseditar en vez de traducir dende cero para poder gañar un salario digno, poden dar como resultado textos menos coidados e elegantes do que lles gustaría. No caso de termos que elixir entre dedicarlle máis tempo a unha tradución (e en consecuencia gañar menos) ou entregar un traballo que nos pareza que só é aceptable, se cadra temos que decidirnos pola segunda opción, pero vai afectar negativamente ao noso orgullo profesional e en consecuencia tamén á nosa satisfacción laboral.

Que son as asociacións profesionais?

No Capítulo 2 comentamos que un dos acontecementos importantes da historia da tradución foi a creación da FIT, Federación Internacional da Tradución, unha organi-

zación formada por asociacións de profesionais de diferentes partes do mundo. Outras asociacións relevantes son a American Translators Association dos Estados Unidos e o Institute of Translation and Interpreting do Reino Unido. Dentro do Estado español temos a AGPTI (Asociación galega de profesionais da tradución e da interpretación), APTIC (Associació Professional de Traductors i Intèrprets de Catalunya), EIZIE (Euskal Itzultzaile, Zuzentzaile eta Interpreteen Elkarte) e ASETRAD (Asociación Española de Traductores, Correctores e Intérpretes). Aínda que no nome de moitas asociacións figuran as palabras «tradución» ou «tradutor», o certo é que son termos que se empregan en senso amplo e inclúen tamén profesionais que se dedican á interpretación, á corrección ou á terminoloxía. Existe tamén una asociación internacional creada especificamente para a interpretación de conferencias, a Asociación Internacional de Intérpretes de Conferencias, AIIC. Pero que é exactamente unha asociación profesional?

Un dato curioso... Moitas asociacións de tradución permiten a entrada de estudantes (con cotas reducidas ou mesmo gratuitamente), que poden participar en programas de orientación e formación.

Basicamente, unha asociación de tradución é unha organización profesional e aínda que pode ter algunhas semellanzas cun sindicato, non son exactamente o mesmo. Os requisitos de acceso e os servizos que ofrecen varían dunha asociación a outra, pero vexamos algúns elementos comúns:

- **Certificación profesional oficial** Algunhas asociacións, aínda que non todas, administran e conceden certificacións profesionais a membros que poden demostrar que cumpren determinados estándares de calidade, ben sexa mediante un exame ou achegando probas documentais. Nalgúns países esta certificación (que pode ser equivalente á que habilita para a tradución xurada) é útil para atopar traballo, xa que garante as capacidades profesionais de quen a ostenta. De feito hai certos tipos de documentos (como os certificados de nacemento ou os expedientes académicos) para os cales só unha tradución xurada ten validez legal.
- **Promoción da tradución profesional** A promoción e defensa da tradución profesional é unha das principais obrigas deste tipo de asociacións, o que supón dar a coñecer a profesión na sociedade, así como os beneficios de contratar profesionais no canto de empregar a tradución automática ou persoas sen formación abonda. Ademais, a asociación serve como voz colectiva tanto na negociación das condicións de traballo (como por exemplo as tarifas) como na celebración pública do orgullo profesional.

- **Estándares e códigos éticos** Unha das funcións fundamentais das asociacións profesionais é o desenvolvemento dun código ético e de boas prácticas de obrigado cumprimento por parte das persoas asociadas. Un código ético pode incluír, por exemplo, cláusulas que aseguren a honestidade profesional (para non aceptar traballos nos que non se é competente) ou un compromiso de non distorcer conscientemente o significado do orixinal, ou unha declaración de confidencialidade con respecto aos textos da encarga. O código ético tamén é unha medida de protección para o público, xa que se alguén o viola durante o desempeño profesional, pode recibir unha sanción da asociación.
- **Formación continua e oportunidades de desenvolvemento profesional** A tradución é unha carreira que esixe formación continuada de por vida e as asociacións profesionais asegúranas ofrecendo cursos de formación e oportunidades de desenvolvemento profesional como obradoiros sobre novas ferramentas, cursos de actualización ou congresos. Algunhas asociacións mesmo ofrecen programas de mentoring, nos que as persoas con máis experiencia ofrecen consello ás principiantes.
- **Creación de redes profesionais** Aínda que as asociacións profesionais tamén acollen membros que traballan por conta allea ou para axencias, son especialmente útiles para as tradutoras e tradutores libres, que no seu lugar de traballo non adoitan ter con quen comentar os traballos, debater solucións, intercambiar recomendacións ou simplemente botar unha palabra no descanso. As asociacións ofrécenlles a estas persoas a posibilidade de estar en contacto a través de circulares informativas, foros de discusión en liña, reunións sociais e actividades profesionais.
- **Vantaxes e descontos para grupos** Dado que moitas tradutoras e tradutores son autónomas, non desfrutan de todas as vantaxes sociais e fiscais das persoas asalariadas, polo que as axencias adoitan negociar tarifas especiais nos seguros de vida e nos seguros de responsabilidade civil e descontos en revistas profesionais, hoteis, alugueiro de coches, etc.

Que tipo de formación se precisa para a tradución profesional?

Agora que xa coñeces mellor como é a tradución profesional se cadra tamén queres saber que tipo de formación se precisa para exercela. Polo xeral estúdase como grao universitario ou como mestrado (posgrao) na meirande parte dos países do mundo. Un dos marcos formativos de referencia máis recoñecidos é o *European Master's in Translation Competence Framework 2022* (EMT Board 2022), que se emprega non só na Unión Europea, senón en todo o mundo, para deseñar os plans de estudo de tradución arredor de cinco ámbitos de competencia principais:

- **Lingua e cultura:** Para ter éxito no mundo da tradución cómpre adquirir coñecementos e competencias lingüísticas, sociolingüísticas, culturais e transculturais, tanto na lingua materna como nas estranxeiras e, aínda que o alumnado ten xa un nivel bastante bo en polo menos dúas linguas cando entra na universidade, o grao axudaralles a refinar e mellorar as súas capacidades, polo que non é habitual que se ofrezan cursos para principiantes. Moitas facultades de tradución inclúen tamén a posibilidade de pasar un cuadrimestre ou o curso enteiro no estranxeiro, vivindo e estudando noutro país, o que permite que o alumnado mergulle na lingua e na cultura que elixan.
- **Tradución:** Seguro que a ninguén lle estraña que un plan de estudos de tradución poña moita énfase nas materias prácticas, nas que o alumnado aprende, por exemplo, as tarefas que cómpre facer antes de traducir: análise do texto orixinal, documentación, avaliación dos recursos, etc. Estas materias serven tamén para adquirir coñecementos teóricos e para desenvolver estratexias e métodos de tradución que se poderán empregar tanto en textos xerais como especializados de distintos campos e en diferentes combinacións lingüísticas; e o alumnado aprende tamén a analizar e explicar as súas decisións, así como a revisar e a aplicar criterios de control de calidade ao seu propio traballo e a outros.
- **Tecnoloxía:** Como sinalamos nas primeiras seccións deste capítulo, a tecnoloxía ten un papel cada vez máis importante no eido da tradución, polo que o estudantado precisa adquirir os coñecementos e competencias necesarias para integrar no seu traballo tanto as ferramentas actuais como as futuras. Isto supón que precisan aprender a avaliar, seleccionar, instalar, empregar e manter tanto as ferramentas como os recursos que empregan (como as memorias de tradución).
- **Competencias persoais e interpersoais:** Chámanse tamén «destrezas sociais» ou «aptitudes sociais» e supoñen saber como se planifica un proxecto tendo en conta as cuestións de tempo, carga de traballo e estrés que afectan as persoas. Este tipo de competencias axúdanos tamén a traballar cun grande grupo de persoas, a usar as redes sociais de xeito responsable e profesional, a comprender a importancia da ergonomía no traballo e a comprender a importancia da autoavaliación, da aprendizaxe continuada e da necesidade de actualización dos coñecementos.
- **Prestación de servizos:** As competencias deste ámbito inclúen a creación de redes profesionais, a relación coa clientela (para negociar as condicións de traballo), a elaboración de orzamentos, a xestión de proxectos e o cumprimento dos estándares profesionais e dos códigos éticos. Moitos plans de

estudos de tradución inclúen a posibilidade de realizar prácticas profesionais, tanto curriculares como extracurriculares, o que permite adquirir experiencia mediante o traballo profesional real.

- 68 Estas prácticas son unha oportunidade para afondar nas áreas de especialización que se introduciron durante os estudos regrados: a localización (Capítulo 7), a tradución audiovisual (Capítulo 10) ou a interpretación de conferencias e a interpretación bilateral (Capítulo 11). Ademais, como xa dixemos, algunhas asociacións profesionais tamén ofrecen formacións específicas como parte dos seus programas de capacitación profesional, por exemplo, sobre novas ferramentas de tradución.

Para concluír

Neste capítulo botámoslle unha ollada entre bastidores á dinámica industria da tradución, o que nos permitiu ver que significa traducir profesionalmente como forma de gañar a vida e non só como afección. Vimos ademais que a profesión evolucionou moito nos últimos anos, debido sobre todo á influencia da tecnoloxía, que incidiu non só nos procesos de traballo e nos produtos, senón tamén en cuestións como as retribucións e a satisfacción laboral. Para facer fronte a todos estes cambios naceron as asociacións de tradutoras e tradutores, que ademais axudaron a elevar o perfil profesional do sector, a proporcionarlle unha voz colectiva dentro das industrias lingüísticas e a conciliar os intereses de todas as partes, tanto clientela como profesionais. Para rematar, repasamos a formación universitaria que pode facer quen queira dedicarse a esta profesión, o que lle permitirá adquirir fondos coñecementos lingüísticos, culturais e temáticos, que é o que marca a diferenza fronte á tradución automática.

Puntos clave do capítulo

- A tradución profesional é unha ocupación a tempo completo, unha profesión para gañar a vida.
- A diferenza da tradución afeccionada, a tradución profesional implica termos en conta factores como os prazos, o prezo e as ferramentas.
- A industria da tradución é un negocio global valorado en miles de millóns de euros.
- Hai diferentes formas de traballar profesionalmente na industria da tradución: por conta allea no departamento de servizos lingüísticos dunha organización ou empresa, para unha axencia que proporciona servizos lingüísticos ou autonomamente como freelance.
- Para que un proxecto de tradución teña éxito, a clientela debe proporcionar

unha encarga de tradución detallada, que é un conxunto de instrucións e informacións que pode axudar a tomar decisións que satisfagan as necesidades do público receptor.

- O normal é que nos especialicemos en un ou dous campos temáticos, pero aínda así e preciso investigarmos e documentármolos para nos asegurar de que comprendemos os conceptos e de que usamos os termos axeitados. 69
- Para traducir empregamos algunhas ferramentas comúns, como os procesadores de texto, pero tamén outras especializadas.
- Unha das ferramentas especializadas máis habituais son os sistemas de xestión de memorias de tradución, que nos permiten reutilizar oracións ou fragmentos de oracións que xa traducimos con anterioridade.
- Ademais, cada vez é máis frecuente que se empreguen as ferramentas de tradución automática como Google Translate, pero non as versións gratuítas. O que empregamos son versións de pagamento, que se poden configurar e que son máis seguras. Ademais, por suposto, revisamos e poseditamos os borradores que nos dan estes programas.
- Por outra parte, se traballamos en certas modalidades de tradución (como a localización ou a tradución audiovisual), empregamos tamén algunhas outras ferramentas especializadas.
- Na tradución profesional nunca se entrega unha tradución sen revisar e corrixir.
- As tarifas de tradución varían segundo o país, pero sobre todo segundo a combinación lingüística e a dirección da tradución, o grao de especialización temática e a experiencia de cada profesional.
- O máis habitual é cobrar as traducións por palabra ou por carácter, pero as ferramentas de tradución están influíndo nas tarifas. Por exemplo, sempre hai quen quere pagar menos se se empregan ferramentas de tradución porque se adoita pensar que as ferramentas de tradución fan todo o traballo e que nós non facemos máis que premer botóns, pero o certo é que as ferramentas non son intelixentes. O traballo das persoas supón un importante valor engadido porque son elas quen verifican (e se é preciso, corrixen) o contido e a coherencia do texto final.
- Hai algunhas persoas sen formación nin escrúpulos que empregan as ferramentas de tradución para venderlles a clientes desprecauidos traducións automáticas sen revisar.
- Para compensar a baixa nas tarifas, cómpre aumentar a produtividade.

70

- A tecnoloxía tamén pode influír na percepción da satisfacción laboral porque moitas profesionais se senten constringidas polas traducións que xeran as memorias de tradución e as ferramentas de tradución automática.
- As asociacións profesionais cumpren distintas funcións, todas elas importantes, como outorgar certificacións profesionais, dar a coñecer a profesión na sociedade, redactar códigos éticos, ofrecer formación continuada, crear redes profesionais, xestionar seguros sociais e descontos, etc.
- A formación que se precisa para a tradución profesional adquirese na universidade, que asegura as competencias precisas en diferentes ámbitos, como linguas e culturas, tecnoloxías da tradución, competencias persoais e interpersoais e prestación de servizos.

Temas para debater

Velaí catro cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Se puideses elixir entre traducir un texto dende cero ou poseditar un borrador producido por unha ferramenta de tradución automática como Google Translate, que preferirías e por que?
- En moitos países a tradución é unha profesión semirregulada grazas ao traballo das asociacións profesionais, que establecen estándares de calidade e códigos éticos de obrigado cumprimento. Pensas que as asociacións deberían seguir traballando nesta dirección para conseguir que se regule mellor a profesión? Ou pensas que xa fixeron de máis e que hai demasiadas regulamentacións? Ou se cadra pensas que a situación está ben como está (é dicir, cunha semirregulación)? Xustifica a túa resposta.
- Pensas que, como expresión de orgullo profesional, deberíamos esforzarnos por ofrecer sempre a mellor tradución posible, mesmo se iso significa traballar máis horas ou cobrar menos? Explica o teu razoamento.
- Dado que se poden empregar para fins ilexítimos, cres que se deberían prohibir as ferramentas gratuítas de tradución automática? Razona a resposta.

Exercicios

- **Estuda unha asociación de tradución** Consulta a lista de asociacións que pertencen á Federación Internacional da Tradución (<http://www.fit-ift.org/members-directory/>) e logo

- escolle unha asociación do teu país, revisa a súa páxina web e fíxate no que a asociación espera das persoas asociadas así como os servizos que lles ofrece.
 - busca unha asociación doutro país e compáraa coa do teu en canto a requirimentos e servizos. Que semellanzas e diferenzas atopas?
- 71
- **Investiga unha páxina web de traballo baixo demanda** Visita unha páxina web de traballo baixo demanda como Fiverr (<http://www.fiverr.com/>) ou Guru (<http://www.guru.com/>), busca alguén que ofrezca servizos de «redacción e tradución» e, tendo en conta o que xa sabes sobre a tradución profesional, revisa as persoas que se ofrecen para ese tipo de traballos. Fíxate en cuestións como a combinación lingüística e as direccións, a temática, o volume de traballo, os prazos e as tarifas. Hai alguén que pareza fiable? Hai algunha oferta que pareza sospeitosa? Contratarías alguén desta páxina se precisases traducir un texto? Razona a resposta.
 - **Tenta facer unha tradución cun prazo moi curto** Para te faceres unha idea do que é traducir cun prazo de tempo moi curto, escolle un texto dunhas 300 palabras sobre algún tema que che interese. Como vai ser o texto de partida, que estea escrito na túa lingua estranxeira. Divídeo en tres partes dunhas 100 palabras cada unha.
 - Tes tres minutos para traducir a primeira parte, dous minutos para a segunda e só un para a terceira.
 - Compara como foi o traballo en cada unha das tres situacións. Segundo aumentaba a presión temporal, tiñas a mesma confianza no teu traballo? Empeorou? Mellorou? Empregaches estratexias distintas en función do tempo dispoñible? Revisa a tradución que fixeches para cada sección; a calidade de todas elas é comparable ou variou?

Para saber máis

PATTISON, Ann, e Stella CRAIGIE. 2022. *Translating Change: Enhanced Practical Skills for Translators*. Londres: Routledge.

- Este libro analiza o impacto que tiveron na tradución e na interpretación algúns cambios recentes acontecidos nas sociedades, nas linguas e nas culturas, como a revolución tecnolóxica, a incerteza económica e algúns acontecementos políticos.

ROBINSON, Douglas. 2020. *Becoming a Translator: An Introduction to the Theory and Practice of Translation*. 4ª ed. Londres: Routledge.

- Este ensaio explica o funcionamento do mercado da tradución e aconsella ás persoas que se incorporan a el sobre como establecerse, adquirir as competencias sociais e interpersoais precisas e como afrontar os retos tecnolóxicos, o estrés, etc.

72

EMT BOARD AND COMPETENCE TASK-FORCE. 2022. *European Master's in Translation Competence Framework 2022*. https://ec.europa.eu/info/sites/default/files/about_the_european_commission/service_standards_and_principles/documents/emt_competence_fw_2022_en.pdf.

- Este documento marco describe os estándares para a formación en tradución e para o ensino das competencias correspondentes na Unión Europea (UE), pero emprégase tamén fóra das fronteiras da UE tanto en contextos académicos como nas industrias lingüísticas.

Capítulo 04

Palabras, termos e recursos léxicos

73

De entrada pode semellar lóxico pensar que traducimos palabras, porque, que é un texto senón unha series de palabras? Pero pensa nalgún texto que escribises ultimamente, se cadra un traballo de clase ou algo semellante: limitácheste a xuntar unha restra de palabras nun documento? Seguro que non. O que adoitas facer en realidade é escoller as palabras que mellor expresan as túas *ideas* porque os textos *contan* algo. Cando escribimos o que queremos é compartir algo con quen nos lea, mesmo se se trata só dunha nota na neveira do tipo «Merca leite». Como vimos no Capítulo 1, cando traducimos temos que desentrañar o significado do texto orixinal e despois atopar o xeito máis eficaz e preciso de reexpresar ese mesmo significado no texto traducido, o que quere dicir que non nos limitamos a traducir palabras, senón máis ben ideas ou conceptos que se expresan mediante palabras. Por suposto, para transmitir esas ideas mediante o texto traducido precisamos reempaquetalas axeitadamente, é dicir, atopar as palabras máis apropiadas da lingua termo. Xa que logo, aínda que o que traducimos son ideas, precisamos dominar as palabras e saber cales van ser máis efectivas con cada audiencia.

Fagamos unha analoxía cun exemplo da vida diaria: imaxina que tes que envolver un agasallo, en realidade unha tarxeta agasallo dunha coñecida tenda que ten unha grande variedade de produtos. Se lle foses regalar ese presente á túa sobriña de cinco anos polo seu aniversario, seguro que elixirías un papel con debuxos de cousas que lle gusten, se cadra arcos da vella, unicornios, etc. Pero se se tratase dun presente de nadal para o teu avó, escollerías o mesmo papel? Se cadra preferirías algo máis serio como un sobre verde decorado con papel de seda vermello, non si? E se o presente fose para agradecerlle ao teu veciño adolescente que che axudase a ordenar o faiado, o máis axeitado seguramente sería un sobre branco sen máis; ou se cadra un bono electrónico. En todos os casos o agasallo é o mesmo, pero cada unha das persoas destinatarias ten o seus gustos e seguro que aprecian que o teñas en conta. E iso é precisamente o que facemos cando traducimos: matinar no mellor

xeito de envolver o agasallo (as ideas do texto) para cada audiencia. En todas as opcións do proceso de tradución atopámonos con diferentes opcións: papel ou sobre? Lazo ou fita? Brillante ou mate? E sempre temos que tomar unha decisión. Aínda que a tradución non consiste en traducir palabras, non podemos negar que estas son fundamentais para desenvolver o proceso, polo que é imprescindible que aprendamos a escollelas e a empregalas con eficacia. Neste capítulo imos estudar dúas grandes categorías de elementos léxicos: **palabras**, que pertencen ao ámbito da lingua xeral, e **termos**, que son parte da linguaxe especializada. Comecemos observando con detención as diferenzas entre estas dúas categorías antes de entrarmos en máis detalles nas seccións seguintes (ver a Táboa 4.1.).

	<i>Lingua xeral (LX)</i>	<i>Linguaxe especializada (LE)</i>
Área de interese	Lingua cotiá	Linguaxe empregada por persoas expertas en distintos campos especializados do coñecemento.
Elementos léxicos implicados	Palabras	Terminos
Produtos	Dicionarios	Glosarios (que se ocupan dun único campo de especialización) e bancos terminolóxicos (que abranguen diversos campos temáticos).
Número de linguas implicadas	Monolingüe ou bilingüe	Normalmente multilingüe
Orientación	Orientado á palabra: por exemplo, nunha entrada de dicionario hai un único lema pero pode haber varias definicións.	Orientado ao concepto: nun rexistro dun banco de datos, ou base de datos terminolóxica, hai unha única definición porque cada entrada recolle un único concepto especializado, pero haberá varios termos, e en máis dunha lingua, para designar ese concepto.
Enfoque	Principalmente descriptivo: describe as palabras en función do(s) seu(s) uso(s).	Normalmente prescriptivo: recomenda os termos que debemos empregar e cales debemos evitar.
Profesión lingüística asociada	Lexicografía (unha especialización da Lingüística)	Terminoloxía (adóitase considerar unha especialización da tradución).
Persoa profesional asociada	Lexicógrafa (que pode ter formación previa en Lingüística)	Terminóloga (que adoita ter formación previa en tradución)

Táboa 4.1 Algunhas das diferenzas existentes entre os recursos léxicos da lingua xeral e da linguaxe especializada.

Que diferenza hai entre a lingua xeral e a linguaxe especializada?

O termo lingua xeral (LX) refírese á lingua cotiá, á que empregamos no día a día para falar con outras persoas, a nosa lingua nativa. O conxunto de palabras que conforman a lingua xeral atópase recollido nun tipo de recurso léxico que se chama **dicionario**. Un dos mellores dicionarios da lingua inglesa, por exemplo, é o *Oxford English Dictionary*, mentres que para o francés temos *Le Grand Robert*; o *Vollständiges Orthographisches Wörterbuch der deutschen Sprache* da editorial Duden para o alemán; o *Gran Dicionario Xerais da Lingua* ou o *Dicionário Estraviz* para o galego ou o *Dicionário da língua portuguesa* da Porto Editora para o portugués.

Aínda que adoitamos falar de «o» dicionario, o certo é que existen diferentes produtos comerciais de varias editoras. No caso da lingua inglesa, temos os dicionarios de Cambridge, Oxford, Macmillan, Merriam-Webster, etc. para o galego temos tamén dicionario publicados por Galaxia, Cumio ou Ir Indo; e para o portugués temos o Michaelis, Priberam, Houaiss, etc. E existen ademais dicionarios preparados especificamente para diferentes propósitos ou grupos de falantes, como os dicionarios que se ocupan dunha rexión ou variante lingüística en concreto, como o *New Zealand Oxford Dictionary*, o *Dictionnaire du français acadien* ou o *Dicionario do galego do Bierzo*. Ten en conta que coñecer e respectar as preferencias lingüísticas do público receptor é imprescindible na localización, que exploraremos con detalle no Capítulo 7. Por outra parte, hai dicionarios para axudar as persoas que están a aprender unha lingua estranxeira, que recollen as palabras máis habituais e explican os significados de forma sinxela, como o *Cambridge Advanced Learner's Dictionary* ou o *Langenscheidt Großwörterbuch Deutsch als Fremdsprache*. Temos tamén dicionarios bilingües e multilingües que poden ser de utilidade para a tradución, como o *Le Robert et Collins Dictionnaire Français-Anglais*, o *Langenscheidt Großes Schulwörterbuch Lateinisch-Deutsch*, o *Dicionario moderno inglés-galego* da 2.0 Editora e a Universidade de Vigo ou o *Dicionário inglês-português* da Porto Editora. Finalmente hai dicionarios que recollen a lingua que se emprega nun determinado campo temático, como o *Cambridge Business English Dictionary*, o *Merriam-Webster Medical Dictionary*, o *Dicionario galego de termos médicos* ou o *Dicionário Prático de Economia*. De todos os xeitos, cando falamos dunha variedade lingüística específica dun campo do coñecemento concreto, estamos a falar dunha linguaxe especializada. Como indicamos no Capítulo 3, o habitual na profesión da tradución é que nos especialicemos en un ou dous campos temáticos, polo que precisamos traballar tamén coa linguaxes especializada deses campos.

Imaxina que estás na consulta da dentista e escoitas que di: «Pida unha interconsulta coa ortodoncista por unha maloclusión clase III». Entenderías o que está a dicir? Se cadra algunhas palabras, si, como «interconsulta», que podemos dicir que forma parte da nosa lingua diaria; e se cadra tamén sabes que «ortodoncista» é algún tipo de dentista especializada, pero que é unha «maloclusión clase III»?

O certo é que esta unidade léxica non pertence á lingua xeral senón ao vocabulario especializado do campo da odontoloxía. Cando unha unidade léxica pertence a unha linguaxe específica chamámola *termo* en lugar de *palabra*. Dun xeito máis preciso podemos dicir que empregamos os termos para designar conceptos dun campo especializado do coñecemento. Un campo especializado do coñecemento pode referirse a unha profesión (odontoloxía, dereito, enxeñería, química. etc.) pero tamén a un deporte, ao lecer ou a outras actividades, xa que tamén teñen os seus conceptos especializados. Por exemplo, o ciclismo ten termos para o equipamento propio deste deporte (*cadro, garfo, sela, casete, maneta, amortecedor...*) e a calceta ten termos para os distintos tipos de punto (*dereito, bobo, arroz, musgo...*). E cando falas dalgún tema que coñeces a fondo, sexa de traballo ou por afección, empregas tamén a linguaxe específica dese campo. De feito xa tes certa experiencia neste sentido porque no Capítulo 1 aprendiches algúns dos termos relevantes do campo da tradución, como *lingua orixe, texto termo ou equivalencia*.

Xa que logo, podemos dicir que, en sentido xeral, as palabras pertencen á lingua xeral e serven para designar ideas que todo o mundo coñece porque forman parte da nosa experiencia diaria; pola contra, os termos pertencen ao ámbito da linguaxe específica, que abrangue conceptos que só coñece unha parte da poboación porque se refiren a un determinado campo do saber. A distinción entre palabras e termos non sempre é clara porque o límite entre a lingua xeral e a linguaxe específica é difuso. Por exemplo, ás veces podemos describir un concepto empregando tanto un termo como unha palabra, o que dá lugar ao que chamamos pseudosinonimia. É o caso, por exemplo, cando a mandíbula inferior dunha persoa sobresa cara adiante, co que os dentes inferiores montan sobre os superiores: na lingua específica o termo que se emprega é *maloclusión clase III*, mentres que na lingua xeral falamos de *mordida cruzada*. Aínda que os dous elementos léxicos se refiren ao mesmo concepto, a persoa que estea especializada no campo (dentista) vai ter unha comprensión máis detallada do caso que unha persoa leiga e vai poder saber cal é a causa, o grao de gravidade, cal é o mellor tratamento, etc. Pola contra, unha persoa normal non vai saber ningunha destas cousas. Dado que o coñecemento dunha persoa especialista é moito máis fondo, precisa termos que lle permitan falar do caso con outras persoas expertas con máis detalle e precisión. No caso da odontoloxía, hai moitos tipos de maloclusión (*maloclusión clase I, maloclusión clase III ósea, maloclusión clase III dentaria*, etc.) e ademais a maloclusión está relacionada con outros conceptos especializados como o *bruxismo* (que pode causar maloclusión) ou os trastornos da articulación temporomandibular (que pode ter orixe na maloclusión). Xa que logo, cando atopamos nun texto orixinal o concepto que se refire a unha mandíbula inferior que sobresa cara adiante, deberemos saber se no texto termo temos que empregar as palabras «mordida cruzada» ou o termo «maloclusión clase III» Certos detalles da encarga de tradución como o público receptor (pacientes ou dentistas, por exemplo), como vimos no Capítulo 3, pódennos axudar a tomar a mellor decisión.

A confusión entre a lingua xeral e a linguaxe específica tamén pode estar causada porque a mesma cadea de caracteres pode representar tanto unha palabra como un termo, un fenómeno lingüístico que se coñece como polisemia. Por exemplo, a palabra inglesa «work» (*traballo*), como parte da lingua xeral, pódese referir a unha actividade (profesional ou non) que serve para producir un resultado, como un servizo, un libro, unha canción, unha pintura, etc. Pero no eido da física, «work» (*traballo*) é un termo que ten unha definición especializada moi diferente: a magnitude que resulta de aplicar unha forza ao longo dun espazo. Só o contexto da oración ou do texto nos permite saber se estamos a empregar *traballo* como palabra da lingua xeral ou como termo dunha linguaxe específica e polo tanto a determinar o seu significado exacto. Cando traducimos é fundamental deducir o significado exacto do texto orixinal, xa que as posibles equivalencias da lingua termo poden ser moi diferentes. Por exemplo, *work*, co significado de «produción artística», pode traducirse ao galego como «obra» (obra de arte), pero no campo da física sería máis axeitado traducila como «traballo».

Outro motivo polo que non sempre é doado distinguir entre lingua xeral e linguaxe específica é que o coñecemento non é estático: ás veces emerxe nun campo especializado e despois algúns conceptos pasan ao coñecemento xeral, dando lugar a unha área gris situada entre a lingua xeral e a linguaxe específica. É o caso, por exemplo, do termo *ortodoncia*, que a maior parte da xente entende *grosso modo* aínda que non o coñeza a fondo. A pandemia da Covid-19 proporcionounos outros exemplos deste fenómeno. Antes da pandemia, algúns termos como vacina ARNm ou número R0 (número básico de reprodución) non eran parte da cultura xeral, pero na pandemia comezaron a usarse e a explicarse acotío, nun proceso denominado *destermínoloxización*, o paso dun termo especializado á lingua xeral. E é precisamente nestas áreas grises onde podemos atopar os dicionarios semiespecializados, como o *Merriam-Webster Medical Dictionary*, que recolle termos do campo da medicina aínda que non está pensado para o persoal dos servizos médicos e de saúde senón para as persoas usuarias. Neste tipo de dicionarios os conceptos explícanse de xeito sinxelo e menos detallado que se estivesen destinados ao persoal médico. Pola contra, os recursos léxicos destinados a persoas expertas adóitanse denominar *glosarios* máis que dicionarios. Os glosarios adóitanse centrar nun campo de especialización concreto, mentres que se son ferramentas en liña que abranguen máis dun campo, denomínanse *bases de datos terminolóxicas*. Igual que os dicionarios, os glosarios poden ser monolingües ou bilingües, pero a meirande parte das bases de datos terminolóxicas son multilingües. Como veremos nas próximas seccións, as bases de datos terminolóxicas multilingües son un recurso especialmente útil para a tradución.

Aínda que a diferenza fundamental entre a lingua xeral e a linguaxe específica é o tipo de elemento léxico que as compón (palabras ou termos), existen tamén diferenzas gramaticais ou estilísticas, que trataremos no Capítulo 5.

Pero de momento, quedémonos coas palabras e os termos e os recursos léxicos que as recollen (dicionarios e glosarios, respectivamente).

78 **Que imos atopar nun dicionario?**

Como xa dixemos, o repertorio de palabras da lingua cotiá recóllese nun tipo de recurso léxico que se denomina dicionario. O traballo de compilar este tipo de obras denomínase **lexicografía** e as persoas que as elaboran, chamadas **lexicógrafas**, normalmente teñen formación en Lingüística. Pero do mesmo xeito que hai persoas que traducen sen estar formadas para facelo, como vimos no Capítulo 3, tamén hai quen fai dicionarios e os publica en internet sen ter formación en Lexicografía. No Capítulo 5 aprenderemos a avaliar recursos (en concreto os recursos gratuítos dispoñibles en liña), pero neste capítulo imos tratar só os recursos léxicos elaborados por lingüistas profesionais, o que no caso dos dicionarios significa os publicados polas principais editoriais especializadas, como as que mencionamos máis arriba para o caso da lingua inglesa (como Oxford e Merriam-Webster), do francés (Robert e Larousse), do alemán (Duden e Langenscheidt), do galego (Galaxia e Xerais) ou do portugués (Michaelis e Priberam). Aínda que non todas as linguas (ou variedades lingüísticas) teñen un ou máis dicionarios elaborados por profesionais, a meirande parte si os teñen e son os que se consideran fontes fiables para a docencia e a aprendizaxe de linguas. Se nalgún momento tes dúbidas de cal ou cales son os dicionarios máis fiables para algunha das túas linguas de traballo, pregúntalle á túa profesora ou profesor.

Unha parte importante do traballo de lexicografía consiste en decidir que cousas se inclúen no dicionario e que cousas se deixan fóra. Por unha banda, isto quere dicir que temos que decidir que palabras se incorporan ao dicionario e, pola outra, significa que temos que determinar o tipo e a cantidade de información que empregamos para describir cada unha das palabras nas súas respectivas entradas. Non hai ningún dicionario que sexa absolutamente exhaustivo, xa que as linguas cambian constantemente, igual que o mundo que nos rodea e o coñecemento que nós temos del. Máis unha vez podemos atopar exemplos na pandemia da Covid-19, xa que, por unha banda, fixo que tivéssemos que inventar novas palabras, chamadas *neoloxismos*, para describir os diferentes aspectos da vida nunha pandemia, como *covidiota* ou *infodemia*, pero tamén provocou casos de desterminoloxización (termos especializados que pasaron á lingua xeral), como *rastrexo de contactos* ou *test rápido de detección de antixenos*. Algunhas destas novas palabras e expresións poden rematar por entrar no dicionario, outras non; algunhas terán unha definición moi detallada e outras só unha breve descrición... como o decidimos?

Cómpre lembrar que a lexicografía non ten como obxectivo vulgar se as palabras son «boas» ou «malas» ou o que debemos dicir ou non, senón describir como se usan as palabras na vida real. Pero aínda que a lexicografía non sexa unha especie de lei

sobre como debemos empregar as palabras ou non, si que ten que tomar decisións sobre o que se inclúe nun dicionario para que sexa o máis útil posible. O criterio que normalmente se aplica en lexicografía para decidir se unha palabra se inclúe ou non nun dicionario é se hai probas documentais de que unha palabra se usa ou non ao longo dun período de tempo determinado. En primeiro lugar, a palabra ten que usarse, o que significa que a comunidade a di ou a escribe; máis aínda, para reflectir un uso xeneralizado a palabra ten que dicirse ou escribirse moito e non só unhas poucas veces. Finalmente, a palabra non debe ser só unha moda pasaxeira, senón que debe ter *continuidade* no uso. Estes criterios poden ser un pouco vagos: cando é significativo o número de veces que se usa unha palabra? Cando deixa unha palabra de ser unha moda para converterse nun uso regular? Non existe unha resposta rápida e definitiva para estas preguntas, polo que a lexicografía ten que basearse na experiencia e no criterio profesional. Tamén se teñen en conta os datos acumulados, que na era dixital son máis doados de obter, organizar e analizar. No pasado a lexicografía identificaba as novas palabras analizando os libros novos e, aínda que a lectura é unha parte importante do traballo, na actualidade internet fai que sexa máis doado acceder a unha grande variedade de fontes; por outra parte, as ferramentas de análise de corpus (véxase o Capítulo 5) permítenos analizar os textos dixitais. Por suposto, isto só é válido para os casos nos que unha lingua teña un alfabeto e documentos escritos. No caso das linguas de tradición oral ou que non teñan alfabeto escrito, estudalas ou elaborar un dicionario é unha tarefa moito máis complicada, aínda que existen iniciativas como «Lingua para todas», da UNESCO, que queren corrixir estes desequilibrios fomentando o desenvolvemento de ferramentas e recursos nas linguas minorizadas.

Un dato curioso... Samuel Johnson, o lexicógrafo que publicou *A Dictionary of the English Language* no ano 1755, deu unha famosa definición da lexicografía como «o traballo dunha inofensiva formiga que busca a orixe das palabras e detalla o seu significado». Nembargantes, a biografía de 1988 titulada *The Professor and the Madman: A Tale of Murder, Insanity, and the Making of the Oxford English Dictionary*, de Simon Winchester, revélanos que a historia desta profesión tivo momentos de tolemia. No 2019 este libro adaptouse ao cinema na película *The Professor and the Madman*, protagonizada por Mel Gibson e Sean Penn. Por outra banda, noutro libro titulado *The Dictionary Wars: The American Fight Over the English Language*, o autor Peter Martin cóntanos que o movemento que pretendía obter a independencia cultural con respecto a Inglaterra se converteu nunha batalla en toda regra entre lexicógrafos, eruditos e editoras que disputaban a supremacía na elaboración de dicionarios. Seguro que eran «formigas inofensivas»?

As palabras que se inclúen nun dicionario chámanse *lemas* e recóllense na súa forma básica, que é o masculino singular para os substantivos (no caso das linguas que teñen diferenza de xénero, como o francés, o alemán ou o galego) e o infinitivo para os verbos. A lista de lemas é o que se denomina macroestrutura dun dicionario, que se adoita presentar en orde alfabética, doada e coñecida por case todo o mundo.

Un dato curioso... A orde alfabética está por todas partes, pero ao mesmo tempo é algo invisible. Se queres afondar na historia da alfabetización, dende a Biblioteca de Alexandria ata a Wikipedia, podes ler o intrigante libro de Judith Flanders *A Place for Everything: The Curious History of Alphabetical Order* (Nova York: Basic Books, 2020).

Ademais de decidir a lista xeral de lemas que vai ir nun dicionario, a lexicografía tamén ten que preparar as entradas que conteñen a información relevante de cada un dos lemas, que pode variar de dicionario a dicionario en función de distintos factores. Por exemplo, os chamados dicionarios de peto conteñen menos información que os dicionarios xerais, mentres que un dicionario electrónico pode empregar funcións como as hiperligazóns ou os arquivos de audio, que non son viables nun dicionario impreso. Ademais, os dicionarios monolingües non conteñen o mesmo tipo de información que os bilingües ou multilingües.

Nos monolingües normalmente atopamos os seguintes tipos de información:

- **Pronuncia:** É normal que este tipo de dicionarios presenten unha guía de pronuncia de cada unha das palabras, ben sexa unha transcripción fonética, ben un arquivo de audio (no caso dos dicionarios electrónicos) ou as dúas cousas. Hai dicionarios que mesmo presentan guías de pronuncia en distintas variedades rexionais, como a británica ou a estadounidense.
- **Información gramatical:** Por exemplo, a clase de palabra, xénero, plurais ou conxugacións irregulares, etc.
- **Definición(s):** O máis habitual nos dicionarios monolingües é a definición do lema, pero a ingua é polisémica, o que quere dicir que unha palabra pode ter varios significados, que ás veces están relacionados entre si pero outras veces están máis afastados, aínda que todos deben estar incluídos dentro do mesmo lema. A definición serve precisamente para relacionar unha palabra co concepto que designa.
- **Exemplo(s):** Algúns dicionarios inclúen un ou máis exemplos breves que amosan como se usa unha palabra nunha oración en concreto.

- **Etiquetas de uso:** Se o lema ten algún uso diferente en segundo que contextos, por exemplo porque se trata dunha variedade rexional ou dalgún tipo de uso especializado, arcaico, informal ou pexorativo, esta información tamén se pode incluír na entrada.

Polo que respecta aos dicionarios bilingües, a súa característica principal é que non conteñen definicións, senón un ou máis equivalentes do lema na lingua de chegada; e tamén poden ser bidireccionais (ver Capítulo 1) e presentarse en dous volumes, un por cada dirección. Por exemplo, se as dúas linguas en cuestión son o inglés e o galego, a primeira parte do dicionario estará organizada alfabeticamente segundo os lemas ingleses e as entradas conterán as equivalencias en galego, mentres que a segunda parte conterá as entradas organizadas alfabeticamente en galego e ofreceranos as correspondencias en inglés de cada lema.

Que imos atopar nunha base de datos terminolóxica?

Os dicionarios, como xa vimos, conteñen información sobre as palabras da lingua cotiá e as bases de datos terminolóxicas conteñen información sobre os termos dos campos de especialización e os conceptos aos que se refiren. O campo do coñecemento que se ocupa da compilación de bases de datos terminolóxicas denomínase *terminoloxía* e as persoas que desenvolven este traballo denomínanse *terminólogas*. En senso estrito a terminoloxía só se pode desenvolver nunha única lingua, pero a meirande parte das bases de datos terminolóxicas son multilingües e a tradución é o principal campo de uso deste tipo de recursos léxicos. De feito, a maior parte das persoas que traballan como terminólogas están formadas en tradución, polo que a terminoloxía se adoita considerar un subcampo da tradución.

Dende un punto de vista organizativo, a diferenza fundamental entre os dicionarios e as bases de datos terminolóxicas é que os dicionarios se organizan en función dos lemas, mentres que as bases de datos terminolóxicas se organizan ao redor de **conceptos**: mentres que un dicionario ten unha entrada para cada lema, unha base de datos terminolóxica ten un rexistro para cada concepto, o que significa que nun dicionario unha entrada dunha palabra polisémica ten varias definicións (unha para cada significado) ordenadas unha despois da outra dentro da mesma entrada. Pola contra, un concepto especializado ten unha única definición, polo que nun rexistro dunha base de datos terminolóxica nunca imos atopar máis de unha; e se dous conceptos diferentes están designados polo mesmo termo entón haberá dous rexistros, un por cada concepto. Non embargante, se un único concepto se pode designar con máis dun termo (como os sinónimos ou as traducións no caso das bases de datos terminolóxicas multilingües) todos eles se recollerán dentro do mesmo rexistro. Aínda que a polisemia e a sinonimia poden darse nos dominios especializados, son moito menos frecuentes na linguaxe específica que na lingua xeral. Dado que un dos obxec-

tivos fundamentais da linguaxe específica é asegurar a comunicación clara e precisa entre as persoas expertas dun determinado campo especializado, a terminoloxía e a ciencia tentan evitar tanto o uso de varios termos para un mesmo concepto como o uso dun mesmo termo para máis dun concepto, xa que estas prácticas crearían confusión. Noutras palabras, o que a terminoloxía fai é estandarizar os elementos dunha linguaxe especializada para que só exista unha relación un a un entre os conceptos e os termos. Xa que logo, a lexicografía é máis ben descritiva e rexistra a linguaxe tal e como é, mentres que a terminoloxía é máis ben prescritiva e as bases de datos terminolóxicas nos indican que termos debemos empregar e cales debemos evitar.

Se comparamos o contido dun rexistro baseado en conceptos cunha entrada de dicionario poderemos comprobar que hai tanto semellanzas como diferenzas. O contido pode variar dunha base de datos terminolóxica a outra, pero a información que adoitan conter todas inclúe os seguintes elementos:

- **Campo temático:** O campo especializado do coñecemento ao que pertencen o termo e o concepto.
- **Termo(s):** O termo é a designación lingüística do concepto ao que se refire o rexistro. Normalmente indícase primeiro o termo recomendado e, se é preciso, a continuación van os sinónimos, variantes ortográficas e abreviaturas.
- **Tradución(s):** A(s) tradución(s) a outra(s) lingua(s) do termo, coa forma recomendada en primeiro lugar e, despois, os sinónimos, variantes ortográficas e abreviaturas.
- **Información gramatical:** O máis habitual é que se indique a clase de palabra e, no caso de linguas que o marquen, o xénero gramatical. O número só se inclúe se é irregular.
- **Etiquetas de uso:** Empréganse para indicar se un termo se usa só nun determinado ámbito xeográfico ou dentro dun organismo ou empresa concretos. Tamén poden facer referencia á frecuencia de uso (infrecuente, obsoleto, etc.), ao grao de formalidade (coloquial, formal, etc.), ás connotacións (pexorativo, etc.), ao recoñecemento (aprobado, non oficial, etc.) ou á aceptabilidade (correcto, evítase, anglicismo, etc.).
- **Definición** En cada rexistro hai unha única definición dun termo por cada lingua; esta definición é a relación entre o concepto e o termo empregado para designalo.
- **Contexto:** Un breve fragmento de texto (normalmente unha oración, pero ás veces tamén un parágrafo) que contén un exemplo significativo do uso do termo. No caso de bases de datos terminolóxicas multilingües pode haber un contexto para cada lingua.

- **Observacións:** Información adicional que axuda a explicar o concepto, o termo, restricións de uso, etc.
- **Fontes:** Un rexistro dunha base de datos terminolóxica documenta as fontes nas que se atoparon o termo e as súas traducións, así como as fontes das que se tiran as definicións e os contextos.

83

Dado que as bases de datos terminolóxicas son fontes de consulta en liña, a organización interna do seu contido é menos relevante que no caso das fontes impresas. No pasado, a información dos glosarios impresos estruturábase por temas e non por orde alfabética: os conceptos relacionados agrupábanse na mesma sección para amosar máis claramente a súa relación. As ferramentas de busca das fontes de consulta en liña permítennos acceder aos conceptos mediante palabras clave porque a presentación dos rexistros non está condicionada por ningún tipo de organización xeral da base de datos. Así e todo, algunhas destas fontes tentan reproducir as relacións existentes entre os diversos termos polo valor pedagóxico que ten visualizar a posición dun concepto como parte dun sistema máis complexo. Un xeito máis eficaz de presentar este tipo de relacións é ofrecer un mapa conceptual no que os conceptos son nodos e as súas relacións se representan mediante frechas.

Por outra parte, mentres que os dicionarios adoitan ser monolingües ou bilingües, a maior parte das bases de datos terminolóxicas son multilingües e mesmo poden abranguer varios campos temáticos. Entre as máis coñecidas e empregadas temos as seguintes:

- **IATE (Inter-Active Terminology for Europe):** Administrada polo Centro de Tradución dos Organismos da Unión Europea, contén rexistros nas 24 linguas oficiais da UE así como en latín (<https://iate.europa.eu/home>).
- **UNTERM:** A Base de datos terminolóxica das Nacións Unidas ten rexistros nas seis linguas oficiais (árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso), en alemán e en portugués (<https://unterm.un.org/unterm2/>).
- **WIPO Pearl:** Esta base de datos da Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI; WIPO en inglés) contén terminoloxía científica e técnica extraída de documentos de patentes en dez linguas: alemán, árabe, chinés, coreano, español, francés, inglés, portugués, ruso e xaponés (<https://www.wipo.int/reference/en/wipopearl/>).
- **TERMIUM Plus:** Mantida pola Oficina de Tradución do Goberno de Canadá, recolle termos en inglés e francés relacionados co goberno e a sociedade canadenses. Un pequeno grupo de rexistros contén tamén información en español e portugués (<https://www.btb.termiumplus.gc.ca/>).
- **Le Grand dictionnaire terminologique (GDT):** Unha base de datos terminolóxica xestionada pola Oficina quebequesa da lingua francesa (OQLF) do Ca-

nadá que inclúe unha ampla variedade de campos temáticos. A meirande parte dos rexistros están en inglés e francés, pero algúns tamén recollen información en catalán, español, galego, italiano, latín, portugués e romanés (<https://gdt.oqlf.gouv.qc.ca/index.aspx>).

Para que empregamos as fontes de consulta léxicas?

Como vimos no Capítulo 1, a tradución ten dúas fases principais: en primeiro lugar precisamos comprender a mensaxe do texto orixinal e, despois, reproducímolos no texto termo; nas dúas poden ser de axuda os diferentes recursos léxicos.

No proceso de comprensión do orixinal son de utilidade os dicionarios monolingües para entender a lingua xeral e as bases de datos terminolóxicas para aclarar os conceptos especializados. Á súa vez, na fase de transferencia, na que reproducimos as ideas na lingua de chegada, os dicionarios bilingües e as bases de datos vannos ofrecer posibles equivalencias das palabras e termos do orixinal. Despois nós podemos consultar esas propostas nun dicionario monolingüe da lingua termo, ou nunha base de datos con rexistros nesa lingua, para confirmar que esas posibles traducións teñen o mesmo significado que a palabra ou termo empregados no texto orixinal. As definicións que nos ofrecen este tipo de recursos son fundamentais durante o proceso de tradución, xa que para considerarmos que un elemento léxico da lingua orixinal e outro da lingua termo son equivalentes, é preciso que teñan exactamente o mesmo significado; comparando as definicións que atopamos nas fontes de consulta da lingua orixinal e da lingua termo podemos asegurarnos de que efectivamente se refiren ao mesmo concepto. Dado que a maioría dos dicionarios bilingües non conteñen definicións nin contextos de uso amplos, non debemos aceptar sen máis as equivalencias que nos propoñan. Para o que serven os dicionarios bilingües é para consultar posibles equivalencias a partir das cales comezar a documentarnos noutras fontes de consulta.

Na fase de produción da tradución, cando elaboramos o texto de chegada, os recursos léxicos tamén poden ser de axuda, pero non son abondo, xa que o obxectivo é crear un texto que non só transmita a mesma mensaxe, senón que o faga con naturalidade e corrección na lingua termo. En xeral, a información sobre o uso lingüístico que conteñen dicionarios e bases de datos é moi limitada; pode haber unha nota que indique que un elemento léxico pertence a determinada variedade xeográfica, nivel de formalidade ou campo temático, pero en realidade interésanos máis ver con exemplos como se usa na práctica. Ese é un tipo de información que non nos ofrecen os recursos léxicos porque os exemplos son poucos e curtos, non máis de unha oración para cada caso. Máis unha vez, os recursos léxicos ofrécennos un punto de partida pero debemos documentarnos sobre como empregar correctamente os termos e palabras no texto termo. Un dos recursos máis populares para informarnos sobre o uso lingüístico son os corpus, que trataremos con detalle no Capítulo 5.

En que outros ámbitos actúan a lexicografía e a terminoloxía?

Como estamos nun libro sobre tradución, este capítulo centrouse na lexicografía, na terminoloxía e nos seus produtos (dicionarios e bases de datos terminolóxicas) e na súa utilidade para o proceso tradutivo, pero o campo de traballo destas interesantes disciplinas vai moito máis alá. Os dicionarios, por exemplo, tiveron sempre un papel moi destacado na estandarización da ortografía e as bases de datos contribúen de xeito semellante á fixación e á normalización dos termos especializados, todo o cal serve para facilitar a comunicación. No caso das linguas minorizadas, a contribución da terminoloxía e da lexicografía no eido da *planificación lingüística* é inmensa. Dado que o inglés se converteu na lingua principal da investigación e o desenvolvemento científicos, así como tamén da cultura popular, moitos dos novos conceptos se nomean nesta lingua cando se descubren ou inventan. A terminoloxía e a lexicografía propoñen equivalencias noutras linguas para garantir que sigan vivas e que non se limiten a tomar sempre préstamos do inglés. Máis propor novos elementos léxicos que todo o mundo acepte non é tan doado como pode semellar. Cómpre garantir que esas novas propostas sexan precisas e transparentes, pero tamén que sigan as regras de cada lingua en cuestión (por exemplo, para formar o plural, ou para conxugar os verbos), que sexan doadas de pronunciar e que encaixen ben no sistema lingüístico. Hai moitos organismos reguladores que propoñen e recomentan novas palabras e termos, deseñan a planificación lingüística e loitan pola conservación das linguas, como *An Coiste Téarmaíochta* (a Comisión irlandesa de terminoloxía), que ten como función a creación de terminoloxía para o irlandés; a *Office québécois de la langue française* (OQLF), que ten como misión deseñar e aplicar políticas de normalización lingüística e terminolóxica e asegurar a calidade lingüística tanto na administración como no sector privado da provincia canadense francófona de Quebec; ou o *Instituto da Lingua Galega* (ILG), un centro de investigación da Universidade de Santiago de Compostela que guiou o proceso de codificación ortográfica, gramatical, léxica e fonética do galego moderno. Como podes ver, a lexicografía e a terminoloxía teñen unha grande influencia no noso xeito de empregar a lingua xeral e a especializada, tanto no eido da tradución como na vida diaria.

Para concluír

A tradución ten como obxectivo transferir dunha lingua a outra unha mensaxe que, tanto no texto orixe como no texto termo, se expresa mediante unha combinación de palabras da lingua xeral e termos especializados. Os recursos léxicos de consulta como dicionarios e bases de datos terminolóxicas, que poden ser monolingües, bilingües ou multilingües, ofrécennos información esencial tanto para comprender os conceptos como para identificar as súas posibles equivalencias noutra lingua e verificalas e, ata certo punto, tamén para indicarnos como empregarlas correctamente na

lingua de chegada. Trátase por iso de ferramentas imprescindibles para a profesión (cf. Capítulos 5 e 6). Ademais de crear este tipo de recursos, a lexicografía e a terminoloxía son tamén imprescindibles no eido da planificación e do desenvolvemento de políticas lingüísticas.

86

Puntos clave do capítulo

- Dentro dunha lingua podemos establecer dúas grandes categorías: a lingua xeral (LX) e a linguaxe especializada (LE).
- As unidades léxicas da lingua xeral chámanse palabras e as da linguaxe especializada, termos.
- As palabras da lingua xeral recóllense nos dicionarios e os termos da linguaxe especializada, nas bases de datos terminolóxicas.
- Aínda que sempre é útil distinguir entre lingua xeral e linguaxe especializada adóitanse dar solapamentos entre as dúas, como os casos de desterminaloxización, nos que os termos especializados pasan á lingua xeral. Así e todo, as persoas usuarias da lingua xeral teñen menos dominio dos termos desterminaloxizados que as persoas expertas nos respectivos campos.
- A lexicografía é a especialidade lingüística que se encarga de elaborar os dicionarios.
- A lexicografía non decide se unha palabra é correcta ou incorrecta; o seu cometido é describir como se empregan na lingua real.
- A lexicografía decide que palabras incluír no dicionario en función do seu uso efectivo e prolongado ao longo do tempo.
- A decisión baséase no estudo de grandes cantidades de textos, maiormente en formato electrónico, mediante ferramentas de análise de corpus.
- É complicado desenvolver recursos léxicos para linguas de tradición oral ou que non teñen rexistros escritos en formato dixital.
- Os dicionarios adóitanse organizar alfabeticamente.
- Existen dicionarios para diferentes propósitos e públicos: dicionarios de variedades rexionais, dicionarios para a aprendizaxe de linguas, dicionarios bilingües, etc.
- As entradas dos dicionarios monolingües inclúen datos como a pronuncia figurada, información gramatical, definición, exemplos, etiquetas de uso, etc.

- Os dicionarios bilingües, que adoitan ser bidireccionais, normalmente non conteñen definicións senón equivalencias das palabras noutra lingua.
- A terminoloxía é a especialidade lingüística que se encarga de elaborar as bases de datos terminolóxicas. As persoas que se dedican a ela adoitan ter tamén formación en tradución. 87
- Aínda que a terminoloxía se pode desenvolver dende un punto de vista monolingüístico, o habitual é que sexa bilingüe; a tradución é o campo no que máis se empregan as bases de datos terminolóxicas.
- Os dicionarios organízanse en función dos lemas (palabras), mentres que os rexistros das bases de datos se organizan en función dos conceptos.
- Para asegurar a precisión na comunicación especializada procúrase que exista sempre unha relación un a un entre conceptos e termos, ao tempo que se evita a polisemia.
- Mentres que a lexicografía é unha actividade maiormente descritiva, a terminoloxía é máis ben prescritiva e procura estandarizar e recomendar os termos preferidos,
- A información que se recolle nas bases de datos terminolóxicas inclúe o campo temático, o termo, equivalencias, información gramatical, etiquetas de uso, definición, contexto, observacións e fontes de referencia.
- Nas bases de datos terminolóxicas pódese buscar por palabras clave e inclúense mapas conceptuais para representar as relacións entre conceptos e facilitar a consulta.
- Cando traducimos precisamos asegurarnos de que comprendemos os conceptos do texto orixinal, polo que son fundamentais os recursos que nos ofrecen definicións, como os dicionarios monolingües e as bases de datos terminolóxicas.
- Os dicionarios bilingües pódennos dar pistas ou puntos de partida para traducir, pero para asegurarnos de que atopamos o mellor equivalente é fundamental verificar que se refiren ao mesmo concepto, o que se pode facer comparando as definicións de dicionarios monolingües da lingua orixe e da lingua termo ou bases de datos bilingües.
- Pero canto temos que elaborar o texto termo a información dos dicionarios e bases de datos pode non ser abondo porque se centran nos elementos léxicos illados e porque nos ofrecen poucos exemplos de uso e, ademais, demasiado breves. Para sabermos como se empregan os elementos léxicos no seu contexto precisamos outros recursos complementarios como os corpus.

- A lexicografía e a terminoloxía son imprescindibles para a tradución cos seus dicionarios e bases de datos terminolóxicas, pero tamén teñen un papel imprescindible en áreas como a planificación lingüística.

88

Temas para debater

Velaí dúas cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Se puideses traballar no eido da lexicografía ou da terminoloxía, que preferirías e por que?
- Moitas linguas contan cun organismo regulador que supervisa o seu desenvolvemento e as súas normas, incluídas as palabras e os termos. Por exemplo, o francés ten a *Académie française*, o galego, a *Real Academia Galega* e o alemán, o *Gesellschaft für deutsche Sprache*, pero o inglés non ten nada semellante, por que?
 - Hai algún organismo semellante na túa lingua materna? Investiga en internet se existe e que tipo de actividades desenvolve. Alternativamente, escolle algún dos organismos citados e pescuda como desenvolve a planificación lingüística.

Exercicios

- **Amplía o teu vocabulario:** Se nos dedicamos á tradución é imprescindible dominar á perfección as nosas linguas de traballo. Neste sentido, o Portal lingüístico do Goberno de Canadá contén unha grande cantidade de exercicios de vocabulario. Bótalles unha ollada, seguro que te axudarán a ampliar os teus coñecementos do léxico inglés: <http://www.noslangues-ourlangues.gc.ca/en/jeu-quiz/vocabulaire-vocabulary-eng>.
 - Na sección de *Vocabulario temático* (Thematic vocabulary), saberías identificar os neoloxismos que entraron ultimamente na lingua inglesa nos campos da tecnoloxía ou do medio?
 - Na sección de *Expresións idiomáticas* (Idiomatic expressions), coñeces o significado, por exemplo, das frases feitas que mencionan alimentos? Ou das que fan referencia ás mans?
- **Aprende a diferenciar entre palabras e termos:** A Oficina de tradución do goberno de Canadá publicou o chamado Tutorial de terminoloxía de Pavel en inglés e francés e despois colaborou con outras institucións para traducilo ao árabe, holandés, italiano, portugués e español. Aínda que se trata dun

manual pensado para a formación de profesionais da terminoloxía, comeza cunha sinxela introdución e contén unha grande variedade de exercicios interactivos, xunto coas solucións e explicacións. A sección 1.2.4., por exemplo, analiza as diferenzas entre palabras e termos. No Tutorial de terminoloxía de Pavel, revisa a sección que explica o cometido da terminoloxía e como se elaboran os produtos destinados á tradución: <http://www.crtl.ca/Pavel/Pavel%20Terminology/www.bt-tb.tpsgc-pwgsc.gc.ca/btb66a0.html>.

- **Compara o contido de dicionarios e bases de datos terminolóxicas:** Os elementos léxicos poden ter diferentes significados segundo se empreguen na lingua xeral ou dentro da linguaxe especializada e mesmo pode haber diferenzas entre os distintos campos de especialización. Fai as seguintes consultas nun dicionario xeral e nunha base de datos terminolóxica especializada e compara a información que atopas en ambas as dúas fontes ademais das definicións, analizando todos os datos que ofrecen en cada entrada.
 - Busca «catfish» no *Merriam-Webster Dictionary* (<http://www.merriam-webster.com/>) e en *IATE* (<https://iate.europa.eu/search/standard>).
 - Busca «friend» no *Collins English Dictionary* (<http://www.collinsdictionary.com/dictionary/english>) e en *UNTERM* (<https://unterm.un.org/unterm2/en/>).
 - Busca «sandbox» no *Cambridge English Dictionary* (<https://dictionary.cambridge.org/>) e en *WIPO Pearl* (<https://wipopearl.wipo.int/en/linguistic>).
 - Busca «swish» no *Macmillan English Dictionary* (<http://www.macmillandictionary.com/>) e en *TERMIUM Plus* (<http://www.btb.termiumpius.gc.ca/>).

Explora un mapa conceptual: Malia que o habitual é que os dicionarios se organicen alfabeticamente, unha opción máis interesante dende o punto de vista pedagóxico é presentar os conceptos dun campo temático concreto en forma de mapa conceptual para destacar as relacións que existen entre eles. Visita *WIPO Pearl* (<https://wipopearl.wipo.int/en/conceptmap>), unha base de datos terminolóxica que nos ofrece este tipo de mapa, e verás que amosa unha serie de globos que representan grupos de conceptos relacionados. Se pinchas nun dos globos amosarase un segundo nivel de globos nos que os conceptos se agrupan en categorías máis específicas; e pinchando neles abrirase un mapa conceptual máis detallado que nos amosará os conceptos concretos e as relacións que se dan entre eles.

Para saber máis

ANTIA, Bassef E. 2000. *Terminology and Language Planning: An Alternative Framework of Practice and Discourse*. Amsterdam: John Benjamins.

90

- Este libro sitúa a terminoloxía no contexto máis amplo da planificación lingüística e do desenvolvemento de políticas lingüísticas; analiza tamén as linguas de especialidade, os factores que poden influír no seu desenvolvemento (sociopolíticos, culturais e tecnolóxicos) e a súa relevancia para a promoción e conservación das linguas.

BOWKER, Lynne. 2021. *Translating for Canada, eh?* University of Ottawa. <https://ecampusontario.pressbooks.pub/translatingforcanada/>.

- O capítulo 2 deste recurso educativo aberto e gratuíto presenta a noción de base de datos terminolóxica e explica como empregalas cando traducimos. Póñense como exemplos *TERMIUM Plus* e *Le Grand dictionnaire terminologique* (GDT), dúas bases de datos terminolóxicas gratuítas canadenses, e inclúense exercicios prácticos para aprender a empregalas.

FUERTES-OLIVERA, Pedro, ed. 2018. *The Routledge Handbook of Lexicography*. Londres: Routledge.

- Unha detallada presentación do estudo das palabras da lingua xeral e do proceso de elaboración de dicionarios. Analízanse diferentes tipos de dicionarios, incluídos os de tradución (Giacomini 2018), así como as tradicións lexicográficas dunha grande variedade de linguas, como o alemán, árabe, chinés, español, francés, hindi, indonesio, inglés, portugués e ruso.

KOCKAERT, Hendrik J., e Frieda STEURS, eds. 2015. *Handbook of Terminology*. Amsterdam: John Benjamins.

- Este libro presenta os fundamentos da terminoloxía e contén tamén capítulos dedicados á relación entre terminoloxía e lexicografía (Kageura 2015) e entre terminoloxía e tradución (Bowker 2015).

MARTIN, Peter. 2019. *The Dictionary Wars: The American Fight Over the English Language*. Princeton: Princeton University Press.

- O autor relata a historia real da creación dos primeiros dicionarios do inglés estadounidense a través das vidas dos lexicógrafos Noah Webster e Joseph Worcester e da súa acalorada rivalidade na elaboración do dicionario nacional definitivo.

WINCHESTER, Simon. 1998. *The Professor and the Madman: A Tale of Murder, Insanity and the Making of the Oxford English Dictionary*. Harper Collins.

- Neste libro, adaptado ao cinema no 2019. recóllese a historia real das obsesións dos dous homes que deron orixe ao *Oxford English Dictionary*: James Murray, o erudito editor do dicionario, e William Minor, un cirurxián encarcerado por asasinato nun hospital psiquiátrico para delincuentes que dende a súa cela colaborou no dicionario con case 10.000 citas. 91

Capítulo 05

Outras ferramentas e recursos

93

Nos capítulos anteriores sinalouse que para traducir precisamos desenvolver unha boa capacidade de investigación que nos permita asegurarnos de que comprendemos o texto orixinal e producimos a tradución máis axeitada. No Capítulo 4 vimos que os recursos léxicos como os dicionarios e as bases de datos terminolóxicas son algunhas das nosas ferramentas fundamentais, pero como normalmente se centran nas palabras e nos termos illados, dos que ofrecen información sobre o seu significado e non sobre o seu uso, precisamos outros recursos complementarios. Por outra parte, no Capítulo 3 comentamos que a profesión da tradución está cada vez máis tecnoloxizada e que, para facer fronte á crecente demanda de tradución, empregamos ferramentas especializadas como as memorias de tradución, que permiten aumentar a produtividade ao tempo que mantemos a calidade do traballo. As memorias de tradución serven para reutilizar fragmentos de traducións que fixemos con anterioridade e aínda que son unha ferramenta moi potente, o certo é que son de utilidade sobre todo para persoas que traducen un grande volume de texto e en campos que teñan un estilo formular e repetitivo. Algunhas memorias de tradución só se poden mercar e outras podémolas usar gratuitamente; por outra parte, algunhas delas esixen que lles dediquemos moito tempo para aprender a utilizalas porque teñen moitas funcións complexas, polo que, en xeral, unha persoa que só traduza ocasionalmente (por exemplo, como parte dun curso de lingua, ou para familiares) non vai ver vantaxes en empregalas. Xa que logo, que outras ferramentas hai que poidan ser útiles para todo o mundo?

Como podo saber se unha ferramenta vai ser útil?

Antes de ver os diferentes recursos e ferramentas, paga a pena que falemos da importancia de saber avaliar as distintas fontes de documentación. No Capítulo 4 centrámonos nos dicionarios e bases de datos terminolóxicas elaborados por profesionais da lexicografía e da terminoloxía, que son os que se consideran máis fiables,

pero no mundo dixital actual, no que cada vez é máis doado crear e compartir información en liña, a calidade dos recursos pode variar moito. Por iso é fundamental sabermos distinguir entre as ferramentas fiables e as que non o son, non só no eido da tradución, senón en calquera actividade relacionada coa investigación, polo que os criterios de avaliación que imos ver son aplicables a outras tarefas, como por exemplo os estudos.

Se non te dedicas profesionalmente á tradución, o máis probable é que queiras fontes de consulta de baixo custo e doadas de empregar, como as que se poden atopar gratis en internet. O prezo era un factor que no pasado se podía empregar para distinguir entre ferramentas boas e malas: se se trataba dun produto comercial á venda quería dicir que era profesional e que pasara un control de calidade, mentres que os gratuítos non eran fiables. Pero xa non é así porque cada vez hai máis institucións educativas, centros de investigación e mesmo empresas privadas que se adhiren ao movemento da Ciencia aberta, que ten como obxectivo ofrecer gratuitamente ou a baixo custo materiais educativos, investigacións científicas, programas informáticos e moitos outros tipos de recursos. Como resultado, na actualidade temos unha enorme cantidade de ferramentas de calidade e gratuítas, pero precisamos saber como identificar cales son as mellores, algo que cada vez é máis complicado debido á crecente difusión da desinformación, das noticias falsas e da pseudociencia. É por iso fundamental, non só na tradución, senón en calquera disciplina, desenvolvermos un sentido crítico para analizar as nosas posibles ferramentas.

Outra cuestión importante é que unha ferramenta ou un recurso poden ser útiles para traducir un determinado tipo de texto pero non para outros, polo que non debemos categorizalos como «bos» ou «malos» sen máis. O máis aconsellable é avalialos en función do traballo que teñamos entre mans; é dicir, cada vez que nos poñemos a traducir cómpre volver a avaliar as nosas ferramentas e recursos para determinar se nos van servir para a nova encarga. Noutras palabras: é importante que reunamos unha colección de ferramentas variada e con moitas opcións diferentes, para o cal é recomendable que teñamos en conta os seguintes criterios.

- **Relevancia:** A información preséntase de xeitos distintos en función da súa finalidade e do público receptor. Lembra a noción de encarga que vimos no Capítulo 3: o conxunto de instrucións que a clientela nos dá para que poñamos facer a tradución máis axeitada aos seus intereses e que contén información, entre outras cousas, sobre os obxectivos do texto traducido e a quen vai dirixido. Se non te dedicas profesionalmente á tradución o máis probable é que non che dean esta información directamente, pero se cadra podes saber para quen é o texto e como se vai empregar. Esa é a información que precisas para saber se un recurso é relevante. Por exemplo, se traduces para unha persoa adulta, vai ser útil unha páxina web para crianzas? E se traduces un texto de divulgación, vai ser a mellor opción recorrer

a unha páxina con xerga moi especializada? Lembra tamén que o mesmo elemento léxico pode ter diferentes significados en contextos distintos: en inglés, por exemplo, a palabra «bar» ten significados diferentes nun contexto legal («avogacía»), na hostalaría («bar») ou na ximnasia («barra»). Xa que logo, non abonda con atopar unha fonte de consulta que conteña a palabra, precisas que conteña información relevante para o teu contexto.

- **Autoridade:** Hai unha enorme diferenza entre os recursos elaborados por autoridades (persoas expertas nunha materia) e os elaborados por persoas afeccionadas ou inexpertas. Calquera pode publicar en internet, pero hai pistas que nos poden axudar a determinar se unha fonte de consulta está feita con criterio de autoridade ou non, é dicir, se é fiable ou non. Para comezar, o nome do dominio, o enderezo da páxina web: se indica que a páxina está creada por unha institución de educación superior (.edu no caso de Canadá e os Estados Unidos, .ac.uk no Reino Unido, etc.), un departamento dun goberno (.gov, .gov.uk, .gov.pt ou .gob.es) ou un organismo internacional recoñecido (.org), adoita tratarse de fontes que verifican a información antes de publicala. Pola contra, se se trata dunha páxina publicada por unha persoa particular ou unha empresa (.com, por exemplo), deberíamos de analizala a fondo antes de tomala como referencia; hai empresas e particulares que se poden considerar autoridades porque teñen un nome e unha fiabilidade gañados ao longo do tempo, pero hai tamén quen só se dedica a anunciar os seus produtos ou a desinformar. Cómpre que analicemos todas as páxinas con detalle, indo por exemplo á sección «Acerca de» para comprobar a autoría; tamén é recomendable comparar a información que atopemos coa doutras páxinas semellantes.
- **Actualización:** Lembra sempre que tanto o coñecemento como as linguas son dinámicos, o que quere dicir que a nosa comprensión dos conceptos evoluciona ao longo do tempo, igual que as palabras e termos que empregamos para describilos. Normalmente traducimos textos que reflicten o estado actual do coñecemento, polo que o lóxico é elixir fontes de consulta que estean tamén actualizadas mellor ca outras elaboradas anos atrás. Convén por iso comprobar se a páxina web é de creación recente ou non e se se actualiza con frecuencia, ou se contén ligazóns cegas ou información que sabemos que está desfasada.
- **Precisión:** Se nos temos que documentar sobre un tema que non coñecemos a fondo vai ser complicado saber se unha fonte é fiable ou non, pero aínda así hai certos indicios formais que debemos ter en conta: erros ortográficos, redacción desamañada, presentación desleixada, etc. son indicativos de mala calidade. Se non se coidan detalles sinxelos como a ortografía, o máis probable é que tampouco se poña atención en cuestións máis relevantes como a precisión dos contidos.

- **Obxectividade:** Para determinar se un recurso é obxectivo deberemos comprobar se nos amosa unha perspectiva equilibrada da materia de que se trate ou se máis ben pretende defender un determinado punto de vista, promover un produto fronte a outros ou persuadirnos para facer algo. Presenta datos obxectivos que se poden verificar noutras fontes de consulta ou pretende apelar ás nosas emocións empregando só xeneralizacións e expresións vagas?

Esta lista de elementos de avaliación non é infalible, pero vai servir para desbotar os recursos máis problemáticos. Perfeccionar o noso criterio require práctica, polo que sempre é recomendable avaliar a fiabilidade dunha fonte de consulta antes de empregala.

Cales son os recursos máis útiles para traducir?

Como xa se dixo en capítulos anteriores, traducimos textos sobre calquera tema imaxinable, polo que nun momento ou outro imos empregar case calquera recurso documental imaxinable. A elección dos recursos vai depender fundamentalmente de cada encarga, pero, como sabemos, traducir implica tanto comprender o texto orixinal como producir o de chegada, polo que teremos que consultar fontes de información especializadas sobre un campo temático concreto e tamén outras de tipo lingüístico.

As primeiras adoitan ser textos que tratan o mesmo tema que o texto da encarga e, se este texto está na nosa lingua menos dominante, seguramente precisaremos facer algunhas lecturas tamén na nosa primeira lingua, para documentarnos con máis facilidade e aprender a terminoloxía relevante na lingua de chegada. Se ademais se trata dun tema que non dominamos, será aconsellable comezar con algún tipo de introdución, como por exemplo unha entrada da Wikipedia. Unha vez que coñecemos os aspectos básicos poderemos contrastar os conceptos e termos clave noutros textos semellantes escritos na lingua de chegada, é dicir textos que teñan un propósito semellante e que estean destinados a unha audiencia similar. Por exemplo, se para unha clase tes que traducir un texto dun xornal sobre determinado tema, deberías ler varios outros artigos periódicos sobre o mesmo tema escritos na lingua de chegada. Ou se che piden que traduzas unha receita dende a lingua da túa familia á lingua da comunidade na que vives na actualidade para que alguén da veciñanza a poida preparar, podes comezar por ler receitas na lingua de chegada e así coñecer o formato e o estilo máis axeitados. Consultar textos escritos na lingua de chegada que sexan semellantes ao que tes que traducir vai axudar a coñecer as normas que deberías seguir así como as expectativas da túa futura audiencia.

Ler este tipo de textos é útil para facernos unha idea de como debería ser a nosa tradución, pero non nos vai solucionar os problemas concretos como a terminoloxía

que debemos empregar, a fraseoloxía típica dun campo temático, etc., para o cal deberemos consultar recursos lingüísticos como os que revisamos no Capítulo 4, pero tamén outros como os que imos presentar de seguido.

97

Como atopar os recursos lingüísticos axeitados para cada tradución?

Seguro que xa coñeces algúns motores de busca como Google, Bing ou Baidu, por iso non os imos revisar neste libro; pero convénche saber que podes refinar as túas buscas coas opcións avanzadas de cada un deses motores. Se non sabes como, pregunta na biblioteca ou aos teus profesores ou profesoras. Pero hai un recurso que se cadra aínda non coñeces e que che vai permitir localizar unha chea de recursos de calquera lingua de xeito rápido e doado: MagicSearch (<https://magicsearch.org/>).

Trátase dun metabuscador multilingüe que nos permite acceder a unha grande cantidade de recursos nunha única consulta: dicionarios, bases de datos terminolóxicas, concordancias bilingües, foros de discusión, motores de tradución automática. Non cómpre máis que seleccionar unha parella de linguas, escribir o termo que queremos buscar e premer no botón de buscar e MagicSearch devolveranos como resultado unha única páxina navegable con toda a información que atope en cada unha das fontes de consulta. E se queres ver máis detalles dunha fonte concreta non tes máis que premer na súa ligazón para ir directamente a ela. Aínda que MagicSearch ten predefinidas as fontes de consulta nas que busca e a orde na que as amosa, podémolas configurar e engadir ou eliminar as que nos interese, así como modificar a orde na que se amosan os resultados, de xeito que podemos ver primeiro as nosas fontes preferidas. En función da parella de linguas que seleccionemos poderemos atopar algúns recursos coñecidos, como os dicionarios (Collins, Larousse) e bases de datos terminolóxicas (IATE, GDT, TERMIUM Plus, UNTERM) que presentamos no Capítulo 4. Atoparemos ademais outros tipos de fontes de consulta como as concordancias bilingües (como Linguee, Glosbe ou TradooIT), foros de discusión (como WordReference ou ProZ.com) e ferramentas de tradución automática (como Google Translate ou DeepL; véxase o Capítulo 6). Pero non esquezas ver todas esas fontes cunha ollada crítica e comprobar se son axeitadas para a túa tradución en concreto.

Que son as concordancias bilingües?

Como xa vimos, os dicionarios monolingües e as bases de datos terminolóxicas poden axudarnos a comprender conceptos coas definicións que conteñen; pola súa parte, os dicionarios bilingües e as bases de datos terminolóxicas multilingües sérvennos para atopar posibles equivalencias noutra lingua, mais ás veces o termo ou expresión que estamos a buscar non figura nestes recursos, polo que teremos que continuar a procura noutras fontes. Outras veces pode suceder que sabemos a pala-

bra ou termo que precisamos para a nosa tradución pero queremos vela en contexto para comprobar como se emprega na lingua de chegada. Para isto veñen moi a conto as concordancias bilingües en liña porque nos amosan unha serie de exemplos do termo que buscamos e das súas posibles equivalencias noutra lingua, cada unha no seu contexto.

En certo sentido, as concordancias bilingües son moi semellantes ás memorias de tradución que vimos no Capítulo 3, pero son máis sinxelas porque se trata só de texto, non están integradas dentro dun programa, o que nos permite consultalas dende o navegador. Os textos orixinais e traducidos que forman parte destas concordancias proceden de todo tipo de fontes e con frecuencia se toman de páxinas web, tanto bilingües como multilingües. Por exemplo, a páxina web da Organización Mundial da Saúde contén información en árabe, chinés, español, francés, inglés, portugués e ruso; as páxinas da Unión Europea publícanse nas 24 linguas oficiais dos países membros; o *Correo da UNESCO* actualmente publícase en árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso, pero chegou a publicarse en 26 linguas, o galego entre elas. Para facer unha concordancia, os textos orixinais e traducidos divídense en oracións e despois cada oración do orixinal faise coincidir coa correspondente oración da tradución, como se amosa nas táboas 5.1. e 5.2. Nesas táboas amósase só un pequeno extracto dun texto, pero os programas que xeran concordancias bilingües recollen milleiros de textos orixinais e traducións de infinidade de páxinas web multilingües para despois crear as parellas de oracións enlazadas. Se por exemplo queremos comprobar como se traduciron do inglés ao galego termos como «fire» ou «wildfire», o programa de concordancias vai buscar en todos os textos en inglés almacenados para localizar todas as oracións que conteñan eses termos e finalmente amosalas xunto coas correspondentes traducións. Tamén nos indica as fontes nas se que localizaron as oracións, cunha ligazón para podermos acceder aos textos completos; é dicir, non só podemos ver rapidamente os termos no seu contexto, senón que podemos recuperar a fonte completa orixinal. A táboa 5.3. amosa un fragmento dos resultados que nos pode ofrecer unha concordancia bilingüe.

Os contextos que nos proporciona a concordancia bilingüe permítenos ver como se usa na lingua orixinal o termo que buscamos, pero tamén posibles traducións á lingua termo.

Texto orixinal procedente do Correo da UNESCO (https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000109505/PDF/109505eng.pdf.multi)

Texto traducido procedente da versión galega do Correo da UNESCO

Wildfires

Thousands of wildfires flare up every year around the world, threatening towns and villages. Many are caused by hot, dry summers and set off by lightning. Others are started by lava flows or triggered by earthquakes. A few are the result of arson.

One recent major wildfire disaster occurred in Great Khingan Range (China), on 6 May 1987. Fanned by high winds for 20 days, the fires burned down 750,000 cubic metres of forest over a million hectares—13% of the total forested area or a fifth of the annual timber production of the region. The fire killed 191 people.

Incendios forestais

No mundo prodúcense todos os anos milleiros de incendios forestais que ameazan cidades e vilas. Moitos teñen a súa orixe en veráns secos e quentes xunto con tormentas eléctricas. As causas doutros son as coadas de lava ou os terremotos. Por último, outros son provocados.

Un dos peores incendios forestais dos últimos anos ocorreu na Grande Cadea de Khingan (China) o 6 de maio de 1987. Avivado por fortes ventos durante 20 días, o lume carbonizou 750.000 metros cúbicos de bosques en máis dun millón de hectáreas —o 13% dos bosques da zona, ou un quinto da súa produción madeira anual. No incendio morreron 191 persoas.

99

Táboa 5.1 Un texto orixinal procedente do Correo da UNESCO xunto coa súa tradución ao galego.

Na táboa 5.3. vemos só un extracto cuns poucos exemplos, pero nunha concordancia bilingüe real o normal é que teñamos moitos máis casos, dependendo sempre do termo que busquemos e da parella de linguas, claro. Fíxate en que as oracións da táboa 5.3. nos indican que «fire» ten dúas posibles traducións: en dous casos, «incendio» e nos outros tres, «lume». O contexto vai nos axudar a decidir cal é a opción que máis nos convén para a nosa tradución: «incendio» tende a aparecer nos textos científicos e de divulgación mentres que «lume» é unha palabra máis común que atopamos sobre todo na literatura, cine e textos non especializados.

Outra vantaxe das concordancias bilingües é que non só podemos buscar palabras, senón tamén frases e expresións feitas que normalmente non se recollen nas fontes lexicográficas convencionais xa que non son nin palabras nin termos. Por exemplo, tal e como vemos na táboa 5.4., podemos buscar os diferentes xeitos de traducir ao galego a expresión inglesa «to take for granted», como «dar por sentada», «dar por feito», «estar asegurado» ou «dar por descontado», opcións que nos servirán para atopar a tradución máis axeitada para o noso caso.

Wildfires	Incendios forestais
Thousands of wildfires flare up every year around the world, threatening towns and villages.	No mundo prodúcense todos os anos milleiros de incendios forestais que ameazan cidades e vilas.
Many are caused by hot, dry summers and set off by lightning.	Moitos teñen a súa orixe en veráns secos e quentes xunto con tormentas eléctricas.
Others are started by lava flows or triggered by earthquakes.	As causas doutros son as coadas de lava ou os terremotos.
A few are the result of arson.	Por último, outros son provocados.
One recent major wildfire disaster occurred in Great Khingan Range (China), on 6 May 1987.	Un dos peores incendios forestais dos últimos anos ocorreu na Grande Cadea de Khingan (China) o 6 de maio de 1987.
Fanned by high winds for 20 days, the fires burned down 750,000 cubic metres of forest over a million hectares—13% of the total forested area or a fifth of the annual timber production of the region..	Avivado por fortes ventos durante 20 días, o lume carbonizou 750.000 metros cúbicos de bosques en máis dun millón de hectáreas —o 13% dos bosques da zona, ou un quinto da súa produción madeireira anual.
The fire killed 191 people.	No incendio morreron 191 persoas.

Táboa 5.2 Os textos orixinal e traducido aliñados oración a oración.

Neste capítulo xa advertimos que é importante avaliar as nosas fontes de consulta, tamén as concordancias bilingües gratuítas que atopamos en internet, xa que os textos que compilan e procesan non sempre se revisan antes de incluílos na base de datos. Isto quere dicir que sempre debemos analizar as fontes das que se toman as oracións que se nos ofrecen na concordancia e decidir se son fiables ou axeitadas para a tradución que teñamos entre mans.

Dúas das páxinas de concordancias gratuítas máis coñecidas son Linguee (<https://www.linguee.com/>) e Glosbe (<https://www.glosbe.com/>), que ademais conteñen outras ferramentas como dicionarios. Así e todo, cómpre termos en conta que mentres que os dicionarios que analizamos no Capítulo 4 están elaborados por profesionais da lexicografía e da terminoloxía coa axuda de ferramentas informáticas, os de Linguee e Glosbe non se constrúen cunha supervisión profesional tan estrita e, ademais, incorporan métodos de traballo automatizados e admiten a participación de persoas particulares (véxase o Capítulo 7).

<p>The radioactive particles also combine with lead (which was used in 1986 to put out the fire and was then absorbed into the ground) to cause mental retardation and stomach ailments.</p>	<p>Por último, a combinación dos radionucleidos co chumbo (material empregado en 1986 para apaga-lo incendio e que se depositou no solo) provocou atrasos mentais e enfermidades gastrointestinais.</p>
<p>https://courier.unesco.org</p>	<p>https://courier.unesco.org</p>
<p>Earlier this year there were fears that fires raging across peat bogs in the contaminated zones could unleash radioactive clouds of smoke.</p>	<p>Así, a comezos de ano os especialistas temían que os incendios de turba, frecuentes nas zonas contaminadas, despedisen nubes de fume radioactivas.</p>
<p>https://courier.unesco.org</p>	<p>https://courier.unesco.org/es</p>
<p>Juana went to the fire pit and uncovered a coal and fanned it alive while she broke little pieces of brush over it.</p>	<p>Juana foi cara ó lume, sacou do rescaldo unha brasa aínda viva e asoproulle para que prendese mentres lle partía e achegaba uns garabullíños.</p>
<p><i>The Pearl</i>, by John Steimbeck.</p>	<p><i>A perla</i>, de John Steimbeck.</p>
<p>It would be lovely to sleep for one night in that cottage before the fire of smoking turf, in the dark lit by the fire, in the warm dark, breathing the smell of the peasants, air and rain and turf and corduroy.</p>	<p>Sería marabilloso pasar unha noite nesa cabana diante do lume de turba fumegante, na escuridade acesa pola lareira, na escuridade cálida, respirando o cheiro dos campesinos, aire e chuva, turba e pana.</p>
<p><i>A Portrait of the Artist as a Young Man</i>, by James Joyce.</p>	<p><i>Retrato do artista cando novo</i>, de James Joyce.</p>
<p>Within its centre, the rising heat from multiple fires, caused by both the heat flash and the blast wave upsetting stoves and open furnaces, is sucking in ground-level winds at speeds exceeding 100 miles an hour.</p>	<p>No seu cerne, a calor ascendente de múltiples lumes, causada pola laparada de calor e a vaga expansiva que afecta a caldeiras e fornelos, con ventos a nivel do chan con velocidades que exceden as 100 millas por hora.</p>
<p><i>The War Game</i>, by Peter Watkins.</p>	<p><i>The War Game</i>, de Peter Watkins.</p>

Táboa 5.3 Extracto dos resultados dunha concordancia bilingüe da palabra «fire».

Most people take it for granted that ecosystems will carry on performing services without receiving anything in return. https://courier.unesco.org	A maior parte dos individuos dan por descontados os enormes servizos que os ecosistemas prestan gratuitamente. https://courier.unesco.org
All this naturally was a sign of how much he took the intercourse itself for granted. <i>The Beast in the Jungle</i> , by Henry James.	Todo isto naturalmente era sinal de ata qué punto daba a propia relación por sentada . <i>A besta na xungla</i> , de Henry James.
Nothing can ever be taken for granted when women's rights are concerned, and every victory feminists win is a fragile one because feminism, though it fits the textbook definition of a movement for social change, is not yet recognised as a political fact. https://courier.unesco.org	En materia de dereito da muller nada está asegurado e toda conquista arrebataada polas feministas é fráxil, porque o feminismo, pese a ser por antonomasia un movemento de transformación social, aínda non é recoñecido coma un feito político. https://courier.unesco.org
A frequent complaint was that journalists merely took for granted that the audience knew what the story was about. https://courier.unesco.org	Un reproche que xurdía constantemente era que os xornalistas sempre daban por feito que os telespectadores sabían de que se lles falaba. https://courier.unesco.org

Táboa 5.4 Extracto dos resultados dunha concordancia bilingüe da expresión «take for granted».

Pero é innegable que a vantaxe fundamental das concordancias bilingües é que nos proporcionan unha grande cantidade de exemplos que ilustran o uso de palabras e termos e das súas equivalencias en contextos de uso tirados de textos reais.

Tanto Linguee como Glosbe ofrecen a opción de traducir unha palabra ou unha frase ou mesmo un texto enteiro mediante unha ferramenta de tradución automática, algo que pode ser útil se non atopamos o que buscamos no dicionario nin na concordancia; pero como xa dixemos antes e analizaremos con máis detalle no Capítulo 6, a tradución automática sempre ten os seus riscos.

Un dato curioso... As concordancias empregábanse xa para a investigación lingüística, o ensino de linguas e a lexicografía moito antes de que a tradución descubrixe a súa utilidade.

Que son as comunidades de tradución e os foros de discusión?

Ás veces o mellor xeito de atopar unha resposta ou resolver un problema é preguntarlle a outra persoa. Aínda que, como vimos no Capítulo 3, a maior parte de profe-

sionais da tradución traballa por conta propia (o que quere dicir que normalmente non teñen colegas de oficina na mesa do lado), internet permite que se conecten de contado con outras persoas de calquera parte do mundo; e de feito existen páxinas nas que se poden facer consultas profesionais a colegas de calquera parte do globo, que sempre ofrecen respostas ou suxestións.

Translators Café (<https://www.translatorscafe.com/cafe/>) e ProZ.com (<https://www.proz.com/>), por exemplo, son dúas comunidades de tradución de internet creadas por e para profesionais. Algunhas seccións destas páxinas son para uso exclusivo de profesionais, como a destinada a facilitar o contacto coa posible clientela para tratar as posibles ofertas de traballo. Se non es profesional non é unha sección que che interese, pero hai outras que si, como os foros de discusión, nos que todo o mundo pode facer preguntas e responder as dúbidas doutras persoas. Hai fíos de debate moi especializados, pero outros son máis xerais e están pensados para principiantes, como o titulado «Beginners: Ask Here!» de Translator's Café. Se nalgún momento, despois de investigar pola túa conta, non es capaz de atopar unha tradución axeitada ou non sabes como interpretar a información que che dá unha fonte de consulta, podes expoñer a túa dúbida nun destes foros de discusión. Pero antes é aconsellable que consultes algún dos fíos existentes para ver que tipos de preguntas se fan e como, xa que aínda que este tipo de comunidades adoita ser moi xenerosa á hora de compartir os seus coñecementos, non van querer facer o traballo por ti nin responder a dúbidas que non te molestaches antes en investigar.

Outra fonte de documentación lingüística que inclúe varias ferramentas é WordReference (<https://www.wordreference.com/>), que contén un foro de discusión sobre tradución (aínda que neste caso destinado á tradución non profesional), varios dicionarios bilingües, gramáticas, conxugadores de verbos e o seu recurso máis empregado: os foros lingüísticos. Nestes foros participa un abano de persoas moito máis variado, dende profesionais da tradución a docentes e alumnado de linguas ou simplemente persoas con curiosidade lingüística, polo que poden ser unha boa opción para consultar sobre a idiomaticidade dalgunha expresión ou o seu significado exacto. Unha vez máis, é conveniente consultar a sección «Terms and Rules» dos foros lingüísticos para sabermos que tipos de consultas se permiten e como formulalas para asegurarnos de que imos obter respostas.

Que ferramentas podemos empregar para a revisión?

No Capítulo 3 vimos que a tradución profesional inclúe sempre unha fase de revisión do texto final, o que por outra parte é unha boa práctica en calquera tipo de escrito que lle vaiamos a entregar a outra persoa (un traballo de curso, un informe de empresa, etc.). Para todos estes casos son útiles os correctores ortográficos e gramaticais, que localizan erratas, erros de concordancia e outras grallas que puidemos cometer

no texto. Isto é especialmente importante se escribirmos ou traducimos nunha lingua que non dominemos á perfección, pero mesmo na(s) nosa(s) lingua(s) materna(s) podemos cometer erros, polo que a revisión nunca está de máis. Moitos procesadores de texto inclúen correctores ortográficos e gramaticais, pero hai tamén ferramentas independentes que podemos empregar en liña, moitas das cales son de pagamento pero ofrecen unha versión gratuíta básica, por exemplo: Grammarly para o inglés (<https://www.grammarly.com/>), Bon Patron para o francés (<https://bonpatron.com/>), Ortogal para o galego (<https://ilg.usc.gal/corrector/index.php>), Flip para o portugués (<https://www.flip.pt/FLiP-On-line/Corrector-ortografico-e-sintactico>) e Spanish Checker para o español (<https://spanishchecker.com/>). E seguro que atopas outros para as linguas coas que ti traballes.

Outra técnica que pode ser útil para detectar erros ou para comprobar se o texto soa natural é a que podemos chamar «audición de probas», ademais da corrección de probas, que consiste no uso dun programa de síntese de voz para que lea o noso texto e así poidamos detectar erros que por escrito nos pasarían desapercibidos. Un exemplo deste tipo de sintetizadores de voz é Speechify (<https://speechify.com/>), que está dispoñible en varias linguas e ten unha versión limitada gratuíta e outra de pagamento máis completa. En galego contamos co programa Cotovía (<https://www.cirp.es/proxectos/proxecto-cotovia.html>).

Todas estas ferramentas son de axuda durante o proceso de revisión, pero cómpre termos sempre presente que ningunha delas é infalible e que, sexa como sexa, a responsabilidade da versión final sempre recae sobre nós.

Para concluír

Quizais non sexa o primeiro que se che ocorra cando pensas na tradución, pero é esencial termos habilidades de investigación de primeiro nivel; sexa para cuestións relacionadas co tema do texto ou sobre corrección lingüística precisamos saber onde buscar e se as fontes de consulta son fiables. Normalmente non hai fontes que poidamos cualificar como «boas» ou «malas» sen máis, senón que dependerá da tradución en concreto que esteamos a facer, xa que cada texto ten as súas características, o seu cometido e o seu público destinatario. Por iso a encarga (ver Capítulo 3) é fundamental para determinarmos cales son as mellores fontes de consulta. E aínda que non te dediques profesionalmente a traducir, avaliar as túas posibles fontes de documentación é tan importante como escoller as mellores ferramentas de traballo. Entre as mellores fontes de documentación están outros textos escritos na lingua de chegada que traten o mesmo tema que a nosa tradución, que servirán para sabermos como redactar na lingua termo un texto desa temática. Un metabuscador multilingüe é outra boa opción, xa que nos permite facer a mesma consulta en varios recursos ao mesmo tempo; por outra parte, unha concordancia bilingüe ofrécenos

exemplos de como se usan as palabras, termos e expresións na lingua de orixe e de como se traduciron á lingua de destino. E aínda que as fontes de consulta en liña conteñan unha boa parte da información que precisamos, o certo é que nada se pode comparar á axuda que nos poden ofrecer outras persoas colegas de profesión, ás que podemos acceder grazas aos foros de discusión en liña. Finalmente, un bo xeito de rematar un texto é combinar a potencia dos ordenadores cos nosos propios coñecementos: os correctores ortográficos e gramaticais axúdannos a localizar as erratas máis básicas, pero, en último termo, a responsabilidade da versión final da tradución recae sobre nós. O Capítulo 6 tratará con máis detalle a interacción entre persoas e ordenadores cando se analicen as ferramentas de tradución automática.

Puntos clave do capítulo

- Os recursos léxicos (como os dicionarios e as bases de datos terminolóxicas) son útiles para buscar palabras ou termos illados, pero precisamos complementalos con outros tipos de recursos e ferramentas.
- Na tradución profesional empréganse ferramentas como as memorias de tradución, pero se cadra non son útiles para as persoas que traducen ocasionalmente.
- Internet facilita a creación e publicación de información, pero non todo o que atopamos na rede é de calidade, polo que sempre debemos avaliar as nosas fontes de consulta.
- Para avalialas é fundamental sabermos se son fontes relevantes, cribles, actualizadas, precisas e obxectivas, para o cal debemos ter sempre presentes o obxectivo da tradución e o seu público destinatario.
- Os textos comparables son textos escritos na lingua termo e que teñen un contido, obxectivos e público destinatario semellantes aos do orixinal; en tradución empregámoslos para saber como se constrúen os distintos tipos de texto na lingua de chegada.
- Cun metabuscador poderás facer múltiples consultas lingüísticas en diferentes recursos cunha soa busca.
- As concordancias bilingües teñen certas características en común coas memorias de tradución, pero son máis doadas de empregar.
- Os programas que elaboran concordancias bilingües recollen textos orixinais e as súas traducións en distintas páxinas web e despois alíñanos oración a oración.
- Se buscamos un elemento léxico ou unha expresión na lingua orixinal, a concordancia amosará moitos exemplos de oracións dos textos orixinais que

conteñan a nosa busca xunto coas oracións correspondentes dos textos traducidos, o que nos permite ver as equivalencias en contextos reais.

- As concordancias bilingües en liña tamén adoitan proporcionarnos unha ligazón para acceder aos textos completos dos cales se tomaron os exemplos, o cal nos permite ampliar os contextos para avaliar con máis detalle a calidade da fonte.
- Mediante os foros de discusión podemos contactar con profesionais da tradución ou das linguas e con multitude doutras persoas afeccionadas a estes campos e consultarlles as nosas dúbidas sobre a tradución dun termo ou sobre como empregar correctamente unha expresión. Pero lembra consultar as regras ou instrucións do foro antes de enviar unha pregunta.
- A revisión é un último paso fundamental en calquera proxecto de tradución (e, de feito, en calquera texto que elaboremos), polo que é aconsellable empregar ferramentas como os correctores ortográficos e gramaticais ou os sintetizadores de texto a voz (que len os textos en voz alta) para que nos axuden a localizar calquera tipo de errata. Pero non hai ningunha ferramenta infalible, polo que somos nós quen temos a responsabilidade definitiva sobre os nosos textos.

Tema para debater

Velaí unha cuestión que pode servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Que ferramenta ou fonte de consulta lle recomendarías a alguén para unha tradución? Non pode ser nin un recurso dos máis coñecidos nin dos revisados neste libro, pero pode ser calquera outra cousa: un vídeo, un podcast, un programa informático... E tampouco é preciso que sexa un recurso lingüístico, pode ser sobre calquera outro aspecto da tradución: documentación, xestión do tempo, edición ou procesamento de texto, ditado, desenvolvemento profesional... Na resposta indica: a) nome da ferramenta; b) onde se atopa (por exemplo, unha ligazón); c) para que serve; e d) as súas vantaxes e desvantaxes. Seguro que entre todo o grupo de clase podedes reunir un bo feixe de ferramentas e recursos interesantes.

Exercicios

- **Escíbelle unha carta de amor ou de despedida a unha ferramenta ou a un recurso:** Escribir unha carta de amor ou de despedida é unha técnica empregada dentro da metodoloxía de traballo denominada Design Thinking

(método do deseñador ou pensamento do deseñador) e ten como obxectivo coñecer a opinión das persoas usuarias sobre algún produto. Pensar, polo menos para este exercicio, nas ferramentas e recursos como se fosen persoas axúdanos a ver como encaixan nas nosas vidas ou, neste caso, no noso traballo de tradución. Escribir unha carta é un bo xeito de sermos completamente conscientes da nosa valoración das ferramentas e recursos cos que traballamos, destacando os seus aspectos positivos e suxerindo solucións ou melloras para os negativos.

- Escolle unha ferramenta ou recurso que sexa aplicable a calquera tarefa do proceso de tradución; pode ser calquera dos recursos léxicos mencionados no Capítulo 4 ou neste, ou calquera outro que prefiras.
- Escríbelle unha carta de entre 250 e 300 palabras explicándolle por que che gusta ou por que non a vas a empregar máis; se tes sentimentos enfrontados, exprésaos tamén.
- Se queres podes facer tamén un vídeo no que leas a carta.
- **Analiza MagicSearch:** O metabuscador MagicSearch (<https://magicsearch.org/>) permite acceder a unha grande cantidade de recursos cunha única consulta. Comproba que opcións ten para as túas linguas de traballo e compara os resultados que ofrecen as diferentes fontes para a mesma busca. Hai algunha fonte que che pareza máis útil que as outras para a fase de comprensión do orixinal? E para a fase de elaboración do texto traducido?
- **Consulta unha concordancia bilingüe:** Proba unha concordancia bilingüe en liña como Linguee (<https://www.linguee.com/>) ou Glosbe (<https://www.glosbe.com/>) coas túas linguas de traballo e busca algunha expresión ou termo que non saibas moi ben como traducir. Cómpre que teñas sempre unha actitude crítica para avaliar correctamente as suxestións en función das fontes de onde procedan.
- **Estuda os foros de discusión:** Navega por algún foro de discusión como Translators Café (<https://www.translatorscafe.com/cafe/>), ProZ.com (<https://www.proz.com/>) ou WordReference (<https://www.wordreference.com/>). En que se parecen e en que se diferencian os temas tratados nos dous primeiros (máis profesionais) en comparación co terceiro (destinado a un público máis amplo)? Cal pensas que consultarías con máis frecuencia? Por que?
- **Analiza os correctores gramaticais e os sintetizadores de voz:** Proba na túa lingua algún dos correctores gramaticais gratuítos en liña ou algún dos sintetizadores de voz que citamos neste capítulo. Seranche de utilidade para revisar as túas traducións?

Para saber máis

BOWKER, Lynne. 2021. *Translating for Canada, eh?* University of Ottawa. <https://ecampusontario.pressbooks.pub/translatingforcanada/>.

108

- O capítulo 3 deste recurso educativo aberto e gratuíto presenta a noción de concordancia bilingüe e explica como utilízalas para traducir. Como exemplo e para os exercicios prácticos emprégase TradooIT, unha concordancia bilingüe en liña e gratuíta que traballa co inglés e o francés.

CHAN, Sin-wai, ed. 2023. *Routledge Encyclopedia of Translation Technology*. 2ª ed. Londres: Routledge.

- Esta enciclopedia reúne unha serie de traballos que serven como introdución a varias ferramentas de axuda á tradución, entre elas as concordancias bilingües.

KOSKINEN, Kaisa, e Minna RUOKONEN. 2017. «Love Letters or Hate Mail? Translators' Technology Acceptance in the Light of their Emotional Narratives». En *Human Factors in Translation Technology*, editado por Dorothy KENNY, 8–24. Londres: Routledge.

- Neste artigo as autoras aplican a profesionais da tradución a técnica da carta de amor ou carta de despedida do método *Design Thinking* (método do deseñador ou pensamento do deseñador) para que valoren as tecnoloxías que empregan no seu traballo. Os resultados amosan que a tecnoloxía é un aspecto fundamental da profesión e moi positivo en case todas as respostas, pero tamén que as ferramentas que non funcionan ben ou son complicadas de usar, afectan negativamente á produtividade e poden ser unha fonte de frustración.

Capítulo 06

A tradución automática

Nos Capítulos 4 e 5 coñeciches algunhas das ferramentas e recursos que podes empregar como axuda para traducir textos, como as bases de datos terminolóxicas en liña (TERMIUM Plus e IATE, por exemplo) ou as concordancias bilingües (como Linguee). Neste capítulo iremos un pouco máis aló e analizaremos algunhas ferramentas que pretenden automatizar as principais tarefas do proceso de tradución, como Google Translate, DeepL ou Baidu Translate. No mundo da tradución profesional estas ferramentas chámanse *sistemas de tradución automática* (*machine translation systems* en inglés porque antigamente os ordenadores denominábanse *computing machines*, e dicir, máquinas computadoras). En textos non especializados ou sobre lingüística podemos atopar tamén o termo *tradutor automático*, pero tanto se empregamos un como se empregamos o outro, o que se pretende con esta tecnoloxía é desenvolver todo o proceso de tradución sen intervención humana. Con frecuencia vai ser precisa a intervención dunha persoa para revisar e corrixir o borrador producido polo ordenador, pero o obxectivo da tecnoloxía é producir un texto completo e rematado. No resto deste capítulo (e, de feito, en todo o libro) empregaremos o termo *tradución automática* (TA), malia non estar completamente aceptado no campo, para referirnos ás ferramentas que serven para producir un borrador de tradución completo de forma automática. Pero isto non quere dicir que as persoas (ti ou eu, por exemplo) non teñamos intervención ningunha, xa que, como veremos, é fundamental que fagamos un uso sensato desta tecnoloxía e que saibamos decidir cando empregala e cando non.

Comezaremos cun rápido repaso á historia da TA, que nos servirá para comprender como se desenvolveu esta tecnoloxía ao longo do tempo e por que hoxe en día forma parte das nosas vidas. Descubrir como funcionan internamente estas ferramentas axudaranos a comprender as súas fortalezas e debilidades e a decidir con mellor criterio cando podemos confiar nelas ou cando buscar outras opcións. Veremos que se trata de ferramentas de fácil acceso e moi doadas de empregar, pero iso non quere dicir que as debamos de usar para todo. Valorar con criterio crítico os riscos que

levan implícitos estas ferramentas e saber decidir se empregalas ou non é parte do que denominamos *alfabetización en TA*. En definitiva, usar a TA é moi doado, pero usala con sentidío require que reflexionemos, por iso dedicaremos a maior parte deste capítulo a estudala a fondo.

Como xurdiu a tradución automática?

O campo de investigación da TA é máis antigo do que poida semellar. Aínda que estas ferramentas non acadaron popularidade entre o público xeral ata que en 2006 Google lanzou a primeira versión de Google Translate, o seu tradutor en liña gratuíto, o certo é que o interese por esta tecnoloxía data da época posterior á Segunda Guerra Mundial. Como vimos no Capítulo 2, no ano 1949 o matemático estadounidense Warren Weaver difundiu un documento de doce páxinas a dobre espazo coñecido como «Memorando Weaver» no que, inspirado polo éxito das técnicas criptográficas ou de desciframento de códigos empregadas durante a guerra, propoñía empregar ordenadores (que daquela eran un invento recente) para traducir entre linguas como o inglés e o ruso. Este modesto documento está considerado hoxe en día como un dos textos máis influentes das historia da TA e, de feito, desencadeou a investigación neste campo por todo o mundo. Madría leva!

As primeiras tentativas: a TA baseada en regras

Os primeiros intentos de construír un sistema de TA empregando técnicas criptográficas básicas como a cifraxa por substitución non funcionaron porque, como xa vimos no Capítulo 1, a tradución é *moito máis* complexa que un simple intercambio de palabras dunha lingua por palabras doutra. Pero a idea de empregar ordenadores para traducir semellaba moi prometedor e xa non había xeito de detela. No 1951 Yehoshua Bar-Hillel incorporouse ao Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (MIT) como o primeiro investigador do mundo contratado a tempo completo para traballar en TA; no 1952 organizou un congreso internacional que reuniu persoas de todo o mundo que tiñan como obxectivo poñer os ordenadores a traducir. Como resultado, no 1954 realizouse o chamado experimento Georgetown-IBM, que consistiu en desenvolver un sistema de tradución automática a pequena escala entre ruso e inglés e presentalo en público para convencer aos gobernos de que investisen na investigación en TA. O experimento estaba totalmente controlado porque o sistema de TA só era quen de traducir unhas 60 oracións, pero conseguiu chamar a atención e atraer o financiamento.

Durante toda a década seguinte a investigación continuou centrada na chamada TA baseada en regras, ou TABR, que basicamente o que pretendía era establecer un mapa de regras gramaticais detalladas e relacionas con grandes dicionarios bi-

lingües. Dado que a gramática e o vocabulario son compoñentes moi importantes dentro dunha lingua, a TABR conseguiu algúns éxitos, pero moi limitados. Como xa comentamos no Capítulo 1, cando nos comunicamos empregamos moito máis que a gramática e o vocabulario; por exemplo, para interpretar o significado dun texto recorreremos con moita frecuencia á información contextual e ao coñecemento do mundo real. Poñamos por caso a palabra francesa «avocat», que se pode traducir ao galego tanto por «avogado» como por «aguacate». Se temos a oración

J'ai mangé l'avocat.

[Eu comín o _____]

Como podemos saber cal é a tradución correcta de «avocat»? Abofé que non nos podemos fiar só da gramática e temos que recorrer á información contextual, como por exemplo o verbo «manger» (comer), e ao coñecemento de que o aguacate é un alimento mentres que un avogado é unha persoa e... non comemos xente! É dicir, a tradución correcta neste caso ten que ser «aguacate».

Pero, e se atopamos unha expresión como «That judge eats lawyers for breakfast» (ese xuíz almorza avogados)?. Neste caso temos que saber que «to eat somebody for breakfast» é unha expresión idiomática que se usa en sentido figurado, non literal, porque, como dixemos, non comemos xente. É razoable pensar que un ordenador (que nin é intelixente nin ten coñecemento do mundo real) vai saber distinguir estes casos?

Un atranco no camiño: o informe ALPAC

Pois non, non podemos esperar que os ordenadores pensen como o facemos nós. Aínda que se traballou moito neste problema durante máis dunha década, ninguén conseguiu que un ordenador traducise correctamente textos que contivesen algo máis ca significados literais evidentes ou excepcións preprogramadas. Como é comprensible, os organismos que financiaban con grandes cantidades de diñeiro as investigacións en TA estaban descontentos, polo que no 1964 o goberno dos Estados Unidos creou un comité de científicos coñecido como Comité Asesor de Procesamento Automático da Linguaxe (ALPAC en inglés) e encargoulle a avaliación do estado da investigación en TA e a elaboración de recomendacións para o futuro. No ano 1966 presentou o coñecido como informe ALPAC que, en resumo, dicía que a TA era demasiado lenta, cara e de mala calidade, polo que recomendaban á comunidade investigadora que se centrara en desenvolver ferramentas de tradución asistida por ordenador ou TAO (como as que vimos no Capítulo 5) no canto de seguir a traballar na TA sen intervención humana. Como resultado, recortouse o financiamento da TA e durante un par de décadas practicamente non se fixeron avances, coa excepción do proxecto METEO da Université de Montréal na década de 1970. Este sistema de

tradución automática estaba especificamente deseñado para traducir partes meteorolóxicas de inglés a francés e deu moi bos resultados porque se trata de textos moi sinxelos en canto ao vocabulario e ás estruturas sintácticas que empregan: a noite vai ser fría, teremos unha tarde solleira, mañá cubriranse os ceos... Dadas estas restricións, a sublinguaxe das predicións meteorolóxicas resultou ser a candidata ideal para a TA, pero en realidade non deixa de ser unha excepción e, de feito, a día de hoxe aínda non se atopou outra sublinguaxe semellante na que funcione tan ben. Ademais, as necesidades de tradución non se limitan aos partes do tempo, senón que precisamos traducir textos de temas moi diferentes e con distintos graos de complexidade.

Un novo xeito de pensar: a tradución automática estatística

Aínda que as investigacións en tradución automática foron escasas durante as décadas de 1970 e 1980, a tecnoloxía informática si que continuou avanzando e na década de 1990 os ordenadores eran máis pequenos, máis rápidos e máis potentes. Ao mesmo tempo, estábanse a crear cada vez máis textos en formato dixital con ferramentas como os procesadores de texto, o que, xunto coa crecente popularidade de internet e da World Wide Web, facilitou a difusión de documentos electrónicos. Todos estes avances permitiron pensar na TA dun xeito totalmente diferente. Os primeiros intentos de crear sistemas de TA baseábanse no uso de regras gramaticais e dicionarios, pero como non se lles conseguiu incorporar o tipo de coñecemento do mundo real que temos as persoas, os ordenadores non podían procesar a lingua como o facemos nós, polo que finalmente as ferramentas lingüísticas non conseguiron producir boas traducións. Por este motivo as investigacións comezaron a virar a vista cara ás tarefas que os ordenadores si poden facer ben, como a identificación de patróns regulares ou o cálculo rápido. Poderíanse aplicar estas operacións á tradución?

Na seguinte fase de desenvolvemento da TA decidiuse explotar estas tarefas nas que os ordenadores dan bos resultados para construír un novo enfoque da TA *baseado en datos*. Esta nova estratexia consistía en darlle ao ordenador unha enorme cantidade de textos xa traducidos por persoas e empregalos para adestrar o sistema de TA. Grazas á capacidade de identificación de patróns, o sistema pode localizar todos os exemplos que haxa dunha expresión concreta na lingua de partida e logo conta cantas veces se traduciu como X ou como Z; despois, mediante complexos cálculos estatísticos, pode determinar a probabilidade de que a mellor tradución da expresión que nos interesa sexa unha ou a outra.

Como algunhas das cousas que mellor fan os ordenadores son identificar patróns e facer cálculos, os resultados da tradución automática estatística (SMT en inglés) foron sorprendentemente bos, moito mellores, de feito, que os dos sistemas de TABR,

o que levou a investigadores como G. A. Fink, F. Kummert, e G. Sagerer (1995) a formular unha pregunta moi atrevida: «cunha amiga como a estatística, quen precisa da lingüística?». En consecuencia, dende mediados da década de 1990 ata aproximadamente 2016 a estatística dominou toda a investigación sobre TA.

113

No 2006 Google presentou a primeira versión de Google Translate, unha ferramenta gratuíta de TA estatística que non tardou en popularizarse. Para celebrar o décimo aniversario da ferramenta no 2016 a empresa publicou algúns datos interesantes no seu blog *The Keyboard*: Google Translate pasara neses anos de traducir entre dúas linguas a 103, e duns poucos centos de persoas usuarias a 500 millóns (Turovsky 2016). O ano 2016 foi outro fito interesante para a TA porque xurdiu unha nova estratexia, tamén baseada en datos, para facer que os ordenadores traduzan: a tradución automática neuronal (NMT en inglés).

Onde nos atopamos hoxe? A TA neuronal e a necesidade de alfabetización en TA

As ferramentas de TA gratuítas en liña son cada vez máis populares, como sinala o blog *The Keyboard*, que no 2021 informaba de que só a app para Android de Google Translate tiña máis de mil millóns de descargas (Pitman 2021). Ademais das vantaxes obvias de ser gratuíta e en liña, outro dos motivos polos que Google Translate e outras ferramentas semellantes son tan empregadas é que a TA neuronal supuxo un importante pulo á calidade dos textos traducidos.

A TA neuronal tamén está baseada en datos e emprega unha técnica da intelixencia artificial denominada aprendizaxe automática, que tamén require que se lle proporcionen ao sistema enormes cantidades de textos e as súas traducións humanas como material de adestramento. No caso da TA neuronal, o sistema contén unha rede neuronal artificial que consulta o corpus de adestramento e, a partir dos patróns identificados neses datos, aprende a traducir novos textos. Aínda que as traducións resultantes non son perfectas, normalmente son moito mellores que as producidas polos sistemas de TABR e tamén superan os sistemas de TA estatística. Malia non seren perfectos, o salto en calidade dos sistemas de TA neuronal, xunto coa facilidade de acceso e de uso destas ferramentas, fai que na actualidade sexa cada vez máis necesaria a alfabetización en TA. Cando unha ferramenta é moi doada de empregar é doado deixarnos levar e usala sen pensar moito en como o facemos ou en se é a mellor opción. No caso dos sistemas de tradución automática en liña gratuítos, calquera que teña unha conexión a internet pode acceder a eles e, por outra parte, manexar programas como Google Translate ou DeepL é moi sinxelo: non temos máis que abrir a páxina web ou a app, seleccionar a lingua termo, escribir ou colar o texto que queiramos traducir e... velaí! Tradución lista. Mesmo hai casos nos que o programa de tradución está incrustado na plataforma de redes sociais como X (a antiga Twitter) ou Facebook, ou nos navegadores como Chrome ou Edge, de xeito que

non temos nin que activar a TA; de feito, aínda que non sexamos conscientes, moitas veces estamos a ler traducións automáticas e non textos orixinais.

114 Esta especie de maxia da TA é algo que se destaca habitualmente na prensa xeneralista, que é a única fonte de información sobre a TA que ten a meirande parte da poboación (Vieira 2020). Cando a prensa presenta os milagres da TA, esquece contar como funcionan en realidade estas ferramentas (que dan bos resultados porque están adestradas con traducións de calidade feitas meticulosamente por profesionais), así como os posibles riscos que implica o seu uso.

Xa que logo, que deberíamos saber das ferramentas gratuítas de tradución automática en liña? Na seguinte sección atoparás algúns consellos que che permitirán mellorar os teus coñecementos sobre a TA.

Que é a alfabetización en tradución automática?

Xa vimos que usar as ferramentas gratuítas en liña de TA é moi sinxelo; e se cadra xa o comprobaches tamén na práctica. A interface é moi sinxela e o proceso tamén; polo tanto, a alfabetización en TA non se refire a «como» usar a ferramenta, senón máis ben a aprender como funciona internamente, cando e onde pode ser de utilidade e como tirarlle o mellor partido posible. Se non tes uns bos coñecementos de TA, a velocidade e a facilidade de uso destas ferramentas pódennche facer subestimar as complexidades da tradución e sobrevalorar as capacidades das ferramentas, o que terá como consecuencia que as uses mal. Nas próximas páxinas poderás mellorar os teus coñecementos de TA para usala con máis seguridade.

Un dato curioso... Usar a TA é moi doado, pero usala con sentidiño require que reflexionemos.

Algunhas implicacións do uso de datos nos sistemas de TA neuronal

Como xa vimos, os sistemas actuais de TA son sistemas neuronais baseados en datos e aínda que non é preciso que todo o mundo saiba como funcionan para poder usalos, igual que non precisamos saber como funciona un motor de combustión interna para conducir un coche, unhas nocións básicas axudarannos a facer un uso máis eficiente desta tecnoloxía, igual que para conducir un coche. Por exemplo, para conducir é importante sabermos que se pisamos o freo o coche vai diminuír a velocidade e parar; ou que cando o marcador do combustible chega a cero o motor deixa de funcionar, polo que debemos ter o depósito sempre cheo; ou que ás veces as luces se funden; ou que nos retrovisores os obxectos semellan estar máis lonxe do que están. Todo isto axúdanos a facer un mellor uso do coche ao tempo que aumenta a nosa seguridade e a das persoas que nos rodean. Aínda que a TA neuronal non ten

nada que ver cun coche, saber como funciona por dentro vains descubrir as súas vantaxes e limitacións e axudaranos a empregala de forma responsable e eficaz. Xa que logo, que significa que a tradución automática neuronal estea baseada en datos? E por que é importante?

115

En certo senso poderíase dicir que un sistema de tradución automática neuronal é como unha crianza: ao principio non sabe nada pero pode aprender a facer certas cousas vendo exemplos de como se fan. Os exemplos que precisa a TA neuronal para aprender a traducir son traducións que xa estean feitas xunto cos seus textos orixinais, que se almacenan aliñados nun *corpus paralelo*, é dicir, facendo coincidir as oracións dos textos orixinais coas súas correspondentes traducións.

Para que este tipo de corpus sexa útil como ferramenta de adestramento para o sistema de TA neuronal, é fundamental que sexa ENORME porque, a diferenza das crianzas, que poden aprender a facer algo véndoo só unhas poucas veces, os ordenadores non son intelixentes e a súa forma de aprendizaxe require de moitísimos exemplos dos que poder tirar datos para faceren a súa aproximación a unha tarefa. Como xa vimos, a tradución é unha actividade complexa, polo que o corpus de adestramento debe conter milleiros, ou mesmo ducias de milleiros, de textos xa traducidos. En resumo: cantos máis exemplos consulte o sistema de TA neuronal, máis aprenderá e mellores serán as traducións que faga. Isto ten importantes implicacións, porque hai linguas máis usadas que outras, o que significa que é máis doado construír un corpus paralelo dunhas linguas ca doutras.

Por exemplo, o inglés e o francés son dúas linguas moi empregadas e, ademais, tradúcense moitos textos dunha á outra, como en Canadá, onde as dúas son oficiais e o goberno traduce entre elas constantemente. Por outra parte, o inglés e o francés tamén son oficiais en varios organismos internacionais, como a Comisión Europea, as Nacións Unidas ou a Organización Mundial da Saúde, por citar só tres. Isto quere dicir que é doado atopar unha boa cantidade de exemplos de textos traducidos entre estas linguas cos que compilar un corpus de adestramento. De feito, no mundo da TA estatística o inglés e o francés coñécense como linguas con moitos recursos, sexa como parella de tradución ou individualmente. E cando hai moitos recursos (é dicir, traducións anteriores) que se poden empregar no adestramento, a calidade da TA neuronal aumenta.

Pero non todas as linguas ou pares de linguas teñen tanto uso. O islandés ou o galés, por exemplo, non son linguas moi faladas e ademais están localizadas en áreas xeográficas reducidas, polo que non é tan doado atopar textos nestas linguas como en inglés, o que motiva que se denominan linguas con poucos recursos. Se ademais buscamos textos traducidos entre galés e islandés é probable que non deamos con moitos; é dicir, son un par de linguas con moi poucos recursos. En consecuencia, se non temos exemplos abondo para adestrar o sistema de TA neuronal, producirá traducións de moita menos calidade que no caso dos pares de linguas con moitos

recursos. Para tentar solucionar este problema algunhas ferramentas recorren ao que se coñece como lingua ponte ou lingua pivote. Isto quere dicir que no canto de traducir directamente dende o islandés ao galés, o proceso divídese en dúas fases diferentes que pasan por unha das chamadas linguas con moitos recursos, como o inglés.

Tradución directa	de islandés a galés
Tradución indirecta a través dunha lingua ponte	de islandés a inglés e despois de inglés a galés

Esta estratexia baséase no feito de que é máis doado compilar un corpus de traducións entre islandés e inglés e entre inglés e galés que entre islandés e galés directamente. Así e todo, a tradución indirecta abre a porta a outros posibles problemas, como por exemplo que traducindo o texto dúas veces temos o dobre de posibilidades de cometer erros; é máis, se hai un erro na primeira fase do proceso (a tradución dende o islandés ao inglés), vai pasar directamente á segunda fase (tradución do inglés ao galés).

Cómpre tamén termos en conta que hai linguas que teñen distintas variedades rexionais. Veremos esta cuestión con máis detalle no Capítulo 7 cando analicemos a *localización*, pero de momento quedémonos coa idea de que linguas como o inglés, o francés, o árabe ou o chinés teñen máis dunha variedade: inglés norteamericano e inglés británico, francés canadense e francés belga, árabe levantino e árabe magrebí, mandarín e hakka. É dicir, malia que sexa relativamente doado compilar un corpus de adestramento para unha variedade lingüística máis usada ou dominante, para as menos usadas é moito máis complicado. Como consecuencia, aínda non é frecuente atoparmos ferramentas de tradución en liña gratuítas que nos permitan seleccionar variedades rexionais, aínda que isto podería mudar no futuro.

Por iso, cando falamos de sistemas baseados en datos, podemos dicir que canto máis grande, mellor. Así e todo, a cantidade non é abondo para conseguir producir boas traducións, porque tamén é fundamental incluír no corpus de adestramento o tipo de datos axeitado. Pero cales son os datos axeitados?

Cando falamos de linguas con moitos recursos e con poucos recursos tamén é importante ter en conta que, como vimos no Capítulo 4, existe unha diferenza entre a lingua xeral e a linguaxe especializada. Para que un sistema de TA poida traducir correctamente un texto dun ámbito especializado (como a saúde, o dereito, a economía ou a enxeñaría) precisa adestrarse con exemplos de textos dese campo. Se se adestra cun corpus paralelo de lingua xeral, non é probable que dea bos resultados con textos especializados. Do mesmo xeito, se a ferramenta se prepara con textos dunha única especialidade, por exemplo o dereito, terá dificultades para facer unha

boa tradución dun texto dun ámbito como a saúde. En definitiva, a cuestión dos recursos non só se refire ás linguas senón tamén aos tipos de texto e aos campos de especialización. Se un sistema de TA neuronal non viu exemplos abondo dun termo especializado en particular ou dun tipo ou xénero de texto concreto (como contratos, informes, patentes, etc.), non vai ter datos abondo desa área para producir unha tradución de calidade.

Se combinamos todos estes parámetros decatáronos de contado de que compilar un corpus de adestramento para as linguas con moitos recursos ou para a lingua xeral é moito máis doado que facelo para linguas con poucos recursos e en campos especializados. Por exemplo, vai ser moi difícil reunir un corpus de traducións de islandés a galés sobre odontoloxía ou enxeñaría aeromecánica.

Os corpus de adestramento poden revelar outros problemas. Na actualidade sabemos, por exemplo, que Google Translate fai con frecuencia traducións con linguaxe sexista. Hai algunhas linguas como o turco que teñen un pronome de terceira persoa singular sen marca de xénero. Así, o pronome «o» emprégase tanto para o masculino, como para o feminino e para o neutro. Cando un sistema de TA neuronal traduce do turco ao inglés precisa decidir como traducir o pronome, pero como o elixe? O que fai é analizar o corpus de exemplos e aprender del, o que semella razoable, non si? Pois o certo é que Google adoita traducir o pronome turco neutro «o» por «he» (el) cando o contexto que o rodea contén palabras como «doutor» ou «intelixente» (que en turco se refiren tanto ao masculino como ao feminino), pero tradúceo por «she» (ela) cando o contexto presenta palabras como «enfermeiro» ou «fermoso» (que tampouco teñen marca de xénero en turco). Por que sucede isto?

Lembras que dixemos antes que un sistema de TA neuronal ás veces se pode comparar a unha crianza, que aprende observando e imitando o que fai a xente? Pois hai ocasións nas que aprenden cousas que non nos gustan, como as palabras malsoantes e os xuramentos. Se unha crianza observa que unha persoa adulta emprega un xuramento, vaino repetir de contado e constantemente, para desgusto do pai e da nai. No caso dos sistemas de TA neuronal, estes consultan os exemplos do corpus de adestramento para ver como se traduciron con anterioridade as distintas palabras e sucede que, na maioría de textos, as oracións que conteñen as palabras «doctor» e «intelligent» (sen marca de xénero en inglés) conteñen tamén o pronome «he» (el) pero non «she» (ela). Como resultado, Google Translate aprendeu a asociar o pronome masculino «he» con este tipo de palabras e, xa que logo, elíxeo sempre que aparecen no texto. A orixe do problema non está, en realidade, en Google Translate, senón nos datos do corpus e sinala un problema social de moito maior alcance, xa que tradicionalmente se animou aos homes a seguir certas carreiras mentres que as mulleres quedaban relegadas a outras. Co tempo, este comportamento social remata por codificarse nos textos e estes textos empréganse para adestrar os sistemas de TA neuronal. Así, do mesmo xeito que unha crianza aprende a xurar mediante a

observación das persoas adultas, a TA pode tamén aprender e amplificar a linguaxe sexista. E o mesmo sucede con outros nesgos e prexuízos que poden aparecer nos textos, como os raciais ou relixiosos.

- 118 Que relevancia ten isto para as persoas que usan os sistemas de TA gratuítos en liña? Se ben é certo que as persoas usuarias non teñen control ningún sobre os datos que se empregan para adestrar estas ferramentas, deberían ser conscientes destes problemas porque nos amosan que a TA non é simplemente boa ou mala sen máis e que se traballamos con linguas de moitos recursos o resultado vai ser mellor. Pola contra, se traballamos con linguas de poucos recursos, o resultado que nos dea a TA vai ser de menor calidade. E aínda que non poidamos controlar os nesgos dos datos e que estes poidan aparecer nas traducións, como mínimo debemos saber que existe esa posibilidade para podermos detectala e, se é preciso, corríxila.

Outra cuestión importante que cómpre ter en conta é que as distintas ferramentas existentes (Baidu Translate, DeepL, Google Translate, Microsoft Translator, Naver Papago, Reverso, Systran, Yandex.Translate, etc.) foron creadas por distintas empresas e están adestradas con cadanseu corpus, o que significa que aprenderon cousas diferentes e producirán por iso resultados diferentes. Efectivamente: non hai dúas ferramentas que fagan exactamente a mesma tradución. Moita xente prefere usar unha única ferramenta (case sempre Google Translate) sen sequera saber como funcionan as outras. Dependendo da parella de linguas ou do campo de especialización no que traballemos, paga a pena probar algunha outra ferramenta para ver se algunha dá mellores resultados. Lembra ademais que estas ferramentas están aprendendo constantemente, polo que non é boa idea desbotar unha só porque nunha ocasión non nos deu bos resultados. Sempre é mellor agardar unhas semanas e probala de novo, porque se cadra aprendeu cousas novas.

Por que é importante a transparencia?

Agora que coñeces os problemas que pode presentar a TA baseada en datos, non che custará comprender que é importante saber se un texto se traduciu con TA e con que sistema. Por exemplo, certa información como a lingua de orixe, o sistema de TA ou se a tradución foi revisada e corrixida por unha persoa, pode axudarnos a valorar se podemos fiarnos máis ou menos dunha tradución en concreto. Por iso é tan importante a transparencia en todo o que ten que ver coa TA. Transparencia significa dicirlles a todas as persoas usuarias dun sistema de TA como se fan as traducións, porque sen unha indicación clara poderían pensar que se trata de textos traducidos ou revisados por persoas e, xa que logo, dalos por bos sen máis. Pero se se trata dunha tradución automática sen revisar, podería conter erros. Isto non significa que non debamos empregar a TA; moi ao contrario, porque poden ser moi útiles se se empregan con siso, para o cal precisamos información. Xa que logo, se vas usar a

TA para producir un texto que vas compartir con outras persoas, deberías indicar claramente e de forma visible detalles como a lingua de orixe, o sistema de TA empregado, os controis de calidade aplicados (o texto revisouse ou editouse ou non) e a data de tradución. Con esta información as persoas destinatarias poderían decidir por si mesmas se confiar ou non na tradución; sen ela, non terían criterio para tomar unha decisión e poderían dar por boa unha tradución de mala calidade.

Para o alumnado, a transparencia sobre o uso da TA pode estenderse tamén ao traballo do curso: é lícito empregala nun contexto académico de estudo e aprendizaxe? Aínda que non hai unha resposta clara a esta pregunta, convén considerala dende o punto de vista da transparencia. En primeiro lugar, sería conveniente que o profesorado establecese unhas normas claras sobre o uso da TA; e se non o fan, pídelles que o fagan. Se existen esas normas deberías cumprilas e preguntar sempre que teñas algunha dúbida. Se non existen, pregúntate como encaixa o uso da TA cos obxectivos do curso ou da materia. Por exemplo, se estás a facer un curso dunha lingua estranxeira, iría contra o espírito e os obxectivos do curso escribir textos na túa lingua materna e despois traducilos cunha ferramenta de TA. Pero poderías empregar a TA cun obxectivo máis específico, como traducir fragmentos máis curtos ou avaliar o teu traballo por medio da retradución. Pola contra, se se trata dun curso de calquera outra temática pero que se está a impartir nunha lingua estranxeira (como un curso de xeografía, ou ciencias impartido en inglés, por exemplo), sería menos polémico usar a TA para comprender os materiais de estudo ou redactar traballos. Sexa como sexa, se decides empregar a TA deberías indicar de forma transparente que ferramenta empregaches e como; é dicir, se consultaches a terminoloxía, ou se traduciches só algúns fragmentos ou todo o texto. Deste xeito, ti e o profesorado teríades a mesma información e, se tivesen dúbidas sobre o teu traballo poderían abordalas contigo de xeito construtivo.

Outra cuestión importante que debemos lembrar ao usar a TA nos estudos é que segue sendo fundamental citar correctamente todas as obras de referencia. Se empregas ideas tomadas doutras autorías segue sendo necesario citar a fonte de onde as tomas, aínda que as parafrasees ou que as traduzas a outra lingua. O recoñecemento transparente das fontes de consulta segue sendo fundamental independentemente da lingua na que escribas ou prepares o traballo.

Como facemos a avaliación de riscos?

Nos apartados anteriores, nos que tratamos a TA baseada en datos e a transparencia, xurdiu o concepto de avaliación de riscos. Vimos por exemplo que a tradución entre linguas de moitos recursos adoita ser de mellor calidade que entre linguas con menos recursos, sexa esta última directa ou mediante unha lingua ponte, polo que neste caso debemos tomar os textos traducidos con certas cautelas. Comentamos

tamén que a transparencia é fundamental, porque con datos como se un texto é produto da TA, a lingua de orixe, o sistema empregado ou os controis de calidade aplicados, o público receptor pode decidir o grao de fiabilidade que lle dá á tradución. Os anteriormente citados son elementos importantes para a avaliación de riscos en TA, pero non os únicos que cómpre ter en conta.

Un dos máis importantes ten que ver co obxectivo e o contexto de uso do texto traducido. Por exemplo, empregar a TA para entender a letra dunha canción, un manga ou un comentario nunha rede social é unha situación de risco baixo porque non é probable que unha mala tradución vaia ter consecuencias graves. Pero pola contra, se usas a TA para traducir un manual de coidados postoperatorios ou para cubrir formularios de inmigración, esas si son situacións de alto risco porque unha tradución de mala calidade podería ter graves repercusións na túa saúde ou no teu futuro.

Outra cuestión relacionada é se a tradución a precisamos para comprender un texto ou para producir un texto novo. Así por exemplo, unha tradución automática sen revisar nin corrixir pode servir para comprender un texto dun tema co que esteamos familiarizados, no que podemos empregar os nosos coñecementos para compensar os defectos da tradución. Pero se cadra non é boa idea recorrer á TA para publicar un texto na páxina web da nosa empresa, porque unha mala tradución podería afectar á súa imaxe ou reputación.

Tamén hai factores externos como os prazos ou o orzamento que poden influír na nosa decisión de se empregar a TA ou de que xeito. Se estamos nunha situación na que é urxente compartir certa información pode ter sentido usar a TA, polo menos para producir un borrador inicial que despois alguén terá que revisar e corrixir, todo en menos tempo do que levaría traducir dende cero.

Por último, hai outro risco que se pode dar en relación coa TA gratuíta en liña: se cadra pensas que o texto que introduces no sistema para traducir desaparece cando pechas a xanela, pero non sempre é así, porque moitas empresas provedoras de servizos como Google ou Microsoft indican nas condicións de uso que teñen dereito a conservar os datos e reutilizalos para outras tarefas, como adestrar os sistemas de aprendizaxe automática. Unha vez que introducimos un texto nun sistema de TA gratuíta en liña é imposible retiralo, por iso é fundamental termos en conta a natureza do texto e non cargar información delicada ou confidencial.

Como interactuamos coa TA?

Unha última maneira de mellorar a nosa alfabetización en TA é reflexionar sobre o mellor xeito de interactuar con estas ferramentas para tirarlles máis partido. Polo xeral isto podémolo facer antes ou despois de cargar o texto no sistema de TA e pode depender de se precisamos a ferramenta para redactar un texto que imos compartir

con alguén ou para comprender un texto elaborado por outra persoa. Se só precisamos a TA para comprender un texto non será preciso que o corriamos, pero se a queremos para producir un texto para outras persoas deberemos revisar tanto o texto orixinal como a tradución.

De feito, o autor ou autora dun texto que se vai traducir pode influír na calidade da tradución asegurándose de que o orixinal está correctamente redactado. En informática existe a expresión «Garbage in, garbage out» (GIGO), que significa algo así como «se entra lixo, sae lixo», unha idea que sen dúbida tamén se pode aplicar á tradución. Un texto orixinal pouco claro ou mal redactado é máis difícil de comprender, polo que con toda seguridade vai dar como resultado unha tradución de mala calidade. Logo, como debemos redactar para mellorar a calidade da tradución? En realidade isto vai depender da lingua de que se trate, pero o máis importante é reducir a ambigüidade, para o cal, polo menos en inglés, compre termos en conta as seguintes directrices:

- Empregar oracións relativamente curtas, de entre 15 e 25 palabras.
- Empregar a voz activa mellor que a pasiva.
- Empregar a terminoloxía de xeito coherente, evitando, por exemplo, introducir sinónimos innecesarios.
- Repetir os nomes propios no canto de empregar pronomes.
- Usar correctamente a puntuación.
- Non usar longas cadeas de modificadores.
- Non usar expresións idiomáticas nin marcadas culturalmente.

Unha vez que teñas o texto preparado para que ao sistema de TA lle sexa máis sinxelo, pódelo cargar para que o traduza. Se tes coñecementos da lingua termo, seguro que detectas pasaxes concretas nas que a tradución está menos lograda; se é así, podes volver ao texto orixinal e redactar de novo esas partes para facilitarlle o traballo ao sistema de TA. Repetiremos estes pasos todas as veces que sexa preciso, ata que non poidamos mellorar máis a tradución. A vantaxe de traballar deste xeito é que nos podemos concentrar na preparación do texto orixinal, que probablemente estará escrito na nosa lingua principal, no canto de termos que corrigir o texto traducido, escrito con toda seguridade nunha lingua que non dominamos tanto.

En todo caso, malia que nos esforcemos en reducir as ambigüidades do texto orixinal para que sexa máis doado para o sistema de TA, é probable que rematemos cunha tradución que aínda precisa máis correccións. Se cadra coñecemos a fondo a lingua de chegada e podemos facer nós mesmas esas correccións, pero se non é así o mellor sería pedirlle a unha persoa falante nativa desa lingua que revise o texto antes de distribuílo.

O grao de revisión que precisa un texto depende da súa finalidade: se é para consumo interno ou para unha actividade que non vai ter grandes repercusións abondará con que poidamos comprender o sentido xeral do texto e que a tradución sexa mínimamente correcta, aínda que soe forzada ou pouco elegante. Para finalidades máis delicadas ou de maior repercusión precisaremos unha revisión máis fonda, para asegurarnos de que a tradución é precisa e soa natural, sobre todo se se vai publicar. Non é posible dar uns criterios únicos e definidos para facer a posedición, xa que dependen das linguas en cuestión, pero velaquí uns consellos xerais que nos axudarán a conseguir unha tradución aceptable para casos de baixo risco:

- Corrixir os erros de significado.
- Comprobar que non se engadiu nin se eliminou información involuntariamente.
- Corrixir calquera tipo de expresión que se poida considerar ofensiva ou inadecuada.

Se, ademais, queremos publicar a tradución, podemos engadir:

- Comprobar que se respectan as normas ortográficas e gramaticais.
- Reestruturar as oracións para que o texto sexa máis fluído e idiomático.

Despois de corrixir os erros de significado e os problemas estilísticos o texto estará xa en condicións de publicarse.

Para concluír

Na actualidade a TA é xa unha tecnoloxía accesible, doada de usar e en constante proceso de mellora. Ao mesmo tempo, o mundo é cada vez máis multilingüe, o que entre outras cousas significa que a TA vai ser case o único que a sociedade xeral coñeza da nosa profesión. Aínda que as ferramentas de TA en liña gratuítas sexan doadas de empregar é imprescindible que o fagamos cunha actitude crítica e que saibamos decidir cando, como e por que utilizalas; ou se precisamos tamen outras ferramentas como as concordancias; ou cando cómpre posedar unha TA; ou en que casos debemos contratar servizos profesionais. Se sabemos como funciona a TA poderemos valorar os seus beneficios e riscos para usala con intelixencia e do xeito máis produtivo.

Puntos clave do capítulo

- O termo con que en inglés se fai referencia á *tradución automática* (TA) é *machine translation* e fai referencia a que antigamente os ordenadores se denominaban *computing machines*, e dicir, máquinas computadoras.

- As ferramentas de TA están pensadas para automatizar as principais fases do proceso de tradución e producir un texto traducido completo.
- Os primeiros sistemas de TA, coñecidos como TA baseada en regras, empregaban grandes dicionarios bilingües e conxuntos moi detallados de regras gramaticais co obxectivo de procesar a lingua como o faría unha persoa, pero tiveron pouco éxito porque os ordenadores non teñen acceso ao contexto nin ao coñecemento do mundo real.
- Co avance da tecnoloxía informática e o aumento da produción de textos en formato electrónico, a investigación en TA comezou a desenvolver sistemas estatísticos baseados en datos e nas tarefas que mellor executan os ordenadores, como a identificación de patróns ou o cálculo rápido.
- Os primeiros sistemas de TA baseados en datos recorrían a análises estatísticas, pero na actualidade a TA neuronal emprega redes neuronais artificiais en combinación con técnicas de aprendizaxe automática.
- Aínda que as ferramentas de TA son doadas de empregar, precisamos coñecelas ben para usalas de forma responsable e eficaz.
- Unha das compoñentes da alfabetización en TA é a comprensión do funcionamento básico dos sistemas baseados en datos, e sobre todo que depende da calidade dos mesmos.
- Os sistemas de TA baseados en datos funcionan mellor con linguas que teñen moitos recursos, é dicir, as linguas e os pares de linguas máis usados; pola contra, coas linguas e variedades dialectais menos usadas e con menos recursos, os mesmos sistemas producirán traducións de menor calidade.
- Os sistemas de TA baseados en datos adéstranse con enormes corpus bilingües compostos por milleiros de textos que se seleccionan en función do campo de especialidade ou do xénero textual.
- Os diferentes sistemas de TA gratuítos que podemos atopar en liña adéstranse con cadanseu corpus, o que quere dicir que non van producir nunca traducións idénticas. É aconsellable probar varios sistemas de TA para ver cal nos convén mais; por outra parte, están en constante evolución, polo que é interesante probalos con frecuencia e comprobar en que van mellorando.
- Debemos ser transparentes no uso que fagamos da TA, identificando os textos que traduzamos deste xeito, as linguas de orixe, as ferramentas empregadas e os controis de calidade aplicados. Deste xeito, as persoas usuarias da tradución poderán decidir se se fían dela ou non.

124

- Tamén o alumnado debería ser transparente sobre o uso que fai da TA, ademais de valorar se deben empregala ou non en función das distintas tarefas e citar todas as fontes que empreguen aínda que estean traducidas.
- A avaliación de riscos é outra parte importante da alfabetización en TA e inclúe saber valorar se unha mala tradución pode ter repercusións negativas ou non en función da súa finalidade: se cadra a TA non é a mellor opción para textos importantes (informes médicos, documentos oficiais, etc.) pero si para coñecer o contido xeral dunha entrevista, unha canción, etc.
- Nunca debemos cargar información delicada ou confidencial nun sistema de TA gratuito en liña.
- Para mellorar o resultado da TA podemos redactar os textos orixinais de xeito que sexan máis doados de analizar polo sistema.
- Dependendo da finalidade da tradución é probable que teñamos que revisar e corrixir o texto producido pola TA antes de distribuílo ou publicalo.

Temas para debater

Velaí dúas cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Cal é a cousa máis sorprendente ou novidosa que aprendiches sobre a TA neste capítulo? É dicir, unha cuestión relacionada coa TA que non sabías ou na que non pensaras antes.
- Empregar a TA para un traballo académico considérase unha fraude. Párecete ben que sexa así? Por que? (Nota: esta cuestión tamén se pode empregar para un debate máis formal no que dous grupos de estudantes defendan posicións enfrontadas).

Exercicios

- **Analiza a imaxe da TA nos medios de comunicación:** Busca unha ou dúas noticias ou artigos breves sobre a TA na prensa do país, leos e analiza que imaxe transmiten. Tendo en conta o que xa sabes sobre a TA, é unha imaxe axeitada? Correcta? Obxectiva? Nesgada?
- **Compara diferentes sistemas de TA:** Busca un ou dous sistemas de TA en liña e gratuítos que empreguen as túas linguas de traballo, como Baidu Translate, DeepL, Google Translate, Microsoft Translator, Naver Papago, Reverso, Systran, Yandex.Translate, etc. Dálles o mesmo texto para traducir

e compara os resultados. Que partes se traduciron de forma semellante e cales de forma diferente? Repite a proba cun texto diferente, por exemplo un texto especializado ou simplemente de tema diferente. Hai algún dos sistemas que o faga mellor?

- **Adapta un texto para o sistema de TA:** Colle un texto que escribises na túa lingua materna, por exemplo un traballo de curso e tradúceo cun sistema de TA en liña e gratuíto a outra lingua que coñezas ben. Analiza o resultado: hai partes nas que a tradución non sexa boa ou se poida mellorar? Localiza esas pasaxes no texto orixinal: pódense reescribir para facelas máis sinxelas ou máis claras? Se é así, modifícaa e volve a traducir o texto. Esta segunda tradución é mellor que a primeira?
- **Proba a posesición** Se xa conseguiches mellorar a tradución preparando o texto orixinal, revisa e posedita a tradución para mellorar aínda máis a súa calidade.
- **Reflexiona sobre as implicacións éticas:** Que problemas éticos poñen de manifesto os seguintes casos prácticos? Que diferenzas habería se se tomasen decisións diferentes?
 - **Caso 1:** Jenny é unha estudante de fala inglesa do Reino Unido matriculada nun curso de italiano de nivel medio. Nunha proba puntuable ten que escribir uns parágrafos en italiano sobre os seus pratos favoritos, pero non se dan instrucións sobre que ferramentas poden empregar ou non. Como o prazo de entrega da tarefa está a piques de rematar, Jenny decide escribir o texto en inglés e despois traducilo ao italiano en DeepL, pero non ten tempo para revisalo, polo que o entrega directamente. A nota que obtén é un cero.
 - **Caso 2:** Yingjie é unha alumna chinesa de intercambio matriculada nunha universidade dos Estados Unidos. Ten que facer un exercicio que consiste en ler tres artigos sobre economía escritos en inglés e resúmelos tamén en inglés. O primeiro que fai é traducilos ao chinés en Baidu Translate, para lalos e despois facer un resumo en chinés, que traduce ao inglés tamén con Baidu Translate. Para comprobar se a tradución ao inglés é correcta, Yingjie tradúcea ao chinés con outra ferramenta de TA, Google Translate, e atopa algúns problemas, polo que decide reescribir algúns parágrafos do seu resumo en chinés para simplificalos e facelos máis doados para o sistema de TA. Cando queda satisfeita co resultado final, engádelle unha nota na que explica que empregou ferramentas de tradución e detalla o proceso. Como resultado, Yingjie obtén unha boa cualificación.

- **Rompe a cabeza!**

- **Encrucillado:** A ver se es quen de resolver o encrucillado do MT Literacy Project (Proxecto de alfabetización en TA) que se atopa neste enderezo: <https://sites.google.com/view/machinetranslationliteracy/home/teaching-resources>.
- **Crebacabezas:** Velaquí, na web do MT Literacy Project (Proxecto de alfabetización en TA), un crebacabezas co que poderás reconstruír unha infografía sobre a TA: <https://sites.google.com/view/machinetranslation-literacy/home/teaching-resources>.

Para saber máis

BOWKER, Lynne, e Jairo BUITRAGO Ciro. 2019. *Machine Translation and Global Research*. Bingley, UK: Emerald.

- Este libro presenta o concepto de alfabetización en TA e algunhas estratexias para simplificar textos antes de cargalos nun sistema de TA.

KENNY, Dorothy, ed. 2022. *Machine Translation for Everyone: Empowering Users in the Age of Artificial Intelligence*. Berlin: Language Science Press. <https://langsci-press.org/catalog/book/342>.

- Este recurso gratuíto de acceso aberto analiza algunhas cuestións éticas relacionadas co uso da tradución automática e explica como funciona a tradución neuronal, como preparar os textos para a TA, como poseditar os resultados e como se pode empregar a TA na aprendizaxe de linguas.

NITZKE, Jean, e Silvia HANSEN-SCHIRRA. 2021. *A Short Guide to Post-editing*. Berlin: Language Science Press. <http://langsci-press.org/catalog/book/319>.

- É un recurso gratuíto de acceso aberto que nos ofrece consellos sobre como poseditar unha tradución automática tendo en conta, entre outras cousas, a análise de riscos.

POIBEAU, Thierry. 2017. *Machine Translation*. Cambridge, MA: MIT Press.

- Unha análise concisa e sinxela do desenvolvemento das ferramentas de tradución automática que analiza os diferentes modelos e sinala os principais fitos da historia da TA.

VIEIRA, Lucas Nunes. 2020. «Machine Translation in the News: A Framing Analysis of the Written Press». *Translation Spaces* 9, nº 1: 98–122.

- Este estudo analiza a imaxe da TA que ofrecen os medios de comunicación e como pode influír na percepción que dela ten a sociedade.

Capítulo 07

A localización

Ata este momento centrámonos na idea de que a tradución e a interpretación consisten en transferir unha mensaxe dunha lingua, como o inglés, a outra, como o francés, pero hai moitas linguas que teñen variedades rexionais, como o inglés británico ou o inglés estadounidense. De feito, o inglés aínda ten máis variedades: canadense, australiano, neozelandés, sudafricano, hibernoinglés (o inglés falado en Irlanda), etc. E non é unha excepción: Na rexión do Magreb (Marrocos, Alxeria e Tunisia) empréganse dialectos diferentes aos dos países situados máis ao leste, como Exipto, Sudán ou Arabia Saudita. Ademais do francés falado en Francia temos tamén as variedades usadas en Bélxica, Suíza, Canadá, Haití, Alxeria e o Congo. Tamén hai diferenzas entre o alemán falado en Alemaña, Austria e Suíza. No caso do portugués, non é o mesmo o que podemos escoitar en Portugal que o que se fala en Brasil. E o español peninsular difire igualmente das variedades que atopamos en América do Sul e América Central.

Xa que logo, hai ocasións nas que non abonda dicir que traducimos a unha lingua: se o texto está destinado a un público que fala unha variedade particular dunha lingua precisamos recorrer a profesionais da denominada *localización*. Neste capítulo aprenderemos que as linguas e as culturas poden variar dunha rexión a outra e que a localización ten como obxectivo adaptar a tradución a esas diferenzas.

Que significa GILT?

A localización forma parte dun conxunto de actividades denominado GILT que, como podemos ver na ilustración 7.1., está composto por Globalización, Internacionalización, Localización e Tradución. Imos comezar por ver como se relacionan entre elas. A primeira vista semellan conceptos semellantes e, de feito, hai quen os emprega indistintamente, pero cada un deles cumpre un papel distinto no proceso xeral de difusión de produtos e servizos alén das fronteiras locais.




Ilustración 7.1 Relación entre as catro actividades GILT

Ímoslle botar unha ollada a cada un destes catro conceptos antes de analizar con detalle a localización.

Globalización: A globalización é un concepto empresarial que designa o proceso polo cal unha empresa difunde o seu negocio ou os seus produtos para que cheguen aos mercados de todo o mundo. Pensa por exemplo nunha empresa como Amazon, que nos permite mercar produtos de empresas ou particulares de calquera parte do planeta mediante unha web que ten versións nunha chea de linguas distintas. A globalización supón moitos beneficios tanto para as empresas como para a clientela, pero existe un longo proceso de preparación que ten entre as súas fases máis importantes a internacionalización e a localización.

Internacionalización: Cando unha empresa toma a decisión de globalizarse, o paso seguinte é a internacionalización, é dicir, deseñar os seus produtos e servizos de xeito que se poidan adaptar aos distintos mercados internacionais, o que con frecuencia obriga a traballar con persoas expertas en diferentes ámbitos ademais da tradución. Por exemplo, se queremos internacionalizar un programa informático ou unha páxina web, é importante que sexan compatibles con Unicode para que poidan admitir caracteres de linguas que non empreguen o alfabeto latino, como o ruso, o chinés ou o hindi. Pola contra, se só empregan a codificación ASCII tradicional non poderán amosar máis que caracteres do alfabeto latino. Outro xeito de internacio-

nalizar programas ou webs é deseñar os elementos da interface, como botóns ou menús despregables, de xeito que adapten automaticamente o seu tamaño ao texto que teñan que conter porque, como xa sabes, a mesma idea exprésase de xeitos distintos e pode ocupar espazos distintos segundo as linguas. Vémolo claramente se comparamos a palabra inglesa «Save» (gardar, nun programa informático) coa súa correspondente francesa «Sauvegarder»: unha ten só catro caracteres e a outra, once. Isto significa que o espazo que ocupan un botón ou un menú en francés ten que ser maior ca en inglés. A interface dun programa pódese internacionalizar dende a fase de deseño para que a largura dos menús e dos botóns medre ou se reduza automaticamente en función da lonxitude dos textos. Se non se fai así, córrese o risco de que unha palabra longa como «Sauvegarder» quede cortada porque un menú ou un botón están pensados só para a palabra «Save». Por último, como parte do proceso de internacionalización poderíase separar o contido localizable (é dicir, traducible) do código fonte (como o código HTML, por exemplo), que non se traduce. Mesmo se pode internacionalizar o propio contido, o que supón redactalo de xeito que sexa o máis neutro posible dende o punto de vista cultural. Por exemplo, a expresión inglesa «hit it out of the park» provén do béisbol e úsase cando un xogador batea a pelota tan forte que a guinda fóra do estadio. Nunha cultura na que o béisbol non sexa un deporte popular sería preciso adaptar esta referencia, polo que, para facilitar a localización, poderíase primeiro internacionalizar o texto cunha expresión máis neutra como, por exemplo, «did an exceptional job» (fixo un traballo excelente).

Un dato curioso... *Os termos globalización, internacionalización, localización* e, ás veces, tamén tradución poden abreviarse como numerónimos que fan referencia ao número de caracteres entre a primeira e a derradeira letra de cada palabra:

- **Globalización = G[lobalizació]N = G11N:** O «G» é a primeira letra da palabra, o «N», a derradeira e hai once caracteres entre elas, representados polo número 11.
- **Internacionalización = I[nternacionalizació]N = I18N:** O «I» é a primeira letra, o «N», a derradeira, e hai dezoito caracteres entremedias.

Xa que logo, cales serían os numerónimos de localización e de tradución?

Localización: Despois de internacionalizar un produto ou servizo, o paso seguinte é a localización, que consiste en adaptalo a un mercado concreto. É frecuente que o público destinatario teña unhas preferencias lingüísticas e rexionais determinadas, que constitúen o que denominamos **configuración rexional**. Cada unha desas configuracións rexionais noméase cun código de dúas letras para a lingua e, de ser precisas, outras dúas para territorio no que se usa. Por exemplo, o identificador para o

inglés dos Estados Unidos é en_US e o do inglés canadense é en_CA. O do francés canadense é fr_CA; o do francés de Bélxica, fr_BE; o do galego, gl; o do portugués de Portugal, pt_PT; o do español peninsular, es_ES, etc. E por que precisamos incluír tanto a lingua como a rexión no identificador da configuración rexional? A resposta curta é que unha lingua pode ter máis dunha variedade (como o portugués de Portugal e o portugués de Brasil), con diferenzas que van dende características puramente lingüísticas ata outro tipo de preferencias e convencións, como as unidades de medida, o formato da data e a hora, as divisas, etc. Malia todo, describir unha configuración rexional non sempre é doado. Por exemplo, aínda que os Estados Unidos ten unha grande comunidade hispanofalante, non hai unha configuración rexional es_US porque non existe unha única variedade do español que se fale nese país, senón moitas variedades diferentes herdadas das persoas que emigraron dende México, Cuba, Puerto Rico, etc. Esta situación provoca que sexa moi difícil localizar un produto ao español para o mercado estadounidense. Nas próximas seccións estudaremos con máis detalle as configuracións rexionais, pero polo de agora abonda con subliñar que o proceso de localización é complexo e que, malia a tradución ser unha parte importante, cómpre algo máis para acadar o éxito nos diferentes mercados.

Tradución: Como vimos sinalando ao longo deste libro, traducir significa basicamente transferir o contido dun texto (con frecuencia escrito) dunha lingua orixe a unha lingua termo. Non se trata dunha transferencia palabra por palabra, senón do transvasamento do significado do orixinal respectando as normas gramaticais e outras convencións da lingua de chegada.

Xa que logo, en que se diferencian a localización e a tradución? Podemos dicir que a tradución cambia a lingua dun texto, pero a localización vai máis aló para facer unha adaptación máis fonda que afecta tamén a elementos como o contido visual, a maquetaxe, etc. Ademais, a localización non só ten en conta as linguas, senón tamén as variedades rexionais e as preferencias culturais asociadas a elas. Cando vemos a tradución como unha parte do conxunto que denominamos GILT, decatámonos de que é só unha fase dun proceso máis amplo no que é fundamental que participen non só profesionais da tradución, senón tamén persoas que coñezan a cultura de destino e especialistas en márketing (para asegurarnos de que se teñen en conta todas as convencións culturais dos distintos mercados) e noutras disciplinas como a enxeñería informática (para que o código estea correctamente internacionalizado) ou a xestión de proxectos (para coordinar todos os traballos e facer cumprir o orzamento), etc. Como podes ver, globalizar un produto require traballo en equipo.

Porque é importante a localización?

Se a localización é máis complexa que a tradución e require máis planificación e a participación dun equipo máis grande cabe preguntarse por que é tan importante e

mesmo se paga a pena ese esforzo engadido. Pensemos en cando mercamos algo en liña, ou cando usamos un servizo de vídeo baixo demanda como Netflix ou mesmo cando xantamos nun establecemento como McDonald's: danos máis seguridade e máis confianza podermos empregar a nosa lingua? Cada vez son máis as empresas que se decatan de que unha simple tradución non abonda para conseguir un oco nos distintos mercados e, xa que logo, de que precisan localizar as súas comunicacións para gañar a confianza do público e que este coñeza mellor os produtos e servizos.

En definitiva: para vender un produto noutro país non abonda con cambiar de lingua, senón que cómpre artellar unha mensaxe personalizada para cada mercado concreto; en consecuencia, para que a globalización dunha empresa teña éxito, debe localizar os seus produtos e servizos en función de cada comunidade receptora. Pero ao mesmo tempo debe de manter unha imaxe de marca única e homoxénea que lle permita ser recoñecida en todo o mundo, polo que podemos dicir que a localización é unha cuestión de equilibrio que implica tanto a tradución como a sensibilidade cultural. Non abonda con traducir unha páxina web; o público precisa comprender a mensaxe da empresa e identificarse con ela antes de mercar os seus produtos. Xa que logo, precísanse profesionais da localización que adapten esa mensaxe aos costumes e valores locais, para que a comunidade receptora sinta que se creou especialmente para ela. Cando unha empresa adapta a súa comunicación pública aos mercados concretos consegue captar mellor a atención e aumentar o interese da súa potencial clientela, o que lle asegura un aumento das vendas e a expansión internacional.

Que produtos se localizan?

Na década de 1980 xorden os primeiros ordenadores persoais de sobremesa, o que permite que as ferramentas informáticas comecen a ser accesibles para o público xeral. Como consecuencia, comezaron a desenvolverse programas doados para tarefas sinxelas como a creación de documentos (procesadores de texto) ou a xestión empresarial (follas de cálculo). Pouco despois os ordenadores comezaron a empregarse tamén para o lecer e aparecen os primeiros videoxogos, un mercado que na actualidade non deixa de medrar con innovacións como a realidade virtual. Na década de 1990 a expansión global da internet e da World Wide Web facilitou a comunicación e a transmisión de información grazas a unha vasta rede de datos, o que propiciou o nacemento dos novos xéneros dixitais como as páxinas web. E a medida que a tecnoloxía e os aparellos informáticos seguen a desenvolverse, facéndose cada vez máis pequenos pero máis potentes, xorden as tabletas, teléfonos e reloxos intelixentes, monitores de actividade física, sistemas de navegación e outros aparellos que teñen os seus propios programas (como as aplicacións móbiles), por non mencionar os asistentes virtuais que saben responder as nosas preguntas,

como Google Home, Alexa de Amazon ou Siri de Apple. Os novos xéneros dixitais (programas, videoxogos, realidade virtual, páxinas web, apps, asistentes virtuais) son ubicuos na nosa vida diaria e transformaron para sempre o xeito no que nos comunicamos, mercamos, xogamos, colaboramos, estudamos e traballamos. Como vimos na sección anterior, normalmente sentimos máis tranquilidade e confianza cando facemos todas estas cousas na nosa propia lingua, o que propiciou que xurdise unha nova profesión encargada de que os distintos produtos e servizos estean dispoñibles nas distintas configuracións rexionais. Como normalmente isto implica algo máis ca unha simple tradución e cómpre facer unha adaptación cultural total, o xeito de proceder habitual é o que denominamos localización do produto ou servizo para os novos mercados.

Outro motivo polo que a localización se constituíu como unha profesión distinta á tradución é que ten que facer fronte a problemas e limitacións que normalmente non afecta á tradución, polo que son precisas unhas competencias e coñecementos específicos. Por exemplo, limitacións de espazo debidas ao tamaño da pantalla na que se vai ver o texto traducido. Ademais, no caso dos videoxogos ou dos programas informáticos, por exemplo, o texto non sempre segue unha estrutura lineal oración a oración; pola contra, o texto almacénase en arquivos de recursos que se activan cando interactuamos co programa e seleccionamos a nosa propia ruta de lectura, o que significa que as distintas cadeas de texto teñen que poderse combinar entre elas de xeitos distintos e, aínda así, teren sentido e seren coherentes. En definitiva, a localización require unhas competencias específicas e, como xa dixemos antes, é traballo de equipo máis que individual. Vexamos agora algúns dos problemas relacionados coa lingua e outros non lingüísticos cos que cómpre brigar na localización.

En que se diferencian as variedades rexionais dunha lingua?

Seguro que nalgún momento escoitaches ou liches unha variedade dunha das túas linguas que non é a que mais coñeces; se cadra nun vídeo dunha rede social, nunha película feita noutro país ou se cadra na voz de alguén que atopaches nunha viaxe. En que notas que unha variedade lingüística é distinta doutra?

Fai a proba Escoita as diferentes pronuncias en inglés británico e inglés estadounidense de palabras como «tomato», «bottle» ou «ladder» en dicionarios en liña como o *Collins English Dictionary* (www.collinsdictionary.com/) para o inglés británico e o *Merriam-Webster Dictionary* (www.merriam-webster.com) para o inglés dos Estados Unidos; preme na icona do altofalante para escoitar a pronuncia.

Unha das diferenzas máis evidentes entre as variedades dunha mesma lingua é o xeito no que se pronuncian as palabras. Nos casos nos que para unha localización precisamos dobraxes ou voces superpostas para videoxogos, páxinas web multimedia ou asistentes virtuais, é imprescindible termos en conta as diferentes pronuncias e acentos de cada rexión concreta, como o inglés dos Estados Unidos, de Australia ou de Sudáfrica.

Outra das diferenzas importantes podémola atopar no léxico, xa que as diferentes variedades dunha lingua adoitan empregar palabras diferentes para os mesmos conceptos. Nas táboas 7.2, 7.3 e 7.4 podemos ver algúns exemplos coñecidos de diferenzas léxicas entre variedades lingüísticas. Ocorrêñense outras?

A ortografía e o uso dos diacríticos (os tiles) tamén nos deixan ver outras diferenzas (ver táboas 7.5 e 7.6).

As veces mesmo se dan diferenzas gramaticais entre as variedades dunha lingua: en inglés británico, por exemplo, adóitase dicir «I have eaten dinner already» (xa ceei, empregando o presente perfecto), mentres que en inglés estadounidense o máis habitual é «I ate dinner already» (empregando o pasado simple).

<i>Inglés estadounidense</i>	<i>Inglés británico</i>
candy (caramelo)	sweets
dessert (sobremesa)	pudding
elevator (ascensor)	lift

Táboa 7.2 Algunhas diferenzas de vocabulario entre inglés estadounidense e inglés británico.

<i>Francés de Francia</i>	<i>Francés canadense</i>
audio à la demande	baladodiffusion
administrateur de site	webmestre
filoutage	hammeçonnage

Táboa 7.3 Diferenzas de vocabulario entre francés de Francia e francés canadense.

<i>Portugués continental</i>	<i>Portugues de Brasil</i>
rebuçado	bala
chávena de chá	xícara de chá
tu/vós	você/vocês

Táboa 7.4 Diferenzas de vocabulario entre portugués continental e portugués de Brasil.

<i>Inglés estadounidense</i>	<i>Inglés británico</i>
center	centre
color	colour
organize	organise

Táboa 7.5 Diferenzas ortográficas entre inglés estadounidense e inglés británico.

<i>Portugués continental</i>	<i>Portugues de Brasil</i>
camião	caminhão
equipa	equipe
género	gênero

Táboa 7.6 Diferenzas ortográficas entre portugués continental e portugués de Brasil.

Outro exemplo témolo na variedade de inglés falado en Irlanda, onde é habitual empregar o adverbio «after» seguido do participio de presente (ou forma -ing do verbo) para indicar unha acción que acaba de rematar: en inglés de Irlanda «I'm after having my dinner» é o mesmo que «I just had my dinner» (acabo de cear) en inglés estadounidense. A pronuncia, o vocabulario, a ortografía e a gramática son elementos fundamentais nun proceso de localización, pero hai outros moitos que podemos adaptar tamén para conseguir que unha páxina web ou un videoxogo sexan máis atraentes para persoas doutra cultura ou para que un produto ou un servizo lles sexan máis próximos. Vexamos agora algúns deste elementos non lingüísticos.

Cales son os elementos non lingüísticos que difiren entre variedades lingüísticas?

Como a localización implica adaptacións tanto lingüísticas como culturais, precísanse facer cambios ou adaptacións nos textos que afectan a máis elementos que as palabras ou os termos. Por exemplo, o xeito de indicar as datas e as horas varían de rexión a rexión: nos Estados Unidos úsase a orde mes/día/ano, pero no Reino Unido ou en Galicia empregamos a orde día/mes/ano. Isto quere dicir que unha data como 12/4/2022 corresponde ao 4 de decembro de 2022 nos Estados Unidos pero ao 12 de abril de 2022 no Reino Unido e en Galicia. Do mesmo xeito, hai países nos que se prefire indicar as horas no formato de 12 horas (como por exemplo 11.30 pm) e noutros, no formato de 24 horas (23.30). Indicar as datas e as horas no formato de

cada rexión permite que todas as persoas interpreten a información da forma máis axeitada. Outras convención relacionadas coa numeración que poden diferir entre as distintas rexións son os formatos dos números de teléfono ou os decimais (10,7 nas linguas romances fronte a 10.7 en inglés).

A moeda é outro bo exemplo de elementos que cómpre cambiar no proceso de localización, porque non só pode cambiar a indicación dos decimais, senón tamén a divisa. Por exemplo, un texto para Francia ou Bélxica podería amosar os prezos en euros (€), mentres que para o Canadá francófono o amosaría en dólares canadenses (CAD) e para a Suíza francoparlante o amosaría en francos suízos (CHF).

E cando se trata de unidades de medida, algúns países angloparlantes, como o Canadá, prefiren o sistema métrico co seus quilómetros e quilos, mentres outros, como os Estados Unidos, prefiren o sistema imperial, coas súas millas e libras. Pero hai outros países de fala inglesa, como o Reino Unido e Irlanda, que empregan un híbrido do sistema métrico e do imperial, medindo as distancias en millas pero os pesos en quilos e as cervexas... en pintas. Finalmente, a temperatura mídese en Canadá coa escala Celsius pero nos Estados Unidos coa escala Fahrenheit.

Por outra parte, se imos traducir un texto con elementos visuais, com unha páxina web ou un videoxogo, se cadra será preciso cambiar as cores ou as imaxes porque, por exemplo, nalgunhas culturas a cor vermella simboliza a boa sorte e noutras significa perigo. Do mesmo xeito, as iconas e as imaxes simbólicas poden ter significado cultural: unha foto do Monumento a Washington vai ser máis recoñecible para un público estadounidense, mentres que para a cidadanía británica vai ser máis familiar a Ponte da Torre. Se se emprega unha imaxe para representar unha rexión determinada, será máis eficaz se amosa persoas dos grupos étnicos que viven nela; e do mesmo xeito se deberían seleccionar tamén as paisaxes, a fauna, e o clima, porque sería estraño usar unha paisaxe nevada para representar unha illa do Caribe ou unha montaña para representar Holanda. Neste sentido, a aguiá calva fainos pensar nos Estados Unidos, o castor asóciase con Canadá, os canguros representan Australia e os pandas identificámolos de contado con China.

A puntuación e o formato son outros dous aspectos que poden precisar dunha adaptación segundo a lingua ou a rexión implicadas. As aspas ou comiñas, por exemplo, escríbense de xeitos distintos en inglés (" e "), en alemán („ e ") e en francés, galego, portugués e español (« e »). Tamén a dirección de lectura pode variar: hai linguas nas que se le de esquerda a dereita, noutras de dereita a esquerda e mesmo hainas nas que se fai verticalmente de arriba a abaixo. Estas diferenzas poden chegar a determinar en que lugar da páxina ou da pantalla se sitúa a información para facela máis visible. Por outra parte, como vimos máis arriba na sección dedicada á internacionalización, algunhas linguas precisan máis espazo ca outras para transmitir a mesma mensaxe e isto tamén inflúe en como organizamos a información.

Hai moito do que cómpre ter conta na localización, abofé, pero, como xa dixemos, é un traballo de equipo, polo que a persoa que traduce non é a única responsable de facer todas as adaptacións de cores, imaxes, formatos, etc. Así e todo é fundamental que todos estes elementos estean coordinados, porque sería moi confuso que un texto se referise a un botón vermello que en realidade é azul; ou que falase dunha aguia e estivese ilustrado pola imaxe dun canguro. Por iso é importante que todas as persoas que forman parte do equipo teñan unha visión xeral dos diferentes elementos que precisan localizarse, para asegurarse de que na versión final todos eles gardan coherencia entre si e son os máis axeitados para o público destinatario.

Que ferramentas e recursos empregamos en localización?

Dada a complexidade do traballo de localización, existen plataformas e ferramentas especializadas para esta tarefa pero, a non ser que te dediques profesionalmente a este sector non é probable que teñas ocasión de velas nin empregalas, xa que son moi caras. Unha das características das ferramentas de localización, por exemplo, é que permiten identificar as cadeas de texto orixinal e separalas do código informático (etiquetas HTML, linguaxes de programación, etc.) de xeito que podemos concentrarnos na adaptación do texto sen preocuparnos de se estragamos o código. Cando remata o noso traballo, a ferramenta insire automaticamente o texto traducido nos lugares axeitados dentro do código. Dado que este libro non ten como obxectivo a formación en localización non imos afondar nestas ferramentas profesionais, pero na sección «Para saber máis» coa que remata o capítulo tes máis información e referencias.

Pero aínda que non vaias dedicarte profesionalmente á localización, se cadra nalgunha ocasión si terás que adaptar un texto a distintas variedades lingüísticas, por exemplo se empregas o *crowdsourcing*, un modelo de negocio de base tecnolóxica. Para explicala brevemente, *crowdsourcing* ou colaboración masiva é unha práctica que consiste en recrutar un grande número de persoas, de cote a través de internet, para que realicen unha tarefa que normalmente faría persoal remunerado. Pódese empregar en moitas actividades, tamén na tradución e na localización, coa finalidade de que un grande número de persoas fagan cadansúa pequena achega, que en conxunto rematarán o traballo. É dicir, aínda que haxa persoas que traduzan unha única oración, se hai persoas abondo que participen pódese traducir un produto completo (a interface dun programa, unha páxina web, un videoxogo) en moi pouco tempo. Facebook e X (a antiga Twitter) son dous exemplos ben coñecidos de empresas que empregaron o *crowdsourcing* para localizar as súas respectivas interfaces.

Ás veces as persoas que participan no *crowdsourcing* reciben un pagamento, pero o normal é que non sexa así, senón que as empresas confíen en que pesa máis o desexo da comunidade usuaria de ter o produto na súa propia lingua, que entendan

que só se lles pide unha pequena achega ou, mesmo, que hai xente á que lle gusta traducir. Como adoita acontecer en todos os modelos de negocio, tamén o *crowdsourcing* ten os seus pros e os seus contras. Dende o punto de vista da empresa, a posibilidade de contar con traballo gratuito ou de baixo custo é atractiva e é unha boa forma de aproveitar os coñecementos da comunidade de falantes dunha lingua ou dunha variedade lingüística concreta. Así e todo a empresa non pode deixar de implementar medidas de control de calidade que garantan que ese traballo non profesional vai cumprir os estándares que agarda o público receptor. Dende o punto de vista das persoas que participan no proxecto, os incentivos poden ir dende obter recompensas non monetarias (como as insignias da *gamificación*), ata a garantía de que poderán dispor do produto na súa lingua ou variedade lingüística.

Se pensas participar en proxectos de *crowdsourcing* ou se precisas localizar calquera produto, seguro que che interesa saber como acceder a recursos e ferramentas que permiten explorar as diferentes variedades lingüísticas. Como xa vimos no Capítulo 5, algunhas bases de datos terminolóxicas como TERMIUM Plus ou IATE inclúen información específica nos rexistros dos termos que se empregan en rexións xeográficas concretas. Por exemplo, no rexistro do termo «self-isolation», IATE indica que en Canadá e Suíza o termo empregado é «auto-isolement», pero que noutras variedades do francés a equivalencia é «isolement à domicile».

E tamén podemos empregar ferramentas de concordancia bilingüe como Linguee para comprobar as posibles diferenzas rexionais, xa que, como vimos no Capítulo 5, este buscador dános sempre a fonte de todos os exemplos que amosa, indicando un enderezo web ou URL (*Uniform Resource Locator*, Localizador Uniforme de Recursos) que normalmente remata coa indicación do país no que se alberga a páxina web. Por exemplo, .pt indica que unha páxina web é de Portugal e .br indica que é de Brasil. Así, se nos fixamos na fonte dun exemplo poderemos saber se se usa nun país ou outro.

Aínda que podemos rastrexar as preferencias rexionais dos termos buscando nas bases de datos terminolóxicas ou nas concordancias bilingües, estas ferramentas non sempre nos permiten comparar como se emprega cada termo en cada variedade lingüística, pero temos unha ferramenta que nos permite facelo doadamente: Diatopix (<https://olst.ling.umontreal.ca/diatopix/>), unha ferramenta en liña gratuita desenvolvida por Patrick Douin (profesor da Universidade de Montreal, en Canadá) e programada por Benoit Robichaud. Esta ferramenta permite buscar un termo ou unha parella de termos para ver con que frecuencia se usan en diferentes rexións do mundo. No caso do inglés, as variedades que recolle son as de Australia, Canadá, Estados Unidos, Irlanda, Nova Zelandia e Reino Unido. Para o francés recolle as variedades de Bélxica, Canadá, Francia, Luxemburgo e Suíza. Diatopix funciona ademais con diversas variedades do español e do portugués.

E como traballa? Pois como explican na súa paxina web, Diatopix permítenos ver graficamente (cun gráfico de barras ou de sectores) como se distribúen en internet os usos dos termos ou expresións buscados. Para facelo, Diatopix emprega a busca personalizada do motor de Google e clasifica os resultados en función dos países nos que se emprega cada lingua: Australia = .au, Canadá = .ca, Irlanda = ie, Nova Zelandia = .nz, etc. Así por exemplo, se buscamos o termo «wellington boots» Diatopix vainos devolver uns gráficos moi doados de interpretar que indican que se trata dun termo que non se usa moito máis ca en Nova Zelandia, polo que non será unha boa opción para un texto destinado a un público canadense. Do mesmo xeito, se introducimos dous termos sinónimos como «sweater» e «jumper», Diatopix vai xerar unha imaxe na que se comparan as frecuencias relativas de cada termo en cada unha das seis variedades rexionais da lingua inglesa. Tamén podemos empregar esta ferramenta para descubrir as variantes ortográficas das palabras, como «analyze» e «analyse» ou «theatre» e «theater» en inglés.

Pero Diatopix ten tamén algunhas limitación que deberás ter en conta. Por exemplo, non distingue entre homógrafos, é dicir, palabras que se escriben do mesmo xeito pero que teñen significados diferentes, como «pop» en inglés, que pode ser substantivo, verbo ou adxectivo, polo que unha busca das diferenzas entre os usos de «soda» e «pop» nos diferentes dialectos do inglés non vai producir resultados significativos. Esta ferramenta tampouco permite xestionar diferentes formas dunha mesma palabra, polo que temos que repetir as buscas para singulares e plurais ou para as formas conxugadas dos verbos, pero malia estas limitacións, Diatopix sérvenos para analizar as variantes rexionais porque nos pode axudar a confirmar as nosas intuicións sobre os usos lingüísticos ou poñernos sobre a pista de certas variantes xeográficas. Na sección de «Exercicios» coa que remata este capítulo poderás ver algúns exemplos prácticos do uso desta ferramenta. No Capítulo 6 analizamos a tradución automática e algunhas ferramentas que traducían entre linguas máis que entre variedades lingüísticas, pero recentemente temos xa programas que nos permiten traducir entre variedades rexionais dalgunhas linguas. Por exemplo, DeepL permite seleccionar entre «inglés (americano)» e «inglés (británico)», así como entre «portugués» e «portugués (brasileiro)»; e Microsoft Translator, entre «francés» e «francés (Canadá)». Así, nos casos nos que podemos seleccionar entre distintas variedades lingüísticas, as persoas que fan a localización poden empregar ferramentas de axuda.

Como vimos no Capítulo 6, os programas de tradución automática actuais son estatísticos, o que significa que precisan dunha grande cantidade de exemplos de orixinais e traducións dos que aprender; se queremos que o sistema de tradución automática traduza a unha variedade rexional en concreto, todos eses exemplos terán que ser da variedade que nos interese. Dito doutro xeito, se pretendemos que o sistema traduza ao portugués brasileiro, terémolo que alimentar con exemplos nesa variedade concreta do portugués. Atopar unha grande cantidade de exemplos de ori-

xinais e traducións pode non ser doado no caso de certas variedades lingüísticas con poucos falantes, o que explica que non estean presentes nos sistemas gratuítos de tradución automática; de todos os xeitos, dado que cada vez se fan máis traducións, as opcións iranse ampliando.

Para concluír

Comercializar eficazmente un produto ou un servizo no mercado internacional supón que cómpre dirixirse ao público potencial na súa propia variedade lingüística e respectando as súas convencións culturais. Por outra parte, a revolución dixital propiciou a aparición de novos xéneros textuais (programas informáticos, páxinas web, videoxogos, aplicacións móbiles, asistentes virtuais) que presentan cadanseus problemas de tradución. O desexo de globalizar a comercialización de produtos e servizos e a conseguinte necesidade de desenvolver versións locais deses mesmos produtos e servizos levou á aparición dunha nova especialidade profesional denominada localización. Localizar é algo máis que traducir, porque, ademais de ocuparse das variacións lingüísticas (no que respecta ao vocabulario, ortografía, gramática, etc.), atende tamén a elementos non lingüísticos como as cores, imaxes, acentos, formatos, etc. Nos proxectos de localización non só traballan profesionais do campo, ás veces tamén participan particulares a través de propostas de *crowdsourcing*. Entre as ferramentas gratuítas que poden ser de utilidade para a localización están as bases de datos terminolóxicas, as concordancias en liña, programas que comparan variantes rexionais (como Diatopix) e algúns sistemas de tradución automática que permiten seleccionar variedades da lingua termo.

Puntos clave do capítulo

- Hai moitas linguas que teñen variedades rexionais, como o inglés británico, estadounidense ou australiano.
- O acrónimo GILT refírese a catro procesos interdependentes que permiten que un produto ou servizo transcenda as fronteiras locais e teña éxito no mercado internacional: Globalización, Internacionalización, Localización e Tradución.
- A globalización é un proceso empresarial polo cal unha empresa prepara os seus produtos e servizos para comercializalos en todo o mundo.
- A internacionalización consiste no deseño de produtos e servizos de xeito que se poidan adaptar doadamente aos mercados internacionais.
- A localización é un proceso no que se toma un produto ou servizo internacionalizado e se adapta para unha variedade lingüística local concreta.

- A tradución é a parte da localización que se ocupa de converter a mensaxe escrita na lingua orixinal nunha mensaxe escrita na lingua termo. A tradución muda a lingua dun texto, pero a localización supón unha adaptación total.
- A localización implica un grupo de persoas expertas en tradución, enxeñería de produtos, deseño gráfico, mercadotecnia e xestión de proxectos.
- A localización é fundamental para conseguir a confianza do público e a fidelidade da clientela potencial.
- A localización adoita empregarse en produtos e servizos que teñen unha compoñente dixital, como os programas informáticos, os videoxogos, a realidade virtual, as páxinas web, as aplicacións móbiles ou os asistentes virtuais.
- Quen se dedica á localización ten que desenvolver unhas competencias específicas, xa que os xéneros dixitais amosan unhas construcións distintas ás dos textos tradicionais: tamaño da pantalla, estrutura non lineal, etc.
- As distintas variedades dunha lingua poden diferir na pronuncia, no vocabulario, na ortografía e na gramática.
- As variedades rexionais dunha lingua tamén poden levar consigo preferencias culturais no que respecta a cuestións como os formatos de data e hora, unidades de medida, divisas, cores, imaxes, puntuación e deseño do texto.
- Na localización profesional empréganse ferramentas que, por exemplo, permiten separar o texto traducible do código informático e despois inserir a tradución no lugar axeitado.
- Na localización non profesional pódense atopar proxectos de *crowdsourcing*, que consiste en que un grande número de persoas colaboran, normalmente mediante internet, facendo pequenas achegas a un proxecto común, como a localización ou a tradución dunha páxina web ou da interface dun programa.
- As persoas que participan nos proxectos de crowdsourcing non adoitan cobrar polo seu traballo, pero ofréceselles como incentivo que poderán dispor do produto na súa propia lingua.
- Para identificar termos e expresións que son propios dunha variedade lingüística concreta empréganse recursos e ferramentas como as bases de datos terminolóxicas ou as concordancias en liña.
- Diatopix é unha ferramenta en liña gratuíta que facilita a localización e comparación de variedades lingüísticas rexionais.

- Na actualidade xa existen ferramentas gratuítas de tradución automática en liña que permiten traballar con variedades lingüísticas concretas.

Temas para debater

141

Velaí tres cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Que vantaxes e desvantaxes ten que se empregue unha única lingua de comunicación? Por exemplo, o inglés como lingua franca nos negocios ou nas publicacións científicas. Que vantaxes e desvantaxes ten a localización dun produto a múltiples variedades lingüísticas?
- Se un produto ou servizo se anunciase na túa propia variedade lingüística, terías mellor disposición para mercalo? Razona a resposta.
- Participarías nun proxecto de crowdsourcing para localizar un produto? Razona a resposta.

Exercicios

- **Compara as distintas versións localizadas dunha mesma páxina web:** Visita a web dunha grande multinacional como a Coca-Cola (<https://www.coca-cola.com/>).
 - Revisa as diferentes versións localizadas para variedades dunha mesma lingua. Que semellanzas e diferenzas atopas entre as versións dunha mesma lingua destinadas a nacionalidades, culturas ou variedades distintas? A que pensas que se deben?
 - Para o **inglés**: Australia, Canadá, Estados Unidos, Irlanda, Nova Zelandia, Reino Unido, Sudáfrica, etc.
 - Para o **árabe**: Alxeria, Exipto, Tunisia, etc.
 - Para o **francés**: Alxeria, Bélxica, Canadá, Francia, Marrocos, Suíza, etc.
 - Para o **alemán**: Alemaña, Austria, Suíza, etc.
 - Para o **portugués**: Brasil, Portugal, os PALOP (Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa), etc.
 - Para o **español**: Arxentina, Bolivia, España, México, etc.
- Revisa as versións preparadas para as diferentes comunidades lingüísticas dun mesmo país: ves algo rechamante se comparas o texto destinado a rexións que comparten certos elementos culturais pero non a lingua?

- Para **Bélxica**: Belgium (Belgique) e Belgium (België).
- Para **Canadá**: Canada (English) e Canada (Français).
- Para **China**: China e China (Hong Kong).
- Para **Indonesia**: Indonesia (Bahasa) e Indonesia (English).
- Para **Suíza**: Switzerland (Schweiz) e Switzerland (Suisse).
- **Xoga con Diatopix**: Diatopix (<https://olst.ling.umontreal.ca/diatopix/>) é unha ferramenta en liña gratuita desenvolvida na Université de Montréal por Patrick Douin e Benoît Robichaud que permite introducir dúas palabras (por exemplo, «railroad» e «railway» ou «color» e «colour») e ver en que zonas do mundo se empregan con máis frecuencia. Por iso, nun proxecto de localización, é unha ferramenta moi útil para sabermos se debemos empregar uns termos ou outros para segundo que variedades lingüísticas. Actualmente esta ferramenta pode comparar palabras das diferentes variedades do español, francés, inglés e portugués. Seguro que atopas resultados interesantes nalgunha das túas linguas de traballo.
- **Canto sabes sobre estas variedades lingüísticas?** Saberías responder estes cuestionarios sobre variedades lingüísticas (ou outros que poidas atopar en internet)?
 - Os cuestionarios de **Macmillan Dictionary** sobre o inglés británico e estadounidense: <https://www.onestopenenglish.com/kahoot-quizzes/macmillan-dictionary-quizzes-british-or-american-english/1000756.article>.
 - Os cuestionarios e xogos do **Portal lingüístico do Goberno de Canadá**: <https://www.noslangues-ourlangues.gc.ca/fr/jeu-quiz/vocabulaire-vocabulary-fra>.
 - O cuestionario de **Babel** sobre o español arxentino: <https://www.babel.com/en/magazine/quiz-argentine-spanish>.

Para saber máis

BOWKER, Lynne. 2021. *Translating for Canada, eh?* University of Ottawa. <https://ecampusontario.pressbooks.pub/translatingforcanadav2/>.

- Neste recurso educativo aberto (OER) analízase a localización a variedades menos empregadas do inglés e do francés, nomeadamente o inglés canadense e o francés canadense, e inclúe exemplos de ferramentas e recursos de utilidade.

JIMÉNEZ-CRESPO, Miguel A. 2024. *Localization in Translation*. Londres: Routledge.

- Este estudo introdutorio presenta os fundamentos teóricos, conceptuais, prácticos e metodolóxicos que nos permiten observar criticamente os fenómenos de localización, os seus procesos e as súas modalidades, ben sexa para o seu estudo académico ou para adquirir a capacitación profesional que se esixe nesta industria.

JIMÉNEZ-CRESPO, Miguel A. 2013. *Translation and Web Localization*. Londres: Routledge.

- O autor analiza neste libro a natureza dinámica da localización de páxinas web, xunto cos factores, como o *crowdsourcing*, que están a provocar fondos cambios non só neste ámbito senón na tradución en xeral.

O'HAGAN, Minako, e Carme MANGIRON. 2013. *Game Localization: Translating for the Global Digital Entertainment Industry*. Amsterdam: John Benjamins.

- As autoras ofrécennos unha guía detallada da localización de videoxogos, que nos axudará a coñecer a realidade desta especialización profesional e a crecente importancia da tradución nunha das principais industrias globais do século XXI.

Capítulo 08

A adaptación e a transcreación

145

A estas alturas do libro xa sabes ben que a meirande parte dos casos de tradución requiren da creatividade, xa que rara vez traducimos palabra por palabra. Pola contra, procuramos comprender a mensaxe do texto e logo reformulala de xeito coherente para que soe natural na lingua termo. Como vimos no Capítulo 1, a tradución abrangue un espectro de posibilidades, dende a tradución literal nun extremo ata a tradución libre no outro. A tradución libre chámase ás veces *adaptación* porque o seu resultado pode non ser unha tradución propiamente dita, ao conter omisións, modificacións e mesmo adicións ou engadidos, pero así e todo segue a considerarse que representa o texto orixinal porque nestes casos importa máis conservar o carácter e a función do orixinal que a súa forma ou o significado preciso. E mesmo hai quen considera que a localización, da que falamos no Capítulo 7, é un tipo de adaptación.

A adaptación é un deses conceptos escorregadizos para os que é difícil dar cunha definición precisa. Ata que punto podemos afastarnos do orixinal antes de que o resultado deixe de considerarse unha tradución para considerarse unha adaptación? Non é doado marcar os límites e dende logo non imos solucionar agora esta cuestión de longa data, polo que de momento nos imos conformar con saber que a fronteira entre tradución e adaptación é difusa. Neste capítulo ímonos deter nunha forma de adaptación que adoitamos chamar *transcreación*, que, como suxire o termo, conxuga elementos da tradución e da creación.

Hai textos que son de natureza pragmática e teñen como obxectivo principal transmitir información, polo que a mellor estratexia é a tradución. Noutros casos, como a publicidade, os textos son máis ben persuasivos e teñen como obxectivo conseguir unha conexión emocional coa súa audiencia, porque non se trata só de darlle información, senón sobre todo de conseguir que merque algo ou que invista nun produto. É dicir, o que queremos non é só transmitir a información senón provocar algún tipo de *efecto*, se cadra *intriga*, *sedución*, *persuasión*, *humor*.... polo que será preciso afastarnos máis do orixinal que se quixésemos facer unha tradución máis pragmática.

Pensa nalgún anuncio que che pareza efectivo de verdade. Se cadra lembrás un anuncio que viches na infancia, que che quedou gravado no cerebro e aínda lembrás o slogan ou a canción que o acompañaba. Por que lembrás ese anuncio en concreto? Por que era gracioso? Ocorrente? Divertido? Tenro? Ou se cadra era un pouco desagradable pero ao mesmo tempo atraente? Poderíaste sentir identificado con ese anuncio? Os anuncios máis efectivos son sempre os que conseguen conectar emocionalmente coa audiencia, polo que os que funcionan nunha lingua poden non facelo noutra se se traducen de xeito literal. O humor adoita depender da lingua e os xogos de palabras normalmente non funcionan ao traducilos, por iso a transcreación non lle presta atención ao contido da mensaxe senón á conexión afectiva que se quere conseguir coa audiencia de destino.

En que se diferencia a transcreación da localización e da tradución?

No Capítulo 1 presentamos o concepto de tradución e no Capítulo 7 analizamos as diferenzas entre tradución e localización; agora imos ver que relación teñen coa transcreación. Os tres conceptos refírense a estratexias que serven para transmitir unha información noutra lingua, pero tanto os procesos implicados en cada un como os seus resultados poden ser moi diferentes.

- A **tradución** é un xeito de transferir unha mensaxe dunha lingua a outra procurando que a información esencial permaneza inalterable aínda que cambie o envoltorio lingüístico (ver Capítulo 1).
- A **localización** xorde da necesidade de conseguir que os xéneros dixitais sexan máis accesibles ás distintas comunidades lingüísticas e culturais do mundo. Afecta xa que logo tanto aos elementos lingüísticos (como o vocabulario, a ortografía ou a gramática, que poden ser diferentes en distintas variedades dunha mesma lingua, como o inglés estadounidense e o británico) como aos extralingüísticos (formatos de data e hora, unidades de medida, divisas, lonxitude e deseño dos textos, cores, imaxes, etc.). A localización ocúpase, xa que logo, dos cambios que cómpre facer para cumprir por unha banda coas expectativas do público receptor e pola outra coas necesidades do produto (ver Capítulo 7).
- A **transcreación** xorde no eido da publicidade e do deseño de marca, que buscan conectar emocionalmente cos públicos estranxeiros. Para conseguir un maior impacto e permanecer na memoria, os anuncios adoitan empregar recursos lingüísticos (como aliteración, rima, acrósticos, xogos de palabras, modismos, etc.) e referencias culturais que provocan que a tradución literal non sexa posible, ou non teña sentido, ou soe estraña para unha audiencia dunha cultura diferente e afeita a outro tipo de mercado. Por iso,

co obxectivo de lograr o mesmo impacto, eficacia e conexión emocional que no orixinal, a transcreación emprega a linguaxe e as referencias culturais máis axeitadas para cada marca e cada mensaxe publicitaria, o que pode esixir que se fagan certas modificacións no texto.

147

Pero que é exactamente a transcreación?

Para comprender mellor en que consiste, vexamos algúns exemplos concretos. A pandemia da Covid-19 que sufrimos hai uns anos resultou ser unha interesante fonte de creatividade lingüística cando a poboación botou man do humor para afrontar aquela difícil situación. Por todo o mundo comezaron a compartirse as experiencias da pandemia, pero, como se transfiren dunha lingua a outra cando a tradución non é abondo? Pois aí entran en xogo as estratexias da transcreación.

En palabras da transcreadora profesional Claudia Benetello, a transcreación consiste en:

redactar contidos promocionais ou publicitarios para un mercado concreto
(*como o italiano*)

baseados nun texto orixinal
(*escrito por exemplo en inglés*)

conseguindo que o texto final
(*por exemplo, a versión italiana*)

pareza que se escribiu directamente na lingua termo e para a cultura termo
(*por exemplo, a italiana*)

(Benetello 2017)

Durante a pandemia a meirande parte de países decretaron algún tipo de confinamento para tratar de reducir a taxa de contaxio na poboación e, con todo o mundo pechado na casa, os días comezaron a facerse repetitivos, como se fosen unha única e longa xornada, ata que se fixo difícil saber en que día estabamos. Para describir este fenómeno, nas redes sociais en lingua inglesa comezou a empregarse a palabra *Blursday* para describir eses días da semana imposibles de distinguir.

A palabra *Blursday* está formada mediante unha técnica chamada acronimia ou aglutinación consistente en tomar unha palabra ou a súa parte inicial (por exemplo, *blur*, difuminar) e combinala co final doutra palabra (como *-ursday*, do inglés *Thursday*, xoves). A palabra resultante denomínase *portmanteau* ou acrónimo e expresa unha combinación dos significados das súas partes. Esta técnica emprégase con

moita frecuencia para crear novas palabras como *módem*, *informática*, *Doga*, *Eurostat* ou *internet*.

148 Traducir estes termos a outra lingua pode ser todo un reto, xa que se cadra non é posible combinar os equivalentes das mesmas palabras orixinais (como *blur*, difuminar, e *Thursday*, xoves) para producir outra palabra aceptable e significativa. Nestes casos cómpre tirar de creatividade para conseguir atopar outro xeito de describir o mesmo concepto cun efecto semellante, mesmo se o resultado non é unha tradución propiamente dita. E iso é precisamente o que se fixo nas redes sociais en lingua francesa, que inventaron a palabra *lundimanche* para capturar esa idea do día que se repite unha e outra vez durante o confinamento. En realidade trátase doutro caso de acronimia ou aglutinación, aínda que as palabras das que se parte non sexan as mesmas que en *Blursday*, senón *lundi* (luns) e *dimanche* (domingo). Así, combinando os nomes do primeiro e máis do último día da semana créase en francés o efecto de que os días se suceden sen distinción. *Lundimanche*, xa que logo, non é propiamente unha tradución de *Blursday*, pero transmite a mesma idea e ten un efecto similar porque emprega palabras orixinais francesas e os seus significados son recoñecibles nun *portmanteau* que soa natural.

Outra consecuencia do confinamento foi que pasabamos máis tempo no sofá, petiscando e bebendo, o que deu como resultado que moita xente engordase un pouco, algo que moitas persoas de fala inglesa denominaron Covid-15. Trátase dun xogo de palabras que combina o termo Covid-19 co concepto de *freshman 15* (as quince libras —ou 7 quilos— do primeiro ano), una expresión que nos Estados Unidos se emprega para referirse aos quilos que engorda o alumnado que vive só por primeira vez cando comeza os estudos universitarios. Dado que se trata dun concepto moi marcado culturalmente, non é doado traducilo a outras linguas e precisase recorrer á transcreación, como en alemán, que creou o termo *Coronaspeck* (de *Coronavirus* + *Speck*, que significa touciño, graxa, gordura). Esta palabra inspírase noutra que xa existía: *Kummerspeck* (de *Kummer*, mágoa, tristura), que se refire ao que engordamos cando comemos por sentirmos tristura, depresión, mágoa ou algunha outra emoción semellante. Pola súa parte, o francés preferiu outro tipo de expresión cando creou *immobesité*, unha palabra que aglutina *immobilité* (inmobilidade) e *obésité* (obesidade), para denominar o mesmo gaño de peso por falta de exercicio.

Como non estaban permitidas as reunións sociais en lugares pechados, moitas persoas comezaron a facelas no exterior, creando novas formas de tomarlle unha sen necesidade de ir ao bar. En inglés chamóuselle *walktail*, unha combinación de *cocktail* e *walk* (camiñar) para designar un paseo coas amizades que se aproveita para tomar unha copa. Nos países de fala francesa chamóuselle *apérue*, é dicir, un *apéritif* que se toma na *rue*; e en alemán creouse *Abstandsbier*, de *Abstands* (distancia) e *Bier* (cervexa).

Estes exemplos relativos á Covid-19 son simpáticos e serven para introducirmos nalgunhas das nocións básicas da transcreación porque son breves, doados de entender e falan de situacións que coñecemos, pero no mundo profesional a transcreación pertence sobre todo aos campos da publicidade e da creación da imaxe de marca. Vexamos agora un exemplo dunha campaña publicitaria real que a cadea canadense de restaurantes Tim Hortons empregou no Nadal de 2021 nos seus envases de comidas e cafés para levar.

A cadea fundouna no ano 1964 o xogador de béisbol profesional Tim Horton e é unha das marcas máis coñecidas do país, coñecida popularmente como *Tim's* en inglés ou *Tim* en francés. Os seus produtos máis valorados son o café e as rosquillas, aínda que tamén ten sopas, bocadillos e almorzos.

Como parte da súa imaxe de marca, Tim Hortons adoita incorporar o nome da empresa no nome dos seus produtos. Por exemplo, o burato das rosquillas (o anaco de masa que se lles recorta no centro) chámase en inglés *Timbits* (anacos Tim). E as propias rosquillas chámanse en portugués *berlittims*. En francés, o bocadillo do almorzo (touciño ou salchicha, ovo e queixo dentro dun bolo) chámase *Timatin*, que significa literalmente un Tim pola mañá.

Continuando con esta estratexia de integrar o nome *Tim* na publicidade, a compañía empregou os seguintes lemas en inglés e francés nos envases de nadal:

Inglés: It's the most wonderful Tim's of the year (A mellor época/Tim do ano, aproveitando a semellanza entre Tim e time, tempo, época).

Francés: Vive le Tim des fêtes (Viva a época/Tim das festas, aproveitando a semellanza entre Tim e temps, tempo, época).

É evidente que as versións inglesa e francesa non significan exactamente o mesmo, pero nos dous casos teñen un efecto similar nas súas respectivas audiencias porque se basean en populares cancións de nadal. O lema inglés fai referencia á canción «It's the Most Wonderful Time of the Year» (É a mellor época do ano), publicada no ano 1963 polo cantante Andy Williams, mentres que o lema francés lembra a canción «Vive le temps des fêtes» (Viva a época das festas), lanzada polo grupo vocal quebequés *Les Baronets* en 1965.

Un dato curioso... Un dos membros fundadores de *Les Baronets* foi René Angélil, que máis tarde sería coñecido por ser o representante e marido da famosa cantante canadense Céline Dion.

Tanto o lema francés como o inglés evocan a nostalxia dos nadais pasados e ambos xogan con cancións ben coñecidas polos públicos angloparlantes e francoparlantes

de Canadá. Por outra parte, as dúas versións empregan un xogo de palabras semellante, no que se utiliza o nome *Tim* para substituír unha palabra que soa parecido: *time* en inglés e *temps* en francés, que en ambos os dous casos significan «tempo, época». En definitiva, aínda que os dous lemas non son tradución un do outro, son transcreacións eficaces porque producen un impacto semellante nas súas respectivas audiencias.

Por que é importante a transcreación?

Como xa dixemos antes, a transcreación é unha estratexia que se adoita empregar principalmente na publicidade, pero non a utilizan só as grandes marcas, senón que se pode aplicar a calquera texto que queira persuadir máis que informar; por exemplo, unha web dunha empresa que desexe difundir a súa imaxe, os seus obxectivos e os seus valores.

Se tes unha importante campaña comercial entre mans, unha mala tradución pode poñer en perigo a súa eficacia e comprometer o resultado final. Pero mesmo nunha campaña máis limitada non é unha boa idea descoirdar a comunicación, xa que unha frase aparentemente sinxela podería supoñer un grande problema de tradución; unha tradución insulsa e improvisada pode ter moi malas consecuencias para a imaxe dunha marca ou dunha empresa.

Un dato curioso... O xornal *Financial Times* contábanos en 2009 o caso real dunha empresa que non lle prestou toda a atención que debía ao xeito no que se traduciu a súa imaxe de marca a outra lingua e outra cultura. HSBC, unha empresa de banca e servizos financeiros, viuse obrigada a gastar moitos millóns de dólares para mellorar a súa imaxe despois de que o seu slogan «Assume Nothing» (non deas nada por suposto) se traducise incorrectamente como «Non fagas nada» en varios países (Robinson 2009).

Comentamos no apartado anterior algúns casos de transcreacións moi atinadas, pero que sucede se as cousas non se fan ben? Seguro que nas redes e en internet tes visto moitos casos de «erros de tradución», algúns dos cales poden ser certos, pero moitos outros son apócrifos ou lendas urbanas; así e todo, sérvennos como exemplo do que pode suceder se unha empresa non toma en serio os retos que supón vender un produto ou servizo nunha cultura distinta. Unha das historias máis repetidas é a da cadea estadounidense de comida rápida Kentucky Fried Chicken, que, segundo se di, traduciu ao chinés o seu slogan «Finger lickin' good» (para chupar os dedos) como «come os dedos». Outro caso moi citado atribúese a Pepsi que seica traduciu o seu slogan «Come alive with the Pepsi generation» (anímate ou vive a vida coa

xeración Pepsi) ao chinés como «Pepsi fai resucitar os teus familiares». Ás veces non é só o slogan ou o lema o que cómpre adaptar, senón o propio nome do produto, para axeitalo a un novo mercado. Por exemplo, a empresa estadounidense Vicks, que vende produtos para tratar o catarro e a tose, mudou o seu nome a Wick para o mercado alemán porque a marca orixinal asemellábase demasiado a unha palabra que significa masturbarse. Aínda que algunhas destas historias poidan ser falsos mitos ou esaxeracións, sérvennos para sermos conscientes da importancia de coñecer a fondo as características lingüísticas e culturais dos distintos mercados do mundo. Se non o facemos podemos arruinar unha custosa campaña publicitaria e provocar grandes perdas económicas. Cando unha empresa ten mala reputación é moi difícil endereitala, polo que as perdas poden non limitarse só ao curto prazo, senón prolongarse no tempo, mesmo dificultando os proxectos de expansión internacional. E, por suposto, as campañas destinadas a reconstruír a imaxe perdida poden ser carísimas.

Como se traballa profesionalmente na transcreación?

Claudia Benetello (2018), unha experta transcreadora profesional suxírenos que a transcreación é:

- ¼ tradución
- ¼ redacción de contido
- ¼ coñecementos culturais
- ¼ publicidade

O proceso de transcreación comeza coa encarga creativa (*creative brief*) que fai o cliente ou clienta. Como xa vimos no Capítulo 3, en tradución recibimos unha encarga (é dicir, un conxunto de instrucións), pero no caso da transcreación inclúe tamén ideas, conceptos, a reacción que se agarda que o texto final produza na audiencia, o ton da mensaxe e o significado do texto orixinal. É fundamental ter en conta que a transcreación non é só creatividade: as indicacións da encarga serven de marco xeral a partir do cal adaptar a creatividade á mensaxe e ao ton da marca, procurando ao mesmo tempo conectar emocionalmente co público.

O paso seguinte é analizar o texto orixinal en función da encarga creativa. A diferenza da tradución, que traballa moi apegada ao orixinal, na transcreación precisamos afastarnos da súa literalidade para centrarnos máis na intención. Noutras palabras, precisamos consultar e descodificar o texto orixinal, pero unha vez que coñecemos os seus elementos clave deixámolo de lado para non deixarnos influír polas súas formulacións. Por outra parte, a publicidade adoita incluír elementos visuais, que tamén se precisa estudar para asegurar unha boa harmonía entre texto e imaxe.

A sensibilidade cultural e un sólido coñecemento do mercado son aspectos clave da transcreación, xa que o texto final ten que axeitarse á cultura receptora: saber o que é aceptable ou non é imprescindible. A continuación, nesta fase do proceso debémosnos preguntar se é preciso que o público destinatario teña algún tipo de coñecementos previos para entender correctamente a mensaxe; ou que información marcada culturalmente transmite o texto.

Unha vez que está definido o tipo de resposta que se pretende por parte do público receptor é cando adoita comezar unha fase de choiva de ideas na que se avalían todas as propostas que xurdan. A transcreación é un proceso iterativo, é dicir: en contadas ocasións a primeira idea é a mellor; o normal é probar distintas solucións, revisar a fondo como poderían funcionar e melloralas cunha nova proposta. Dado que a publicidade emprega en moitas ocasións xogos lingüísticos, a creatividade é fundamental, así como o dominio da redacción publicitaria e das culturas implicadas e a capacidade de inventar slogans atractivos que consigan espertar no público as emocións axeitadas. En certas ocasións, pola contra, pode ser desexable que se rompan algunhas regras, de xeito que algo que noutros casos se podería considerar un erro de tradución (unha construción gramatical incorrecta ou unha gralla ortográfica, por exemplo) se cadra é a mellor estratexia de transcreación.

Na fase de choiva de ideas é frecuente que se fagan modificacións nos textos para compensar a imposibilidade de reproducir algunha característica do orixinal. Vexamos por exemplo o lema que se empregou en inglés para o Volkswagen Jetta: «Betta Getta Jetta». Este lema informal e sonoro, que reproduce a pronuncia da versión do lema en inglés estándar «Better get a Jetta» (o mellor é que merques un Jetta), é moi difícil de traducir literalmente, non cres? Por iso un proxecto de transcreación procuraría facer algo diferente, prescindindo, se cadra, da rima e empregando algún outro recurso. En francés, por exemplo, podería funcionar a aliteración: «Jetta, je t'aime». A ti que se che ocorre en galego?

Na transcreación tamén é indispensable coñecer as convencións publicitarias do mercado de destino, xa que mentres que nalgúns se prefire, por exemplo, o uso da rima, noutros pode gustar menos. Do mesmo xeito é necesario coñecer o tipo de imaxes e mensaxes publicitarias que empregan as empresas competidoras, para evitar usar as mesmas técnicas e propoñer fórmulas novas e orixinais.

Para rematar cómpre sinalar tamén que no proceso de transcreación non sempre é preciso pensar en solucións moi distintas ao orixinal, porque dependendo das linguas e das culturas en cuestión se cadra é posible empregar as mesmas técnicas ou unha mensaxe semellante. Os coñecementos e o xuízo de cada profesional determinará se para conseguir os efectos desexados se pode facer unha transcreación máis apegada ao orixinal ou se pola contra se precisa construír unha mensaxe máis innovadora e pensada especificamente para a comunidade receptora.

Unha vez debulladas todas as posibilidades selecciónanse as versións que semellen máis axeitadas para transmitir a mensaxe orixinal do xeito máis eficaz en función do público receptor. Estas decisións tómanse, evidentemente, da encarga creativa coa que comezou o proceso. En todo caso, é habitual que a cada cliente se lle ofrezca máis dunha opción para valorar as súas reaccións antes de chegar á proposta definitiva. Podemos dicir, xa que logo, que a transcreación, a diferenza da tradución convencional, é un proceso moi colaborativo. Pero como é probable que haxa clientes que non dominen a lingua termo, a transcreación adoita incluír tamén unha glosa ou retrotradución literal das propostas, xunto cunha explicación detallada e razoada das decisións tomadas e do proceso creativo, todo o cal axudará a entender o texto termo e facilitará que se fagan suxestións de mellora.

Como vimos no Capítulo 3, as traducións adóitanse facturar por palabra ou por carácter, pero no caso da transcreación isto non tería sentido, xa que con frecuencia se precisan moitas horas de traballo colaborativo para atopar un slogan ou un texto publicitario de moi poucas palabras. Como ademais da creatividade o proceso implica tamén documentación, traballo colaborativo con outras persoas (co equipo publicitario ou coa propia empresa, por exemplo), os custos da transcreación normalmente se facturan por horas. É certo que o proceso de transcreación é máis longo e máis caro ca o da tradución convencional, pero o resultado que recibe cada cliente é de grande calidade e está elaborado especificamente para vender o seu produto do xeito máis eficaz a un público concreto.

Para concluír

Aínda que non hai un acordo unánime para definir o alcance da adaptación e da transcreación, o certo é que esta última vai máis alá da tradución propiamente dita para conseguir que a forma e o contido dunha campaña publicitaria ou a imaxe dunha marca sexan atractivas para un público destinatario cunha lingua, cultura e expectativas moi diferentes ás do público orixinal. Pódese dicir, xa que logo, que a transcreación é unha combinación de tradución, redacción publicitaria, coñecementos culturais e publicidade. Aínda que en certas ocasións unha transcreación pode reproducir as técnicas empregadas na campaña orixinal, o máis habitual é que se recorra a estratexias de compensación como a substitución de referencias culturais ou o cambio da rima pola aliteración. Cando unha empresa non emprega a transcreación para a súa expansión internacional o resultado pode ser que fracase a campaña publicitaria ou mesmo que se produzan danos a longo prazo na reputación da marca.

Puntos clave do capítulo

- A tradución, a localización, a adaptación e a transcreación atópanse situadas ao longo dun contínuum e os límites entre unhas e outras son difusos.
- Como suxire o seu nome, a transcreación combina tradución e creación (é dicir, redacción de contidos). Ademais de saber traducir, a transcreación require tamén o dominio da redacción publicitaria, competencia cultural e coñecementos de mercadotecnia.
- É habitual que a publicidade incorpore recursos como a rima, a aliteración, o humor ou as frases feitas para conectar coa audiencia, pero son elementos que adoito non se poden traducir directamente dunha lingua e cultura a outra.
- Na transcreación é frecuente recorrer a estratexias de compensación, como por exemplo substituír a rima do orixinal por aliteración no texto termo.
- Dado que os anuncios adoitan incorporar imaxes e gráficos, a transcreación debe ter especial coidado en que o texto final encaixe correctamente con eses elementos.
- Se unha campaña publicitaria fracasa debido a unha mala tradución, a empresa pode sufrir perdas económicas e danos á súa imaxe, polo que sempre é aconsellable investir nunha transcreación personalizada.
- A transcreación é un proceso iterativo e colaborativo que comeza cunha encargar creativa elaborada coas necesidades da empresa ou da marca. A partir dos requirimentos da encarga analízase o texto orixinal, propóñense diferentes opcións, selecciónanse as máis axeitadas e finalmente preséntanselle á empresa xunto cunha retrotradución e unha explicación das decisións tomadas durante o proceso. A partir de aí, a valoración e as opinións da empresa pódense incorporar á versión final.
- Dado que a transcreación é unha actividade complexa e colaborativa, non se factura por palabra ou carácter, senón por hora.

Temas para debater

Velaí tres cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:


- Dado que toda tradución require un certo grao de creatividade, podemos dicir que toda boa tradución é unha transcreación? A transcreación é algo máis que un nome de moda para referirnos á tradución? De verdade son actividades diferentes?

- Se o resultado dunha transcreación é unha reprodución máis ou menos literal do anuncio orixinal, podemos considerala transcreación igualmente? Razona a resposta.
- Que che parecería compartir co resto da clase as respostas que elabores para os exercicios que se propoñen a continuación? Ademais, poderías analizar criticamente as propostas que fagan as outras persoas e comentalas con elas.

155

Exercicios

- **Poderías facer unha adaptación destes termos creativos?** A pandemia da Covid-19 fixo que aparecesen en moitas linguas palabras novas para expresar como nos afectaba na vida diaria aquela situación inesperada. Tratábase en moitos casos de creacións moi orixinais baseadas no humor ou nos xogos de palabras, o que dificultaba a súa tradución. Na lingua inglesa apareceron palabras como covidiot, Coronials, doomscrolling, infodemic, maskne, quarantini, walktail, e Zoombombing. En alemán: Coronafrisur, Fensterbesuch, Fußgruß, Hamsterkauf, Impfneid, Mundschutzmode, e Schnutenpulli. E en francés xurdiron apérozoom, Skypéro, WhatsAppéro, balconfinement, coronabdos, covidéprimer, décamérier, mélancovid, solidaritude, télédeuil, ou télésaluer.
 - Escolle algúns dos exemplos devanditos ou busca outros en internet.
 - Analiza as palabras seleccionadas e describe as técnicas empregadas para crealas. Cales son os elementos básicos do significado destes termos que se deberían conservar nunha tradución?
 - Propón equivalentes en galego e tamén unha retrotradución á lingua orixinal, xunto cunha explicación de como chegaches á túa proposta. Pudeches empregar as mesmas técnicas que no orixinal ou tiveches que recorrer a outras?
- **Transcreamos un anuncio?** Supoñamos que tes que facer unha transcreación para unha campaña que quere concienciar dos perigos de conducir despois de consumir alcohol. O texto orixinal é unha especie de encrucillado de tres palabras que vai acompañado dun slogan (Imaxe 8.1.). Propón unha transcreación ao galego e redacta unha explicación de todas as túas decisións.



Don't play with death like you play with words.

Non xogues coa morte como se xogases coas palabras.

Drive = conducir. Drink = beber. Die = morrer.

Imaxe 8.1 Poderías transcrea este encrucillado para unha campaña contra o consumo de alcohol ao volante?

- **Cando as cousas saen mal** Busca «erros de tradución na publicidade» que atopas en Google e analiza os (supostos) casos de desastres provocados por non ter en conta as características do mercado de destino e, en consecuencia, non facer unha transcreación.

Para saber máis

BASTIN, Georges L. 2020. «Adaptation». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 3ª ed., Mona BAKER e Gabriela SALDANHA (eds.), 10–14. Londres: Routledge.

- Esta entrada da enciclopedia Routledge analiza as dificultades para distinguir entre adaptación e tradución e revisa varias propostas de definición e diferenciación destes dous conceptos.

BENETELLO, Claudia. 2018. «When Translation Is Not Enough: Transcreation as a Convention-Defying Practice. A Practitioner's Perspective». *JoSTrans: Journal of Specialized Translation* 29: 28–44. http://www.jostrans.org/issue29/art_benetello.php.

- Este artigo sinala as diferenzas entre transcreación e tradución ao fío dunha boa presada de exemplos. A autora identifica, ademais, as competencias e coñecementos que cómpren para ter éxito nesta especialidade.

KATAN, David. 2021. «Transcreation». En *Handbook of Translation Studies*, Vol. 5, Yves GAMBIER e Luc VAN DOORSLAER (eds.), 221–225. Amsterdam: John Benjamins.

- Este capítulo analiza as características que diferencian a transcreación da localización, da adaptación e da tradución, facendo énfase sobre todo na creatividade, no status profesional e no carácter colaborativo do traballo.

157

ZETZSCHE, Jost, e Nataly KELLY. 2012. *Found in Translation: How Language Shapes Our Lives and Transforms the World*. New York: Penguin Books Ltd.

- Neste libro, especialmente no Capítulo 3, preséntanse exemplos de boas transcreacións que axudaron a certas empresas na súa expansión internacional e outros casos nos que as malas traducións tiveron un impacto negativo nas vendas e na imaxe das marcas.

Capítulo 09

A tradución resumo e a comunicación intermodal

159

Como xa viches ao longo deste libro, a tradución esixe unhas boas competencias en redacción para podermos reformular as ideas do texto orixinal no texto termo de xeito natural e agora imos ver que algunhas destas competencias se poden exercitar practicando outras formas de redacción, como o resumo. Resumir implica transformar un texto longo noutro máis curto e este proceso permite que as persoas que se están a formar en tradución desenvolvan algunhas das competencias máis importantes que van precisar no mundo profesional. Neste capítulo analizaremos a relación entre os coñecementos precisos para resumir e os precisos para traducir e aprenderás tamén a facer un bo resumo.

Por outra parte, presentaremos o concepto de tradución intermodal. No Capítulo 1 vimos que a tradución se adoita ocupar de mensaxes escritas e a interpretación, de mensaxes que habitualmente están en forma oral, pero hai certas situacións nas que a mensaxe orixinal e a mensaxe traducida non comparten o mesmo soporte. Imaxina, por exemplo, que alguén recibe un correo escrito nunha lingua que non comprende e che pide que lle contes o que di: o correo orixinal está escrito pero se cadra ti reproduces o seu contido oralmente. Isto quere dicir que o modo de transmisión da información cambiou de escrito a oral. Outro exemplo podería ser que queiras ver unha película rodada nunha lingua que non comprendes, polo que decides activar os subtítulos: o diálogo orixinal da película é falado pero os subtítulos que ti les están escritos, de xeito que hai un cambio de modo de oral a escrito. Veremos os subtítulos con máis detalle no Capítulo 10.

Vexamos agora como se poden combinar estas dúas actividades, o resumo e a tradución intermodal. Cando no primeiro exemplo lle contas a esa persoa o contido do correo electrónico, seguro que máis que traducir palabra por palabra o que fas é transmitirle o sentido xeral. Pois do mesmo xeito, os subtítulos dunha película non reproducen palabra por palabra os diálogos que vemos na pantalla, senón que transmiten só a información básica. Por iso, ademais de estudar o resumo e a comunica-

ción intermodal de xeito independente, neste capítulo analizaremos tamén como se relacionan estas dúas actividades no ámbito lingüístico.

160

Que é un resumo?

Hoxe en día todo o mundo está tan ocupado que non temos tempo para ler todos os textos que atopamos, por iso preferimos que nos dean un bosquexo xeral no que poidamos identificar os puntos principais para localizar o contido que máis nos interese ou para decidir se seguimos a ler. Un bo resumo proporciona este tipo de servizo se consegue condensar a información e organizala de forma intuitiva e lexible. En certo xeito, un resumo escrito é o equivalente textual do tráiler dunha película: ofrece unha información básica que permite que a audiencia coñeza o produto e poida decidir se quere ver máis ou non. Na nosa vida diaria estamos rodeados de información condensada; ocórreseche algún exemplo?

Para comezar, os resumos son imprescindibles para navegar por internet. Cando fas unha consulta nun buscador como Google, por exemplo, obtemos como resultado uns fragmentos de distintas páxinas web que nos axudan a identificar, cunha soa ollada, os resultados máis relevantes. Por outra parte, a rede social X (antes Twitter) só permite que publiquemos mensaxes resumidas nun máximo de 280 caracteres, polo que normalmente só escribimos os detalles máis relevantes seguidos dunha ligazón a unha páxina web na que se pode ler a información completa. A internet mesmo propiciou a aparición dun novo tipo de sumario: «TL;DR», que ás veces se escribe TLDR, e significa «too long, didn't read» (demasiado longo, non o lin). Nalgúns foros de discusión de internet como Reddit, TL;DR empregouse nun primeiro momento como unha abreviatura que quería dicir que unha publicación era innecesariamente longa e que non se lera. Na actualidade, a abreviatura TL;DR adoita ir acompañada dun breve sumario do contido dunha publicación, ben sexa ao comezo, ben ao remate da mesma. Deste xeito, calquera persoa que teña interese no tema da publicación pode lela completa, mentres que as que só queren un resumo se limitan a ler o resumo TL;DR.

Pero tamén podemos atopar resumos noutros contextos, por exemplo no mundo dos negocios, onde os informes máis longos adoitan comezar cun resumo executivo, que é unha presentación breve do contido do informe que permite decidir que partes ler con detalle e que outras partes ler máis por riba ou mesmo saltar. E que estudante universitario non consultou algunha vez un resumo dunha obra máis longa? Versións resumidas dunha novela (como os Signet Classics), guías como CliffsNotes ou SparkNotes proporcionannos sumarios capítulo a capítulo das principais obras literarias. E no mundo das publicacións académicas, os artigos de investigación sempre van acompañados dun resumo ou *abstract*, que queda recollido en distintas base de datos que nos permiten coñecer os traballos máis relevantes de cada cam-

po científico. Lendo o resumo do artigo, calquera investigador ou investigadora pode decidir se lle interesa consultar o artigo completo ou non. Cada vez é máis frecuente que os resumos dos artigos se fagan en dúas ou máis linguas, o que facilita que a comunidade investigadora estea informada das novidades máis importantes de cada campo, aínda que se redacten noutra lingua e se publiquen no outro lado do mundo.

Despois de ver estes exemplos de resumos que se empregan en diferentes ámbitos da vida diaria, seguro que xa podemos identificar algunhas das súas características máis relevantes. En primeiro lugar, un resumo é sempre máis curto que o texto orixinal. En segundo lugar, ten que transmitir os mesmos conceptos pero con distintas palabras, o que quere dicir que facer un resumo supón reformular o significado do orixinal. Para facelo, cómpre identificar a información esencial e reexpresala con exactitude e concisión, poñendo en acción tanto as capacidades que se precisan para resumir como as que se precisan para traducir. Dado que a tradución é unha actividade complexa que supón a transmisión dunha mensaxe dunha lingua a outra, as persoas inexpertas e principiantes poden practicar facendo resumos como primeira achega aos métodos de traballo profesionais.

Como nos axudan os resumos a aprender a traducir?

A tradución implica coñecementos lingüísticos tanto pasivos (a decodificación) como activos (a recodificación). Nun primeiro momento, precisamos saber ler e comprender o texto orixinal, tarefas para as cales empregamos as nosas capacidades lingüísticas pasivas; despois cómpre botarmos man dos nosos coñecementos activos da lingua de chegada para producir o texto final. Ao igual que a tradución, a elaboración de resumos tamén ten unha fase de comprensión e outra de reexpresión, pero, como se trata dunha actividade que se pode desenvolver sen cambiar de lingua, permítenos exercitar certas técnicas básicas antes de enfrontarnos á tarefa máis complexa que é a tradución. No resumo *intralingüístico* comézase lendo un texto máis longo para despois producir unha versión máis curta na mesma lingua; deste xeito podemos centrar nas tarefas de comprensión e produción, sen necesidade de ocuparnos da transferencia, que é máis complexa.

Unha vez que teñas xa certa competencia na elaboración de resumos intralingüísticos, podes tentalo cos *interlingüísticos*, que supón que terás que ler un texto longo nunha lingua (por exemplo, árabe) e despois resumilo noutra (por exemplo, alemán). Esta actividade, que consiste en transferir a información esencial dun texto máis longo a outro máis curto nunha lingua distinta é un bo segundo paso para aprender a traducir porque non é preciso enredar con pequenos detalles nin buscar equivalentes para todas as palabras e expresións do orixinal. Practicando primeiro o resumo intralingüístico e despois o interlingüístico estás adquirindo competencias e destrezas que che serán de axuda para afrontar as complexidades do proceso de tradución.

Outro motivo polo que a elaboración de resumos é un bo adestramento para a tradución é porque tamén se centra no nivel textual, no texto como unidade. Así por exemplo, cando preparas un resumo préstaslle atención á mensaxe xeral máis que a cada unha das palabras; e non resumes cada unha das oracións por separado para ir xuntando un conxunto de oracións máis curtas. Pola contra, o que precisas é unha visión máis holística que che permita identificar a mensaxe básica e a lóxica do texto orixinal no canto de traballar cos microelementos. Do mesmo xeito, cando traduces non traballas con palabras ou oracións soltas, senón co texto como conxunto; por iso, a capacidade de extraer a información básica do texto orixinal é indispensable non só para elaborar resumos senón tamén para traducir.

Para rematar, despois de identificar o significado básico do texto orixinal, o que cómpre facer é parafrasealo de xeito máis conciso e redactar o resumo. Un bo resumo é moito máis ca copiar e pegar as oracións máis importantes do texto orixinal para formar un novo documento; pola contra, esixe reformular o contido máis importante de forma clara, precisa e idiomática para construír un novo texto máis breve. Aínda que traducir non sempre implica condensar o texto, si que require a capacidade de manipulalo e reformular as súas ideas para o público receptor. Velaí outra destreza que se pode adquirir elaborando resumos e que é aplicable tamén á tradución.

Agora que xa sabes como pode a elaboración de resumos axudarnos a aprender a traducir, vexamos as técnicas básicas para resumir e, a continuación, un detallado paso a paso do proceso.

Como facer un resumo eficaz?

Aínda que existen moitos tipos diferentes de resumos (como as publicacións de X —a antiga Twitter—, os resumos executivos ou os resumos de artigos científicos, etc.), todos eles se basean nos mesmos principios xerais:

1. Orientación cara á finalidade e ao público destinatario.
2. Diferenciación entre o contido relevante e o non relevante.
3. Selección rigorosa das ideas máis importantes.
4. Reformulación da información esencial nun novo texto máis condensado.

Vexamos na práctica como aplicar estas directrices. Para comezar, le con atención os seguintes pasos e despois ponos en práctica nos exercicios que se propoñen ao final do capítulo. Lembra que os coñecementos e destrezas que se precisan para facer un resumo coinciden en parte cos que se precisan para traducir, polo que estes exercicios servirán para perfeccionar as túas técnicas tradutivas.

Paso 1: Comprende

Neste paso vas empregar os teus coñecementos lingüísticos pasivos, que consisten basicamente na comprensión lectora ou decodificación da mensaxe do orixinal. Comeza lendo o texto completo con moita atención; o obxectivo non é só comprender o tema, senón descubrir como se constrúen as diferentes fases do razoamento ou da argumentación artellando oracións e parágrafos. Trata tamén de identificar o obxectivo do texto, a actitude da autoría con relación ao tema e o ton e o estilo que en consecuencia emprega.

Nesta fase vai ser de axuda que te fagas as seguintes preguntas:

- De que trata o texto?
 - Tema principal e temas secundarios.
- Cal é o obxectivo do texto?
 - Informar, describir, persuadir, explicar, entreter?
- Cal é a actitude da autora ou autor?
 - Achega o seu punto de vista ou trátase dun texto obxectivo?
- Cales son o estilo e o ton do texto?
 - Literario, xornalístico, científico? Formal, informal? Abstracto, concreto? Sarcástico, sincero, amigable?

Cando redactas un resumo, o máis habitual é que teñas que reproducir elementos como o estilo ou o ton do orixinal, pero pode haber excepcións, como cando temos que facer un resumo en linguaxe sinxela. Como xa comentamos, no ámbito académico o normal é que os artigos científicos vaian sempre acompañados dun resumo destinado ao mesmo tipo de público (outras persoas especializadas no mesmo eido), polo que, aínda que condense a información, emprega a mesma terminoloxía e o mesmo ton que o orixinal. Pero ás veces un artigo científico pode levar tamén un resumo en linguaxe sinxela, que ten un obxectivo e un público receptor distintos, xa que pretende comunicar a unha audiencia leiga unha idea xeral da investigación. Xa que logo, nun resumo redactado en lingua sinxela cómpre empregar termos non especializados e un estilo sinxelo e accesible, xa que está dirixido a persoas que non son especialistas. Dado que o obxectivo e o público receptor dun resumo poden ser distintos dos do texto orixinal, é moi importante que comprendamos cal vai ser a súa función e a quen está destinado.

Paso 2: Analiza

O obxectivo principal deste paso é estudar o xeito no que a autora ou autor organizan as ideas no texto orixinal. Tenta descubrir as estruturas internas do texto observando como se organizan e desenvolven as distintas ideas, por exemplo, parágrafo a parágrafo. Cando leas o texto por segunda ou terceira vez, subliña as ideas máis importantes e toma nota das palabras clave, expresións ou oracións empregadas para expresalas. Reproduce as estruturas do orixinal en forma de esquema, dividindo as seccións máis longas e redactando unha ou dúas oracións que recollan os puntos máis relevantes de cada unha delas. Para isto, deixa fóra as ideas que non sexan esenciais, detalles menores, opinións, citas e exemplos concretos. Lembra que é importante non perdernos nos detalles e centrarnos no tema e no obxectivo principais do texto, analizando o xeito en que as distintas partes se relacionan coa mensaxe xeral.

Paso 3: Selecciona

Cando analizas o contido dun texto e valoras a relevancia dos seus compoñentes vas ver que irán xurdindo certas ideas que son máis relevantes ca outras, de interese máis secundario. Eses elementos máis importantes adoitan coincidir coas cinco preguntas básicas do xornalismo: Quen?, Que?, Onde?, Cando? e Por que?. Estas preguntas, por certo, coñécense tamén como «as 5 W» porque en inglés comezan todas por esa letra (*Who?*, *What?*, *Where?*, *When?* e *Why?*). Poderíase dicir que facer un resumo é un pouco como xogar á Jenga: comezamos con todas as pezas perfectamente encaixadas para formar unha torre rectangular, pero despois cómpre ver que pezas se poden ir retirando sen que caia a construción. Do mesmo xeito, para redactar un bo resumo cómpre exercitar a lóxica e o sentido común para distinguir entre os contidos esenciais e non esenciais do texto orixinal. É dicir, debemos saber identificar a mensaxe principal e, en función dela, seleccionar os outros elementos importantes. Lembremos ademais que a importancia sempre é un concepto relativo que depende do contexto. Ao final desta fase tes que saber seleccionar as ideas do texto orixinal que deberían figurar no resumo.

Paso 4: Condensa

Coa axuda dos teus coñecementos lingüísticos activos, busca xeitos de condensar esa información básica, eliminando os detalles innecesarios e parafraseando as formulacións máis complexas. Unha das estratexias que podes empregar, por exemplo, é converter os detalles máis concretos en expresións máis xenéricas.

- Unha oración como «ao 47,3% das persoas enquisadas parecíalle ben ou moi ben que as etiquetas dos produtos alimenticios inclúan información

sobre a porcentaxe de graxas trans que conteñen» podería parafrasearse como «case a metade das persoas enquisadas queren que as etiquetas dos produtos alimenticios inclúan información sobre as graxas trans».

- Unha referencia a «batería, guitarras, baixo e piano» podería converterse en «instrumentos».
- Unha listaxe de nomes e títulos como «O presidente dos Estados Unidos Joe Biden, o presidente de China Xi Jinping e o chanceler alemán Olaf Scholz» podería abreviarse como «os líderes dos EUA, China e Alemaña».

En xeral podemos dicir que se trata de empregar as menos palabras posibles pero conservando a mensaxe ou información básicas. De todos os xeitos non debemos sacrificar a claridade en favor da economía da linguaxe, xa que o resumo será inútil se non é comprensible.

Paso 5 Bosquexa

A partir das notas que tomaches, elabora un borrador seguindo a estrutura do texto orixinal; ás veces pode ser útil reorganizar a presentación de certas ideas ou conceptos para explicalos ou resumilos, pero debemos ter coidado de non distorsionar a mensaxe. Cómpre respectar o orixinal, pero cunha redacción idiomática na lingua de chegada, evitando producir unha colaxe de fragmentos sen cohesión, porque o que importa é transmitir as ideas máis relevantes de xeito claro e lexible. O resumo que escribamos debe poder funcionar como un texto autónomo, o que quere dicir que ten que poderse comprender sen recorreremos ao orixinal. Velaquí uns poucos consellos para elaborar un borrador bo e breve:

- Ponlle un título pero non empregues subtítulos.
- Inclúe só datos do orixinal, non de textos complementarios.
- Converte o estilo directo (as citas) en indirecto; é dicir, parafrasea.
- Emprega a voz activa mellor que a pasiva.

Paso 6: Revisa

Como vimos no capítulo 5, non sempre é doado producir un texto ben rematado á primeira, nin cando escribimos nin cando traducimos. O normal, pola contra, é que o primeiro borrador teña certas imperfeccións, polo que é fundamental dedicarlle un tempinho a revisalo. As veces os resumos téñense que cinguir a unha determinada extensión, polo que se o primeiro borrador é demasiado longo, deberías volver ao paso 4 e ver outros xeitos de resumir a información. Se cadra hai lugares nos que

poderías reformular as ideas de xeito máis sucinto; ou comprobar se te cinguiches ás ideas esenciais. Despois volve a ler o resumo completo para comprobar por unha banda que incluíches toda a información relevante sen distorsionala e, pola outra, que funciona correctamente como texto autónomo e que recolle non só o contido senón tamén o estilo e o ton do orixinal. Por último, comproba a gramática, a ortografía e a puntuación.

Se segues estes pasos serás quen de elaborar resumos eficaces e ademais estarás practicando unhas competencias e habilidades que se empregan no proceso de tradución. Cando teñas xa certa práctica cos resumos intralingüísticos (é dicir, resumos feitos na mesma lingua que o texto orixinal), dá un paso máis e comeza a facelos interlingüísticos; é dicir, fai un resumo nunha lingua distinta á do texto orixinal.

Que é a comunicación intermodal?

As mensaxes pódense transmitir en modo escrito (por exemplo, un correo electrónico), en modo oral (como nunha conversa), en modo visual (unha conversa en lingua de signos) ou, ás veces, nunha combinación destes tres modos, como unha mensaxe que conteña tanto textos como emoticonas. Hai casos nos que a mesma información se ofrece en máis dun modo, como por exemplo un vídeo en galego con subtítulos na mesma lingua; ou un vídeo e a súa transcripción impresa.

Polo xeral, no eido profesional adóitase traballar cun único modo de comunicación: pártese dun texto escrito nunha lingua e prodúcese outro texto escrito noutra lingua; no caso da interpretación, do mesmo xeito, unha mensaxe oral producida nunha lingua convértese nunha mensaxe tamén oral falada nunha lingua distinta. Pero hai ocasións nas que cómpre mudar non só a lingua senón tamén o modo, como acontece coa que se cadra é a comunicación intermodal máis recoñecible no mundo da tradución: a interpretación en lingua de signos. As linguas de signos son sistemas de comunicación empregados polas persoas xordas que se basean en xestos e signos visuais; trátase de linguas naturais propiamente ditas, coas súas propias gramáticas e léxicos. É dicir, existen moitas linguas de signos diferentes, non son universais nin mutuamente intelixibles; pola contra, case cada país ten a súa lingua de signos e algúns mesmo teñen máis de unha. Deste xeito, temos a lingua de signos estadounidense (ASL), a lingua de signos británica (BSL), a lingua de signos indo-paquistaní (IPSL), a lingua de signos francesa (LSF) e a lingua de signos quebequesa (LSQ). Ademais, o máis habitual é que unha lingua de signos non teña relación lingüística ningunha coa lingua falada dos países nos que se emprega. As linguas de signos que se empregan en España e México, de feito, son moi diferentes, malia que ambos os dous países teñen o español como lingua oficial.

As persoas que interpretan en lingua de signos poden dominar dúas ou máis destas linguas e interpretar entre elas, por exemplo entre a lingua de signos británica e a

estadounidense, e neste caso non se trata de comunicación intermodal. Mais cando se interpreta entre unha lingua de signos (por exemplo, a estadounidense) e unha lingua oral (por exemplo, inglés), isto si que é comunicación intermodal. No Capítulo 11 estudaremos a interpretación con detalle, pero de momento podémonos quedar coa idea de que a interpretación en lingua de signos é un exemplo de comunicación intermodal que nos é familiar.

Outro exemplo que atopamos no ámbito profesional é a tradución á vista, tamén coñecida como interpretación á vista ou como tradución/interpretación á vista porque combina elementos das dúas especialidades. A tradución á vista consiste en transformar unha mensaxe orixinal que está escrita nunha mensaxe oral e adóitase facer sobre a marcha, sen preparación previa, por exemplo en xuízos, hospitais ou reunións de negocios. No caso dun xuízo, pódese pedir á persoa que está interpretando que faga unha tradución á vista da declaración dunha testemuña que está escrita nunha lingua que non é a do proceso xudicial, para que conste nas actas. Por outra banda, no ámbito sanitario é frecuente que os cuestionarios, os formularios e os informes estean en formato escrito, polo que ás veces é preciso facer unha tradución á vista desa documentación para que a poidan entender as pacientes.

Agora que xa viches algúns exemplos de situacións nas que é preciso non só traducir dunha lingua a outra, senón tamén converter o modo da comunicación, vexamos que sucede cando a todo isto lle engadimos a necesidade de resumir.

En que casos de tradución se mesturan a elaboración de resumos e a comunicación intermodal?

Nas seccións anteriores analizamos por separado os conceptos de resumo e de comunicación intermodal, pero hai tamén ocasións nas que, en contextos multilingües, cómpre desenvolver estas dúas actividades ao mesmo tempo. É o caso, por exemplo, da redacción de actas resumidas no seo da ONU, un organismo que, como dixemos no Capítulo 2, ten seis linguas de traballo oficiais: árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso. Dada esta variedade de linguas, a tradución e a interpretación son fundamentais para o bo funcionamento desta institución e unha das tarefas que se levan a cabo é precisamente a redacción de actas resumidas.

Dentro da ONU o persoal dos departamentos de tradución encárgase de elaborar as actas resumidas das reunións multilingües de foros como o Consello de seguridade, o Consello económico e social, a Comisión de consolidación da paz ou a Comisión do dereito internacional. As actas resumidas forman parte da memoria institucional da ONU, como as actas ordinarias de reunións, pero a diferenza destas non son unha transcripción literal do que se dixo nunha reunión, senón máis ben un resumo no que se dá conta de quen falou, dos puntos principais tratados e das decisións toma-

das. Ademais de seren a acta oficial dunha reunión, as actas resumidas empréganse como base para os debates intergubernamentais, para compilar informes e para investigar os temas tratados e ás veces mesmo se empregan para elaborar informes expertos ou en xuízos.

Para redactar unha acta resumida resúmense as intervencións das distintas delegacións presentes na reunión, que poden intervir en calquera das linguas oficiais da ONU. Como material de referencia empréganse declaracións escritas e orais, gravacións de audio e de vídeo e outros materiais como documentos oficiais ou presentacións dixitais (diapositivas). Finalmente, unha vez elaboradas, as actas resumidas tradúcense ás outras linguas oficiais. Combinando os coñecementos e destrezas precisos para a comunicación intermodal, a tradución e a redacción de resumos, as persoas que fan as actas resumidas empregan as súas competencias profesionais e o seu criterio para determinar que elementos se deben condensar, ampliar, omitir ou explicar, co obxectivo de construír un relato da reunión preciso e estilisticamente axeitado que poidan comprender tanto as persoas que estiveron presentes na reunión como as que non.

Hai algunhas outras profesións lingüísticas nas que é habitual combinar o resumo e a comunicación intermodal, como a subtitulación e a interpretación consecutiva, que coñeceremos con máis detalle no Capítulo 10 (Tradución audiovisual) e no Capítulo 11 (Interpretación).

Para concluír

As habilidades e coñecementos que se precisan para elaborar resumos coinciden en grande parte coas que se precisan para traducir: o resumo fórzanos a adoptar unha visión de conxunto do texto, máis que lineal, e pon de relevo a necesidade de comprender a lóxica textual máis que as estruturas superficiais. Isto ten importantes implicacións na aprendizaxe da tradución, xa que esta non consiste en substituír uns termos polos seus equivalentes, senón máis ben en reconstruír estruturas de significado, polo que é fundamental saber captar os patróns semánticos do texto e ver os elementos concretos como expresións deses patróns. Ademais, comprender as estruturas xerais do significado permítenos superar as limitacións que supón traballar só coas palabras do orixinal. Dado que para elaborar un bo resumo debemos analizar o texto no seu conxunto, podemos dicir que se trata dunha tarefa que nos axuda a pensar no significado en relación co contexto. Por outra banda, obríganos a pensar con claridade, a reformular a mensaxe con precisión e a escribir con corrección, polo que é o exercicio ideal para aprender a traducir. Máis aínda, os exercicios de elaboración de resumos poden organizarse como actividades de dificultade crecente, pasando, por exemplo, dos resumos intralingüísticos aos interlingüísticos ou combinando o resumo coa comunicación intermodal.

Puntos clave do capítulo

- Dáse unha grande coincidencia entre as habilidades e coñecementos precisos para a elaboración de resumos e os que se requiren para traducir, polo que aprender a resumir é un bo exercicio preparatorio para aprender a traducir.
- Un resumo é unha versión condensada dun texto orixinal que nos proporciona unha síntese dos puntos principais para podermos comprendelos e tomar decisións.
- Podemos atopar resumos en contextos moi distintos, como por exemplo chíos de Twitter que remiten a unha páxina web con máis información; os resumos TL;DR (abreviatura de Too Long, Didn't Read: «o texto é demasiado longo, non o lin») de Reddit; os resumos executivos que abren os informes comerciais; os resumos de capítulos dos clásicos literarios que atopamos nas guías de lectura; e os resumos científicos ou de divulgación que acompañan algúns artigos de investigación.
- Os resumos son sempre máis curtos que o orixinal e adoitan parafrasealo.
- Cando facemos un resumo temos que saber diferenciar entre a información relevante e a que non o é.
- Os resumos poden ser intralingüísticos (o texto orixinal e o resumo están na mesma lingua) ou interlingüísticos (cando están en linguas distintas).
- A comunicación pode producirse en diferentes modos, como escrito, oral ou visual.
- Aínda que nas profesións lingüísticas se adoita traballar cun único modo de comunicación (como cando traducimos un texto escrito para producir outro texto escrito), hai ocasións nas que é preciso mudar o modo (como cando temos que converter un texto orixinal escrito nun texto traducido oral, ou viceversa).
- Nas profesións lingüísticas podemos ver casos de comunicación intermodal na interpretación en lingua de signos ou na tradución á vista.
- Como exemplos de tarefas que combinan o resumo e a comunicación intermodal nun contexto multilingüe temos a subtitulación de películas ou series e a redacción de actas resumidas no seo da ONU.

Temas para debater

Velaí dúas cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- En *Les Provinciales* (1656), o filósofo francés do século XVII Blaise Pascal di: «Descúlpame por escribir unha carta longa, pero non tiña tempo para redactar unha máis curta». Que pensas que é máis doado: escribir un texto curto ou un texto longo? Por que?
- Conta a lenda que en certa ocasión retaron o escritor Ernest Hemingway a escribir un relato de só seis palabras. E cal foi o resultado? «For sale: baby shoes, never worn» (Vendo zapatos de bebé. A estrear). Aínda que non sabemos con certeza se este relato é de Hemingway ou non, o certo é que creou escola, como o proxecto Six Word Memoir creado por Larry Smith (<https://www.sixwordmemoirs.com/>). Visita a páxina para inspirarte e logo propón a túa propia lembranza de seis palabras ou un relato de seis palabras sobre algún aspecto da tradución ou calquera outro tema que ti elixas.

Exercicios

- **Elabora un resumo intralingüístico:** Vai á páxina web dun medio de comunicación do teu país, selecciona un artigo que che interese e prepara un resumo na mesma lingua do artigo e que teña máis ou menos un cuarto das palabras do orixinal. Repite o exercicio varias veces con artigos de diferentes tamaños ata que sintas que dominas a técnica. Despois, para aumentar a dificultade, marca un límite de tempo para traballar a un ritmo máis rápido.
- **Elabora un resumo interlingüístico:** Vai á páxina web dun medio de comunicación escrito na túa segunda ou terceira lingua, selecciona un artigo que che interese e prepara un resumo na túa primeira lingua que teña un cuarto das palabras do orixinal. Despois, para aumentar a dificultade, busca un artigo escrito na túa primeira lingua e fai un resumo na túa lingua menos dominante.
- **Elabora un resumo escrito dun *podcast*:** Busca un *podcast* dun tema que che interese, escóitao tomando notas e finalmente fai un resumo escrito empregando as notas.
- **Fai unha tradución á vista dun texto:** Busca un texto curto ou un resumo dunhas 250 palabras dun tema que che interese e que estea escrito na túa segunda ou terceira lingua. Dedicada dous minutos, non máis, a familiarizarte con el e logo tradúceo de viva voz á túa primeira lingua. Se tes unha gravadora (por exemplo, a do móbil), grávate mentres o fas. Despois, reproduce a gravación e compáraa co orixinal, segmento a segmento. Para aumentar a dificultade, busca un texto escrito na túa lingua dominante e fai a tradución á vista á túa segunda ou terceira lingua.

Para saber máis

BABIN, Monique, Carol BURNELL, Susan PRESZNECKER, Nicole RESEVEAR, e Jaime WOOD. s.d. *The Word on College Reading and Writing*. Open Oregon Educational Resources. <https://openoregon.pressbooks.pub/wrd/> (consulta o capítulo sobre redacción de resumos: <https://openoregon.pressbooks.pub/wrd/chapter/writing-summaries/>).

171

- Un recurso educativo aberto que contén un capítulo que nos ensina a elaborar resumos.

BOWKER, Lynne, e Cheryl MCBRIDE. 2017. «Précis-Writing as a Form of Speed Training for Translation Students». *The Interpreter and Translator Trainer* 11, nº 4: 259–279.

- Este capítulo presenta unha detallada análise do xeito en que a elaboración de resumos nos axuda a prepararnos para a tradución; contén tamén un informe sobre as vantaxes de traballar con prazos curtos para que o alumnado desenvolva reflexos máis rápidos tanto na redacción de resumos como na tradución.

CHEN, Wallace. 2015. «Sight Translation». En *The Routledge Handbook of Interpreting*, editado por Holly MIKKELSON and Renée JOURDENAIS, 144–153. Londres: Routledge.

- Este traballo explica o concepto de tradución á vista e a súa relación coa tradución e a interpretación e, finalmente, recomenda algúns exercicios para practicala en clase.

PATTISON, Ann, e Stella CRAIGIE. 2022. *Translating Change: Enhanced Practical Skills for Translators*. Londres: Routledge.

- No capítulo 4, titulado «Transferable Skills» (destrezas transferibles), as autoras ofrécennos consellos prácticos sobre a elaboración de resumos en contextos monolingües e multilingües.

Capítulo 10

A tradución audiovisual

En febreiro de 2020 produciuse un acontecemento histórico na entrega dos Óscar (oficialmente denominados Premios da Academia das artes e das ciencias cinematográficas dos Estados Unidos): por primeira vez nos seus 92 anos de historia, a academia deulle o «Premio á mellor película» a un filme de fala non inglesa: *Parasitos*, ambientada en Corea en con diálogos en coreano. Pero como fixeron os membros da academia, na súa meirande parte de fala inglesa, para xulgar e valorar esta película falada nunha lingua para eles estranxeira? Porque estaba subtitulada en inglés! Aínda que Bong Joon-ho (o autor, director e produtor do filme) merece todo o crédito polo éxito da película, debemos recoñecer tamén a Darcy Paquet, o tradutor audiovisual que fixo o filme accesible para as audiencias de fala inglesa por medio dos subtítulos.

O consumo crecente de produtos audiovisuais que se vén dando nos últimos anos débese non só ao auxe da industria do cinema, senón tamén en boa medida aos servizos de vídeo en *streaming* (como Netflix, Amazon Prime Video, Disney Plus ou HBO Max) e ás plataformas de intercambio de vídeos creados por particulares (como YouTube ou TikTok). E igual que medra a demanda de contidos, medra tamén a demanda de tradución audiovisual, fundamentalmente de subtitulación, dobraxe e voces superpostas, as tres modalidades que con máis frecuencia se aplican a filmes, series de televisión, documentais e vídeos.

- **Subtitulación:** É a tradución escrita dos elementos máis importantes do diálogo do produto orixinal, que habitualmente se presenta en unha ou dúas liñas na parte superior ou inferior da pantalla.
- **Dobraxa:** É unha tradución falada e gravada que substitúe a banda sonora orixinal e que reproduce a mensaxe orixinal procurando que os sons da lingua termo estean sincronizados cos movementos dos beizos dos personaxes da pantalla, de xeito que pareza que están a falar na lingua da tradución.

- **Voces superpostas:** É unha tradución falada na lingua termo que se escoita sobre a voz orixinal do produto; é dicir, a voz do orixinal escóitase de fondo, cun volume máis baixo.

174 Se cadra tes visto técnicas similares en contextos que non implican o cambio dunha lingua a outra, como os subtítulos intralingüísticos ou a audiodescrición. Aínda que este capítulo está dedicado á tradución audiovisual, na que necesariamente participan dúas linguas, na última parte comentaremos brevemente algunhas técnicas que se adoitan empregar para facer accesibles os produtos audiovisuais.

A tradución audiovisual é unha especialidade recente?

Aínda que os servizos de *streaming* como Netflix e as plataformas web para compartir contido xerado por particulares como YouTube e TikTok lle deron un enorme pulo á industria do entretemento dixital, que actualmente está en auxe, a tradución audiovisual ten unha historia moito máis longa que se remonta á época do cine mudo (dende mediados da década de 1890 ata finais da década de 1920). Neses tempos o cine non tiña diálogos, pero nas salas había sempre un piano, un órgano ou mesmo unha pequena orquestra que interpretaban música en vivo para acompañar o filme; había tamén unha persoa que explicaba e comentaba o que sucedía na pantalla. As primeiras películas eran breves e sinxelas, pero a medida que foron aumentando a duración e complicando as tramas fíxose necesario incorporar o que se coñece como *títulos* ou *intertítulos*: pequenos textos impresos e filmados que se inserían entre os cadros da película para explicar a acción ou inserir diálogos sinxelos. A redacción dos intertítulos converteuse nunha profesión e, traducíndoos dunha lingua a outra, o cine mudo conseguiu adaptarse a audiencias estranxeiras. Mentres, en Xapón xurdía unha nova profesión máis: *benshi*, as persoas que, como intérpretes en vivo, comentaban o filme e explicaban as convencións culturais do cinema occidental para o público xaponés.

Un dato curioso... Na primeira edición dos Premios da Academia, no ano 1929, existía a categoría «Mellor guión - intertítulos», pero desapareceu xa na segunda edición porque a chegada do son, integrado no filme dende comezos da década de 1930, os fixo irrelevantes.

Estas novas películas faladas, chamadas «talkies», precisaban de técnicas distintas para poderse exportar a outros países e unha das primeiras estratexias que se desenvolveron foi volver gravar o mesmo filme en diferentes linguas, co mesmo equipo técnico pero con actrices e actores diferentes. Aínda que estas versións multilingües eran máis producións paralelas que traducións propiamente ditas,

o certo é que si tiñan certos elementos tradutivos, como a adaptación do guión. Pero o caso é que facer múltiples versións do mesmo filme resultou ser un negocio complicado e custoso, polo que se acabou abandonando cando se desenvolveron as técnicas de dobraxe e subtitulación que seguimos a empregar hoxe en día.

Na década de 1980 xurdiu un novo tipo de tradución audiovisual, coñecido como *sobretitulación*, para acompañar representacións en directo como o teatro ou a ópera. A *sobretitulación* consiste na proxección da tradución do libreto dunha ópera ou dos diálogos dunha obra teatral na parte superior (ou ás veces nun lateral) da caixa do teatro durante unha representación. Dito doutro xeito, os sobretítulos empréganse nas representacións en vivo de xeito semellante a como se empregan os subtítulos no cinema ou nas series de televisión.

Cales son as dificultades da tradución audiovisual?

Aínda que a subtitulación, a dobraxe e as voces superpostas teñen cadansúas particularidades, a tradución audiovisual ten certas dificultades xenéricas, algunhas das cales xa presentamos en capítulos anteriores. Por exemplo: como moitas películas e series teñen como obxectivo o entretemento, o humor adoita ser un ingrediente esencial e, como xa vimos no Capítulo 8, dedicado á transcreación, non é algo que se deixe traducir directamente dunha lingua ou dunha cultura a outra. Se unha escena cómica ten connotacións culturais ou se un xogo de palabras non se pode reproducir literalmente, daquela o que cómpre facer é buscar unha tradución ou un xogo alternativos que cumpran a mesma función. Un exemplo da oscarizada *Parasitos* é a substitución dunha referencia á Universidade Nacional de Seúl por unha referencia á Universidade de Oxford nos subtítulos en inglés. No guión orixinal en coreano o personaxe pregunta se a Universidade nacional de Seúl ten un grao en falsificación e parte do efecto humorístico reside en que o público identifique unha universidade moi prestixiosa. Aínda que o público coreano coñece a fama desta universidade, non acontece o mesmo coas audiencias doutros países, polo que en inglés e noutras linguas se optou pola referencia á Universidade de Oxford, que ten unha grande fama no mundo occidental.

Outra cuestión cultural que de cote se nos presenta na tradución audiovisual son os xuramentos e as bocaladas, porque ás veces unha expresión que nunha lingua ou cultura non semella moi forte, noutra pode soar moito máis ofensiva. A tradución audiovisual debe ser moi coidadosa coas diferenzas culturais e debe adaptarse ás distintas situación para transmitirle á audiencia o mesmo efecto que o produto orixinal, como comentamos no Capítulo 1.

Por outra parte, dada a súa natureza fonolóxica, o uso de diferentes acentos (como o do inglés norteamericano ou británico, ou o do coreano do norte ou do sur) pode ser difícil de transmitir nunha versión subtitulada ou dobrada. Ademais a dobraxe

ten, como veremos, outras constricións, como a necesidade de sincronizar o son cos movementos dos beizos dos personaxes.

176 Por último, na tradución audiovisual é frecuente empregar linguas ponte e métodos de tradución indirecta que, como vimos no Capítulo 6, consiste en traducir non dende o orixinal senón dende unha tradución intermedia. Deste xeito, un filme coreano podería traducirse primeiro ao inglés e despois esta versión podería empregarse para traducilo ao holandés, portugués, etc. Este método ten a vantaxe de que facilita a difusión dun filme en moitas máis linguas que se se recorre só á tradución directa; malia iso, se se comete un erro na primeira parte do proceso (na tradución do coreano ao inglés), reproducirase nas seguintes traducións.

Ademais de todos estes problemas, a tradución audiovisual debe enfrontarse a outras constricións específicas que dependerán da modalidade elixida: subtitulación, dobraxe ou voces superpostas. Vexámolas polo miúdo.

En que consiste a subtitulación?

Subtitular consiste basicamente en inserir na parte inferior da pantalla (ás veces na superior) unha tradución escrita da locución dun produto ao mesmo tempo que se reproduce a lingua orixinal. Se algunha vez viches unha película ou unha serie nunha lingua estranxeira que entendas un pouco, seguro que te decataches de que o que se di nos diálogos non sempre coincide co que se le nos subtítulos. Por que sucede isto? O certo é que hai varios factores que inflúen no xeito de traducir subtítulos, vexamos algúns dos principais.

En primeiro lugar temos que ter en conta que os subtítulos van cubrir unha parte da imaxe da pantalla polo que, para evitar no posible esa obstrución do contido visual, cómpre que os textos sexan curtos. O estándar da industria audiovisual indica que non se poden ver na pantalla ao mesmo tempo máis de dúas liñas de texto, cada unha delas de non máis de 40 caracteres, o que é certamente pouco para toda a información que hai que transmitir. Poñamos por caso a oración «Esta oración ten un total de 42 caracteres», que de feito ten 42 caracteres porque tamén contamos os espazos en branco. Por outra banda, se cadra nesas dúas liñas de texto cómpre explicar ou traducir palabras que poidan aparecer como parte do contido visual, por exemplo, se un personaxe está a ler unha carta ou unha mensaxe de móbil, ou se aparecen de fondo un sinal ou un póster que sexan relevantes para a trama. A tradución de calquera destes textos tería que incluírse tamén nos subtítulos, o que significa que hai unha chea de información que acomodar en só dúas liñas de texto, motivo polo cal os coñecementos sobre a elaboración de resumos que adquiriches no Capítulo 9 van ser moi útiles agora. E compliquémolo máis: cómpre tamén decidir cal é o mellor lugar para inserir un salto de liña ou un cambio de subtítulo, de xeito que o texto se lea con fluidez e non soe entrecortado ou inconexo.

Ademais de evitarmos cubrir unha porción demasiado grande da pantalla, outro motivo para que os subtítulos sexan curtos é que só se proxectan durante un máximo duns seis segundos, polo que, se son demasiado longos, o público non tería tempo abondo para lelos antes de que aparecese o seguinte subtítulo. Cómpre termos en conta, igualmente, que o público non só está a ler o subtítulo, senón que tamén está a atender ao contido visual, polo que non pode centrar a súa atención só na lectura.

Unha parte do proceso de subtitulación é o que se chama *spotting* ou inserción de códigos de tempo; é dicir, indicar en que momento comeza a proxectarse cada subtítulo e en que momento desaparece da pantalla e isto, por suposto, tense que facer de xeito coordinado co que está a suceder no filme. Por exemplo, se un subtítulo contén unha intervención dun personaxe concreto, debe coincidir no tempo co momento real en que ese personaxe fala na pantalla.

Dado que a subtitulación é unha forma de comunicación intermodal (véxase o Capítulo 9), outra das dificultades ás que lles temos que facer fronte é conseguir reproducir por escrito as características da fala oral do orixinal. Por exemplo, como expresamos a entoación, os diferentes acentos ou as pausas? Para solucionar algunhas destas cuestións, e dependendo das linguas, recórrase a solucións creativas, como empregar unha fonte maior ou maiúsculas para indicar que se berra ou usar as parénteses con puntos suspensivos para indicar pausas: (...).

Cómpre tamén sabermos que existen fontes de letra que facilitan a lectura na pantalla (as fontes sans-serif, como Arial ou Helvetica) e, do mesmo xeito, un bo contraste entre a cor da letra e o fondo mellora a lexibilidade do texto; por exemplo, non sería unha boa decisión empregar letras brancas sobre un fondo claro. E tamén é importante a colocación dos subtítulos na pantalla. As máis das veces adoitan situarse centrados na parte inferior da pantalla, pero pode ser necesario dispoñelos noutros lugares, como a parte superior, se, por exemplo, tapasen algún elemento relevante da imaxe. Outro caso son as linguas que se escriben verticalmente, como o xaponés; para estas linguas os subtítulos poden situarse nun dos laterais da pantalla. Finalmente, cando unha película ou serie está subtitulada, a audiencia escoita ao mesmo tempo a versión orixinal e, malia que non comprenda a lingua, dalgún xeito experimenta emocionalmente o que din os personaxes. Tamén pode percibir a linguaxe corporal, polo que o contido da tradución, ademais de transmitir o contido, ten que coordinarse coa actuación. Imaxinemos por exemplo que un personaxe di «París non é a capital de Bélxica». Na tradución poderíamos ter a tentación de converter esta oración negativa en afirmativa porque é máis curta («París é a capital de Francia») e se cadra sería unha boa solución en moitos casos, pero, que pasa se o personaxe está negando coa cabeza ao tempo que fala? Nun caso como este, a linguaxe corporal esixe manter unha construción negativa na tradución porque, de non facelo, sería confuso que un personaxe fixese unha afirmación ao tempo que move a cabeza en sinal de negación.

Dixemos no Capítulo 3 que actualmente o mercado profesional estanos forzando a traballar cada vez máis rápido e con prazos máis axustados, o que tamén é válido para a tradución audiovisual. A tradución automática é unha ferramenta que pode axudar a traballar con máis rapidez, pero cómpre empregala con moito tino, xa que unha tradución automática sen revisar non vai ser de calidade (véxase o Capítulo 6). Aínda que a tradución automática ofrece interesantes posibilidades para a subtitulación, cómpre traballar moito aínda para desenvolver sistemas de integración efectiva desta ferramenta no fluxo de traballo desta especialidade e para compatibilizala coas outras ferramentas habituais. A tradución de subtítulos de forma exclusivamente automática non vai producir resultados aceptables en ningún caso.

En que consiste a dobraxe?

A dobraxe consiste en substituír a banda sonora orixinal que contén o diálogo dos actores por unha gravación na lingua de destino que reproduce a mensaxe orixinal ao tempo que se asegura de que os sons na lingua de destino e os movementos dos beizos dos personaxes estean sincronizados, co obxectivo de dar a impresión de que os personaxes falan na lingua termo.

Trátase dun proceso complexo no que participan moitos tipos de profesionais da tradución, da adaptación, da dirección de dobraxe, da actuación ou do son, por citar só algúns dos campos máis importantes. Por este motivo é tamén un proceso caro e pode custar ata dez veces máis que a subtitulación. No proceso de tradución, o habitual é que primeiro se faga un borrador que despois se sincronizará co audio e coa imaxe coa axuda dunha persoa profesional do axuste.

Existen tres tipos principais de sincronización que debemos coñecer: A *sincronía labial* consiste en sincronizar o texto traducido cos movementos da boca do personaxe que está na pantalla, algo esencial nos primeiros planos. Para conseguilo non debemos fixarnos só nas grandes unidades de significado (é dicir, frases e oracións), senón tamén nas letras e nas sílabas. Para compensar o feito de que dúas linguas non van coincidir nunca exactamente no nivel fonético adóitanse eliminar algunhas palabras ou introducir outras «de recheo», é dicir, palabras que non son imprescindibles para transmitir a mensaxe pero que axudan a axustar o texto co movemento dos beizos. Ás veces vai ser necesario elixir entre unha tradución que se adapte ao movemento dos beizos pero que soe forzada ou torpe e outra que sexa máis elegante e idiomática pero que non teña boa sincronía labial. A situación na que os movementos dos beizos e o son non coinciden chámase desincronización (ou *lip flap* en inglés) e para o público é un factor de distracción bastante molesto.

Un segundo tipo de sincronización fundamental é a que debe haber entre a tradución e os movementos e os acenos dos personaxes, que se coñece como *sincronía cinética* e que, como no caso da subtitulación que vimos máis arriba, determina que os

parlamentos non deben contradicir a imaxe (que alguén faga unha afirmación mentres nega coa cabeza, por exemplo). Tamén é importante procurar que coincida a voz do personaxe coa súa personalidade e o seu aspecto físico, aínda que, por suposto, elixir a mellor voz para cada caso non é propiamente unha tarefa de tradución.

Por último, a *isocronía* consiste en asegurar que a duración do diálogo traducido se adapte con naturalidade á intervención de cada personaxe, dende que comeza a falar ata que remata. Unha vez máis, é algo semellante ao que se fai na subtitulación co tempo de proxección dun subtítulo.

En que consisten as voces superpostas?

Trátase dunha técnica de tradución audiovisual na que a voz ou voces da tradución se gravan por riba da banda sonora orixinal, que se segue a escoitar de fondo, cun volume menor. É unha modalidade que se adoita empregar en documentais, noticias e reportaxes, para traducir as palabras das persoas entrevistadas que falan noutra lingua. Malia todo, nalgúns países como Polonia ou Bulgaria, adoita empregarse no canto da dobraxe para traducir filmes e series de TV. Nestes casos hai unha única voz (ou un número moi limitado delas) que interpreta os distintos personaxes e, á diferenza do que sucede na dobraxe, non emprega a sincronía labial porque non se pretende crear a ilusión de que se está a falar na lingua termo. De feito, o audio orixinal segue a escoitarse de fondo e a versión traducida superpónselle. Dado que a técnica das voces superpostas emprega menos actores e actrices e non incorpora a sincronía labial, é máis barata e rápida de producir ca unha versión dobrada.

Aínda que esta modalidade de tradución audiovisual ten unha semellanza superficial coa interpretación simultánea (véxase o Capítulo 11), a verdade é que empregan procesos diferentes. A interpretación simultánea prodúcese en directo e sen facer referencia a un texto escrito, mentres que nas voces superpostas se traballa cun contido pregravado para producir unha tradución escrita, que despois un actor ou unha actriz len en voz alta; ademais, o habitual é que se parta non só dun arquivo audiovisual co orixinal, senón tamén dun guión ou dunha transcripción dos diálogos. Como resultado, a tradutora ou tradutor audiovisual entregan un texto escrito na lingua termo que máis tarde se lerá e se gravará. Malia todo, e como se fai na interpretación, cando se adapta o contido para voces superpostas empréganse as técnicas da paráfrase e do resumo (véxase o Capítulo 9), aínda que a información non se condensa tanto como nos subtítulos.

De que depende a elección dun método de tradución audiovisual ou outro?

Os debates, ás veces acalorados, sobre cal é «o mellor» método de tradución audiovisual son constantes. Quen defendan a subtitulación vanche dicir que permite

unha experiencia máis auténtica porque o público ten mellor acceso á cultura orixinal, mentres que as persoas que prefiren a dobraxe insisten en que os subtítulos afectan á integridade visual do filme. Pero, quen leva razón? Ou é só unha cuestión de preferencias persoais? Dende un punto de vista histórico, a decisión de optar por un método ou outro varía en función do país ou da cultura. Por exemplo, dado que a dobraxe esixe máis man de obra e, xa que logo, é máis custosa que a subtitulación, con moita frecuencia foi o método elixido para linguas que tiñan un grande mercado, de xeito que se podían recuperar os investimentos. Por iso se empregou en países como Alemaña, España, Francia ou Italia, que teñen poboacións relativamente grandes e, xa que logo, mercados relativamente grandes tamén. Pola contra, en países con mercados máis cativos, como Holanda e os países escandinavos, tendeu a subtítular. Por outra banda, certos países da Europa do Leste desenvolveron a tradición de empregar as voces superpostas, normalmente cunha única voz ou cun número moi limitado delas.

Pero o custo non é o único factor que cómpre considerarmos, xa que por exemplo a idade ou as capacidades do público tamén teñen relevancia: os países con menor taxa de alfabetización poden optar pola dobraxe, mentres que outros, como Finlandia, decidiron dobrar os contidos infantís pero subtítular os produtos para adultos. E tamén o orgullo pola propia cultura ou pola propia lingua poden ter o seu peso: en Canadá, por exemplo, na provincia francófona de Quebec, prefírese a dobraxe porque fomenta o uso do francés; e, de feito, é frecuente que se fagan dobraxes diferentes para o mercado quebequés (en francés canadense) e para o mercado de Francia. Tamén debemos saber que en certos períodos da historia a censura foi un criterio para decidir entre dobraxe e subtitulación: mentres que na subtitulación e nas voces superpostas a banda sonora orixinal segue a ser accesible, na dobraxe substitúese completamente pola versión traducida, o que posibilita modificar o contido.

Dado que os distintos países foron establecendo diferentes tradicións, moitas persoas desenvolveron as súas preferencias persoais en función do que se lles ofrecía. Na actualidade, de todos os xeitos, internet e as plataformas de *streaming* fan máis doado chegar a audiencias de todas partes do mundo (incluída a poboación da diáspora), o que contribúe a un cambio na economía de escala que fai a dobraxe máis rendible. Xa que logo, cada vez é máis frecuente que as produtoras cinematográficas e os servizos de *streaming* ofrezan múltiples opcións, con dobraxes e subtitulacións en diferentes idiomas. Será interesante ver como esta crecente oferta afecta ás preferencias de cada quen, que poden depender, por exemplo, de se estamos a facer outra cousa mentres vemos unha película ou serie (non é doado pasar o ferro e ler subtítulos ao mesmo tempo) ou de se queremos aprender idiomas (neste caso a preferencia pola dobraxe ou a subtitulación, ou mesmo ás dúas á vez, vai depender do noso nivel de coñecementos).

Quen fai a tradución audiovisual?

Como resposta á crecente demanda de contido dixitais en múltiples idiomas, a tradución audiovisual converteuse nunha especialización moi habitual dentro do mercado da tradución profesional e, de feito, existen programas de formación especializada, moitos deles universitarios, centrados directamente na tradución audiovisual. Ademais deste ámbito profesional atopamos tamén a cultura da tradución afeccionada, que inclúe a subtitulación afeccionada (*fansubbing*), a dobraxe afeccionada (*fandubbing*) e a tradución afeccionada de videoxogos (*translation hacking*).

Como suxire o seu nome, a tradución audiovisual afeccionada é a tradución dun filme, serie de TV ou videoxogo feita por fans, polo que a calidade do produto final pode ser moi variable. Outro problema que presenta esta práctica é que non respecta o dereito da propiedade intelectual, polo que pode ser considerada delito. Así e todo, nun mundo no que é tan doado comunicarse e compartir ficheiros, a tradución audiovisual afeccionada está cada vez máis estendida e por todo o mundo xorden comunidades de fans que se organizan para os seus proxectos de tradución. Aínda que algunhas persoas se cadra traducen de xeito autónomo, a maioría crean proxectos colaborativos e constrúen unha comunidade arredor dun interese común.

A subtitulación afeccionada é a forma máis antiga desta práctica e segue a ser aínda hoxe a máis habitual. Naceu co obxectivo de adaptar a animación xaponesa (coñecida como *anime*) para públicos de fóra do Xapón. Aínda que as dobraxes oficiais de anime se emitiron en moitos países nas décadas de 1960 e 1970, acabaron pasando de moda e as televisións deixaron de emitilas. Ante esta parada abrupta das emisións dun produto que xa tiña millóns de fans, a resposta foi organizarse para acceder aos produtos orixinais, traducilos e mesmo distribuílos. Como consecuencia, na década de 1980 apareceron os primeiros subtítulos afeccionados e o movemento continúa na actualidade grazas aos avances tecnolóxicos, que facilitan a produción de subtítulos e a distribución de arquivos. O tipo de produtos audiovisuais dos que se fai subtitulación afeccionada foi aumentando tamén e xa non é só anime, senón multitude de xéneros, en linguas distintas, procedentes de moitos países e culturas: telenovelas de América do Sur, K-dramas coreanos, telefilmes alemás e unha grande variedade de series de éxito estadounidenses. Unha das características deste tipo de subtitulación é a rapidez coa que se fai, ás veces só horas despois de que se estree o orixinal, xa que a comunidade de fans sempre quere ver as súas series favoritas o antes posible. Pero esta rapidez, evidentemente, pode afectar a calidade da tradución. Outra cuestión que pode repercutir negativamente na calidade é que, a diferenza do que sucede na subtitulación profesional, normalmente non se ten acceso ao guión orixinal e a tradución faise de oídas, escoitando a gravación orixinal, que pode estar nunha lingua que non sexa unha das dominantes de quen traduce, dando así lugar a erros.

Un dato curioso... Ás veces estas persoas afeccionadas fan dobraxes nas que se modifican o guión, as personalidades dos personaxes e outros elementos para facer versións cómicas; é o que se denomina dobraxe paródica ou dobraxe cómica (*fun-dub* ou *gag-dub* en inglés).

Igual que existe a subtitulación afeccionada, tamén existe a dobraxe afeccionada, aínda que está menos estendida. Por outra parte, un certo número reducido de fans con grandes coñecementos informáticos participan na localización de videoxogos (véxase o Capítulo 7), coñecida como *hackeo de rom* (*rom-hacking* en inglés; é dicir, pirateo da memoria rom ou de só lectura) ou tradución afeccionada de videoxogos (*translation hacking*), aínda que é unha práctica moito menos frecuente porque require moitos coñecementos técnicos para descriptar o código do videoxogo.

A noción de tradución audiovisual afeccionada crúzase coa de *crowdsourced translation* ou colaboración masiva nunha tradución, que se tratou no Capítulo 7 cando falamos da localización. Ambas as dúas baséanse na participación de persoas non profesionais, pero no caso da tradución afeccionada o proceso é ascendente, no sentido de que as persoas voluntarias son as que toman a iniciativa de crear un proxecto e levalo a termo. O *crowdsourcing*, pola contra, é un proceso descendente no que unha organización procura persoas voluntarias e organiza o traballo, proporcionándolles unha plataforma, directrices e se cadra tamén un certo control de calidade. Un exemplo de tradución audiovisual en colaboración masiva é TED Translators (antes chamado Open Translation Project ou Proxecto aberto de traducións), a subtitulación das charlas TED. Trátase duns vídeos curtos, duns 15 minutos, no que persoas expertas falan sobre educación, negocios, ciencia, etc. Distribúense gratuitamente en liña con licencia Creative Commons, o que significa que teñen poucas restricións de dereitos.

A legalidade e a ética deste tipo de traducións feitas por persoas afeccionadas é cuestionable: se o orixinal é unha obra con dereitos, entón, é unha actividade ilegal, porque infrinxe eses dereitos e poderíase presentar unha demanda para retirar a tradución da rede e impedir que se distribúa. Malia todo, as persoas que fan tradución afeccionada non se consideran piratas porque non venden os produtos nin tentan obter ningún tipo de beneficio. Ademais, moitos destes grupos de tradución estableceron os seus propios códigos éticos que en moitos casos impiden traducir produtos que se distribúan legalmente na súa rexión ou país. Mesmo afirman que o seu traballo contribúe a crear unha máis ampla comunidade de fans, o que fará que aumente a demanda de produtos como o anime.

Aínda que nesta sección nos centramos na tradución afeccionada de produtos audiovisuais, o certo é que a podemos atopar en calquera outra modalidade ou contexto. Por exemplo, hai grupos que traducen novelas, como os libros de Harry Potter, ou

manga (banda deseñada xaponesa). O caso da banda deseñada adoita chamarse tamén *scanlation* ou escandución porque primeiro se escanea o orixinal e despois se introducen os textos nos globos de diálogo.

Como se empregan estas técnicas en ámbitos distintos ao da tradución?

Nas seccións precedentes analizamos algunhas actividades nas que se transfire unha mensaxe dunha lingua a outra, pero algunhas das técnicas que se empregan nelas aplícanse tamén para facer que os distintos tipos de contidos sexan accesibles para as persoas con discapacidades visuais ou auditivas; estamos a falar da subtitulación para persoas xordas, o refalado e a audiodescrición.

Cando se subtitula para persoas xordas, a lingua dos subtítulos é a mesma que a do texto orixinal, é dicir, a subtitulación cambia o modo (de oral a escrito) pero non a lingua. Ademais, eses subtítulos non conteñen só o diálogo dos personaxes, senón tamén unha descrición doutros elementos auditivos, como os efectos de son ou a música. Este tipo de subtítulos ás veces faise en directo e outras prepáranse con antelación.

Dado que falamos máis rápido do que podemos escribir, a creación manual de subtítulos en directo non é o máis axeitado para os programas en vivo, polo que actualmente se comezan a empregar técnicas de recoñecemento automático da fala e de transcripción. Máis, do mesmo xeito que, como xa vimos, a tradución automática sen intervención humana non é fiable e precisa de posedición (cf. Capítulo 6), a produción automática de subtítulos tamén deixa moito que desexar. Tanto é así, que os subtítulos producidos en directo por sistemas automáticos sen intervención humana se coñecen en inglés como *craptions*, mesturando as palabras *crap* (lixo) e *captions* (subtítulos). Por outra banda, os sistemas de recoñecemento da fala adoitan dar fallos se as condicións non son as ideais: se hai ruído de fondo, se se fala demasiado rápido ou demasiado a modo ou con acento. Isto, sen embargo, non son atrancos para unha persoa, que vai poder comprender a fala mesmo en condicións adversas, polo que tamén se emprega unha técnica chamada refalado. O refalado consiste en que unha persoa escoita o son orixinal dun programa (normalmente en vivo) ou dun acto e despois reproduce para un sistema de recoñecemento de fala o que está a escoitar, do xeito máis claro posible e indicando os signos de puntuación. Finalmente, o sistema produce os subtítulos de xeito case inmediato. É un proceso que semella a técnica do *shadowing* (repetición) na formación de intérpretes (na que afondaremos no Capítulo 11), aínda que, dada a velocidade coa que se traballa, no refalado adóitase parafrasear ou resumir algúns elementos do orixinal (véxase Capítulo 9), do mesmo xeito que se fai na interpretación simultánea.

Mentres que a subtitulación para persoas xordas e o refalado están pensadas para mellorar a accesibilidade das persoas con dificultades auditivas, a audiodescrición

está destinada a facer o mesmo para as persoas cegas ou con dificultades de visión. A audiodescrición recolle en palabras os elementos visuais do texto orixinal, describindo, por exemplo, os ángulos de cámara e as expresións faciais; pero estas palabras non substitúen a banda sonora orixinal, senón que complementa os diálogos, os efectos de son e a música, polo que a audiodescrición sempre se fai na mesma lingua do filme ou serie. Deste xeito, as persoas con discapacidade visual poden acceder a produtos audiovisuais, comprendelos e aprecialos máis a fondo. Ademais de empregarse en películas e series de TV, podemos atopar audiodescrición tamén en galerías de arte, museos, materiais educativos e espectáculos como o teatro ou a danza.

Dando un paso máis, poderíamos pensar en coller unha audiodescrición ou uns subtítulos producidos automaticamente e introducilos nunha ferramenta de tradución automática para xerar audiodescricións ou subtítulos para persoas xordas noutras linguas. Que isto sexa unha boa idea ou non vai depender das características da encarga (a calidade é un factor relevante?) e de se se vai recorrer á posesición posteriormente para mellorar as calidade lingüística e para revisar as diferenzas culturais. Estas circunstancias lévannos, máis unha vez, a subliñar a importancia de contar cuns sólidos coñecementos sobre o uso da tradución automática, como defendemos no Capítulo 6.

Para concluír

A tradución audiovisual descríbese con frecuencia como unha tradución *constrinxida*, e non é difícil ver por que. Con tantas restricións non lingüísticas de lonxitude, colocación, tempo, sincronización, etc., as opcións lingüísticas dispoñibles son certamente reducidas. Por riba, a enorme demanda de contidos multilingües engádelle presión ao proceso de traballo para que os produtos finais se poidan emitir canto antes. Agora que coñecemos algunhas das restricións e das presións ás que están sometidas as persoas que traballan neste eido seguro que somos quen de valorar mellor o seu traballo, mesmo aínda que nalgunhas ocasións poidamos pensar que se trabucaron. Poñamos por caso a tradución audiovisual da serie surcoreana *Squid Game* (O xogo da lura), emitida por Netflix en outono de 2021, que se subtitulou en máis de trinta linguas e se dobrou a máis dunha ducia. Todas estas versións provocaron un animado debate nas redes, con persoas que criticaban as traducións por condensar demasiado os diálogos, por eliminar unha parte das palabras malsoantes e das referencias sexuais ou por non reproducir axeitadamente os diferentes acentos dos personaxes de Corea do Norte e Corea do Sur. Había tamén outras persoas (sobre todo políglotas ou coñecedoras da tradución) que defendían o traballo de tradución e sinalaban as súas dificultades.

Ademais de ter un papel cada vez máis importante na industria do entretemento, a tradución audiovisual é parte tamén da accesibilidade, un concepto que cada día ten

máis relevancia e difusión. Estas dúas áreas estanse a beneficiar dos avances tecnolóxicos e do uso sensato das novas ferramentas (por exemplo, as de procesamento automático da linguaxe) que contribuirán a simplificar os procesos de traballo se se integran con xeito.

Puntos clave do capítulo

- A historia da tradución audiovisual remóntase a finais do século XIX, cando se empregaban intertítulos ou persoas en directo para explicar os argumentos dos filmes ou as referencias culturais descoñecidas.
- Coa chegada do cine sonoro precisáronse novas estratexias de tradución e comezáronse a rodar versións multilingües dos filmes, con actores e actrices diferentes pero co mesmo equipo técnico.
- A sobretitulación é unha técnica que se emprega en espectáculos en vivo como a ópera e consiste na proxección do texto cantado e dos diálogos na parte superior do escenario.
- Na actualidade hai tres modalidades básicas de tradución audiovisual: subtitulación, dobraxe e voces superpostas.
- As principais dificultades da tradución audiovisual son o tratamento do humor e dos xogos de palabras, os xuramentos e a linguaxe malsoante, a reprodución dos acentos e o uso de técnicas de tradución indirectas.
- A subtitulación é a proxección na pantalla dos diálogos resumidos e traducidos coordinados coa banda sonora orixinal.
- Entre as restricións ás que ten que facer fronte a subtitulación están a lonxitude e colocación dos subtítulos, a división das liñas, a temporización e duración de cada subtítulo, a fonte e a cor do texto e a sincronización co que sucede na pantalla.
- A dobraxe é a substitución da banda sonora orixinal dun produto audiovisual por unha gravación que reproduce os diálogos na lingua termo.
- Ademais de profesionais da tradución, a dobraxe implica tamén tarefas de adaptación, dirección de voces, edición de son, etc., polo que é un proceso máis laborioso e custoso que a subtitulación.
- A dobraxe traballa con tres tipos de sincronización: sincronía labial, sincronía cinética e isocronía.
- Voces superpostas é unha técnica na que se grava unha voz sobre a banda sonora orixinal, que segue sendo audible de fondo pero cun volume menor.

186

- Coa técnica das voces superpostas emprégase un número limitado de voces e non se procura conseguir sincronía labial, polo que é máis barata e rápida que a dobraxe.
- Ademais das cuestións económicas hai outros factores que determinan a elección do método de tradución audiovisual, como a alfabetización da audiencia, a defensa da cultura e da lingua ou a intención de manipular a mensaxe.
- A tradución audiovisual é unha importante área de especialización no mundo profesional, pero hai tamén unha comunidade afeccionada moi activa e organizada que subtitula e dobra as súas series e filmes favoritos.
- A tradución afeccionada e a tradución en colaboración masiva teñen en común que non son traballos profesionais, pero a primeira é autoxestionada, mentres que a segunda adoita partir dunha organización ou empresa que supervisa o traballo.
- A tradución audiovisual afeccionada suscita moitas cuestións legais e deontolóxicas, pero as comunidades de tradución teñen as súas propias directrices éticas que, por exemplo, impiden traducir produtos que teñan unha tradución oficial.
- Aínda que a tradución audiovisual supón a transferencia de contidos dunha lingua a outra, empréganse técnicas semellantes para facer accesibles, dentro dunha mesma lingua, contidos aos que non poden acceder as persoas con discapacidade auditiva ou visual. Trátase da subtitulación para persoas xordas, o refalado e a audiodescrición.
- As tecnoloxías de procesamento automático da linguaxe, como a tradución automática e o recoñecemento da fala, poden facilitar a tradución e mellorar a accesibilidade se se aplican con tino.

Temas para debater

Velaí tres cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Aínda que cada unha das modalidades de tradución audiovisual ten vantaxes e inconvenientes, hai moita xente que ten as súas preferencias moi claras. Ti cal prefires? Por que?
- Que opinas da tradución audiovisual afeccionada? Pensas que é positiva para a industria (porque lle dan visibilidade aos produtos ou xéneros e, xa que logo, xeran máis demanda) ou pola contra cres que é unha práctica ilegal que se debería prohibir de vez?

- Revisa os debates sobre a tradución audiovisual de *Squid Game* (O xogo da lura). Tes un artigo en <https://www.nbcnews.com/news/asian-america/translators-experts-weigh-squid-game-subtitle-debate-rcna2568> pero podes buscar algún outro. En función do que aprendiches neste capítulo e das túas propias experiencias con produtos subtitulados ou dobrados (sexa con *Squid Game* ou con calquera outro), con que punto de vista estás máis de acordo?

Exercicios

Para facer tradución audiovisual de xeito profesional cómpre ter certo equipamento técnico e programas informáticos, polo que, sen eles, vas ter certas limitacións; así e todo, cos seguintes exercicios vas ter unha idea bastante aproximada de como se fai e dos problemas aos que hai que facer fronte.

- **Prepara un caso de voces superpostas:** Busca un vídeo breve, duns tres minutos, dun programa ou dunha conferencia na túa lingua dominante e prepara as voces superpostas:
 - escoita o vídeo varias veces.
 - Fai a tradución escrita do que escoitas.
 - Grávate lendo a tradución, por exemplo coa gravadora do móbil.
 - Reproduce o vídeo co son baixo e reproduce ao mesmo tempo a gravación da túa voz, pero co son un pouco máis alto. Como che soa? Precisas axustar os tempos? Ou condensar algunha parte da tradución?
 - Fai as modificacións que precisas e volve reproducir a gravación para ver se o resultado mellorou.
- **Fai unha subtitulación:** Busca un vídeo breve, duns tres minutos, dun programa ou dunha conferencia na túa lingua menos dominante e prepara os subtítulos na túa lingua dominante: Podes facer esta actividade de xeito individual, pero será máis entretida se a fas con alguén de clase.
 - escoita o vídeo varias veces.
 - Nunha folla de cálculo compartida (por exemplo en Google Sheets) transcribide o máis exactamente que poidades o guión do orixinal, escribindo cada oración nunha liña da folla de calculo.
 - Na seguinte columna indicade o minuto e segundo exactos no que se comeza a pronunciar cada oración e cando remata (por exemplo: segundo 7 a 11 ou 2:23-2:29).

- Na seguinte columna, dividide a transcripción en segmentos que se poidan comprender cunha simple ollada. Estes segmentos teñen que ser unidades de significado e poden ser menores que unha oración.
- Na seguinte columna traduce os segmentos á lingua termo. Para isto, lembre que só pode haber un máximo de dúas liñas en cada subtítulo e que cada liña só pode conter un máximo de 40 caracteres, incluídos os espazos en branco. Se cadra non pode traducir todo o que se di no orixinal, polo que teredes que resumilo conservando os elementos principais da mensaxe.
- Reprodúcese o vídeo e ide mirando os subtítulos. Que tal saíron? O texto flúe con naturalidade? Conseguiestes conservar os puntos máis importantes da mensaxe orixinal? Podeades mellorar os subtítulos? Empregade outra columna máis da folla de cálculo para recoller outras opcións ou versións revisadas, así como para comentarios construtivos ou suxestións.

Para saber máis

DÍAZ CINTAS, Jorge. 2010. «Subtitling». En *Handbook of Translation Studies*, Vol. 1, editado por Yves GAMBIER e Luc VAN DOORSLAER, 344–449. Amsterdam: John Benjamins.

- Neste capítulo preséntanse os principais procesos e elementos que cómpre ter en conta cando se subtitula.

DÍAZ CINTAS, Jorge, e Pilar ORERO. 2010. «Voiceover and Dubbing». En *Handbook of Translation Studies*, Vol. 1, editado por Yves GAMBIER e Luc VAN DOORSLAER, 441–445. Amsterdam: John Benjamins.

- Este capítulo presenta os principais procesos e elementos que cómpre ter en conta cando se dobra ou se fan voces superpostas.

DÍAZ CINTAS, Jorge, e Serenella MASSIDDA. 2020. «Technological Advances in Audiovisual Translation». En *Routledge Handbook for Translation and Technology*, editado por Minako O'HAGAN, 255–270. Londres: Routledge.

- Neste capítulo analízanse as ferramentas que se empregan nos diferentes tipos de tradución audiovisual, entre outras a tradución automática e as memorias de tradución.

PÉREZ-GONZÁLEZ, Luis, ed. 2019. *Routledge Handbook of Audiovisual Translation*. Londres: Routledge.

- Neste libro revísanse con detalle as distintas modalidades de tradución audiovisual, a súa historia (O'Sullivan e Cornu 2019), a tradución audiovisual

afeccionada (Dwyer 2019) e as técnicas que se empregan para a accesibilidade (Neves 2019, Perego 2019, Romero-Fresco 2019).

PÉREZ-GONZÁLEZ, Luis. 2020. «Fan Audiovisual Translation». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 3ª ed., editada por Mona Baker e Gabriela Saldanha, 189 172–177. Londres: Routledge.

- Esta entrada da enciclopedia analiza a tradución audiovisual afeccionada de textos da cultura popular, como a banda deseñada ou as series de TV.

Capítulo 11

A interpretación

A meirande parte deste libro centrouse na tradución, que consiste na transferencia dunha mensaxe escrita dunha lingua a outra, pero espallamos aquí e acolá referencias á outra cara desta complexa profesión, en concreto aos casos nos que o que temos que transferir son mensaxes faladas ou signadas, que é o que chamamos interpretación e será o tema central deste capítulo. Se cadra preguntaste se de verdade hai tantas diferenzas entre a tradución e a interpretación. Pois a resposta é que si. É certo que nos dous casos se trata de intermediar entre dúas linguas e culturas, pero os coñecementos e as capacidades precisos son diferentes, así como as construcións que as limitan e os obxectivos que se perseguen. Tomando como punto de partida o que xa sabes sobre a tradución, comecemos por ver algunhas das diferenzas máis importantes entre estas dúas modalidades.

	Tradución	Interpretación
Modo da comunicación	<i>Escrito</i>	<i>Falado ou signado</i>
Prazos	Os prazos de entrega <i>fixanse con antelación</i> e son moi variables, pero o normal é que haxa tempo para documentarse e revisar.	O traballo faise en vivo e en directo.
Documentación	Si. O habitual é que se faga moito traballo de documentación para asegurar a correcta comprensión dos conceptos e o uso da terminoloxía axeitada.	Ás veces, pero sempre con antelación. Durante un traballo de interpretación non hai tempo para documentarse, pero pode facerse antes se se coñece o tema no que se vai traballar, o que non sempre sucede.
Ferramentas e fontes de consulta	<i>Unha chea delas!</i> Procesadores de texto, bases de datos terminolóxicas, xeradores de concordancias, ferramentas de axuda á tradución, tradución automática, programas de edición, etc.	<i>Poucas.</i> Pódense empregar ferramentas de extracción de terminoloxía ou ferramentas de documentación, pero sempre con antelación ao traballo propiamente dito.

Revisión	<i>Si.</i> Normalmente non se envía nunca a primeira versión, senón que se revisa varias veces.	<i>Non.</i> A interpretación faise en vivo e non hai tempo para revisar: se unha oración non sae moi lucida, non queda outra que aceptalo e seguir traballando.
Direccionalidade	<i>Única.</i> As tarefas de tradución son unidireccionais (dende a lingua orixe á lingua termo) e é frecuente traballar só cara á lingua materna ou dominante.	<i>Bidireccional.</i> En interpretación normalmente se traballa nas dúas direccións.
Nivel de precisión esixido	<i>Alto.</i> Dado que se dispón de máis tempo e da posibilidade de documentarse, agárdase que, na medida do posible, a tradución recolla todos os detalles do orixinal ao transferir a mensaxe.	<i>Máis baixo.</i> Na interpretación adoita recorrerse ao resumo e á paráfrase para transmitir os elementos máis relevantes da mensaxe.

Táboa 11.1 Algunhas das principais diferenzas entre a tradución e a interpretación.

Como podes ver na táboa 11.1., existen moitas diferenzas no que respecta a responsabilidades, expectativas, tarefas e condicións de traballo e de feito dise con frecuencia que son actividades que desenvolven persoas con personalidades moi diferentes. As persoas que se dedican á tradución adoitan ser máis pacientes e detallistas e prefiren traballar de xeito independente, mentres que as que se dedican á interpretación poden facer varias tarefas á vez e aturan mellor a presión, ademais de que prefiren traballar en grupo. Non é difícil ver, por iso, que unha persoa pode ser moi boa nunha destas actividades sen necesariamente ser boa na outra. E despois de botarlle unha ollada xeral ás principais diferenzas entre tradución e interpretación, vexamos máis polo miúdo esta última, que é un ámbito sorprendentemente diverso.

Que tipos de interpretación existen?

En termos xerais podemos dicir que existen dous grandes tipos de interpretación: *interpretación consecutiva* e *interpretación simultánea*, cada unha das cales presenta distintas variacións. A interpretación tamén forma parte das actividades de comunicación intermodal como son a tradución á vista (véxase o Capítulo 9) e a interpretación en lingua de signos (véxase máis abaixo a sección «Interpretación en lingua de signos»).

A *interpretación consecutiva* é unha modalidade na que a persoa que fala e a que interpreta interveñen por quendas. Se a intervención é longa, a persoa que fala debe deterse de cando en vez (por exemplo, cada cinco minutos) para darlle tempo a quen interpreta de transmitir a información á audiencia. Por unha banda, a persoa oradora non debe falar demasiado tempo seguido para que a audiencia non tarde moito en saber o que está a dicir e para evitar que a persoa que interpreta omita elementos im-

portantes do discurso. Por outra banda, se a persoa oradora fai demasiadas pausas, o discurso semellará fragmentario e inconexo e non haberá contexto abondo para comprender o orixinal.

Durante a interpretación consecutiva é habitual que se tomen notas nun caderno mentres a outra persoa fala, pero non se apunta toda a palabra a palabra, senón máis ben un resumo dos puntos principais (véxase o Capítulo 9). De feito, cada intérprete desenvolve o seu propio código de notación abreviada para poder lembrar as ideas esenciais cando ten que transmitir a información na lingua de destino. A toma de notas é unha destreza especial e leva tempo e práctica desenvolver un sistema de notas conciso e significativo e aprendelo a utilizar mentres se escoita a seguinte intervención. Durante un discurso, a persoa que interpreta non pode interromper a oradora para pedirlle que repita ou preguntarlle dúbidas; é a súa obriga facer unha escoita activa, tomar notas de xeito eficaz e asegurar a fluidez da comunicación na lingua termo. A principal desvantaxe da interpretación consecutiva é que leva máis tempo porque a información se emite dúas veces, unha na lingua orixinal e outra na lingua termo, o que quere dicir que se duplica a duración do discurso, reunión ou acto.

Unha variante da interpretación consecutiva é a coñecida como *interpretación bilateral*, que serve para facilitar a comunicación entre dúas persoas ou nun grupo pequeno. A persoa que interpreta ten que traballar en dúas direccións, transmitindo por exemplo a pregunta dunha parte á outra e logo reformulando a resposta da segunda parte para a primeira.

A *interpretación simultánea* é se cadra o tipo de interpretación máis coñecido e seguro que o viches algunha vez na noticias, por exemplo, cando ves que hai alguén que fala nunha lingua estranxeira pero escoitas outra voz na túa propia lingua que transmite a mensaxe orixinal. Como xa dixemos no Capítulo 2, a primeira vez que se empregou a interpretación simultánea foi nos xuízos de Nuremberg, despois da Segunda Guerra Mundial, e dende aquela o seu uso estendeuse a conferencias e outros actos internacionais e a organizacións multilingües como as Nacións Unidas ou o Parlamento Europeo. A diferenza da interpretación consecutiva, na que a persoa oradora fai pausas para que interveña a intérprete, na simultánea trabállase en tempo real, con só uns segundos de diferenza entre as palabras da oradora e as da intérprete. Noutras palabras, cómpre escoitar a intervención orixinal e producir unha interpretación ao mesmo tempo. Iso si que é ser unha persoa multitarefa!

Normalmente as persoas que se dedican á interpretación simultánea traballan nunha cabina insonorizada que se sitúa ao fondo do local onde se pronuncia o discurso. Se o discurso se interpreta cara a varias linguas, hai unha cabina distinta por cada unha delas e a audiencia ten uns auriculares que lle permiten seleccionar a canle correspondente á lingua termo que desexa escoitar. Por exemplo, se o discurso orixinal

é en ruso, a canle 1 podería ser para inglés, a 2 para francés, a 3 para chinés, etc. e cada intérprete traballa de xeito independente na súa propia cabina insonorizada, escoitando o orixinal tamén polos seus auriculares e interpretando pola canle axeitada. Nos organismos nos que é habitual traballar con interpretación consecutiva (por exemplo, na sede das Nacións Unidas) teñen cabinas de interpretación fixas, pero, pola contra, nos casos nos que se trata de algo ocasional (como unha conferencia ou unha feira) o equipo de interpretación adóitase alugar segundo as necesidades.

A simultánea é o tipo de interpretación máis esixente porque nos esixe realizar dúas tarefas complexas (escoitar e falar) ao mesmo tempo que pasamos a mensaxe dunha lingua a outra. É un traballo complexo, intenso e moi esixente dende o punto de vista cognitivo, polo que sempre se traballa en parellas e en quendas de 20 ou 30 minutos cada persoa. Durante as quendas, unha das persoas fai a interpretación e a outra procura axudar no que sexa preciso (por exemplo, buscando a terminoloxía) ao tempo que descansa ata que lle toca volver a interpretar. Para prepararse para esta inxente tarefa cómpre non só dominar as linguas de traballo e as súas respectivas culturas, senón que tamén é preciso desenvolver a memoria a curto prazo e saber documentarse nos temas dos que se fale en cada discurso. Noutras palabras, procúrase sempre non chegar ao traballo sen ter información sobre o mesmo: pídense copias dos discursos ou das notas das persoas que interveñan, das diapositivas que se van empregar, etc. Despois estúdase ese material e búscase a documentación e a terminoloxía relevantes. Deste xeito pódese asegurar o dominio dos conceptos e dos termos precisos en cada traballo. Pero o certo é que non é posible prepararse para todo, xa que pode haber cambios de última hora nos discursos ou nas presentacións, improvisacións ou simplemente unha broma para distender o ambiente. Ademais, as preguntas do público non se poden preparar con antelación e cómpre enfrontalas sobre a marcha, polo que é moi importante tamén ter unha ampla cultura xeral.

Unha forma particular da tradución simultánea é a que se coñece como *interpretación con relé*, que se emprega en situacións nas que non hai dispoñibles interpretes para todas as combinacións lingüísticas. Lembra o que comentamos no Capítulo 6 sobre a tradución automática indirecta ou o caso da Malinche do Capítulo 2? Pois na ONU, que ten seis linguas oficiais (véxase o Capítulo 2), emprégase unha técnica semellante. Imaxina que a persoa que intervén fala en ruso e que o seu parlamento se ten que interpretar a árabe, chinés, español, francés e inglés pero que non hai nese momento quen poida interpretar de ruso a árabe pero si de inglés a árabe. Como se transmite a información ao árabe? Na interpretación con relé pódese facer do seguinte xeito: en primeiro lugar, unha persoa interpreta a mensaxe de ruso a inglés e, despois, unha segunda persoa interpreta de inglés a árabe. Neste proceso de dúas fases o inglés úsase como lingua pivote que permite transferir a mensaxe dende o ruso ao árabe; deste xeito a interpretación con relé permite interpretar de forma indirecta en combinacións lingüísticas para as que non hai dispoñible unha persoa

que o poida facer. Así e todo, esta modalidade presenta o problema de que calquera erro que se cometa na primeira fase (neste exemplo, na interpretación dende ruso a inglés) se reproducirá na segunda fase (de inglés a árabe).

Unha variante da interpretación simultánea é a *interpretación murmurada*, coñecida tamén como *chuchotage*, que en francés significa murmurio. Esta modalidade emprégase cando é só unha persoa (ou un grupo pequeno, de ata tres persoas) quen precisa o servizo de interpretación e adóitase usar en situacións como as negociacións diplomáticas, visitas guiadas ou reunións de negocios. Como o nome suxire, a persoa que interpreta sitúase moi preto das persoas que precisan o servizo e interprétalles a mensaxe en voz baixa mentres ao mesmo tempo se escoita a intervención orixinal. Xa que logo, a murmurada é outro tipo de interpretación simultánea que demostra aforrar tempo; ademais non precisa de ningún equipamento especial como auriculares, micrófonos ou cabinas e pódese facer sobre a marcha en calquera lugar, como nunha visita turística. Así e todo, ten o inconveniente de que pode ser un factor de distracción para outras persoas que estean preto e non requiran o servizo, senón que estean tratando de prestarlle atención ao parlamento orixinal.

Interpretación con relé dende ruso a árabe

Persoa oradora: Fala en ruso

Intérprete 1: Interpreta dende ruso a inglés

Intérprete 2: Interpreta de inglés a árabe

Audiencia: Escoita en árabe

En que situacións se emprega a interpretación?

Xa mencionamos algúns casos nos que se pode precisar de interpretación, pero analicémoslos con máis detalle para ver que cada un deles pode presentar necesidades distintas. Por exemplo, en conferencias internacionais ou reunións multitudinarias (como na ONU) adóitase preferir a interpretación simultánea porque é o xeito máis eficiente de darlle servizo a un grupo grande no que se falan moitas linguas distintas. En casos como ese, a interpretación consecutiva suporía grandes atrasos, un caos organizativo e enormes custos se cada unha das persoas asistentes empregase a interpretación murmurada.

Se se trata dunha negociación diplomática ou unha reunión de negocios con menos asistentes e só dúas linguas, a interpretación bilateral sería o máis axeitado. Isto, no caso dos negocios, adóitase chamar tamén *interpretación de enlace* e a persoa que interpreta ten moias veces o papel de facilitadora. Nunha situación así é menos necesario tomar notas porque as partes prefiren dialogar máis que facer longos parlamentos, co cal as intervencións adoitan ser máis curtas.

Se a interpretación a require unha persoa ou un grupo que non fala a lingua maioritaria dunha comunidade e precisa acceder aos servizos públicos denomínase *interpretación bilateral* ou *interpretación social*. Atopámola en todo tipo de servizos públicos, como na educación (para axudar a que as familias se comuniquen co profesorado para falar das crianzas), na sanidade (para que se poidan entender pacientes e persoal sanitario) ou na xustiza (por exemplo, para unha declaración ante a policía). Dependendo das circunstancias concretas, no ámbito da xustiza pódese preferir a interpretación bilateral (para que unha testemuña preste declaración, por exemplo), murmurada (para que unha persoa acusada poida seguir un xuízo) ou tradución á vista (para ler unha declaración e que conste na acta, como vimos no Capítulo 9). Isto quere dicir que as persoas que se dedican á interpretación teñen que ser versátiles e saber adaptarse a cada situación concreta.

Outra modalidade cada vez máis frecuente é a interpretación virtual ou en liña. Aínda que en moitos casos é moi útil observar a linguaxe corporal das persoas que falan, non sempre é así, polo que a interpretación remota é cada vez máis común en certas circunstancias. A *interpretación remota* serve para facilitar a comunicación entre partes que non están no mesmo lugar e pode facerse por teléfono ou por videoconferencia, polo que presenta moitas vantaxes. Por exemplo, serve para garantir que se interprete a máis linguas e en zonas afastadas nas que non é factible atopar intérpretes de calquera combinación, como en centros de saúde rurais; ademais, a interpretación remota é máis doada de organizar, polo que pode servir para evitar que unha situación complicada empeore, por exemplo nunha urxencia médica; no caso das ONG e organizacións sen ánimo de lucro, contribúe a reducir os custos porque evita os desprazamentos de persoal, co cal eses cartos se poden dedicar a ofrecer máis servizos; e por último, axuda a manter as distancias para poder cumprir os protocolos sanitarios, como sucedeu durante a pandemia da Covid-19. A interpretación remota tamén presenta certas desvantaxes, por suposto, e débense ter en conta para decidir se se emprega esta modalidade ou se recorre á interpretación presencial. En primeiro lugar, nunha interpretación telefónica non se percibe a linguaxe corporal (expresións faciais, movementos da boca, etc.) que poden ser relevantes para comprender a intervención orixinal. Por outra parte, depéndese sempre da calidade da tecnoloxía (claridade do son, velocidade de transmisión, etc.), que ademais pode contribuír a dividir aínda máis a atención de quen interpreta se ten que atender a varias aparellos ou ferramentas para, por exemplo, revisar o chat ou organizar as quendas de intervención de persoas que están en lugares diferentes.

Que outros factores poden influír na interpretación?

Se nunca traballaches como intérprete, vaiche sorprender a variedade de dificultades, ás veces inesperadas, ás que cómpre enfrontarse no día a día. Por moito que te prepares e planifiques, sempre vai xurdir algún imprevisto. Xa dixemos que a tec-

noloxía é algo que temos que ter sempre en conta na interpretación remota, pero pode interferir tamén na simultánea: a persoa que dá a conferencia pode decidir non empregar o micro, ou pode ser o micro o que falle nese momento, ou que haxa ruído de fondo... E se ben estas circunstancias poden non afectar ao público que está na sala, na cabina de interpretación, insonorizada e situada ao fondo, seguro que non se escoita nada.

Outro factor relevante é a persoa que fala: se cadra fala moi rápido, ou está a dar a conferencia nunha lingua que non domina ben e non emprega a terminoloxía máis axeitada, ou fala cun acento que dificulta a comprensión... Todos estes son factores que van sumando dificultades ao traballo de interpretación. Por riba, se a audiencia dunha conferencia internacional está formada por persoas de todas as partes do mundo, cal é a cultura termo? Se se está a interpretar cara ao inglés, deberíanse empregar expresións propias do inglés británico? ou do estadounidense? ou doutras variedades?

O traballo desenvólvese nunha sala de reunións na que se poden tomar notas comodamente? Ou é unha actividade itinerante como unha visita turística onde non hai posibilidade de facer anotacións e cómpre traballar só coa memoria? E pode haber moitas outras condicións de traballo incómodas: Que sucede se a persoa coa que compartes cabina é preguiceira ou comeu demasiado allo? A organización do acto tivo en conta que se precisan pausas entre conferencia e conferencia?

E se a persoa oradora decide comezar a súa intervención cunha brincadeira? As chanzas e os xogos de palabra son sempre difíciles de traducir, aínda que dispoñamos de todo o tempo do mundo, e hai algúns que simplemente non se poden traducir. Pensa por exemplo no xogo de palabras inglés «Why was 6 afraid of 7? Because 7, 8, 9» (Por que o 6 ten medo do 7? Porque o 7 comeu —que en inglés se pronuncia igual que 8— o 9). É imposible traducilo a ningunha lingua e que siga tendo graza, esteamos onde esteamos. Podemos pensar que non paga a pena interpretar a brincadeira, pero daquela, como lle explicamos á audiencia da interpretación o motivo de que se ría o resto do público?

Un dato curioso... Cando atopan unha brincadeira difícil de adaptar, hai intérpretes que lle din á audiencia: «A persoa oradora está a contar un chiste. Por favor, ría agora».

Pero non só o humor vai provocar problemas, tamén o tema das intervencións pode supor unha dificultade: ninguén sabe todo sobre calquera tema e aínda que solicitemos a documentación con tempo non sempre nola envían; e, en todo caso, non nos convertemos en especialistas dun día para outro. Por outra parte, no medio dunha conferencia poden xurdir temas inesperados, polo que é preciso desenvolver estra-xias para poder saír do paso.

E por último, que é o que se xoga nesa reunión ou conferencia? Aínda que calquera intérprete profesional sempre o vai facer o mellor que saiba, a situación sempre pode engadir unha certa presión se participa nunha reunión diplomática entre dúas potencias mundiais, con todos os protocolos culturais que cómpre respectar; ou se se trata dunha reunión de negocios na que dúas partes negocian unha compra-venda de millóns de euros. A situación será sempre moi tensa se o traballo se produce nunha zona de conflito. A interpretación é de por si un traballo estresante pero hai moitas circunstancias que poden engadir máis estrés aínda, polo que podemos dicir que se trata dunha profesión para persoas fortes.

Interpretación en lingua de signos

Do mesmo xeito que as linguas faladas non son universais, as linguas de signos tampouco o son e de feito presentan variantes rexionais como as que comentamos no Capítulo 7. Isto quere dicir que hai unha lingua de signos estadounidense e unha lingua de signos británica; unha *Langue des signes française* que se emprega en Francia e unha *Langue des signes du Québec* que se emprega no Canadá francófono; unha *Lengua de signos española*, empregada en España, e unha *Lengua de señas mexicana* que se emprega en México; e unha *Língua Brasileira de Sinais (Libras)* que se usa en Brasil e unha *Língua Gestual Portuguesa* usada en Portugal. Pode interpretarse entre dúas linguas de signos diferentes, pero o habitual é que se faga entre unha lingua signada e outra falada, que é un tipo de comunicación intermodal, como vimos no Capítulo 9.

Moitas das cuestións que comentamos para a tradución e para a interpretación en xeral pódense aplicar tamén á interpretación en lingua de signos. No Capítulo 1, por exemplo, aprendemos que a tradución pode ir dende a máis literal á máis libre e a interpretación en lingua de signos, tamén. Unha lingua de signos non é unha representación visual dunha lingua falada, senón unha lingua coas súas propias complexidades e a súa propia gramática. Unha interpretación máis literal sería aquela na que a intérprete pronuncia as palabras cos beizos, incorpora a soletación cos dedos e reproduce as estruturas gramaticais da lingua falada, mentres que unha interpretación máis libre sería aquela na que se empregan expresións que son máis propias da lingua de signos.

Do mesmo xeito que a interpretación oral pode ser simultánea ou consecutiva, tamén a interpretación en lingua de signos; e tamén se emprega en moitas situacións distintas: conferencias, reunións de negocios, tribunais, hospitais, etc. E tenlle que facer fronte tamén a dificultades como o humor ou situacións conflitivas e estresantes.

Pero non todo son semellanzas, tamén existen diferenzas, como a provocada pola natureza intermodal da interpretación en lingua de signos, e é que esta tende a incluír máis información visual que a interpretación oral, como o aspecto dos obxectos, o

xeito no que se moven, etc. Xa que logo, cando se interpreta dende unha lingua de signos a unha lingua falada, cómpre decidir que información visual se mantén e cal non.

Existe a interpretación non profesional?

Ata o de agora falamos só da interpretación feita por profesionais, que teñen unha formación especializada e cobran polo seu traballo, pero hai tamén moitas persoas que se dedican a este traballo de xeito menos formal; se cadra xa ti o fixeches algunha vez? Unha amizade, unha persoa coñecida, un membro da familia, mesmo ás veces crianzas... a interpretación non profesional pode facela case calquera persoa que poida axudar a outra a comunicarse nunha lingua que non domina polo que nestes casos se fala en realidade de *mediación lingüística* máis que de interpretación. Outra situación na que se pode recorrer ao traballo non profesional pode ser a dunha empresa con clientela estranxeira e que lle encarga a alguén do cadro de persoal que interprete nunha reunión; ou voluntariado que nunha biblioteca ou nunha asociación facilita a comunicación entre diferentes grupos. O certo é que a interpretación non profesional está á orde do día en todo o mundo.

Cando se debate sobre a mediación lingüística podemos atopar tanto argumentos a favor como en contra. Un argumento a favor é que moita xente se vai sentir máis cómoda se é un membro da familia ou unha persoa coñecida quen fala no seu nome, máis ca unha persoa descoñecida; e cando son crianzas as que interpretan, sentirse útiles para as súas familias vailles axudar a ter máis confianza en si mesmas. Como argumento en contra adóitase dicir que as crianzas se poden sentir cohibidas, frustradas ou estresadas se se teñen que enfrontar a unha negociación complicada ou descoñecen o vocabulario; e tamén está o problema da posible inversión de roles entre persoas adultas e crianzas cando son estas as que teñen que representar a familia ante unha persoa descoñecida e asumir responsabilidades que non lles corresponden, como por exemplo avisar no traballo que o pai ou a nai están doentes.

Nalgunhas partes do mundo a interpretación non profesional está desaconsellada, e mesmo prohibida, en certas situacións, como nos xulgados ou nos hospitais, pero que sucede se se produce unha urxencia e non hai profesionais dos que botar man? É pouco ético que unha crianza interprete para unha persoa adulta en estado terminal? Ou pola contra o que non é ético é deixar desatendida unha persoa doente mentres non haxa interpretes profesionais dispoñibles? E que pasa se unha familia de migrantes non pode pagar polo servizo de interpretación para poder falar co profesorado da escola? Certamente, non son cuestións doadas de contestar. Como comentamos no Capítulo 6 a propósito das ferramentas de tradución automática como Google Translate, cómpre aplicar o sentido común e avaliar ben a situación antes de decidir que modalidade de tradución ou de interpretación será a máis axeitada. Nunha si-

tuación sen maior relevancia como unha charla coa veciñanza, a interpretación non profesional é a mellor solución, pola contra, se hai certos intereses en xogo, como a saúde ou un permiso de residencia, o lóxico é contratar un servizo profesional. Pero, evidentemente, o problema é que hai moitas zonas grises entre eses dous extremos. Un dos obxectivos deste libro é animarte a reflectir con detalle sobre os distintos aspectos da tradución e da interpretación para que teñas todos os argumentos precisos para avaliar calquera situación posible; por exemplo: requírense coñecementos especializados e terminoloxía? Cal vai ser a direccionalidade da tradución ou da interpretación? Que consecuencias tería unha tradución incorrecta? Se coñecemos con detalle o funcionamento da tradución e da interpretación poderemos avaliar con máis precisión o que se require en cada caso e tomar decisións informadas sobre se recorrer a un servizo non profesional, a un programa informático ou a unha persoa con capacitación oficial.

Que formación se precisa para a interpretación?

Agora que xa coñecemos diferentes situacións nas que se pode precisar de interpretación así como as dificultades de cada unha delas, vexamos que formación se precisa para prestar un servizo profesional de calidade. No caso da interpretación profesional a formación regrada é imprescindible, pero no caso da non profesional e da mediación lingüística non hai garantía ningunha de que a persoa que fai o servizo a posúa ou de que a posúa no mesmo grao; pero canto máis se lle aproxime, mellor fará o seu traballo.

Dominio absoluto das linguas de traballo. Aínda que no Capítulo 1 dixemos que para traducir cómpre un dominio total da lingua termo pero que os coñecementos da lingua orixe poden ser máis pasivos (aínda que sólidos), non é o caso da interpretación. Dado que é preciso interpretar nas dúas direccións en calquera momento, cómpre dominar a fondo as dúas linguas para poder transmitir a mensaxe con rapidez e fluidez.

Sensibilidade cultural. Igual que na tradución, na interpretación tamén se traballa entre culturas distintas, polo que é importante coñecer todos os seus aspectos, como protocolos diplomáticos (no caso de interpretar para gobernos ou misións comerciais) ou a información que poida ter a audiencia sobre a outra cultura, de xeito que se poidan engadir todas as explicacións e aclaracións precisas para que a mensaxe se comprenda correctamente.

Ampla cultura xeral. Na interpretación podemos enfrontarnos a calquera tema. Por exemplo, en organizacións gobernamentais como o Parlamento europeo débatese de todo, dende os dereitos de pesca ás políticas de inmigración ou os orzamentos. Por outra banda, nas conferencias científicas pódese falar de física nuclear, tratamentos para o cancro, literaturas de todo o mundo, biodiversidade e unha infinidade de temas máis. En definitiva, as persoas que se dedican á interpretación profesional

deben ser curiosas e ter un certo nivel de coñecementos sobre moitos temas distintos porque, aínda que se preparen con antelación, precisan unha base sólida que lles permita enfrontarse a temas e discusións que se poidan presentar de improviso. Podemos dicir que non se deixa de aprender e estudar porque calquera dato ou información pode ser de utilidade nalgún momento.

Capacidade de escoita activa. Durante a interpretación, a voz da persoa oradora non é só un ruído de fondo e, ademais, a intérprete non está a escoitar só para responder unha pregunta ou intervir na conversa, senón que ten que lembrar a mensaxe orixinal e reproducila noutra lingua. Para levar a cabo estas tarefas requírese o que se chama escoita activa, que implica non só escoitar senón tamén analizar, peneirar e memorizar selectivamente o que se escoita. Noutras palabras, é preciso facer unha especie de mapa mental mentres se escoita o discurso orixinal.

Taquigrafía ou toma de notas estruturada. Xa comentamos que na tradución consecutiva se adoita tomar notas para complementar a memoria a curto prazo. Non se trata de transcribir o parlamento completo, senón de anotar abreviadamente e de xeito estruturado os puntos principais da mensaxe.

Unha excelente memoria a curto prazo. A memoria a curto prazo é fundamental na interpretación. Aínda que algunhas persoas teñen mellor memoria ca outras, a memoria a curto prazo pódese traballar e desenvolver con exercicios como contar unha historia que se leu, xogar con cartas de memorización ou crear regras mnemotécnicas.

Capacidade para facer varias tarefas ao mesmo tempo. Saber facer ben varias cousas ao mesmo tempo é imprescindible: escoitar e tomar notas ao mesmo tempo; ler e falar á vez, como na tradución á vista; ou mesmo falar e escoitar simultaneamente. Non é doado, pero é unha capacidade que se adquire coa práctica, con exercicios como o shadowing, que consiste en escoitar alguén que fala (por exemplo, un podcast ou un vídeo) e repetir exactamente o mesmo cun atraso de só uns poucos segundos.

Reflexos mentais rápidos. Cómpre ser unha persoa espelida para tomar decisións rápidas e atopar solucións, para buscar un sinónimo ou facer unha paráfrase cando non se coñece a palabra exacta, sen dubidar entre posibles alternativas que poidan vir á cabeza.

Traballar baixo presión. Os reflexos rápidos precísanse sobre todo en situacións en que se traballa baixo presión. Cómpre saber manter o sangue frío e conservar a calma para concentrarse no traballo e non entrar en pánico, mesmo en situacións delicadas, como interpretando para líderes mundiais ou para unha persoa en estado terminal. Se a persoa que está a falar non emprega as palabras axeitadas ou se expresa de xeito pouco elegante, a que interpreta non pode quedar paralizada, precisa saír do paso e seguir adiante.

Boa pronuncia. Para asegurarnos de que a audiencia comprende a interpretación é moi importante saber falar en público con fluidez e claridade e pronunciar todas as palabras correctamente e de forma pausada, evitando tatear, comer sílabas ou falar demasiado rápido.

Evitar dar opinións. Cómpre sempre ter moito coidado de non deslizar as nosas propias opinións na mensaxe que estamos a interpretar. Unha interpretación profesional esixe transmitir a mensaxe orixinal sen minimizar nin esaxerar o contido, e por suposto sen facer valoracións persoais.

Para concluír

Aínda que a interpretación ten moitas características en común coa tradución, tamén require coñecementos e habilidades específicas porque se trata dunha actividade diferente e múltiple que ten unha variedade de modalidades que se empregan segundo a situación e as necesidades. Malia que hai xente que fai algún tipo de interpretación informal, o certo é que desenvolver esta complexa actividade de xeito profesional require unha boa formación especializada de nivel universitario e, sobre todo, moita práctica. Entre outras calidades, unha persoa que se dedique á interpretación profesional debe dominar perfectamente as súas linguas de traballo, ser quen de desenvolver varias tarefas a un tempo, xestionar a presión e o estrés, practicar a escoita activa e posuír unha boa memoria a curto prazo. Moitas das asociacións profesionais de tradución das que falamos no Capítulo 3 inclúen tamén a interpretación (como por exemplo a Federación Internacional da Tradución), aínda que hai outras asociacións específicas para intérpretes, como a Asociación internacional de intérpretes de conferencia, coñecida habitualmente polas súas siglas en francés AIIC.

Puntos clave do capítulo

- A interpretación é a transferencia dunha mensaxe falada ou signada dunha lingua a outra máis ou menos en tempo real, segundo as modalidades.
- A diferenza da tradución, en interpretación trabállase sempre nas dúas direccións.
- Os dous tipos principais de interpretación son a interpretación consecutiva (na que as persoas oradoras e as intérpretes interveñen por quendas) e a interpretación simultánea (na que se traballa mentres se está emitindo a mensaxe orixinal).
- Na interpretación consecutiva adóitase tomar notas, mediante un sistema persoal, dos elementos principais do parlamento, o que axuda a complementar a memoria.

- Na interpretación simultánea adóitase traballar nunha cabina insonorizada situada ao fondo da sala, dende onde se transmite a mensaxe interpretada á audiencia mediante auriculares.
- Cando a interpretación simultánea só a precisa unha persoa ou un grupo pequeno pode tomar a forma de interpretación murmurada, na que a persoa que ofrece o servizo se sitúa preto da audiencia e murmúralles a interpretación na lingua termo.
- No caso de que non haxa dispoñible unha persoa profesional que traballe na parella de linguas implicada, pódese empregar a técnica da interpretación con relé, é dicir, en fases. Por exemplo, para interpretar entre árabe e ruso, pódese empregar o inglés como lingua pivote: ruso>inglés e inglés>árabe.
- A interpretación simultánea esixe unha gran concentración, por iso se adoita traballar en parellas que alternan en quendas de 15 ou 20 minutos.
- Para a interpretación simultánea adóitase facer unha preparación previa, buscando documentación, lendo sobre o tema ou recopilando terminoloxía.
- A interpretación precísase en múltiples situacións, como encontros diplomáticos, reunións de negocios ou congresos científicos. Tamén se recorre a ela en diversos ámbitos sociais, como a educación, os tribunais de xustiza ou os hospitais e nestes casos coñécese como interpretación bilateral ou interpretación social.
- Cada vez é máis frecuente recorrer á interpretación remota, xa sexa por teléfono ou por videoconferencia, xa que permite ampliar o servizo e reducir os custos.
- A interpretación ten que facer fronte a moitas dificultades, como o uso de terminoloxía incorrecta, o humor e as brincadeiras, fala demasiado rápida, falantes que non usan a súa lingua materna ou ter que traballar en situacións de conflito.
- A interpretación en lingua de signos normalmente é un caso de comunicación intermodal.
- As linguas de signos son linguas naturais complexas, cos seus propios vocabularios e gramáticas; non hai unha única lingua de signos universal.
- Unha diferenza relevante entre as linguas faladas e as linguas de signos é que estas últimas expresan máis información visual, polo que ao interpretar de lingua de signos a lingua falada cómpre decidir que partes se conservan e cales se omiten.

- As persoas que fan interpretación non profesional normalmente non teñen formación específica nin reciben pagamento polo seu servizo, que adoita ser informal (para familia, amizades ou colegas de traballo).
- Traballar con intérpretes non profesionais ten vantaxes e desvantaxes, polo que o mellor é avaliar minuciosamente a situación e decidir se compensa facelo ou non, como no caso da tradución automática que comentamos no Capítulo 6.
- Para ter éxito na interpretación profesional cómpre desenvolver unha serie de competencias como son o dominio das linguas de traballo, sensibilidade cultural, ampla cultura xeral, capacidade de escoita activa, habilidade na toma de notas, aptitude para desenvolver varias tarefas a un tempo, rápidos reflexos mentais, temperanza para traballar baixo presión, pronuncia clara e prudencia para non verter opinións persoais no texto final.
- Para poder ofrecer un bo traballo profesional precísase formación especializada, normalmente de nivel universitario, e moita práctica.

Temas para debater

Velái tres cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Se tiveses que tomar notas durante unha interpretación consecutiva, faríalo na lingua orixe, na lingua termo ou na túa lingua materna? Razoa a resposta.
- Cal pensas que é a maior dificultade que se pode enfrontar na interpretación simultánea?
- Fixeches algunha vez interpretación non profesional? Se é así, explica os aspectos positivos e negativos da experiencia. Faríalo de novo? Por que?

Exercicios

- **Traballa a memoria:** Neste exercicio vas ter que exercitar a memoria como se foses profesional. Nun traballo real é preciso poder lembrar rapidamente e con exactitude a terminoloxía especializada que se precise para tratar o tema da conferencia ou congreso de que se trate e para conseguilo cómpre memorizar longas listas de termos que poden ser precisos na interpretación. Tes a memoria preparada? Ímolo comprobar de seguida: terás que memorizar unha listaxe bilingüe de termos e despois comprobar se os lembras con exactitude e rapidamente. Se fas este exercicio con alguén de clase podédesvos preguntar mutuamente.

- Busca un glosario bilingüe nas túas linguas de traballo. Tamén podes empregar o glosario sobre a Covid-19 da Organización mundial da propiedade intelectual (<https://wipopearl.wipo.int/en/covid19>), que contén termos en alemán, árabe, chinés, coreano, español, francés, inglés, portugués, ruso e xaponés.
- Fai unha listaxe con 20 termos en dúas linguas; podes escribila a man, nunha folla de cálculo ou nunha aplicación de cartas de memoria como Quizlet.
- Memoriza os termos nas dúas linguas durante cinco minutos e despois comproba se os lembrás correctamente.
- Cantos conseguiches lembrar? Serás quen de lembralos ao día seguinte?
- Para facer o exercicio un pouco máis difícil, engádelle máis termos á listaxe.
- **Practica a toma de notas:** Proba a desenvolver un sistema de toma de notas persoal e a aplicalo. Lembra que en interpretación a toma de notas non é sinónimo de ditado, polo que non debes anotar todo o que se diga, só os puntos principais como axuda á túa memoria a curto prazo. De feito, se tomas demasiadas notas é probable que lle prestes menos atención á persoa que fala. O sistema de toma de notas é moi persoal e non ten que ter sentido para outras persoas. Pode conter símbolos (por exemplo, frechas para representar conceptos como «subir» ou «avanzar»), debuxos sinxelos (por exemplo, un coche para significar «tráfico») ou abreviaturas (como «BT» para «boas tardes»). Vexamos como se che dá:
 - Busca un podcast ou un vídeo na túa lingua materna, algo que non escoitases nunca antes pero que che interese.
 - Escoita sete ou oito minutos e vai tomando notas.
 - Detén o podcast ou vídeo e comproba se podes reconstruír o contido en voz alta coa única axuda das notas. Grávate mentres falas (por exemplo, coa gravadora do móbil) e despois escóitate. Que tal o fixeches?
 - Para complicar o exercicio un pouco máis, busca outro podcast ou vídeo no que se fale máis rápido, ou que teña peor calidade de son, ou no que alguén fale nunha lingua que non é a materna, ou que non estea na túa lingua materna.
 - Para facelo aínda máis difícil, repite o exercicio pero desta vez engade a interpretación: reproduce o contido do orixinal na túa lingua estranxeira.

- Proba a ver que pasa se intercambias as notas con alguén de clase. Sodes quen de descifrar as notas doutra persoa?
- Probemos agora cun exercicio de **shadowing**: Shadowing é o termo que se emprega para designar un exercicio de preparación para a interpretación simultánea que consiste en escoitar un parlamento e despois repetilo coa maior exactitude posible e con só un pequeno atraso. O seu obxectivo é que te afagas a escoitar e falar ao mesmo tempo.
- Busca un podcast ou un vídeo na túa lingua materna, algo que non escoitases nunca antes pero que che interese.
- Comeza a escoitalo e despois de non máis de cinco segundos, comeza a repetilo mentres segues prestando atención ao discurso.
- Para facelo un pouco máis difícil, repite o exercicio pero con persoas que teñan acentos distintos ou que falen máis rápido. Ou fai o exercicio cun vídeo ou podcast na túa lingua estranxeira.
- Por último, repite o exercicio pero no canto de repetir o texto na mesma lingua que o orixinal, interprétao a unha lingua diferente. Cres que poderías facelo durante 15 ou 20 minutos seguidos?

Para saber máis

LEE, Jieun. 2020. «Competence, Interpreting». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 3ª ed., editada por Mona BAKER e Gabriela SALDANHA, 84–89. Londres: Routledge.

- Esta entrada analiza as competencias e coñecementos que cómpren para unha interpretación profesional.

LEESON, Lorraine, e Myriam VERMEERBERGEN. 2010. «Sign Language Interpreting and Translation». En *Handbook of Translation Studies*, Vol. 1, editado por Yves GAMBIER e Luc VAN DOORSLAER, 324–328. Amsterdam: John Benjamins.

- Neste capítulo estúdase a interpretación en lingua de signos así como as súas semellanzas e diferenzas con respecto á interpretación de linguas faladas.

MIKKELSON, Holly, e Renée JOURDENNAIS, eds. 2015. *Routledge Handbook of Interpreting*. Londres: Routledge.

- Neste libro atopamos unha introdución ás principais modalidades de interpretación (é dicir, consecutiva e simultánea) e ás situacións nas que se empregan (xulgados, sanidade, educación, zonas en conflito, etc.). Inclúe tamén

capítulos sobre interpretación remota, interpretación en lingua de signos e interpretación non profesional.

TIPTON, Rebecca, e Olgierda FURMANEK. 2016. *Dialogue Interpreting: A Guide to Interpreting in Public Services and the Community*. Londres: Routledge.

207

- Este libro presenta a interpretación social en diferentes contextos, como a sanidade, a xustiza, a emigración, os servizos sociais ou o culto relixioso.

Conclusión

Que aprendiches neste libro?

A nosa visita ao mundo da tradución remata aquí, despois de percorrer unha chea de lugares relevantes. En primeiro lugar, preparámonos presentando os conceptos fundamentais deste eido, así como os termos que se empregan para denominalos. Despois repasamos algúns dos acontecementos e personalidades fundamentais da rica e longa historia da tradución que, dito sexa de paso, está chea de alqueiradas e asasinatos. Analizamos todas as facetas do mercado profesional e despois abordamos os aspectos máis relevantes do negocio, como a diferenciación entre palabras e termos ou as principais ferramentas e fontes de documentación que facilitan o traballo. Prestámoslle especial atención ás ferramentas de tradución automática que están á disposición de todo o mundo de xeito gratuíto a través de internet; como vimos, son tan doadas de usar como perigosas se non temos moi claro como empregalas. Coñecemos tamén a faceta máis creativa da tradución ao mergullarnos na localización, a adaptación e a transcreación, dende as cales saltamos á elaboración de resumos e á comunicación intermodal, que á súa vez nos permitiron comprender mellor a tradución audiovisual e a interpretación. Pero o certo é que o único que fixemos foi, en realidade, coñecer a superficie de todos estes temas que, nun programa universitario de formación, ben poderían ocupar un curso enteiro cada un deles. O propósito deste libro non é converterte en profesional da tradución senón amosarte os distintos aspectos da tradución e doutras profesións relacionadas para que as poidas valorar mellor, xa que normalmente teñen pouca visibilidade entre a sociedade en xeral. Ademais, como consecuencia, agora tes máis e mellores argumentos para saber que tipos de ferramentas e recursos poden ser máis útiles en cada situación ou para decidir se compensa botar man da tradución afeccionada ou se debes recorrer a un servizo profesional. Velaquí, pois, algunhas das cuestións máis relevantes deste libro:

- **A palabra tradución é un termo xenérico.** As profesións lingüísticas son moi diversas e, ademais da tradución, temos a interpretación, a lexicografía,

a terminoloxía, a localización, a redacción de resumos interlingüísticos, a subtitulación, a dobraxe, etc.

- **A tradución pódese usar para fins bos ou non tan bos.** A tradución ten unha moi longa historia e ao longo do tempo contribuíu decisivamente a conformar a nosa sociedade, facilitando o intercambio de información e coñecemento, fomentando a alfabetización e permitindo a diplomacia internacional. Mais, aínda que o potencial da tradución para facer o ben no mundo é enorme e sempre pensamos que a tradución se emprega como facilitadora de actividades positivas, o certo é que tamén se pode empregar para fins non altruístas.
- **Falar dúas linguas non é o mesmo que saber traducir.** Precísase tamén o coñecemento experto das culturas implicadas, dominio do tema sobre o que se traduce, competencia tecnolóxica e capacidade para a documentación e a redacción.
- **Traducimos mensaxes, non palabras.** Se ves unha tradución na que o orixinal e a tradución non coinciden palabra por palabra, non quere dicir que estea mal feita, senón que é o mellor xeito de expresar a mensaxe orixinal na lingua termo.
- **Existen diferentes formas de «equivalencia».** Se cadra o primeiro que podes pensar é que a equivalencia é algo que afecta ás palabras ou ás frases, pero na maioría dos textos, sobre todo os que apelan ás nosas emocións, debemos abstraernos da mensaxe concreta e da forma superficial do orixinal para centrarnos en que tipo de texto pode producir o mesmo efecto no público final.
- **Hai certas constricións externas que poden afectar ao proceso ou ao produto.** Se che desgusta que os subtítulos dunha película non conteñan a mesma información que o audio orixinal ou que nunha interpretación se empreguen expresións forzadas, lembra que un subtítulo non pode conter máis de 80 caracteres e que se cadra a persoa que está a ser interpretada fala demasiado rápido ou ten un acento moi marcado, todo o cal dificulta a comprensión e reexpresión da información. Se o pensas ben, as persoas que se dedican á tradución e á interpretación merecen máis o noso recoñecemento que un comentario crítico sen fundamento.
- **Os dicionarios son unha boa axuda, pero non a única.** Dado que a tradución non consiste en substituír unhas palabras por outras, e que os textos non son só unha colección de palabras, os dicionarios non nos van solucionar todos os problemas. Por outra parte, os dicionarios só conteñen información sobre a lingua xeral, pero na tradución enfrontámonos a temas especializados, polo que precisamos recorrer a bases de datos terminolóxicas. Os

dicionarios son recursos léxicos, polo que só conteñen información sobre palabras illadas; para saber como funcionan as palabras en contexto (é dicir, en textos reais), é necesario consultar outro tipo de recursos como as concordancias bilingües, pero en todo caso cómpre usalos con siso e avaliar a fiabilidade e relevancia de calquera ferramenta en función do traballo que teñamos entre mans.

- **A tecnoloxía avanzou moito, mais aínda ten limitacións.** As ferramentas de tradución automática son rápidas, cómodas e en moitos casos gratuítas e poden facer traducións que se cadra serven para algunhas finalidades, pero hai moitos outros casos nos que fiarse destes trebellos vai ter consecuencias non desexadas. Como saber se nos convén empregar ou non estas ferramentas? Para poder decidir con criterio o máis importante é comprendermos como funcionan, sabermos avaliar as súas fortalezas e debilidades e determinarmos os obxectivos da tradución. Se se trata de textos que non teñen maior relevancia (publicacións en redes sociais, un correo electrónico dunha amizade...), a tradución automática pode ser unha opción aceptable, mais se temos que traducir textos cun contido importante (un diagnóstico médico, un impreso do servizo de inmigración...) o aconsellable é recorrer a un servizo profesional. A clave para tirarlle o mellor rendemento a estas ferramentas é coñecelas ben e termos criterio para avalialas.
- **A tradución é unha actividade complexa, polo que o máis aconsellable é recorrer a un servizo profesional.** Non só a tradución automática pode agochar algún perigo: como xa vimos, pedirlle unha tradución a alguén só porque é bilingüe vai ser un problema se carece dos coñecementos culturais ou temáticos precisos para o caso. A mediación lingüística non profesional pode ser útil en certos contextos pero non en todos, polo que, unha vez máis, cómpre decidir con siso e considerar as implicacións que poida ter unha mala tradución.
- **A tradución é unha actividade profesional.** Aínda que hai algunhas persoas que traducen por amor á arte, para a maior parte é unha forma de gañar a vida. Se ti tamén te queres dedicar profesionalmente á tradución ten en conta que deberás cumprir prazos e cotas de traballo, maximizar a túa produtividade, aprender a empregar ferramentas complexas, coñecer a fondo as culturas das linguas coas que traballas, especializarte en certas áreas temáticas, aprender a documentarte, saber tratar directamente coa clientela e, se cadra, dirixir a túa propia empresa. É unha profesión marabillosa, pero non abonda con saber linguas, polo que debes informarte ben antes de dar o paso.
- **Aplica o que aprendiches!** Neste libro aprendiches moitas cousas relacio-

nadas coa tradución que podes poñer en práctica aínda que non te vaias dedicar profesionalmente a esta actividade. Por exemplo, se na túa empresa se producen textos que despois se van traducir, fala coas persoas responsables para que procuren redactalos pensando nas posibles traducións. Se traballades con intérpretes, tentade enviarlles información e documentación para que se poidan preparar con antelación. Procurade tamén que as persoas que van ser interpretadas falen con claridade e a modo. Comparte os teus coñecementos sobre as ferramentas de tradución automática para que outras persoas poidan tamén valoralas con rigor. Se ves que alguén ten prexuízos sobre a tradución, trata de explicarlle como é a realidade desta profesión. Tamén podes participar nalgún proxecto de tradución voluntaria ou mesmo dedicarlle uns segundos a agradecer o traballo profesional ben feito cando teñas a oportunidade.

Que máis cómpre saber?

Con todo o que aprendiches neste libro, se cadra pensas que xa non queda moito máis por saber, pero o certo é que si, que aínda hai un mundo de cousas por descubrir. Por unha banda, podes afondar en todos os temas que tratamos no libro pero, ademais, presentámosche a seguir outras cuestións que tamén podes investigar. A tradución está presente en todos os ámbitos da nosa vida, polo que as posibilidades son infinitas.

- **A tradución do humor.** Falando da transcreación, no Capítulo 8 sinalamos algunhas das dificultades de traducir o humor e os xogos de palabras, pero non afondamos no tema. Sexa intencionado ou accidental, o humor é complicado de traducir e todo un reto.
- **A tradución no ensino/aprendizaxe de linguas.** O uso da tradución como ferramenta para o ensino e a aprendizaxe de linguas sempre foi un tema polémico; cales son os argumentos a favor e en contra? De que xeito afectan as novas tecnoloxías como a tradución automática ao ensino de linguas?
- **Accesibilidade.** No Capítulo 10, ao falar da tradución audiovisual, comentamos que hai unha serie de técnicas semellantes que non implican un cambio de lingua pero que se empregan para facilitar a accesibilidade aos contidos de persoas que teñen dificultades de visión ou audición: subtítulo para persoas xordas, refalado e audiodescrición.
- **Asistentes persoais multilingües.** Falaches algunha vez con Siri, Alexa ou Google Home noutras linguas? Como funcionan este tipo de trebellos?
- **Autotradución.** Ao longo deste libro dimos sempre por sentado que a persoa que traduce é sempre distinta á persoa que escribe o texto orixinal, pero

que sucede cando unha persoa bilingüe decide autotraducirse? A autotradución ten algunha característica distinta á tradución? Que exemplos de boas autotraducións podemos atopar ao longo da historia?

- **Censura e tradución.** Aínda que a imaxe que se adoita empregar como símbolo da tradución é a da ponte entre culturas ou para superar fronteiras, a tradución tamén se pode empregar co obxectivo de controlar a información que chega ao público receptor. Como se empregou a tradución ao longo da historia para censurar textos e ideas? Que consecuencias produciu nas comunidades receptoras? 213
- **Cómic, manga e novela gráfica.** As principais dificultades da tradución deste tipo de textos son as onomatopeas, o argot, as referencias culturais, as construcións espaciais, a coordinación coas imaxes... que estratexias se empregan para superalas?
- **Especializacións temáticas.** Malia que xa apuntamos no Capítulo 3 que no mercado profesional o habitual é especializarse en certas áreas temáticas (tradución económica, científica, técnica, xurídica, médica, relixiosa ou literaria, entre outras), non tivemos tempo de velas con detalle. Se estás estudando nunha facultade de económicas, ciencias, tecnoloxía, dereito, medicina ou humanidades, se cadra interésache coñecer mellor estes ámbitos de traballo; non esquezas que un dos requisitos fundamentais para un bo servizo profesional, xunto co coñecemento das linguas e das súas culturas, é a especialización temática. Máis aínda: moitos dos programas universitarios de formación en tradución están deseñados para acoller persoas que proveñen doutros estudos especializados. Se che interesa completar a túa formación universitaria cun título de tradución, unha posibilidade son os mestrados especializados.
- **Ética da tradución.** A tradución e a interpretación confrontan unha gran cantidade de cuestións éticas na práctica diaria. Cales desas cuestións son máis evidentes e cales máis cuestionables? Existen directrices que se poidan usar como guía para resolver estas cuestións?
- **Literatura infantil.** Que formación e coñecementos se precisan para traducir literatura para crianzas? Como traducimos os valores visuais e fónicos propios destes libros? Cales son as expectativas da sociedade con respecto á tradución da literatura infantil?
- **Localización de videoxogos.** No Capítulo 7 analizamos a localización, pero non había espazo alí para estudar polo miúdo a localización de videoxogos en particular. Que coñecementos (tanto lingüísticos como culturais ou técnicos) se precisan para localizar correctamente un videoxogo para un novo público?

- **Posedición.** Como está afectando a tradución automática á tradución profesional e á non profesional? En que se diferencia a posedición dunha tradución automática da revisión dunha tradución humana? En que aspectos pode a posedición mellorar unha tradución automática?
- **Procesamento da linguaxe natural.** Neste libro revisamos unha pequena selección de ferramentas e recursos de procesamento da linguaxe natural, pero só dende a perspectiva de quen as usa. Como se deseñan e se constrúen as ferramentas de axuda á tradución? Que novas tecnoloxías se poden dexergar no horizonte?
- **Tecnoloxías da interpretación.** O desenvolvemento de ferramentas informáticas de axuda á interpretación leva atraso con respecto ás ferramentas de tradución, pero nos últimos tempos hai un crecente interese neste campo. Que ferramentas temos neste momento? Que outras ferramentas cómpre desenvolver?
- **Teoría da tradución.** Aínda que nos capítulos precedentes falamos da tradución basicamente dende o punto de vista da súa práctica, existe tamén un vizoso campo teórico que paga a pena coñecer. Cales son as principais teorías que analizan e explican o proceso de tradución?
- **Tradución afeccionada.** Ademais da subtitulación e da dobraxe afeccionadas que analizamos no Capítulo 10, podemos atopar outras formas de tradución feitas por persoas fans doutros xéneros, como a literatura (falamos do caso de Harry Potter) ou os videoxogos.
- **Tradución ditada.** Hai profesionais que prefiren ditarlles a tradución aos seus ordenadores máis que escribila co teclado. Como se desenvolve exactamente este tipo de traballo? Que coñecementos precisamos? Cales son as súas vantaxes e desvantaxes?
- **Tradución en colaboración masiva.** A tradución en colaboración masiva é un modelo de negocio que se basea no traballo dun grupo espallado de persoas (normalmente, unha comunidade en liña), que realiza unha tarefa que noutras circunstancias faría o persoal da propia empresa. Por que hai xente que se anima a participar neste tipo de proxectos? Que vantaxes e desvantaxes ten esta modalidade de tradución?
- **Tradución en situacións de crise.** Como se abordan as necesidades de tradución nunha situación de desastre como despois dun terremoto ou no medio dunha crise sanitaria como a da pandemia da Covid-19? Os equipos internacionais de axuda humanitaria precisan comunicarse coas poboacións afectadas, pero se cadra non falan a mesma lingua. Actuar a tempo é fundamental, pero non sempre hai dispoñibles servizos de tradución. Poden

axudar as persoas particulares? Que formación precisan? Este tipo de tradución non profesional pode supor algún risco? Como mitigalo?

- **Tradución indirecta.** Presentamos brevemente a noción de tradución indirecta cando analizamos a tradución automática no Capítulo 6 e cando analizamos a interpretación con relé no Capítulo 11, pero non é unha técnica que se limite a estes dous campos. En que outros contextos se empregou ao longo da historia? Cales son as súas vantaxes e desvantaxes?
- **Tradución voluntaria.** Aínda que calquera profesional cobra sempre polos seus servizos, certas persoas tamén traballan como voluntarias en organizacións sen ánimo de lucro ou en asociacións non gobernamentais como Translators Without Borders (Tradución sen fronteiras).

Aínda que a listaxe anterior é ben longa, non é para nada exhaustiva. Ao final deste capítulo atoparás as referencias a dúas fontes de consulta fundamentais que che proporcionarán introducións a unha chea doutros campos relacionados coa tradución, así como recomendacións de recursos para seguir investigando: *Routledge Encyclopedia of Translation Studies* (Baker e Saldanha 2020) e *Handbook of Translation Studies* (Gambier e van Doorslaer 2010–2021). Son dous bos puntos de partida para afondar nos distintos aspectos do inmenso e apaixonante mundo da tradución. Co remate deste capítulo ábreseche moitos outros por coñecer. *Bon voyage!*

Temas para debater

Velaí tres cuestións que poden servir para organizar un debate na aula ou nun foro en liña:

- Que é o máis importante que aprendiches neste libro?
- Agora que xa coñeces a tradución un pouco máis afondo, que podes facer para poñer en práctica o que aprendiches?
- Que outros aspectos da tradución che gustaría coñecer máis a fondo? Por que?

Exercicios

- **Actualiza o teu mapa conceptual:** Un dos exercicios do Capítulo 1 consistía en crear un mapa conceptual cos conceptos relacionados coa tradución que aprendiches nese capítulo inicial. Recupérao e actualízao cos coñecementos que adquiriches ao longo do libro... e felicítate porque aprendiches unha chea de cousas!

- **Elabora outra presentación breve sobre a tradución:** No canto de centrarte só nos mitos e prexuízos, como se che pedía no exercicio do Capítulo 1, elabora unha presentación breve que sirva para que a túa audiencia teña unha idea máis precisa e real das diferentes dimensións da tradución. Unha infografía pode ser unha boa opción.
- **Investiga sobre un novo tema:** Se estás estudando tradución na universidade e tes que facer un proxecto de final de curso ou de final de grao, podes escoller algúns dos temas que enumeramos na segunda parte deste capítulo; se non é o caso, redacta unha entrada para un blog, un póster ou unha charla introdutoria para un público que descoñeza o tema.

Para saber máis

BAKER, Mona, e Gabriela SALDANHA, eds. 2020. *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*. Londres: Routledge.

- Esta enciclopedia cobre practicamente todos os temas relacionados co campo dos Estudos sobre tradución e faino cunhas entradas sinxelas e moi ben explicadas que ademais proporcionan bibliografía de consulta.

GAMBIER, Yves, e LUC VAN DOORSLAER, eds. 2010–2021. *Handbook of Translation Studies*. 5 vols. Amsterdam: John Benjamins.

- Os cinco volumes deste manual conteñen unha grande cantidade de artigos cos que nos podemos iniciar na investigación de centos de temas. Os distintos capítulos ofrecen tamén bibliografía complementaria.

European Master's in Translation (EMT). https://ec.europa.eu/info/resources-partners/european-masters-translation-emt_en.

- Quen queira formarse no nivel de posgrao en tradución profesional precisa coñecer a rede *European Master's in Translation (EMT)*, que agrupa os mellores mestrados en tradución de Europa, deseñados para ofrecer formación de calidade e para introducir ao alumnado no mercado de traballo. Na ligazón anterior podes atopar unha listaxe de máis de 80 mestrados que cumpren os requisitos de calidade da rede EMT, entre eles o Mestrado en tradución para a comunicación internacional (MTCI) da Universidade de Vigo, que ademais é o único mestrado de ciencias humanas e sociais co selo de excelencia da Xunta de Galicia. Ademais destes mestrados europeos existen programas de formación e capacitación profesional en todos os continentes, polo que podes buscar en internet o que máis che conveña.

Glosario

Adaptación: Forma de tradución libre na que se prefire conservar o carácter e a función do texto orixinal máis que a súa forma ou o seu significado preciso.

Alfabetización en tradución automática: Conxunto de coñecementos e competencias precisos para facer un uso sensato das ferramentas de tradución automática.

Audición de probas: Reprodución dun texto mediante un sintetizador de texto a voz que se emprega para escoitar unha tradución e detectar posibles erros.

Axencia de tradución: Empresa que se dedica á prestación de servizos lingüísticos.

Base de datos terminolóxica: Recurso léxico en liña composto por rexistros que recollen termos especializados e a descrición dos conceptos aos que se refiren.

Comunicación intermodal: Forma de comunicación na que a mensaxe se transfere dun modo a outro, por exemplo, do modo escrito ao modo oral ou viceversa.

Concepto: Noción dun campo de coñecemento especializado designada por un **termo**.

Concordancia bilingüe: Aliñamento oración a oración dun texto orixinal e da súa tradución no que podemos buscar un termo e velo empregado en contexto xunto coa súa equivalencia no texto traducido. Por extensión utilízase tamén como denominación do programa que xera as concordancias.

Configuración local: Conxunto de preferencias lingüísticas dunha comunidade receptora.

Diccionario: Recurso léxico que contén información sobre as palabras da lingua común ou **Lingua xeral**.

Dirección (lingüística): Relación entre a lingua orixinal ou de partida e a lingua termo ou de chegada durante o proceso de tradución.

Dobraxo: É unha tradución falada e gravada que substitúe a banda sonora orixinal e que reproduce a mensaxe do texto orixinal procurando que os sons da lingua termo estean sincronizados cos movementos dos beizos dos personaxes da pantalla, de xeito que pareza que están a falar na lingua da tradución.

Empresa provedora de servizos lingüísticos: Véxase **Axencia de tradución**.

Encarga de tradución: Conxunto de información e instrucións que se proporcionan ao comezo dun proxecto de tradución para que a persoa que traduce tome as mellores decisións en función das necesidades e expectativas do público receptor.

Equivalencia: Relación que existe entre un texto traducido e a súa tradución. Pode producirse no nivel da palabra ou do significado, pero o habitual é que se produza no nivel do texto.

Globalización: Estratexia de negocio que algunhas compañías adoptan para vender os seus produtos ou servizos en todo o mundo.

Internacionalización: Forma de deseñar un produto de xeito que sexa doado adaptalo para os mercados internacionais.

Interpretación bilateral: Modalidade de interpretación destinada a facilitar a comunicación entre dúas persoas ou dous grupos pequenos interpretando alternativamente as intervencións de cada parte.

Interpretación de enlace: Modalidade de interpretación que se emprega en ámbitos sociais como a educación, a sanidade ou a policía.

Interpretación consecutiva: Modalidade de interpretación na que a persoa que fala fai pausas cada poucos minutos para que a persoa que interpreta transmita a información na lingua termo.

Interpretación de lingua de signos: Forma de interpretación intermodal na que a mensaxe se transfere dunha lingua signada a outra falada ou viceversa.

Interpretación simultánea: Modalidade de interpretación na que a persoa oradora e a intérprete falan ao mesmo tempo e a audiencia escoita o discurso na lingua termo a través de auriculares.

Interpretación: Transferencia dunha mensaxe oral ou signada dunha lingua a outra.

Intérprete: Profesional dos servizos lingüísticos que transfere unha mensaxe oral ou signada dunha lingua a outra.

Lema: Palabra que encabeza unha entrada dun **dicionario**.

Lexicógrafa/o: Profesional dos servizos lingüísticos que elabora dicionarios.

Lexicografía: Especialidade lingüística que se encarga de elaborar os dicionarios.

Lingua dominante: A lingua que coñecemos mellor.

Lingua xeral (LX): Lingua cotiá, á que pertencen as palabras recollidas nun dicionario.

Linguaxe especializada (LE): Linguaxe que se emprega nos campos de especialización, á cal pertencen os termos recollidos nunha **base de datos terminolóxica**.

Localización: Adaptación dun produto ou servizo dixital (unha páxina web, un vídeo, un programa informático) a un mercado concreto.

Mediador/a lingüístico/a: Persoa non profesional que fai interpretación bilateral.

Memoria de tradución: Máis propiamente, programa de xestión de memorias de tradución. Ferramenta especializada que nos permite reutilizar fragmentos de textos xa traducidos, o que axuda a aumentar a produtividade.

Metabuscador: Un buscador que permite consultar moitos recursos diferentes ao mesmo tempo e cunha única busca.

Orixe: Termo que se refire ao polo de partida dun proceso de tradución e pode aplicarse tanto á lingua, como ao texto, á audiencia ou á cultura.

Palabra: Unidade léxica que forma parte da lingua cotiá ou **Lingua xeral**.

Parella de linguas: As dúas linguas que interveñen nun proceso de tradución.

Planificación lingüística: Actividade que desenvolven certos organismos oficiais para influír no uso ou na estrutura dunha lingua.

Polisemia: Característica semántica dun termo que se refire a dous ou máis conceptos.

Posedición: Corrección ou revisión dunha tradución automática.

Rexistro: Entrada dunha base de datos terminolóxica na que se recolle información sobre un termo.

Sinonimia: Característica semántica de dúas palabras que se refiren ao mesmo concepto.

Subtitulación: Tradución escrita dos elementos máis importantes do diálogo dunha película ou programa de televisión que habitualmente se presenta en dúas liñas situadas na parte inferior da pantalla.

Terminólogo/a: Profesional dos servizos lingüísticos que elabora recursos léxicos especializados.

Terminoloxía: Especialidade lingüística que se encarga de elaborar recursos léxicos especializados.

Termo 1: Elemento léxico que designa un concepto dun campo de especialización e que forma parte da Linguaxe especializada. **Termo 2:** Designación do polo de chegada dun proceso de tradución; pode aplicarse tanto á lingua, como ao texto, á audiencia ou á cultura.

Tradución a vista: Forma de tradución intermodal na que se le un texto escrito para producir unha tradución falada.

Tradución audiovisual: Tradución de contido audiovisual como películas ou programas en vivo; emprega técnicas como a **subtitulación**, a **dobraxa** e as **voces superpostas**.

Tradución automática estatística: Forma de tradución automática baseada na acumulación de textos previamente traducidos que se lle dan a un ordenador como exemplos a partir dos cales facer novas traducións mediante técnicas estatísticas ou redes neuronais artificiais.

Tradución automática neuronal: Forma de tradución automática que emprega grandes cantidades de textos previamente traducidos e redes neuronais artificiais para aprender a traducir novos textos orixinais.

Tradución automática: Modalidade de tradución que pretende realizar a tarefa de transferir unha mensaxe dunha lingua a outra sen intervención humana.

Tradución libre: Forma de tradución que transmite o significado básico do texto orixinal sen reproducir a súa estrutura.

Tradución literal: Forma de tradución que se fai palabra por palabra ou que reproduce a estrutura formal da lingua orixinal.

Tradución resumida: Tradución na que se resume o contido da mensaxe orixinal.

Tradución: En sentido amplo é a transferencia dunha mensaxe dunha lingua a outra, pero en sentido estrito refírese só á tradución escrita.

Tradutor/a freelance ou autónomo/a: Persoa que traballa como profesional independente ou como pequena empresa, á diferenza das que están contratadas por unha axencia de tradución ou algún outro tipo de empresa.

Tradutor/a por conta allea: Persoa que traduce a tempo completo contratada no departamento de servizos lingüísticos dunha administración pública, dunha organización ou dunha empresa.

Tradutor/a: Profesional dos servizos lingüísticos que se encarga de transferir mensaxes escritas dunha lingua a outra.

Transcreación: Actividade na que se combinan elementos da tradución e da redacción publicitaria para crear textos destinados á anunciar produtos e servizos.

Variedade lingüística: Dialecto dunha lingua falado nunha rexión determinada.

Voces superpostas ou voiceover: Técnica de tradución audiovisual na que se grava unha voz sobre a banda sonora orixinal, que segue sendo audible de fondo e cun volume menor.

Referencias bibliográficas


223

- ANTIA, Bassey E. 2000. *Terminology and Language Planning: An Alternative Framework of Practice and Discourse*. Amsterdam: John Benjamins.
- BABIN, Monique, Carol BURNELL, Susan PRESZNECKER, Nicole RESEVEAR, e Jaime WOOD. *s.d.* *The Word on College Reading and Writing*. Open Oregon Educational Resources. <https://openoregon.pressbooks.pub/wrd/>.
- BAKER, Mona. 1998a. «Ibn Ishāq, Hunayn». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 1ª ed., editada por Mona Baker, 324–325. Londres: Routledge.
- BAKER, Mona, ed. 1998b. *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*. 1ª ed. Londres: Routledge.
- BAKER, Mona, e Gabriela SALDANHA, eds. 2020. *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*. 3ª ed. Londres: Routledge.
- BASTIN, Georges L. 1998. «Malinche». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 1ª ed., editada por Mona Baker, 512. Londres: Routledge.
- BASTIN, Georges L. 2020. «Adaptation». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 3ª ed., Mona Baker e Gabriela Saldanha (eds.), 10–14. Londres: Routledge.
- BENETELLO, Claudia. 2017. «Transcreation as the Creation of a New Original: A Norton™ Case Study». En *Exploring Creativity in Translation Across Cultures*, editado por Mikaela Cordisco, Emilia Di Martino, Emine Bogenç Demirel, Jean- Yves Le Disez, Fabio Regattin e Winibert Segers, 237–247. Roma: Aracane. <https://www.dropinka.com/new/wp-content/uploads/2019/04/Transcreation-as-creation-of-a-new-original-BENETELLO.pdf>.
- BENETELLO, Claudia. 2018. «When Translation Is Not Enough: Transcreation as a Convention-Defying Practice. A Practitioner's Perspective». *JoSTrans: Journal of Specialized Translation* 29: 28–44. https://jostrans.soap2.ch/issue29/art_benetello.php.
- BOWKER, Lynne. 2012. «Through the MT Looking Glass: Warren Weaver, Machine Translation Pioneer and Literary Translation Enthusiast». *Circuit* 116:33–34. https://www.circuitmagazine.org/images/stories/documents/archives/CI_116_12.pdf.
- BOWKER, Lynne. 2015. «Terminology and Translation». En *Handbook of Terminology*, editado por Hendrik J. Kockaert e Frieda Steurs, 304–323. Amsterdam: John Benjamins.
- BOWKER, Lynne. 2021. *Translating for Canada, eh?* University of Ottawa. <https://ecampusontario.pressbooks.pub/translatingforcanadav2/>.

- BOWKER, Lynne, e Jairo BUITRAGO CIRO. 2019. *Machine Translation and Global Research*. Bingley, UK: Emerald.
- BOWKER, Lynne, e Cheryl MCBRIDE. 2017. «Précis-Writing as a Form of Speed Training for Translation Students». *The Interpreter and Translator Trainer* 11, n° 4: 259–279.
- CHAN, Sin-wai, ed. 2023. *Routledge Encyclopedia of Translation Technology*. 2ª ed. Londres: Routledge.
- CHEN, Wallace. 2015. «Sight Translation». En *The Routledge Handbook of Interpreting*, editado por Holly Mikkelson and Renée Jourdenais, 144–153. Londres: Routledge.
- COLINA, Sonia. 2015. *Fundamentals of Translation*. Cambridge: Cambridge University Press.
- DELISLE, Jean, Hannelore LEE-JAHNKE, e Monique C. CORMIER, eds. 1999. *Translation Terminology*. Amsterdam: John Benjamins. Delisle, Jean, Hannelore Lee-Jahnke, e Monique C. Cormier, eds. 2003. *Terminología da tradución*. Versión galega de Anxo FERNÁNDEZ OCAMPO e Alberto ÁLVAREZ LUGRÍS. Vigo: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo.
- DELISLE, Jean, e Judith WOODSWORTH, eds. 2012. *Translators through History*. Edición revisada. Amsterdam: John Benjamins.
- DEPALMA, Donald A., Hélène PIELMEIER e Paul DANIEL O'Mara. 2019. *The Language Services Market: 2019*. <https://insights.csa-research.com/reportaction/305013045/Marketing>.
- DÍAZ CINTAS, Jorge. 2010. «Subtitling». En *Handbook of Translation Studies*, Vol. 1, editado por Yves Gambier e Luc van Doorslaer, 344–449. Amsterdam: John Benjamins.
- DÍAZ CINTAS, Jorge, e Pilar ORERO. 2010. «Voiceover and Dubbing». En *Handbook of Translation Studies*, Vol. 1, editado por Yves Gambier e Luc van Doorslaer, 441–445. Amsterdam: John Benjamins.
- DÍAZ CINTAS, Jorge, e Serenella MASSIDDA. 2020. «Technological Advances in Audiovisual Translation». En *Routledge Handbook for Translation and Technology*, editado por Minako O'Hagan, 255–270. Londres: Routledge.
- DWYER, Tessa. 2019. «Audiovisual Translation and Fandom». En *Routledge Handbook of Audiovisual Translation*, editado por Luis Pérez-González, 436–452. Londres: Routledge.
- ELLIS, Roger e Liz OAKLEY-BROWN. 1998a. «Caxton, William». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 1ª ed., editada por Mona Baker, 344. Londres: Routledge.
- ELLIS, Roger e Liz OAKLEY-BROWN. 1998b. «Tyndale, William». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 1ª ed., editada por Mona Baker, 347. Londres: Routledge.
- EMT Board and Competence Task-Force. 2022. *European Master's in Translation Competence Framework 2022*. https://ec.europa.eu/info/sites/default/files/about_the_european_commission/service_standards_and_principles/documents/emt_competence_fw_k_2022_en.pdf.
- FINK, Gernot A., Franz KUMMERT e Gerhard SAGERER. 1995. «With Friends Like Statistics who Needs Linguistics—Statistische versus wissenschaftliche Sprachverarbeitung». *KI – Künstliche Intelligenz* 5: 31–33. <https://pub.uni-bielefeld.de/record/1893060>.
- FLANDERS, Judith. 2020. *A Place for Everything: The Curious History of Alphabetical Order*. Nova York: Basic Books.
- FUERTES-OLIVERA, Pedro, ed. 2018. *The Routledge Handbook of Lexicography*. Londres: Routledge.
- GAMBIER, Yves, e LUC VAN DOORSLAER, eds. 2010–2021. *Handbook of Translation Studies*. 5 vols. Amsterdam: John Benjamins.
- GIACOMINI, Laura. 2018. «Dictionaries for Translation». En *Routledge Handbook of Lexicography*, editado por Pedro Fuertes-Olivera, 284–299. Londres: Routledge.

- HALLEY, Mark, e Lynne BOWKER. 2021. «Translation by TARDIS: Exploring the Science Behind Multilingual Communication in *Doctor Who*». En *Doctor Who and Science: Essays on Ideas, Identities and Ideologies in the Series*, editado por Marcus K. Harmes e Lindy A. Orthia, 62–77. Jefferson, NC: McFarland & Co.
- HOUSE, Juliane. 2018. *Translation: The Basics*. Londres: Routledge.
- HUNG, Eva, e David POLLARD. 1998. «Xuan Zang». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 1ª ed., editada por Mona Baker, 375–376. Londres: Routledge.
- JIMÉNEZ-CRESPO, Miguel A. 2013. *Translation and Web Localization*. Londres: Routledge.
- JIMÉNEZ-CRESPO, Miguel A. 2024. *Localization in Translation*. Londres: Routledge.
- JOLY, Jean-François. 1998. «Fédération internationale des traducteurs (FIT)». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 1ª ed., editada por Mona Baker, 85–87. Londres: Routledge.
- KAGEURA, Kyo. 2015. «Terminology and Lexicography». En *Handbook of Terminology*, editado por Hendrik J. Kockaert e Frieda Steurs, 45–59. Amsterdam: John Benjamins.
- KATAN, David. 2021. «Transcreation». En *Handbook of Translation Studies*, Vol. 5, Yves Gambier e Luc van Doorslaer (eds.), 221–225. Amsterdam: John Benjamins.
- KELLY, Louis G. 1998. «St. Jerome». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 1ª ed., editada por Mona Baker, 504. Londres: Routledge.
- KENNY, Dorothy, ed. 2022. *Machine Translation for Everyone: Empowering Users in the Age of Artificial Intelligence*. Berlín: Language Science Press.
- KOCKAERT, Hendrik J., e Frieda STEURS, eds. 2015. *Handbook of Terminology*. Amsterdam: John Benjamins.
- KOSKINEN, Kaisa, e Minna RUOKONEN. 2017. «Love Letters or Hate Mail? Translators' Technology Acceptance in the Light of their Emotional Narratives». En *Human Factors in Translation Technology*, editado por Dorothy Kenny, 8–24. Londres: Routledge.
- LEE, Jieun. 2020. «Competence, Interpreting». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 3ª ed., editada por Mona Baker e Gabriela Saldanha, 84–89. Londres: Routledge.
- LEESON, Lorraine, e Myriam VERMEERBERGEN. 2010. «Sign Language Interpreting and Translation». En *Handbook of Translation Studies*, Vol. 1, editado por Yves Gambier e Luc van Doorslaer, 324–328. Amsterdam: John Benjamins.
- Market Research Future. 2022. *Global Translation Service Market Research*. <https://www.marketresearchfuture.com/reports/translation-service-market-1400>.
- MARTIN, Peter. 2019. *The Dictionary Wars: The American Fight Over the English Language*. Princeton: Princeton University Press.
- MIKKELSON, Holly, e Renée JOURDENAIS, eds. 2015. *Routledge Handbook of Interpreting*. Londres: Routledge.
- NAMKUNG, Victoria. 2021. «Translators, Experts Weigh in on 'Squid Game' Subtitle Debate». NBC News, 6 de outubro de 2021. <https://www.nbcnews.com/news/asian-america/%20translators-experts-weight-squid-game-subtitle-debate-rcna2568>.
- NEVES, Josélia. 2019. «Subtitling for Deaf and Hard-of-hearing Audiences: Moving Forward». En *Routledge Handbook of Audiovisual Translation*, editado por Luis Pérez-González, 82–95. Londres: Routledge.
- NIMDZI. 2019. *The 2019 Nimdzi 100 – Language Services Industry Analysis*. <https://www.nimdzi.com/2019-nimdzi-100/>.

- NITZKE, Jean, e Silvia Hansen-Schirra. 2021. *A Short Guide to Post-editing*. Berlin: Language Science Press. <http://langsci-press.org/catalog/book/319>.
- O'HAGAN, Minako, e Carme MANGIRON. 2013. *Game Localization: Translating for the Global Digital Entertainment Industry*. Amsterdam: John Benjamins.
- O'SULLIVAN, Carol, e Jean-François CORNU. 2019. «History of Audiovisual Translation». En *Routledge Handbook of Audiovisual Translation*, editado por Luis Pérez-González, 15–30. Londres: Routledge.
- PATTISON, Ann, e Stella CRAIGIE. 2022. *Translating Change: Enhanced Practical Skills for Translators*. Londres: Routledge.
- PEREGO, Elisa. 2019. «Audio Description». En *Routledge Handbook of Audiovisual Translation*, editado por Luis Pérez-González, 114–129. Londres: Routledge.
- PÉREZ-GONZÁLEZ, Luis, ed. 2019. *Routledge Handbook of Audiovisual Translation*. Londres: Routledge.
- PÉREZ-GONZÁLEZ, Luis. 2020. «Fan Audiovisual Translation». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 3ª ed., editada por Mona Baker e Gabriela Saldanha, 172–177. Londres: Routledge.
- PITMAN, Jeff. 2021. «Google Translate: One Billion Installs, One Billion Stories». *The Keyword* (Google blog), 28 de abril de 2021. <https://blog.google/products/translate/one-billion-installs/>.
- POIBEAU, Thierry. 2017. *Machine Translation*. Cambridge, MA: MIT Press.
- POLIZZOTTI, Mark. 2018. *Sympathy for the Traitor: A Translation Manifesto*. Cambridge, MA: The MIT Press.
- PYM, Anthony. 1998. «Raymond, Archbishop of Toledo». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 1ª ed., editada por Mona Baker, 562. Londres: Routledge.
- ROBINSON, Douglas. 1998. «Babel, Tower of». En *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, 1ª ed., editada por Mona Baker, 21–22. Londres: Routledge.
- ROBINSON, Douglas. 2020. *Becoming a Translator: An Introduction to the Theory and Practice of Translation*. 4ª ed. Londres: Routledge.
- ROBINSON, Gwen. 2009. «HSBC Tries to 'Do Something' in Private Banking». *Financial Times*, 10 de fevereiro de 2009. <http://ftalphaville.ft.com/blog/2009/02/10/52264/hsbc-tries-to-do-something-in-private-banking>.
- ROMERO-FRESCO, Pablo. 2019. «Respeaking». En *Routledge Handbook of Audiovisual Translation*, editado por Luis Pérez-González, 96–113. Londres: Routledge.
- SHLESINGER, Miriam. 2010. «Relay Interpreting». En *Handbook of Translation Studies*, Vol. 1, editado por Yves Gambier e Luc van Doorslaer, 276–278. Amsterdam: John Benjamins.
- TIPTON, Rebecca, e Olgierda Furmanek. 2016. *Dialogue Interpreting: A Guide to Interpreting in Public Services and the Community*. Londres: Routledge.
- TUROVSKY, Barak. 2016. «Ten Years of Google Translate». *The Keyword* (Google blog), 28 de abril de 2016. <https://blog.google/products/translate/ten-years-of-google-translate/>.
- Verified Market Research. 2021. *Global Translation Services Market Size*. <http://www.verifiedmarketresearch.com/product/global-translation-services-market-size-and-forecast-to-2025/>.
- VIEIRA, Lucas Nunes. 2020. *Machine Translation in the News: A Framing Analysis of the Written Press*. *Translation Spaces* 9, n° 1: 98–122.
- WINCHESTER, Simon. 1998. *The Professor and the Madman: A Tale of Murder, Insanity and the Making of the Oxford English Dictionary*. Harper Collins.
- ZETZSCHE, Jost, e Nataly KELLY. 2012. *Found in Translation: How Language Shapes our Lives and Transforms the World*. Nova York: Penguin Books Ltd.



Últimas publicaciones fóra de colección

History is a Punk. The British 1970s through the Punk Movement (2024)

Ylenia Díaz Fernández

Ni pocas ni cobardes. Monólogos nuevos para voces de otro tiempo (2024)

Monsterrat Ribao Pereira

O son en que cada lingua se solta. Luisa Villalta tradutora, Luisa Villalta traducida. (2024)

Alberto Álvarez Lugrís, Tamara Andrés Padín e

Ana Luna Alonso

Versos a ritmo de jazz: El jazz y la poesía española, 1920-1980. (2024)

Antón García Fernández

Desde el jardín, las estrellas. Edición anotada con propuesta de actividades y lectura. (2023)

Ana Ulla Miguel



Introdución á Tradución

Curso de tradución para persoas curiosas

Este libro ofrece unha introdución sinxela ao eido da tradución para estudantes de calquera especialidade e en xeral para calquera persoa que queira coñecer mellor esta disciplina; proporciona ademais as ferramentas precisas para coñecer e analizar todos os aspectos da nosa profesión, que pode ser unha saída laboral para graduadas e graduados doutros estudos.

A autora abrangue, dende unha perspectiva ética, diferentes cuestións como os conceptos fundamentais; as figuras máis relevantes ao longo da historia; os acontecementos clave; as ferramentas e recursos necesarios para desenvolver tarefas de tradución

non profesionais; ou os varios tipos de tradución aos que nos podemos enfrentar. Cada un dos capítulos inclúe ademais actividades prácticas, lecturas complementarias comentadas e resumos dos puntos clave que se poden empregar nas aulas, na docencia en liña ou no estudo autónomo. Finalmente, o libro remata cun glosario de termos clave.

Introdución á tradución. Curso de tradución para persoas curiosas é o texto ideal para quen comece a estudar tradución ou que simplemente queira coñecer con certo detalle o ámbito da tradución profesional e da disciplina dos Estudos sobre tradución.



Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo